Diccionario de



Xosé de Cora

Prólogo de Domingo García-Sabell

FUNDACION PEDRO BARRIE DE LA MAZA, CONDE DE FENOSA
'COLECCION GALICIA VIVA'
Disposta pola
REAL ACADEMIA GALEGA

DICCIONARIO DE FOLE

(Guía pra navegar pola vida e as obras de don Ánxel)

Xosé de Cora
A Coruña 1997

A Real Academia Galega Estableceu 1997 como o ano adicado a Ánxel Fole. Non podía aparecer máis oportunamente este Diccionario que recolle os estudios críticos, as teorizacións máis ou menos eruditas, as precisións cronolóxicas, todo un vocabulario e un censo de admiradores, de amigos, de devotos do escritor lugués e dos lugares polos que andivo. O Diccionario é unha producción non só necesaria senón, asemade, ateigada de suxestións, de multitude de datos encol do noso narrador, de listas de individuos reais ou ficticios que, dalgunha maneira, tiveron contacto coa humanidade do sobranceiro.

REAL ACADEMIA GALEGA
A CORUÑA
36866
Biblioteca

FUNDACIÓN PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA, CONDE DE FENOSA
SERVICIO DE PUBLICACIÓNS

OUTROS TÍTULOS PUBLICADOS NAS SEGUINTES COLECCIÓNS DISPOSTOS POLA REAL ACADEMIA GALEGA

COLECCIÓN DOCUMENTOS HISTÓRICOS:

-MEIJIDE PARDO, Antonio. Escritos e Autores na Galicia da Ilustración (1982).
-LORENZO VÁZQUEZ, Ramón. Crónica Troiana (1985).
-SOTO VISO, Margarita. Marcial del Adalid. Melodies pour chant et piano. Cantares viejos y nuevos de Galicia (1985).
-FERREIRA PRIEGUE, Elisa. Galicia en el comercio marítimo medieval (1988).
-ARTAZA, Manuel María de. A Xunta do Reino de Galicia no Final do Antigo Réxime 1775/1834 (1993).

SERIE GALICIA VIVA:

-CARBALLO CALERO, Ricardo. Libros e Autores galegos I. Dos trovadores a Valle Inclán (1980). (Agotado).
-CARBALLO CALERO, Ricardo. Libros e Autores galegos II. Século XX (1982).
-TORRES QUEIRUGA, Andrés. Noción, Religación, Transcendencia. O coñecemento de Deus en Amor Ruibal e Xabier Zubiri (1990).
-BEL ORTEGA, Fernando. Vida e obras de Francisco Añón (1990).
-PONDAL, Eduardo. Os Eoas. Limiar, transcrición, selección e nota de RICÓN VIRULEG, Amado (1992).
CORA, Xosé de. Diccionario de Ánxel Fole (1997).

R 7471

Na lembranza da miña nai,
Eva María Paradela,
un deses personaxes do
Censo de boa xente
que don Anxel matinara

"COLECCION GALICIA VIVA"
DIRECTOR
DOMINGO GARCIA-SABELL
PRESIDENTE DA REAL ACADEMIA GALEGA

Diccionario de Fole

Xosé de Cora

Mercedes Díaz García
María Xosé Pardo-Gil Magadán
Fotografía
Xosé Luís Tejero

FUNDACION PEDRO BARRIE DE LA MAZA,CONDE DE FENOSA
"COLECCION GALICIA VIVA"
Disposta pola
REAL ACADEMIA GALEGA

Diccionario de Fole
Guía para navegar pola vida e as obras de don Ánxel
Impresión: Artes Gráficas El Progreso S.L.

© Xosé de Cora Paradela, 1997
© Fundación Pedro Barrié de la Maza/ El Progreso. 1997
Progreso, 12. 27001 LUGO
ISBN 84-89748-12-8
Depósito Legal 118/1997
Printed in Spain
Imprentado en El Progreso
Pol. Industrial O Ceao. LUGO

Reservados tódolos dereitos.

Diccionario de Fole

(Guía para navegar pola vida e as obras de don Ánxel)

Arredor do "Diccionario de Fole"

Un libro necesario.-

Velaquí tes, atento lector, o "Diccionario de Fole".

A primeira pregunta que chouta na cachola do lector curioso, soa así: ¿Por que un diccionario dunha persoa, por importante que ela poida ser? ¿A que vén eso a conto? Compréndense os estudios críticos, as teorizacións máis ou menos eruditas, as precisións cronolóxicas, o que sexa, pero todo un vocabulario, un censo de admiradores, de amigos, de devotos do escritor lugués e dos lugares polos que andivo, non acaba de entenderse.

Á primeira pregunta nácelle toda unha ringleira de sucesivas inquisicións que, no mellor dos casos, poden ser reducidas a esta: ¿non estaremos diante dun libro innecesario? Porque ese é o grave pecado, a severa adminición deseguida presente no ánimo do lector: ¿non nos atoparemos diante dunha producción inútil, quero dicir, gratuita? Hoxe, e por desgracia, é o que máis abonda no campo da cultura escrita, no mundo das obras que a cotío se imprimen. Ante páxinas e páxinas, ante montóns de obras sen fundamento, a reacción inmediata é a de suprimir non esta ou a outra lectura, senón en bloque toda hipotética lectura. Á apatía natural da xente, á apatía espontánea, engándese así, e aínda se potencia, a desgana provocada pola marea incontrolada dos libros. En todo caso, serve de xorda xustificación para as intelixencias e as sensibilidades que prefiren deambular pola existencia en blanco, sen inquedanzas e, asimesmo, sen esixencias morais de perfecciona-lo propio espírito.

O "Diccionario de Fole" sae airoso desas teóricas chatas. É unha producción non só necesaria, senón, asemade, ateigada de suxestións, de multitude de datos encol do noso narrador, de listas de individuos reais ou ficticios que, dalgunha maneira, tiveron contacto coa humanidade do sobranceiro lugués. E agora, neste intre, é o momento axeitado para face-la aberta gabanza de Xosé de Cora, o xefe do equipo redactor e, como non, dos seus compoñentes, Juan Soto Gutiérrez, Mercedes Díaz García, María Xosé Pardo-Gil Magadán, e no que se inclúe tamén ó fotógrafo Xosé Luís Tejero.

Tamén debemos salientar á "Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa", tan alerta sempre sobre as necesidades do autocoñecemento de Galicia que, neste caso, con xenerosidade característica, deu toda clase de facilidades para que na sección "Galicia viva", a Real Academia Galega arrequecese o seu valioso catálogo de publicacións.

Quedan dese modo expostas á luz pública as positividades deste singular diccionario, deste orixinal diccionario. Todo o que desexe afondar no entendemento existencial de Ánxel Fole terá que botar man do excepcional volume.

Neste senso pode considerarse como o que hoxe se entende, en especial despois do "Finnegans Wake" de Joyce, como libro aberto. O "Diccionario de Fole" é unha esponxa que absorbe todo o que lle boten enriba. Como afirma Xosé de Cora no seu "Proemio obrigado": "Don Ánxel foi máis do que aquí ven, pero tamén foi, dun xeito ou doutro, todo o que aquí ven".

A sustantividade de Fole.-

Nas páxinas desta obra atopamos de todo, desde o censo de amizades ata os lugares polos que transcorreu a vida do escritor, e os sitios nos que morou longas tempadas, ata as curiosas, e en determinados momentos, ó menos para min, conmovedoras imaxes da íntima convivencia. Pero agora, xusto agora, témo-la obriga de pararnos diante do que se ofrece no texto ou nas reproduccións fotográficas. Dicía don José Ortega que pensar consiste nin máis nin menos que deterse diante do que se nos ofrece como realidade. O exercicio da mente anda decote estorbado polas vellas ideas que desde nenos puxeron os demais na nosa cabeza e que nós fomos de vagariño afirmando ou sustituindo por outras que nos parecían máis axeitadas. De todas formas, sempre un nubeiro. A verdade está situada máis alá das ideoloxías. O primeiro, o inexcusable que pide a obxectividade do mundo no que vivimos é a inocencia. ¿Por que? Pois sinxelamente, porque a inocencia é o máximo de porosidade que podemos alcanzar.

E aí, xusto aí, está o cerne mesmo da personalidade de Ánxel Fole. Eu, xa máis de corenta anos, no meu Limiar de "Terra brava", escribín que os contos do noso escritor son sucedos ditos por un neno con enrugas de vello. Sigo na mesma tesitura. Por eso postulei a necesidade, no caso de Fole extremada, de infantilizarse unha miga, sequera sexa só unha miga, para gozar plenariamente da lectura das súas creacións.

Pero ¿esgótase nese vector toda a complexidade e a fondura da criatura humana que se chamou Ánxel Fole, ou como dicíamos no idiolecto do meu fogar e co meirande cariño, "o Folecho", denominación que a el complacíao enormemente? De ningunha maneira. Algo máis bulía na intimidade do contista, algo esencial e no que, coido eu, non se ten reparado o necesario.

A apertura do intelectual.-

Fole era, en esencia, un intuitivo, ou o que resulta equivalente, un sensitivo. Por iso non o afectaban os ataques literarios, sempre tan retortos e tan emponzoñados. O que el máis temía era ferir ós outros. Por iso tiña tanta paciencia para aturar desprecios e humillacións. Neste aspecto era un santo. E así o víamos todos, é dicir, tirios e troianos. As súas arroutadas eran, paradoxicamente, pacíficas, e froito máis de desarranxos nerviosos que de secrecións biliosas.

Quero suliñar con isto que o espírito de Ánxel sempre estaba á

disposición dos demais. Endexamáis lle escoitei nada oblicuo en relación con compañeiros de profesión.

Pero esa ben doada disposición fronte ó posible interlocutor non excluía, nin moito menos, a agudeza do análise crítico dos textos unha vez e outra a el ofrecidos. O talento disector do noso home era finísimo, sutil e insospeitado. ¿Por que insospeitado? Porque aquel home de aire abstraído, de descoido no "pergueño indumentario" _como don Antonio Machado_, posuído por teimas inesperadas, en suma, aquel home que decote daba a impresión de estar na lúa, era un ser vixiante. Vixiante, pero entregado. Fole entraba en perfusión cordial permanente. Non tiña a reserva retranqueira que tanto nos perxudica ós demais.

E aquí vén, por fin, o obxectivo, a meta á que eu quería chegar. Imos ver se podo describila. Ánxel, como individuo e como escritor, non se diferenciaba do ambente polo que transitaba. Era un máis. E por ser un máis, viña sendo, viña adquirindo a dimensión da terra. Fole, aínda que supoñamos que non houbera escrito ren na súa vida, sería igualmente o Fole que todos coñecimos e tratamos: Un Fole-árbore, un Fole-vexetal. En suma, un Fole-paisaxe.

Así é a súa arte da que deitan, a borbollóns as palabras. Por iso tanto nos dá que esos vocabulos sexan do común ou que sexan inventados polo escritor. O escritor é entón a cerca na que el crea, na que el fai nacer artellamentos sonoros que a ninguén se lle asomaron antes pola cachola. De aí dúas cousas: a espontaneidade do acto creacional, e a aceptación unánime deses achádegos.

E de aí outro notable contraste, a saber, o da vizosa xugosidade do estilo e, pola contra, o esquematismo dos argumentos. O lector entón está basicamente máis interesado en como se din os aconteceres que nos aconteceres mesmos. Claro está que nos contos de Fole hai intriga. Non podía ser doutra maneira. Pero, con todo, o que prima é a maneira narrativa, a fasquía do léxico. A imaxinación do noso personaxe acende o significado das palabras empregadas. Por iso notamos nos escritos de Fole unha superfartura de pracer estético. O outro, compre dicir o trasmundo, as aparicións, a estadea, as premonicións, a presencia da morte virtual, todo ese andamio de claroescuros inquedantes, é iso, un andamio, un soporte no que volca o autor as súas inquedanzas, os seus medos e, asimesmo, as súas máis informuladas convicción nunca de todo explicitadas.

E recordo as veladas, hai moitos anos, na miña casa da Rosaleda, en Compostela, cando a favor de bos licores e de aromáticos charutos, a fantasía de Folecho se desbordaba en ringleiras infindas de sucesos que daba como seguros e que, nunha extraordinaria improvisación, acababa de inventar. Os contos eran boísimos (teño que resistirme a contar algún), pero aínda de meirande impresión eran as palabras polo amigo empregadas. Palabras vivas, palabras que tamén, como o narrador, eran paisaxe, un mundo circundante. Ten falado Valle-Inclán do pracer da suma que el enxergaba desde o alto da Pobra do Caramiñal. Pois ben, o pracer de Fole, e que el suscitaba nos ouvintes, era o pracer da totalidade que se produce no

misterioso minuto no que o mundo de arredor e a nosa intimidade fan casorio.

O significado profundo do "Diccionario de Fole".-

Se enfocamos coas nosas retinas esta perspectiva, coido que entón o libro que está nas mans do lector acadará toda a fondura que poden posuír as raiceiras. Primeiro imos ó que o libro non contén, a saber, novas valoracións, especulacións, arbitrariedades, empalmes cos feitos culturais de gran envergadura. Quen acceda ás súas páxinas con arela de historiador en gran escala, ou con visións filosóficas ou antropolóxicas transcendentes, que abandoe a empresa lectora.

Segundo: O libro ten outros alcances que eu califico de entrañables. É un libro nacido da admiración, o respecto e o amor. Parámetros ben galegos como o foi _e segue sendo_ o protagonista. Son unha manchea de follas que constitúen algo así como un bosco. A nosa relación con Fole pode ir de excursión por entre as fragas e os piñeirais, pola beira da mar, por onde sexa, pero sempre haberá de atoparse coa figura de Ánxel. Intento dicir con isto que todos, que cadaquén haberá de dar coa sorpresa de saudar a Ánxel, de darlle unha forte aperta, sexa a través dun amigo, sexa por medio dun personaxe polo escritor ideado, sexa pola congostra humilde que calquera paisán percorre a cotío.

Estamos, pois, está o lector, fronte a unha obra que tamén é paisaxe. E todos precisamos de paisaxe. Se a paisaxe se nos amosa humanizada, mellor que mellor. Así, dese xeito, hai que enceta-lo trato co texto agora ofrecido. Ó menos así o considero eu. Non sei se andarei trabucado. Repito, non o sei. Con todo, o que estou seguro é da arela de fidelidade á memoria do ilustre difunto que conmemoramos. Pero eu non quixera amosarme laiante e vagoeiro. Ó contrario: teño por norde a esperanza e, por ende, o optimismo. Ou o que vén sendo igual: o axeitado dinamismo, o bo funcionamento da mente. O pranto do método de discorrer é unha indecencia. E se nesa indecencia colabora a nosa lingua, entón a indecencia dóbrase de estupidez, escribin eu, _e perdóeseme a autocita por segunda vegada_.

Na feira de vaidades que é o oficio de escribir, non debemos caer. Outra falsidade da que Ánxel estaba desprovisto. Non era soberbio nin orgulloso.

Quen teña a iniciativa de consulta-lo "Diccionario de Fole" poderá testificalo liña a liña. Queda dito: libro-bosco que se engade á selva abigarrada e mesta de Ánxel Fole.

O meu inesquecible amigo Folecho.

Domingo García-Sabell

Presidente da Real Academia Galega

Proemio obrigado

O propio dun diccionario de seu é que as lindes do coñecemento sobre a materia que trata estean o máis lonxe posible, e que o lector poda atopar nel aquilo que desexa na maior brevidade posible, coa maior abundacia de datos precisos e con grande comodidade. Neste caso cómpre facer unha primeira advertencia. Os significados das palabras *diccionario* e *biobibliográfico* son de díficil conxugación. Non se pode resumir unha vida _e máis unha coma a de Fole dedicada á creación_ no exacto formato dun diccionario. Se o fixemos así, e se así vai titulado e presentado, é porque a redacción sobre a vida e a escrita de Ánxel Fole que aparece nas páxinas seguintes foi ordenada á xeito dun diccionario. Dende o primeiro momento fomos sabedores de que un proxecto así non se pode pechar nunca, porque sempre quedará un *Fole* por entrar nel, unha data por engadir, un artigo por ler, unha testemuña por escoitar, unha dúbida por desbotar, unha teoría por formular... Aínda así, porfiamos na idea, pensando que o máis proveitoso sería poñer uns cantos ladrillos dese utópico diccionario total, que non facermos nada, precisamente no *Ano Fole*, no ano no que a Real Academia Galega quixo dedicar a este señorito-labrego que soñaba co seu grandioso pasado e os seus esgrevios devanceiros dende unha grande escaseza material e unha abondosa riqueza humanística no Lugo de todo o século XX.

As eivas do diccionario poden estar entre os amigos, os personaxes, os críticos, ou os topónimos, pero tamén pensamos que os que están poden proporcionar unha moi útil ferramenta de

traballo para coñecer a Fole, e facelo, ó mesmo tempo, sen a absoluta frialdade expositiva dunha obra compiladora; senón, naqueles casos máis significativos, transgredindo ese carácter para dar paso ás lembranzas, ás anécdotas, ás opinións, ós sucedidos, e mais ó *impreciso*. Ese punto no que a historia e a lenda forman un magma tan foleano e tan parello ó concepto dual da existencia, no que todo pode ser; porque todo, ou é mundo, ou é trasmundo, segundo o ollo que lle mire, a orella que o sinta, ou os beizos que o conten. O rigorismo científico, ata a intensidade requerida pola propia ciencia para merece-lo título, nunca foi o forte de Fole. A súa comprensión e a súa sensibilidade non lle permitía quedar prendido polos impedimentos do método científico. Fole voaba sobre as cousas coma un anxo. Quizais por iso, e polos atrancos do século XX español, é un autor serodio. O seu Manual literario da academia Balmes para ó exame de Estado _de uso exclusivo entre os seus alumnos, pero polo que xa figura como autor nos rexistros bibliográficos de Varela Jácome e Couceiro Freijomil sen ter tirada ningunha obra do prelo_, pode considerarse, en efecto, unha obra con certo obxectivo científico, pero tal cousa non volverá suceder en toda a súa obra xornalística, nin na literaria. Non así nos seus miolos, pois matina dous libros con esa fasquía: *Quiroga*, sobre o concello do mesmo nome, e outro traballo sobre obxectos do rural galego. Ámbolos dous, polo que coñecemos hoxe da súa primixenia configuración, seguirían un método científico, é dicir, un método non inventado polo mesmo escritor lucense. Pero a realidade confirma que Fole non remata ningún deles.

A orixinalidade da obra de Fole é, segundo o que levamos dito, total. Fole inventa o personaxe literario, o estilo, a temática e mesmo a lingua, alomenos, coma lingua culta e literaria. É certo que ten influencias; a de Miró é notoria, Baroja, os franceses, Francis James, Rosalía, Cabanillas..., pero mesturadas con Salvador Castro Freire, Piñeiro, o Antón de Cidrán, don Fabulón, Pimentel, Avelino González, Eginardo de Tor, Avaristo, *Guillermiño*, os homes de Queiroga e O Incio, o contador de

contos, a intelectualidade galega da época _abondosa e activa coma en poucos momentos da cultura galega_, e os novos creadores, cos que sempre mantivo unha actitude aberta e receptiva... dan como resultado un fenómeno illado, inclasificable dentro de correntes, sempre emerxente entre xeracións noutros casos persoais, moi definidas; e por riba de todo, dunha coherencia absoluta que aínda tardará tempo en terse recoñecida polo común dos seus paisanos. Este ano de 1997 pode desbruza-lo camiño para unha mellor comprensión de Fole e da súa mensaxe, pero sen dúbida ningunha, e como no presente caso con este diccionario, o seu remate está vencellado ó tempo para que este fixe a pegada foleana nas súas dimensións máis nutricias para o pobo do que escribiu, e para tódolos pobos do mundo que desexen acada-la consideración de bos e xenerosos.

A obra ten eivas recoñecidas de antemán pola imposibilidade humana de levar ó completo unha vida longa e fecunda a uns caixóns abertos con nomes de persoas, libros, rúas, personaxes ou aldeas. Don Ánxel foi máis do que aquí vén, pero tamén foi, dun xeito ou doutro, todo o que aquí vén. Principiámo-lo percorrido sabendo que deixaríamos a unha e outra beira pezas grandes e pequenas do xigantesco *puzzle* biográfico que un home de oitenta e tres anos pode amorear no devir deles.

Outra dificultade conxénita ó desenvolvemento do traballo vén dada polas inevitables interferencias das voces ou entradas do Diccionario. Por exemplo, as relacións persoais e literarias de Fole, Piñeiro e Pimentel nos anos anteriores á guerra; as cabeceiras de revistas coma *Yunque*, *Nós* ou *Resol*; o Partido Galeguista e a intervención editora de Ánxel Casal; as xuntanzas de Santiago, Manteiga, Otero, García Sabell, non poderían levar unha redacción completa en cada un dos apartados correspondentes do Diccionario porque significaría repeti-las mesmas historias nove ou dez veces, conseguindo un dos títulos máis queridos polo propio Fole: *o conto de nunca acabar*. Daquela, a solución pasaba por referir en cada unha das voces os *aspeutos foleanos* que fosen máis afíns a cada unha, ó tempo que establecer

un sistema de interconexións que permitisen ós interesados ir dunha a outra con facilidade. E todo iso, sen esquece-lo trasmundo e a imprecisión foleana, un elemento que de non existir, troca por completo o *neuma* do personaxe, do *andrós*, do *Neumandro*. A solución práctica _que non científica_, veu do novo banco de coñecementos chamado Internet. Alí, nese cosmos interminable de *webs*, *links*, imaxes e palabras, o subliñado indica a posibilidade de alonga-la información en novos arquivos, noutros lugares, noutras fontes. O subliñado é tamén neste Diccionario a liña que xunta espacios e informacións, a maneira de que Celestino, Piñeiro, Fole e Pimentel estean no seu sitio, e estean xuntos; estean na súa compaña e tamén sós.

Certas voces, aquelas que polas súas dimensións farían interminables as referencias, están acurtadas voluntariamente. Así, no eido xeográfico, as voces dos concellos lucenses citados na obra de Fole, como Queiroga/Quiroga _na grafía foleana_, Lugo, O Courel/Caurel, ou O Incio, non aparecen en tódalas localizacións existentes en Fole, pero sí aparecen os topónimos visitados polo escritor en cada un dos seus libros. Noutros casos, o contido da voz é practicamente de testemuña, cunha breve indicación que non ten vocación globalizadora, ben por existir numerosas referencias noutros lugares da obra, ben por non existir ningunha.

Dadas as diversas fontes utilizadas, a lingua presente no Diccionario é tamén moi diferente, xa que en tódolos casos a intención foi recollelo nas súas formas orixinais, tanto o de Fole, coma o dos outros informantes. Nalgúns casos, no convencemento de erros de imprenta, e coa fin de unificar títulos de obras ou nomes propios, arriscamos unha modificación, pero non son abondosas. Tamén modificamos a traslación dos textos orixinais suprimindo o punto e aparte como sinal ortográfico pouco axeitado ó caracter de libro de consulta. As abreviaturas, aínda que numerosas, son de sinxela interpretación na táboa adxunta para o caso.

Finalmente, este recolledor de termos foleanos quere

agradece-la comprensión e a sensibilidade da Fundación Pedro Barrié de la Maza, da Real Academia Galega e do seu presidente, Domingo García-Sabell, á hora de facilita-la edición deste diccionario de don Ánxel. Sen o seu bo facer e sen a colaboración recibida de Juan Soto Gutiérrez, na documentación gráfica e literaria; de Mercedes Díaz García, autora do diccionario de personaxes de ficción e correctora; de Mosé Pardo-Gil Magadán, especialista na obra xornalística de Fole; de Xosé Luís Tejero, que se ocupou da obtención e tratamento da parte gráfica; de Teté Latas, Gonzalo de Cora e Juan Rouco na maquetación; de todo o equipo de artes gráficas baixo as ordes de Rafael Paradela, da xente de *El Progreso,* da feliz sintonía atopada na coordinación de Carmen Goicoa, e de Margarita Soilán Carbia dende a súa secretaría, este libro non podería estar hoxe nas súas mans.

Xosé de Cora

TABOA DE ABREVIATURAS

Libros

AGMAF. *A Galicia máxica de Ánxel Fole*
ALDC. *Á lús do candil*
CAF. *Conversas con Ánxel Fole*
CdeL. *Cartafolio de Lugo*
CG. *Cartafolio galego*
CDN. *Contos da néboa*
CPLEI. *Cuentos para leer en invierno*
ELAF. *Os escritores lucenses arredor de Fole*
HdeF. *Homes de Fole*
HQNC. *Historias que ninguén cre*
PDD. *Pauto do Demo*
TB. *Terra brava*

Xornais, revistas, seccións, editoriais

ECG. El Correo Gallego
EIG. El Ideal Gallego
EIP. El País
EP. El Progreso
EPG. El Pueblo Gallego
FdeV. Faro de Vigo
GE. Galicia emigrante
HdelL. Hoja del Lunes, de Lugo
LN. La Noche
LP. La Provincia
LVdeG. La Voz de Galicia
SB. Sotelo Blanco
TR. Táboa Redonda
VG. Vida Gallega

Persoas

AF. Substitúe a Ánxel Fole
AF. Antecede ós comentarios, lembranzas ou opinións de Ánxel Fole sobre o personaxe desa voz.
Op. Antecede ós comentarios, lembranzas ou opinións do personaxe desa voz sobre Ánxel Fole. Cando as opinións pertencen a un personaxe distinto ó das voces nas que se atopa, ***Op.*** vai seguido das súas iniciais. Así:
OpAC Álvaro Cunqueiro
OpACG Antón Costa Gómez
OpAR Antón Risco
OpASC Alfredo Sánchez Carro
OpBA Benxamín Andrade
OpC Couselo
OpCC Carlos Casares
OpCFV Celestino Fernández de la Vega
OpCRF Claudio Rodríguez Fer
OpDGF Dionisio Gamallo Fierros
OpESP Ernesto Sánchez Pombo
OpFdelR Francisco Fernández del Riego
OpFL Francisco Lamas
OpFLI Francisco Leal Insua
OpIDP Isaac Díaz Pardo
OpJA José Altabella
OpJS Juan Soto Gutiérrez
OpLRR Luís Rodríguez Rodríguez
OpLS Luís Seoane
OpMHG Modesto Hermida García
OpMRL Manuel Rodríguez López
OpPdeLl Pedro de Llano López, *Bocelo*
OpRCC Ricardo Carballo Calero
OpRNR Ramón Nicolás Rodríguez
OpROP Ramón Otero Pedrayo
OpRP Ramón Piñeiro
OpXAM Xesús Alonso Montero
OpXGG Xesús González Gómez
OpXRP Xesús Rábade Paredes

Outras

PE Antecede a unha referencia, de orixe xa coñecida polo lector, que se escolle como exemplo de entre outras iguais ou semellantes (por exemplo).
Palabras subliñadas As palabras subliñadas remiten a súa entrada, onde hai máis datos.
vid. Ver

A

A. Fole S. Deste xeito asina AF o seu primeiro traballo xornalístico, o artigo *Reflexiones en torno al centenario de Góngora*. publicado en *La Provincia* (17-I-1928).

A liorta. Conto dramático de carácter humorístico de AF, non rematado e que permanece inédito.

A lús do candil. (*Contos a carón do lume*, que era o seu título orixinal, pero que coincidía cáseque por completo co de Xosé Prado *Lameiro*, *A carón do lume*) é o primeiro libro de AF. *Premio Castelao* do Centro Galego de Buenos Aires. Foi escrito na casa da familia Quiroga. en A Veiguiña entre os anos 1950 e 1951. ***AF***: "O que oía contar de noite, escribíao de día". Trátase dun feixe de 14 contos que labregos e señoritos, narran a carón da lareira da casa de Abrantes, no Caurel. O administrador recolle todo o que acontece na casa mentres a neve impídelles saír de caza. En ALDC atopamos xa boa parte das constantes da súa obra: feitos misteriosos, aparecidos, historias arrepiantes, parapsicoloxía e mesmo relatos humorísticos, que tamén terán unha presencia permanente na obra de AF. Edicións: 1ª (Vigo. Galaxia. 1952). 2ª (Vigo. Galaxia. 1968). 3ª (Vigo. Galaxia. 1979). 4ª (Vigo. Galaxia. 1983). 5ª (Vigo. Galaxia. 1985). 6ª (Vigo. Galaxia. 1986). 7ª (Vigo. Galaxia. Biblioteca da Cultura Galega nº 48.

Portada da primeira edición de *A lús do candil*

Portada da sexta edición de *Á lús do candil*, con deseño de M. Janeiro e F. Mantecón

1995) 8ª (Galaxia. 1996). No limiar de Salvador Lorenzana (F. Fernández del Riego) lemos: "Certamente, o ambente do libro *Á lús do candil* é o que o autor recolleu da tradición oral popular. Con el compuxo ese conxunto de fermosos relatos, onde foi verquendo con mestría literaria o que dun ou doutro xeito, zugóu nas léndas típicas no noso país. Constitúen, como xa dixemos, unha colección de contos "ouvidos" por el nas súas tertulias invernáis, arredor da lareira". Nunha carta na que AF acusa recibo da recepción do prólogo a Fernández del Riego, corrixe: "Acabo de recibir a túa carta con teu fermoso Prólogo. Tes que rectificar o das miñas "longas estancias no Caurel". As miñas estancias no Caurel foron mui breves". Del Riego escribe finalmente: "Fole pasou breves tempadas nas altas e bravosas..." ***OpJS***: "Os seus dous libros, *Á lús do candil* e *Terra brava* son dous libros de antoloxía. Queremos decir que os contos que alí hai son, todos íles e cada ún, antolóxicos. Nin mellores nin peores". Topónimos citados en *Á lús do candil*: A Puebla, A Rúa, Abrantes, Avia, Baiona, Belesar, Boade, Bóveda, Bustelo, Caldas, Caldelas, Camariñas, Carballo, Caurel, Cebreiro, Cee, Céramo, Cernadas, Combarro, Corme, Curtis, Chantada, Esperantes, Ferramolín, Folgueira, Forgás, Forxán, Hórreos, Laxe, Leixazós, Louxío, Lóuzara, Marín, Monforte, Orbande, Ourense, Pacios, Pacios da Serra, Paradela, Páramo, Peites, Pontevedra, Portomarín, Quindós, Quintá, Quintás, Quiroga, Rebolo, Regueira, Remesar, Rendar, Rodela, Rubián, Rugando, Ruitelán, Sabarei, San Clodio, Santa Comba, Santa Cubicia de Quiroga, Santa Eufemia, Santiago, Savane, Seara, Seoane, Soldón, Tambarría, Terra de Amandi, Torgán, Veiga de Brañas, Vesuña, Viana, Vigo, Vilamor, Vilañán e Vilarbacú.

Debuxo de Xohán Ledo para o conto *O espello* de *Á lús do candil*

Abad Flores, Odón Luis. Enxeñeiro agrónomo. Autor de *Máquinas e trebellos pra labrar a terra* (1970), con debuxos de

Xosé Díaz. A coincidencia temporal da publicación deste libro e mailo *Catón galego*, de Ben-Cho-Shev, con debuxos de Beatriz Rey, provocou en AF a confesión contida no artigo *El libro que quisiéramos escribir* (*EP.* 22-III-70): "Este complemento de *Catón* de Abad Flores, nos hace pensar en cierto libro que hubiésemos escrito de muy buena gana (...) Un "libro de cousas galegas". Dibujos policromados de "a cociña", "o hórreo", "o caboceiro", "a casa", "o horto", "a pendella", "o carro do país", "a palloza"... De las cosas e instrumentos de todos los días en el campo. Cada dibujo con su correspondiente página didáctica. Que todo el campo desfilase, convenientemente explicado, ante los ojos del pequeño lector, en la misma habla de su aldea. Pero para tal faena necesitábamos la imprescindible colaboración de un buen dibujante "¿E úlio?..." Brindamos la idea a quien sea. Desde luego que sería el tal un libro llamado a alcanzar numerosas ediciones".



O personaxe Fole pertencía, por ética e por estética, ó modelo de intelectual moi europeo e francófilo

Abel Vilela, Adolfo de. Escritor e profesor. Continuador de Salvador C. Freire, Trapero e Fole, entre outros, na esculca da pequena/gran historia de Lugo. Colaborador de *TR*. *Op.* "Eu lía con grande interés as crónicas de ámbolos dous escritores (Fole e Trapero). Teño que confesar que eu non sabía aínda distinguir a un fabulador dun historiador, e eu, que sempre tiven unha inclinación xenética pola historia da cidade, pensaba que o que contaba o señor Fole era tan certo, que non tiña por menos que

estar ledo de ter nacido nunha cidade tan importante, tan fantástica e con personaxes tan extraños como *don Fabulón*". Director da revista *Fronte e cocote*. onde colabora AF.

Abuín de Tembra, Avelino. Abuín González, Avelino. Escritor. Autor de *Memorial de Anxel Fole* (*Outeiro* nº21. VI-1986).

Cabeceira do semanario *Ahora*

Ahora. Semanario republicano de Política, Cultura e Información, no que colabora AF no ano 1930. Dirixido por Avelino López Otero na rúa do Bispo Aguirre. Saen oito números. Vendíase a 15 céntimos. En maio de 1931 troca a súa cabeceira pola de *Guión*.

Akademos. Academia na rúa de Batitales (Doutor Castro ou Dulcerías), de Lugo onde AF imparte clases de literatura ós mestres e profesores de Formación Profesional e Maxisterio antes da guerra. "Ganaba mucho, más de mil pesetas al mes, que era lo que ganaba por entonces un presidente de Audiencia, y estaba eufórico, me sobraba el dinero por todas partes". O deixar Akademos, e xa na posguerra, AF consegue algúns cartos coas clases de literatura, filosofía e francés na academia Balmes.

Alameda. Cafetería de Santiago citada en *Unha morte sin rastro* (HQNC).

Alba. Publicación literaria de Vigo (1948-1954). Dirixida por Ramón González-Alegre e Otto José Comeselle Barcia. Entre outros poetas, Díaz Jácome. Manuel María. Pozo Garza, Pura

Vázquez, Fole, Cunqueiro e Pimentel foron colaboradores da revista, que tiña no seu Consello de redacción a Bernardino Graña, Luis Santamaría, Comeselle e Celso Emilio Ferreiro. ***PE***: No seu nº6, publica en primeira páxina *Canto al Valle de Viduedo*, de Ángel Fole.

Albaneis: *Gumersindo, Román, Secundino e Xesús.* Estes catro personaxes aparecen no conto *As trasnadas do Toño*, incluído no libro TB. Traballan de albaneis na casa da tía María, e todos eles son "da Pobra do Brollón, ou Puebla do Brollón, como din todos agora". Son testemuñas do acontecido ó gato da tía do Toño; axudan a aclarar non só o misterio que fixo pensar a todo o mundo que aquel animal tiña o demo no corpo, senón tamén outros que se presentarán ó longo do conto, como descubrir quen botara no pote do caldo un centolo.

Albarrán Puente, Glicerio. Catedrático de Filosofía no Instituto de Lugo. É autor do libro Iniciación al Derecho (Suc. de Villamarín. 1935). AF lembra a figura de don GA no artigo *Glicerio Albarrán* (*HdelL*. 20-XI-1965). Autor do prólogo a *Lugo y sus hombres* (Celta. 1951), de Salvador Castro Freire. baseado nunha boa parte nos artigos xornalísticos de AF sobre o boticario lugués.

LUGO Y SUS HOMBRES
ENSAYO DE SÍNTESIS HISTÓRICA
D. SALVADOR CASTRO Y FREIRE
PRÓLOGO
D. GLICERIO ALBARRÁN PUENTE

O prólogo de Glicerio Albarrán no libro de Salvador Castro Freire está baseado nun artigo de Fole en *El Progreso*

Alberto. Personaxe do conto *¡Xantamos a carón dun esquelete!*, incluído no libro HQNC. É un dos homes encargados polo Xan de Pascasio para cavar no horto ata atopar os restos do "*Parrulo*".

Alberto Mendoza. Personaxe do conto *A Fotografía*, incluído no libro CDN. Compañeiro de sexto curso de bacharelato do propio narrador do conto. "O Alberto era máis ben rubio, con cabelos da cor do azafrán. E xa andaba polas tascas. Mais nunca se esquecía de estudiar ben as leucións ... estudou a avogado ...

Fole conforma a paisaxe urbana de Lugo durante anos

Allué Andrade.

Tiña bufete aberto na Coruña". Este home aparecía retratado, xunto con outros compañeiros máis de curso, nunha fotografía que tiña o narrador na súa casa, o cal ó vela lembra o incidente acontecido en Sobrado dos Monxes. Unha pedra dunha cornixa estivera a piques de caer sobre a cabeza do Alberto. Trinta anos máis tarde daquel incidente, o narrador entérase de que o Alberto morre ás tres da mañá do día en que el soña co suceso de Sobrado, mais este acontecía doutro xeito: a pedra da cornixa desprendérase, pero el caía canda ela, e xuntos esmagaban ó Alberto.

Allué Andrade, Xosé Luís. Escritor e botánico. En Radio Monforte levou o programa cultural *Panorama*, na compaña de Roberto Martínez Andrade e María Paz Rey Taboada. Fole escribe para este programa unha semblanza de Luís Pimentel que foi leída por Martínez Andrade. Nunha entrevista en *Galicia Emigrante* realizada por *Salvador Lorenzana*. AF destaca entre os novos prosistas galegos a Rodríguez Mourullo e

Almallo, o; o Bastián de Luxilde, o Farruco de Cernadas, o Froilo, o Pepiño, o Ramilo, o Ramón e máis o Zacallas de Entrimo. Personaxes da historia narrada por don Ramón no conto *Tres historias do pazo de Lucencia*, incluído no libro TB. Este grupo de nove homes son os que a noite en que don Enrique tarda máis da conta en chegar ó pazo, saen na súa

procura. O resultado da búsqueda é o achadego do seu cadáver no medio da neve.

Alonso Girgado, Luís. Escritor e catedrático. Profesor en Lugo, onde se interesa pola obra foleana dende entón. Autor de *Aproximación á narrativa de Ánxel Fole* (Grial nº 95.1987) ***Op***: "Fole, como narrador, gastouse no esclusivo cultivo do conto. Unha certa actitude conformista, unha certa abulia ou vagancia..." Autor da *Antoloxía do conto galego. Século XX* (Galaxia. 1989), na que inclúe *A caixa de morto*, de AF. Autor da *Introducción* en *Á lús do candil*, de AF (Galaxia. 1993), do limiar á edición de ALDC na Biblioteca 114 de *ECG*, e de *Plumas e Letras en La Noche (1946-1949)* (1996), onde reproduce *Trebonada na Penedía*, publicado por AF en *LN* (10-IX-1946). ***Op***: "Hai, en moitos intres descritivos, un desexo didáctico e un ton reivindicativo verbo da terra e os seus homes; desa Galicia arredada que é ámbito das mellores páxinas de Ánxel Fole. E no galego empregado polos seus personaxes, baseado na fala viva das xentes da terra luguesa, abondoso en dialectalismos e arcaísmos (tamén en barbarismos e trazos de castrapo), hai un labor de recreación expresiva feito con vontade de testemuño, sen purismo nin artificio de laboratorio". Autor de *Ánxel Fole e Á lús do candil* (1997), con Armando Requeixo Cuba, presentado en Lugo o 21-III-1997. Trátase dun traballo biográfico e dunha escolma de artigos críticos, primeira que se realiza sobre a obra de Fole.

Cartel anunciador dos actos de homenaxe a Fole organizados pola SGAE

Alonso Millán, Juan José.



Participantes no acto de homenaxe a Fole organizado pola SGAE, daquela presidida por Alonso Millán. Cos directivos da SGAE. como Santiago Moncada, aparecen Rafael Torres Mulas, Domingo García-Sabell, Xosé de Cora e Xerardo Fernández Albor

Dramaturgo. Presidente de la Sociedad General de Autores de España. entidade organizadora de distintos homenaxes a AF no seu cabodano en Lugo e Madrid. Alonso Millán, que daquela dixo ter descuberto Lugo ó tempo que a Fole, manifestou: "Todo el mundo le quiere. Todo el mundo cuenta anécdotas suyas. Hizo mal la Academia sueca en no darle el Nobel. Y no se lo dio porque esos señores académicos no conocieron a Fole y Lugo, un hombre que da honra y gloria a la lengua gallega".

Alonso Montero, Xesús. Ensaísta e catedrático. Cando chega a Lugo no ano 1960, entra a formar parte da tertulia do Méndez Núñez. onde coñece a Fole. Autor de *Textos literarios sobre Lugo y su provincia* (Celta. 1963), na que inclúe anacos de AF. Coordinador literario da homenaxe de Cartonajes Anmi (1965) a J.R. Jiménez. En 1976 presenta na Librería Souto de Lugo a segunda edición de *Terra brava*. Autor de *Un precedente de 'Táboa redonda'*. na *TR* de homenaxe a Fole (*EP*. V-1972), e do prólogo ó *Parlamento de las Letras Gallegas 1961*. En *Un*

Alonso Montero e Fole na tertulia do Lugo Bar. Con eles, Amparo Rivadulla, Carmen Morado, Antón Grande, unha representante de O Facho, (¿), e Carlos Varela Veiga

precedente..., refírese á folla literaria de *El Diario de Lugo*, *El domingo del Diario* (1876-1884). En abril de 1997, traballa con Dolores Vilavedra na coordinación dun homenaxe a Fole pola Facultade de Filoloxía de Santiago, no que publicará *García Lorca. Fole e os Seis poemas galegos*. ***Op***: "Fole como é ben sabido, era admirado, xustamente, por tódolos que militaban no galeguismo cultural (outro non había), e todos, case todos, acudiron á cita, conscientes de que era moi importante _case unha beizón daquela_ "tomar" este parlamento de papel e medias palabras. Así foi". Director da colección *Arealonguiña* (Ed. Akal), onde AF publica, á súa solicitude, a versión castelá dos *Seis poemas galegos* de Lorca. ***Op***: "No ano 1971 estas sorprendentes palabras foron exhibidas no Instituto Masculino de Lugo nunha mostra bibliográfica que eu organicei para os alumnos de COU. Figuraban, nunha especie de pancarta, na lingua orixinal (o español do gran Cervantes) e tamén en eusquera, catalán e galego. Soaban moi ben na versión galega

de Ánxel Fole: "*...espido nacín, espido me encontro...; entrei sen unha peseta neste goberno, e sen unha soa peseta saio*". Autor de *Unhas cantas verbas de urxencia* (*EP*. 26-I-1975), de *Inédito(s) de Ánxel Fole* e *Ánxel Fole, antoloxizado i explicado por Claudio Rodríguez Fer* (*FdeV* 18-XII-1981), e do prólogo a *Reencontro coa aldea*, de Manuel Rodríguez López (E. do Castro 1983). Colabora en *TR*. utilizando ás veces o pseudónimo *A. Ventosela*. Participa no libro colectivo ELAF. ***Op***: "Folé é a palabra que impregna a cotío de sensibilidade a atmósfera de Lugo". Autor de *De Ánxel Fole a Celestino Fernández de la Vega* (*Outeiro* 25-VI-1987), de *Ensaios breves de Literatura e Política* (Nigra. 1996) _onde recolle o seu artigo *Fole, poeta semicomunista*_, e de *Fole e a revista 'Yunque'* (*LVdeG*. 6-III-1997). ***Op***: "A musa proletaria de Fole aínda se manifestará un ano despois, no número extraordinario da revista *Yunque* que el mesmo dirixiu o Primeiro de Maio de 1932. No romance, titulado *Diana*, o proletariado, en opinión do seu bardo lugués, xa non domea o espiñazo ante o poderoso". ***AF***: "Alonso Montero dixo aquelo de que lle quedaban moi poucos anos ó galego, e hoxe non son esas as trazas".

Alvajar, César. Xornalista. Fundador de *La República* e *La Ciudad*. AF refírese en *Meses borrascosos XLV* (*HdelL*. 30-IX-1967) a unha visita realizada nos anos trinta a Lugo polo director da Casa de Velázquez, o hispanófilo Maurice Legendre: "su hijo me trajo una carta de París del periodista coruñés César Alvajar". Vive no exilio parisino ata a súa morte en 1956.

Alvarellos, Enrique. Profesor, escritor e músico. No volume ELAF describe rimado o seu coñecemento de AF: "Nos tempos do *Café Lugo*/ coñecín ó Ánxel Fole, / lendo sempre o *ABC* / este orixinal home".

Álvarez, Basilio. Escritor e crego. Líder agrarista e do Partido Radical co que consegue acta de deputado. AF di ter coincidido

unha vez con el no Círculo das Artes: "Era un tipo oportunista. Por iso non foi casual que, cando se discutía na Coruña o primeiro Estatuto, un dos asistentes lle berrara: "Basilio, carota, el elogio de la Dictadura lo has hecho en castellano".



Primeira edición de *Contos da néboa*, preparada por Xosé María Álvarez Blázquez

Álvarez Blázquez, Xosé María. Poeta, ensaísta, editor e conferenciante. A saga dos Álvarez comeza co poeta e dramaturgo Emilio Álvarez Giménez, pai dos escritores Xerardo e Darío Álvarez Limeses. Darío, Xosé María, Alfonso, Emilio e Álvaro Álvarez Blázquez son fillos do segundo deles, de Darío. E os tamén escritores, Xosé María e Alfonso Álvarez Cáccamo, son fillos de Xosé María. Foi Xosé María quen troca o título que Fole tiña pensado para a colección de contos, *O galo*, polo de *Contos da néboa*. Co paso do tempo, AF acepta o novo título e recoñece o seu grande acerto. Tamén modifica a grafía de Fole para esa edición. ***Op***: "Sempre penséi que no mestre das nosas letras, tan recatado il, acochase unha enfebrecida vocación de direutor de cine. A ferramenta da fala, que domina, non lle abonda, e bota man da música e dos contraluces. Velaí por qué vemos os contos de Fole coma se nos fosen proiectados nunha pantalla".

Edición preparada por Alfonso Álvarez Riveiro no *Ano Fole* (Concello de Lugo. 1997)

Álvarez Pousa, Luís. Xornalista. Autor de *Anxel Fole, en Terra brava* (*LVdeG*. 6-V-1982), monográfico do xornal coruñés dedicado ó escritor.

Álvarez Riveiro, Alfonso. Xornalista. Redactor xefe de *El Progreso*. Autor da edición do libro *Fole e o xornalismo* (1997), co que o Concello de Lugo participa nas celebracións do *Ano Fole*. Trátase dunha escolma de artigos de Fole en galego, e preferentemente en castelán, publicados en 16 xornais ou revistas.

Fole, na fotografía dixitalizada de Xosé María Álvez

Álvarez Vilabrille, José María. Xornalista. Actual coordinador de *Táboa Redonda*. o suplemento de cultura de *El Progreso* creado por AF.

Álvez González, Xosé María. *Pepe*. Xornalista gráfico de *El Progreso*. Autor da primeira fotografía dixitalizada de AF, presente na exposición *La otra cara*. AF aparece diante dunha máquina de escribir repetido en nove cuarteis ó xeito de Andy Warhol. A fotografía está reproducida no catálogo da exposición, editado pola Fundación (1996), e o traballo orixinal atópase hoxe na sede central de Caixa Galicia en Lugo. Promotor da primeira páxina *web* en Internet coa imaxe de AF (Día das Letras Galegas 1997). Está realizada coa colaboración de María del Carmen Regueiro López. Recompilador, coa axuda de Abelardo Delgado, do arquivo fotográfico de Salvador Castro Freire no libro *Lugo. Cita con dos siglos (1886-1926)* (Deputación Provincial 1982), do que AF é autor da *Introducción*: "Cuando el amigo Álvez me enseñó las fotos de su álbum, me quedé de una pieza. Casi la mitad correspondían al siglo pasado. Lo proclamaban las farolas de petróleo que se veían en algunas. Ya había visto varias en el archivo del inolvidable boticario don Salvador Castro Freire, de la rúa de San Pedro, hace justamente medio siglo".

serie DOCUMENTOS
Ánxel Fole
PARLAMENTO DE LAS LETRAS GALLEGAS
1961
Edición de Mª Xesús Amado Silvar
ÍNDICE
INICIATIVAS (I)

O *Parlamento*. en libro

Amado Silvar, María Xesús. Autora da edición do *Parlamento de las Letras Gallegas de Ánxel Fole* (Ediciós do Castro. Documentos 112. 1995), cun prólogo de Xesús Alonso Montero. ***Op***: "Hoxe temos que considera-lo *Parlamento* como

un documento importante para entender un período da literatura e da lingua galegas, no que facer calquera cousa no seu favor era correr riscos. E merece ser tido en conta á hora de estudia-lo marco literario das décadas 50-60 e 60-70".

Amaliña. Personaxe do conto *O corpo do delito*, incluído no libro TB. É a única filla do matrimonio formado por don Crisanto e doña Amalia.

Amparito Robles Landeira. Personaxe do conto *Suicidio frustrado*, incluído no libro CDN. Esta muller falecera en Lugo, o 10 de marzo de 1935 ós vinte anos de idade, dunha "tisis pouco menos que galopante". Cando se cumpría o ano da súa morte apareceu sobre a súa lápida un cepillo de limpar os sombreiros "con cobertura e mango de plata", e un frasco como de perfume cheo dun líquido non oloroso. Ademais destes obxectos había unhas palabras escritas, un tanto borrosas.

Andrade, Benxamín. Funcionario. Compañeiro da maior parte das viaxes que, entre os anos 1978 e 1985, realiza Manuel Rodríguez López con AF pola provincia de Lugo, recollidas e relatadas en artigos de prensa e máis tarde nun libro. Tamén con Enrique de Macía, Xosé Manuel Carballo, Nicanor Rielo e outros.

Andrade e Fole en Oseira

Andrés "O Furelo". Personaxe do conto *A vengación*, incluído no libro HQNC. "Home alto e escaño, que xa andaría polos cincoenta e ben tantos anos. Levaba chapeo, vestido de pana negra e traguía faixa ... Como feo, era ben feo. Tiña o cello mesto e xa lle branquexaba. E tamén o pelo da chola, que xa era ben pouco. E



Correccións de Fole sobre paxinas publicadas de *A lús do candil*

logo que tiña as orellas moi separadas da testa, y a queixada de embaixo moi botada para diante, o que lle daba aire dun brutarate. Tamén moi marelo, como si padecese dos figados". Tiña un fillastro o Raúle, fillo da súa primeira muller a señora Encarnación "que desapareceu sen deixar rastro". Houbo quen dixo que o Furelo matara a súa muller na casa e que tirara o seu corpo o río Sil. Agora vivía coa Flora, con quen din que tivo unha filla a Florita. Unha noite, estando a taberna que rexentaba chea de xente, o furelo co pretexto de se ir deitar sobe o seu cuarto. Despois de se escoitaren algúns berros, prodúcese un ruído que fai que a xente suba rapidamente ó piso superior. O Furelo estaba "estalicado no chan tan longo era ... e no leito...¡Un esquelete!, sen dúbida o da señora Encarnación".

Andresiño. Narrador do conto *Tracatrá, Tracatrá, Tracatrá...*, incluído no libro HQNC. Dinos que coñeceu o invento da "caixa do movemento contínuo" cando o sobriño do libreiro onde estaba instalada o levou alí para lla amosar. Aquela maldita caixa, con aquel ruído contínuo fixo que o Andresiño tivese moitos pesadelos ó longo da súa vida. A través do seu amigo don Roberto puido comprobar o feito curioso de que o seu inventor quixese ser soterrado con ela.

Andresiño o Cabezudo. Personaxe do conto *O Galo*, incluído no libro CDN. Este home é un dos trece citados á cea na casa do Nasa. Del dicíase que emprestaba cartos "co dez por cento de intrés". Está casado con Dª Filomena.

Anduriño. Personaxe da obra de teatro PDD. "Rapacete duns

doce anos, que trae un farol aceso. Peta moito cos galochos. Leva na testa un chapeo de home".

Ánguele. Personaxe do conto *¡Viña do Alén!*, incluído no libro ALDC. É boticario de Bóveda.

Antón. Personaxe do conto *A serpe i-a aigue*, incluído no libro de SB. "Antón, un carpinteiro que viñera do Incio ... Traballaba cinco horas seguidas e outras despois de xantar e de aserrar, garlopar e cravar ... Mais a noite era súa. Namentras ceaba botaba dous netos, poño por caso. Nin chisco menos". Este home está xunto co Manoel de Barreiro, Xosé Luís e o propio narrador do conto, a noite en que comezou a nevar. No medio da escuridade "víanse seis ou sete luces bermellas como de fachucos de palla, que parecían deixar charcos de sangue na neve"; perante isto o carpinteiro dixo: "Unha de dúas... O son voadoiras americanas que van prá Corea ou é a Santa Compaña". Axiña se decataron de que aquilo non era nada misterioso, tan só eran vendedores de viño que "levan os bocóis nos carros pola corredoira hasta o empalme da carretera".

O sentido do humor e a simpatía espontánea que espertaba Fole foron dúas constantes da súa personalidade

Antón. Personaxe do conto *Non hai dúas sin tres,* incluído no libro CDN. Este home é un dos amigos do narrador e mais do Brais, que van xantar a casa do Virrio. El non é tan xaraneiro coma o seu amigo.

Antón de Cidrán. Personaxe protagonista da historia que narra o señor de Sabarei no conto *Antón de Sabarei*, incluído no libro ALDC. Labrego do Páramo que tamén trataba en madeiras. Un día vai a Lugo acompañado polo seu compadre Pedro, facer un contrato de travesas para a vía do tren. Xa pola noite, o Antón ve como un grupo de homes levan unha caixa de morto nun carro. A visión parece anunciar a súa propia morte, pois o día seguinte o Antón falece ó caer dunha árbore, un fungueiro dun carro que estaba debaixo desta, atravésalle o bandullo.

Fole. na antiga Redacción de *El Progreso*

Antón de Freixide, O. Personaxe protagonista da historia que o tío Gasparo narra no conto *Solaina*, incluído no libro TB. O Antón era un home que aínda tendo un bo capital, vivía "coma un porco", era viúvo e non tiña máis ca unha filla. "Somentes con velo, abonda pra saber que caste de animal il é... O que se chama por eiquí unha besta brava... ¡Qué cacho animal!... Os brazos, longos; as maos, grandismas; as orellas, moi arredadas da testa... _ nacho coma un hotentote e ten máis cara que cráneo. Non se sabe que houbera un home de forcia máis tremendisma en toda a comarca... Cando fala, non se sabe si ladra, aulea ou ornea...". Un día que lle enfermou a filla, foi vela a súa casa o doutor Gasparo, este determinou que "tería que gastar ó pe de cincuenta pesos en inieucións". O Antón daba couces as paredes e non deixaba de repetir: "¡Ai, miña nena, pídelle a Dios que te leve, que non podemos arresistir iste gasto".

Ánxel Fole. Mataselos especial dedicado ó escritor pola Dirección General de Correos o día 15 de maio de 1981. Segundo *EP*, durante a xornada matinal dese día foi utilizado en

1.507 cartas, e noutros valores postais.

Ánxel Fole. Rúa de Lugo dedicada ó escritor durante o mandato do alcalde José Novo Freire. a proposta da concelleira Antonia Calvo Blanco, e inaugurada baixo ese nome o 15 de maio de 1981, o mesmo día no que no Círculo se presenta o *Cartafolio de Lugo*. A rúa, ata de agora, é un curto tramo urbano que sae de Xeneral Franco, entre os edificios do Banco de España e o que foi 'palacete de Arrieta'. No acto de inauguración, AF pide que Lugo teña tamén un recordo urbano para o seu admirado don Avelino González. o párroco de San Pedro a quen AF, e moita xente de Lugo, tiñan unha especial querencia. No seu parlamento, AF dixo tamén moi emocionado: "Ripio a miña boina pra pregarlle a Deus, como unha oración, que esta rúa que leva o meu nome, nunca se vexa tinguida de sangue". O alcalde fixo unha louvanza do escritor e actuaron os gaiteiros Brisas do Miño e o grupo de danzas Arume.

Bautizando a súa rúa, na presencia do alcalde Novo Freire e da concelleira Tucha Calvo

Ánxel Fole. Premio Literario anual de ensaios sobre escritores de Lugo creado por *El Progreso* e Caixa Galicia en 1986, ano do pasamento de AF. Foi presentado o 7-I-1987 e comezou cunha dotación de 300.000 pesetas, sendo hoxe dun millón. As entidades convocantes expresaron daquela o seu desexo de que o premio "chegue a se-lo máis importante de Galicia". Os

Purificación de Cora, durante o seu parlamento no I Premio Literario *Anxel Fole*. Na mesa, Marino Dónega, Mercedes Pintos, Mauro Varela Pérez, Blanca García Montenegro, Puro Cora, Sarita Figueroa e o alcalde, Vicente Quiroga

homenaxeados, obras, autores e xurados das once convocatorias celebradas foron os seguintes: **I-1986**. Ánxel Fole. *O trasmundo de Anxel Fole*, de Tareixa Castro. (Xesús Alonso Montero. Claudio Rodríguez Fer. Juan Soto Gutiérrez e Francisco Javier Fernández Martínez). **II-1987**. Celestino Fernández de la Vega. *O pensamento epocal en Celestino Fernández de la Vega*, de Carlos Fernández. Mención a *Lenguaje y alteridad. Celestino F. de la Vega en diálogo con la filosofía francesa contemporánea*, de Juan Luis Marín Escudero. (Francisco Fernández del Riego. Andrés Torres Queiruga, Juan Soto Gutiérrez e Francisco Javier Fernández Martínez). Ámbolos dous libros foron publicados. **III-1988**. Luis Pimentel. *El silencio y la música (Ensayo sobre la poesía de Pimentel)*, de José Sánchez Reboredo. (Araceli Herrero Figueroa. Dionisio Gamallo Fierros. Juan Soto Gutiérrez e

Francisco Javier Fernández Martínez). **IV-1989**. Álvaro Cunqueiro. *Álvaro Cunqueiro, traductor*, de Xesús González Gómez. (Domingo García-Sabell. Xosé Francisco Armesto Faginas. Juan Soto Gutiérrez e Francisco Javier Fernández Martínez). **V-1990**. Ramón Piñeiro. *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia*, de Carlos Casares. (Ramón Villares Paz. Basilio Losada Castro. Juan Soto Gutiérrez e Francisco Javier Fernández Martínez). **VI-1991**. Ricardo Carballo Calero. *Foula e ronsel. Os anos xuvenis de Carvalho Calero* (1910-1941), de Aurora Marco. (Darío Villanueva Prieto, Araceli Herrero Figueroa, Juan Soto Gutiérrez e Francisco Javier Fernández Martínez). **VII-1992**. Antonio Noriega Varela. *Da montaña o corazón. (Producción literaria e lingua en Noriega Varela)*, de X. Ramón Freixeiro Mato. (Alfredo Conde Cid, Carlos Casares Mouriño, Juan Soto Gutiérrez e Ramón Soilán Penas). **VIII-1993**. Aquilino Iglesia Alvariño. *A vixilia no Gólgota infinito (As liñas temáticas de Lanza de Soledá)*, de Román Raña. (Carlos González Reigosa. Anxo Tarrío Varela. Juan Soto Gutiérrez e Ramón Soilán Penas). **IX-1994**. Xosé María Díaz Castro. *A ascensión dun poeta*, de Alfonso Blanco Torrado. (Manuel María Fernández Teixeiro. Xosé María Dobarro Paz, Xosé de Cora Paradela e Ramón Soilán Penas). **X-1995**. Aureliano José Pereira de la Riva. *Aureliano J. Pereira no rexurdimento galego*, de María Xosé Rodríguez Valcárcel. (Manuel María Fernández Teixeiro, Xesús Alonso Montero. Xosé de Cora Paradela e Ramón Soilán Penas). **XI-1996**. Xosé Crecente Vega.

Ánxel Fole. Instituto lucense de Bacharelato nº 2, bautizado co nome do escritor o 5 de abril de 1982, segundo acordo do Ministerio de Educación y Ciencia. En 1987 edita dez mil exemplares do tríptico *Ánxel Fole* en colaboración con Caixa Galicia e a Xunta, no que inclúe unha fotografía, unha escolma de textos de AF, as súas biografía e bibliografía e unha *Caracterización*: "O Instituto de Bacharelato que se honra

Portada do tríptico do Instituto *Ánxel Fole*

co nome de Ánxel Fole, querendo ser consecuente coa súa denominación, pretende contribuír con este tríptico divulgativo ao coñecemento do escritor lucense dentro e fóra do centro, dada a importancia do noso narrador para Lugo e para a cultura galega. (...) Esta modesta iniciativa non debería ser máis que o principio da responsabilización crecente do noso Instituto cara a súa conversión nun centro capaz de irradiar cultura dun modo permanente e moito máis alá das súas aulas". Deste instituto é a revista *A esgota*, que en 1988 dedica un caderno monográfico dedicado a Fole con artigos dos alumnos. Ese mesmo ano descobre unha placa de homenaxe ó escritor lugués e promove un mosaico mural deseñado por Xosé Vizoso e inaugurado en 1990 cunha conferencia de Rodríguez Fer. En 1988 publica a revista *A esgota*, dedicada a AF, e no 1992, *LAF* (*Lembrando Ánxel Fole*).

Ánxel Fole. Película documental filmada por Luis Dávila e Eduardo Rodríguez Ochoa en 1985, con guión de Claudio Rodríguez Fer. Contén gravacións de Fole, Ramón Piñeiro e Domingo García-Sabell.

Anxeliño. Tratamento cariñoso para con Fole en Lugo. Tamén Angelito. ***OpPdeLl***: "A más de una señora oí llamar a Fole Anxeliño, y Fole lo acepta con naturalidad, porque es joven de mente, aunque distraído". No prólogo ó diccionario, García-Sabell lembra que na súa casa o escritor tamén era coñecido cariñosamente como o *Folecho*.

Araújo Correia, Camilo de. Escritor protugués. Fillo do tamén escritor João de Araújo Correia. No artigo *Lugo, finalmente*, publicado en *O Arrais*. Semanario Independente Defensor do Alto Douro (23-IV-1987), sostén certos paralelismo entre a obra de Fole e mais a do seu pai: "Ó meu Deus, como se identificam um com o outro os dois autores! A mesma síntese, a mesma penetração, a mesma claridade e mesmo jeito de colher de um

golpe a terra inteira que amaram sobre o papel. Na obra de um e de outro podemos, até, encontrar títulos idénticos! Ánxel Fole com a sua *Terra brava*. João de Araújo Correia com a sua *Terra ingrata*. Fole escreveu *Á lús do candil*... Araújo Correia a *Horas mortas*..."

Arce, Carlos de. Escritor e xornalista. ***Op***: "Alguien dijo que el escritor no es el hombre del poder, ni el hombre del partido, sino el hombre de conciencia. Y en este sentido, escribió Ánxel Fole, embebiendo su espíritu en tierras, caminos y aldeas de una Galicia brava y áspera, fuerte y de incuestionable belleza".

Arce y Temes, Álvaro. Militar e xornalista. Redactor en prácticas en *EP* durante os primeiros anos cincuenta, onde coñece a AF: "Así fue cómo conocí a Fole: Dictando páginas al aire, a veces ininteligibles, pero hermosas, en sus conversaciones o soliloquios nocturnos, en la vieja redacción del diario *El Progreso*. Fole era un hombre que se hubiera muerto de niño si no fuera gallego. Tenía las profundas raíces de los que no pueden vivir fuera de Galicia, y un alma de poeta que narraba historias (...) Ánxel Fole acudía por las noches a visitar a los que trabajábamos en las historias del día. Él vivía otras historias, otras vidas (...) A Fole le gustaban las noches para vivir, para convivir, para conversar: "Fixen vida noitébrega, porque tiña medo, un medo terrible de deitarme cedo". Por eso conocí a Fole: En las noches de trabajo adonde él acostumbraba a ir por aquellos entonces, con su mal afeitada cara y su vieja gabardina de la posguerra".

Arcipreste de Forxán. Personaxe do conto *O Tesouro*. incluído no libro ALDC. Don Sebastián deixáralle o caderno onde el mesmo tiña anotada a historia do tesouro.

Arcos. Santa María de Arcos, parroquia de Chantada, solar da torre do mesmo nome. ***OpBA***: "Os ascendentes do Gran Capitán

eran de Arcos, solar dos Temes, e no século pasado a torre foi propiedade de dona María Cristina Quiroga Sangro. tía avoa de Ánxel Fole. No ano 1944 mercouna don Xosé de Arxeriz".

Joaquín Arias e Fole durante o xantar en Lugo

Arias y Díaz del Rábago, Joaquín. Rexistrador da propiedade. Vicepresidente da Fundación Barrié de la Maza. institución que concede a AF unha pensión vitalicia, como nos casos de Otero e Blanco-Amor. Nesa ocasión, Joaquín Arias viaxa a Lugo para lle comunicar persoalmente ó escritor a concesión, e xantan xuntos no Portón do Recanto.

Arias Esperanza, Efrén. Médico. Veciño da rúa Montero Ríos. foi requerido pola irmá política de don Ánxel, Josefina Otero. a madrugada do 9 de maio de 1986, momento no que atopou ó escritor en situación crítica. O doutor Arias practicoulle unha masaxe cardíaca, á que AF xa non reaccionaría.

Arias López, Valentín. Narrador, ensaísta e traductor. Foi director-xerente de Galaxia. Colaborador de *EP*. *Op*: "Aconteceu tamén que foi Fole o primeiro escritor co que eu tiven a oportunidade de me atopar. Unha tarde, apareceu el con Emilio Xil Varela na Escola da Granxa de Barreiros, en terras de Sarria. Botei a más fermosa paseada polo vello *Camiño francés* a palicar con Fole, man a man. ¡E velaquí unha lembranza sobranceira acochada no recuncho máis íntimo das vivencias persoais!"

Armesto e Fole falan no Lugo Bar

Armesto Buz, Alejandro e Jesús. Alejandro é xornalista. Foi director e presidente da Axencia Efe. Redactor xefe de *El Progreso* e primeiro director da *Hoja del Lunes*. Colabora con AF na realización do *Parlamento de las Letras Gallegas*. Anos máis tarde, sendo director de *Arriba*, propón ó escritor que publique alí por entregas un *Cartafolio de España*, a semellanza do *CdeL*. AF rexeita o ofrecemento cun: "¡Que se me perde a min fóra de aquí (Lugo)!" ***Op***: "Son, en su conjunto, (os artigos contidos no *Cartafolio*) la obra de un hombre atento y sensible, agudo y preciso, que observa a su tierra con una mirada llena de ternura y de melancolía. El Fole escritor de periódicos, periodista de la mejor estirpe, en suma". O seu irmán Jesús, administrativo de *El Progreso*, mantivo unha forte amizade con don Ánxel, de quen realiza ó longo dos anos varios retratos e caricaturas, como era a súa afección.

Arruit. Monte a trinta quilómetros de Melilla, onde capitularon os españois despois do desastre de Annual. Fole localiza nese lugar a morte do protagonista do seu conto *Arxemiro*.

Arxemiro. Personaxe protagonista do conto que leva o seu nome, incluído no libro ALDC. Serviu durante moitos anos na casa dos pais do Bieito, entre eles había unha grande amizade. "A fe que parecía un xigante , pois chegaría do dous metros". Era loiro "coma un suevo". Por un mal de amores marcha par Africa. Durante un permiso que pasou en Esperantes, reencóntrase co seu amigo Bieito. A noite anterior ó regreso a



Fole presenta un exercicio de profesión xornalística de 58 anos

terras africanas, vese morto no seu leito. Un ano máis tarde chegará a noticia da morte do Arxemiro.

Asociación da Prensa de Lugo. Editora da *Hoja del Lunes* (1962-1986). AF foi nomeado Membro de Honor da Asociación da Prensa de Lugo no ano 1975, baixo a presidencia de Salvador Castro Gallego. Coincidindo co nomeamento, os membros da redacción de *EP* prepararon ó escritor un agasallo especial. Fole entregaba os orixinais da *Táboa Redonda* coma de costume, e coma de costume recibía as probas compostas para corrixir, pero asemade, os seus compañeiros estaban a preparar outra *Táboa* paralela na que incluían as súas seccións diarias, pero nesta ocasión dedicadas a don Ánxel, de tal xeito que o domingo 26-I-1975, Fole levou unha grande sorpresa ó abri-lo xornal. Participaron nesa *Táboa*-paralela, a primeira que non dirixía o escritor, Pedro de Llano. Celestino Fernández de la Vega. Juan Soto. López Castro. Claudio Rodríguez Fer. Xesús Alonso Montero. Gerino Núñez e Siso. AF lembra as primeiras xuntanzas para a fundación da AdaP de Lugo en 1912 en *Hace medio siglo* (*HdelL.* 19-II-1962). Nunha segunda época foi refundada baixo a presidencia de Puro Cora Sabater.

Asociación de Escritores de Galicia. Constituída o 30 de marzo de 1936, con Gonzalo López Abente na Presidencia, Álvaro de las Casas como secretario xeral e Fernández del

Riego como secretario de actas. AF foi designado representante da Asociación en Lugo.

Asociación de Escritores en Lingua Galega. AF foi nomeado presidente de honor da AELG. A Asociación propuxo ó escritor para o Premio Nobel de Literatura en 1983, "non só pola calidade da súa obra, senón tamén por ser o único representante vivo de dúas xeracións que deron á literatura galega e universal escritores como Otero Pedrayo, Álvaro Cunqueiro ou Rafael Dieste".

Fole estudiante

Asociación Galega de Editores. A AGE edita en 1993 *Libros & Escritores de Galicia para o mundo* no que AF aparece nunha fotografía de Xosé Luís Tejero. Di a referencia da AGE: "A obra de Ánxel Fole, que cultivou exclusivamente o relato breve, cunha incursión ocasional no mundo do teatro, está a medio camiño entre o folklore e a literatura. Dono dun estilo sinxelo e claro, sen concesións á retórica, concentra toda a súa forza narrativa na exposición da historia que conta. É un mestre da intriga, que moitas veces presenta con tódolos ingredientes do chamado xénero negro. Os seus tipos son uns magníficos retratos psicolóxicos do paisano galego". O volume, concebido coma unha tarxeta de presentación da literatura galega moderna, leva a traducción dos textos ó inglés, realizada por Ian Emmett, e ó castelán, de Martín Meira, así como traballos de Domingo García-Sabell, Basilio Losada e Xosé Díaz.

Ateneo de A Coruña. Despois dunha conferencia que deu no Ateneo o escritor Paco Martín, os ateneístas coruñeses pedíronlle que fixese o imposible por levarlles un día ó autor lugués. Paco Martín informoulles das dificultades da empresa, que Fole podería dicir que si, e logo, no intre xusto da viaxe, cambiar de opinión. Arriscábanse á negativa e o mestre de Bretoña comezou o labor de convencemento. Fole aceptou a invitación do Ateneo, pero o día da conferencia tiña a decisión tomada de non ir. Paco Martín, que coñecía moi ben a agulla de

A presencia de Fole nos medios de comunicación foi constante na última etapa da súa vida. Nesta ocasión é entrevistado polo xornalista Tico Medina con destino a un programa de Televisión Española. As súas costas, o Pazo Episcopal de Lugo

marear de don Ánxel, gastou a última munición: "Pero, don Ánxel, ¿como non vai vir á Coruña...¡se non se fala doutra cousa na cidade!?" A expectación creada entre os coruñeses acabou vencendo a resistencia de Fole, que fixo, coma sempre, unha intervención deliciosa.

Auga lizgaira. Título dun libro nonnato que sería o primeiro de AF e do que *Nós* publica dous relatos: *Eu i-o meu corazón. Elexía ao xeito romántego* e *Idilio na Insua*. Piñeiro cita como un terceiro conto do libro a *Treboada na Penedía*, pero este fora publicado xa antes do 36 (*EPG*. 25-VII-1935). (*vid* Villamarín). ***OpDGF***: "*Auga*, escribiu Fole, ainda que o constante, e fundo, e misterioso seu, iba a ser *fogo*: *Á lús do candil*. contos a carón do *lume* (1952) e *terra*: *Terra Brava*. contos da solaina (1955), e tamén *aire*, posto que en il a brétema flota e viaxa: *Contos da néboa* (1973). Os catro elementos naturaes dos presocráticos "peneirados" nas verbas broncas e bruxas, con *Pauto do demo*. da "cuentística" de Ánxel Fole". ***PE***: Claudio Rodríguez Fer. *O libro lucense durante a guerra civil* (*ANT*. 9-XI-1989).

Avaristo de Figueiredo. Veciño desa aldea quiroguesa. Avaristo vai cada certo tempo á Veiguiña a entrega-la renda do aceite. ***AF***: "O amigo Xosé Luís (Quiroga) facíao quedar, despóis de cear, pra que eu lle sentise falar castrapo. Un día, despóis do desaúno, despidíuse de nós, unha mañá de tempo revolto, con istas falas: *_Voume, e vostedes dispensen... Porque con este tempo tan entespestivo, non se pode transigir polos caminos*. Tivera un pleito, no Xuzgado de San Martín, e perdérao. Cecáis diso lle viñese a súa xenreira contra os

curiales. Non os podía ver. Asegún il, dábanse moi boa vida á conta dos seus clientes, a quenes deixaban "*como un galo, dispensando, inantes de ire prá pota*". Todos se morrían dun repente, pola moita comida e bebida..." *_Con ises corpos, podres de vicio, cheos de "petitorias"... Relócelles a cara a todos. Todos se morren antes que lles chegue a morte polos seus anos. Como lle pasóu ó fidalgo de Tambarría, que se morréu ás tres da maña dun "ataque celebérrimo"*.

Fole, nos anos máis duros e máis politizados da súa vida

Avaristo. Personaxe da historia narrada por don Crisanto no conto *O corpo do delito*, incluído no libro TB. Este rapaz vén substituír como criado á Filomena. Segundo esta "non dá golpe...É un rapaciño novo que inda non ten barba e que irá ó sevicio ó ano que ven...". Tempo despois de entrar a traballar na casa a xente comentaba que a Faísca e mais o criado botarán da casa ó Sarillo, "e que iste se fora a Bilbao a traballar nas minas". Mesmo se dicía que eles dous e os cativos marcharan para as Américas.

Avaristo. Personaxe da historia que sobre a "crus do Outeiro" se narra no conto *¡Lobos te coman!*, incluído no libro HQNC. É o mellor amigo do Monchiño. O día que coñece a noticia de que este non casa coa Engracia por non dar ese disgusto ós pais, recoméndalle que colla o barco e que marche "prá América", pois "non es home nin es nada". El será o que case coa Engracia.

B

Bacurín. Pseudónimo de AF utilizado nos anos trinta en referencia á parroquia de San Miguel de Bacurín (Lugo). AF asinou dese xeito en *Horizontes* artigos de carácter político moi radicalizados ós que tempo despois rexeitará. ***AF***: "Eran demagóxicos. Eran artículos moi forzados. Non estaba un no seu sitio. A miña traxectoria non era aquela". Nalgunha referencia biográfica de AF, o pseudónimo aparece transformado nun inexistente Bakunin, ó mesmo tempo suxerindo que *Bacurín* é unha homenaxe oculta ó teórico anarquista, se cadra pola súa similitude fonética e polo carácter panfletario do seu contido. Tamén hai referencias biográficas nas que o pseudónimo *Neumandro* aparece convertido nun imposible *Nemancos*.

Bal y Gay, Jesús. Musicólogo. Amigo de AF, que o cita en moitos artigos. Autor de *La Generación Gallega de 1925* (*Presencia de Galicia en México*. Edicións do Patronato da Cultura Galega. 1954).

Balboa Amado, Ángel. Xefe administrativo de Telégrafos en Lugo. Amigo de Fole dende a mocidade. Mereceu o premio *Valentín Portabales*, xunto con Delio Mendaña e Alfredo Rodríguez Labajo. Tamén foi árbitro de fútbol e comentarista deportivo do xornal *La Provincia*, onde AF comeza as súas colaboracións xornalísticas. Contertulio do escritor no Círculo, no Nemesio e no Hielo Bar. Asiduo dos concertos musicais da Filarmónica e das sesións cinematográficas do Clube Valle-Inclán. Fole refírese a Balboa como un "personaxe azoriniano", lector de *El Sol*, *Destino* e *La Vanguardia*, e lembra del a



O escritor, na Rosaleda santiaguesa de García-Sabell

existencia na súa biblioteca dun exemplar da novela *Un robo en la catedral de Sevilla*, do escritor e xornalista lucense Prudencio Iglesias Hermida. Ángel Balboa recibe unha homenaxe dos seus compañeiros o mesmo día (9-V-1971) no que Fole lle dedica un *Cartafolio* en *EP*: *¡Hasta luego, don Ángel! AF:* "Amigo Balboa: dentro de unas horas doscientas palmas van a batir estruendosamente en tu honor. Va a pasar esta cosa tan hermosa: la unanimidad más cordial en el reconocimiento del alto mérito ajeno".

Balmes. Academia na que imparte clases na inmediata postguerra e para a que escribe as súas *Lecciones de Historia de la Literatura, especiales para el Examen de Estado* (1940), reproducidos a ciclostilo e única referencia pola que é citado nos traballos dos anos cincuenta de Varela Jácome e Couceiro Freijomil. ***PE***: Xesús Alonso Montero, *Inédito(s) de Ánxel Fole* (*FdeV*. 18-XII-1981).

Bascuas. Parroquia de Lugo citada en *O galo de Monforte* (HQNC).

Basilie. Personaxe do conto *Terras do Caurel*, incluído dentro do libro ALDC. Son os donos da casa de Abrantes, do que o narrador da historia era o seu administrador.

Basiliense. Pseudónimo utilizado por AF en referencia á casa-torre de Basille. na parroquia de Pousada (Baralla).

Basille. Casa-torre do bisavó de AF, o señor de Basille. ***OpMRL***: "Seguindo á beira do río Neira, camiño de Baralla, atópase a torre amurallada de Basille, con patio de armas e dous

escudos que recordan o señorío dos Ribadeneira. "O meu bisavó, don Juan María Quiroga_ explica don Ánxel_ foi señor desta torre e aquí viviu vinte anos. Dito antecesor meu, deputado por Lugo nas Constituíntes do 69, morto no ano 1880, chegou a ter 17 patrimonios, varias torres, pazos e un castelo".

Bastián. Personaxe do conto *Solaina*, incluído no libro TB. É o criado do tío Gasparo, na súa casa de Godral.

BBC. *British Broadcasting Corporation*. A emisora londinense comeza a primeira programación estable en idioma galego do mundo o 23 de xaneiro de 1947. Alongouse ata 1956 baixo o título de *Galician Programme*, ó coidado de Alejandro Raimúndez. que utilizaba o alcume de *Xavier Fernández*. Os traballos lidos dende Londres eran solicitados e coordinados en Galicia por Francisco Fernández del Riego. AF participou no proxecto radiofónico para España e Hispanoamérica que dirixía George Hills, fillo de inglés e de española, con tres traballos: *Lembranza de Xesús Corredoira* (programa nº30), *Paisaxe e saudade* (programa nº44) e *O traxe do meu tío* (programa nº63). O primeiro fora xa publicado no *Suplemento del Sábado* de *LN* co título *Recuerdo de Jesús Corredoira* (15-I-1949) e tamén en *EP* (10-V-1986); o segundo aparece posteriormente en *Vieiros* (nº 2. Outono-1962), e o terceiro é un conto tirado de ALC, que Galaxia viña de publicar. O lector dos tres foi *Xavier Fernández*. ***PE***: *Galicia desde Londres*. Edición de Antonio Raúl de Toro Santos. (Xunta de Galicia. 1994).

Beiras Torrado, Xosé Manuel. Economista e profesor. Líder político do Bloque Nacionalista Galego. Coñece a Fole como convidado de García-Sabell ás tertulias da Rosaleda, en calidade de de noivo da súa filla Teresa. que anos máis tarde será traductora de Fole ó francés. Falando do Partido Socialista Galego con Miguel Anxo Fernán-Vello e Francisco Pillado Mayor, para o libro *A nación incesante* (SB. 1989), Beiras di:

"Fole é outro caso distinto (do de Cunqueiro). Fole estava mui perto de nós. (...) Fole non tiña unha relación formalizada co PSG nen tampouco era un home, sobor de todo nesa fase da súa vida _todos sabemos cal era a cuestión vital de Fole e incluso o seu problema, chamemo-lo, psíquico _ que pudese adaptarse-se a ningún tipo de colaboración estável cunha organización do tipo do PSG, pero evidentemente, simpatizava absolutamente coa xente do PSG e co que o PSG fazia".

Belisario de Outeiro, O. Personaxe do conto *Ventureira xornada*, incluído nun libro de relatos curtos preparado pola editorial SB. "É cuñado do Epifanio de Carballo" e tamén vai cara a feira de "San Martín de Quiroga".

Belisario de San Paio. Personaxe do conto *A vengación*, incluído no libro HQNC. Á volta da xornada de caza cea xunto co resto de compañeiros na tasca do Furelo; alí comenta que no monte da xesteira é onde din que o taberneiro soterrou á súa muller.

Bendilló. Aldea de Quiroga citada en *A vengación* (HQNC).

Benedicto. Personaxe do conto *Un ladrón andaba pola casa*, incluído no libro CDN. É o dono dunha tasca onde se reunen con frecuencia o cura, o narrador do conto, don Casto e outros amigos máis. Benedicto "era tamén un bon zapateiro".

Benxamín. Personaxe do conto *De cómo o xastre Bieito volveu pró inferno*, incluído no libro CDN. Un dos fillos do Boca Ladroa, "o máis grandiño, que xa anda polos dezasete". Consegue o traballo de soterrador a través de seu pai que lle pide ó alcalde que o contrate, pois el xa non pode con todas as tarefas que hai que realizar.

Bertolo, O. Personaxe nomeado no conto *O Medo*, incluído no

O galego do interior, na Galicia mariñana de Corrubedo, fotografiado por García -Sabell

libro HQNC. É criado na casa de labranza de don Gumersindo.

Bértolo Cadenas, Constantino. Escritor, xornalista e profesor lugués. Premio Nacional de Literatura Universitaria. Colaborador de numerosas publicacións, é autor do traballo *Los nuevos caminos de la literatura gallega* (*El Libro Español*. II-1985), onde di: "Ánxel Fole, uno de los maestros de la narración breve _y cuya obra inexplicablemente no ha sido traducida al castellano (daquela estaba a piques de selo)_, entiende que en su caso personal, aunque le tentó la novela, "sempre me considerei sen forzas para elo, porque a novela trae moita complicación e require moita dedicación". Autor de *Cuentos para leer a su propia temperatura* (*Leer*. 1986, sobre a traducción ó castelán de Soto, *Cuentos para leer en invierno*).

Bernal López, Diego. Xornalista. Actual delegado da Axencia *Efe* en Santiago. Sempre aproveita as súas visitas a Lugo para botar unha parrafada con Fole, tanto na Redacción de *EP*, como nos bares da rúa José Antonio (hoxe Progreso).Como redactor escribiu unha moi completa crónica da morte de Fole, a quen coñecía persoalmente polo seu vencellamento familiar con Lugo. Na actualidade (febreiro 1997), prepara un amplo traballo sobre o Fole xornalista.

Bieitiño. Personaxe do conto *¡Xantamos a carón dun esquelete!*. incluído no libro HQNC. É un dos homes encargados polo Xan de Pascasio para cavar no horto ata atoparen os restos do "Parrulo".

Bieitiño. Personaxe do conto *De cómo o xastre Bieito volveu pró inferno*, incluído no libro CDN. É o fillo máis vello do xastre Bieito, "estudiaba a médico en Santiago e veu coa tuna escolar a Ferreira, sendo agasallado hastra polo alcalde".

Bieito. Personaxe protagonista do conto *O espello*, incluído no libro ALDC. Invitado ó pazo da tía Rosa xunto con seu curmán Enrique. Na primeira noite da súa chegada, e cando o sono ía prendendo nel, o espello que tiña no cuarto abriuse e apareceu un cabaleiro, que comeza a revolver nas gavetas da estancia. Coa mesma, marcha por onde viñera.

Bieito. Personaxe do conto *Arxemiro*, incluído no libro ALDC. Fillo de casa grande, onde o Arxemiro formará parte do sevicio. Estudiará Medicina en Santiago.

Bieito "O Cacholán". Personaxe do conto *A máscara antigás*, incluído nun libro HQNC. Este home que é sobriño da Micaela, cómpralle a don Fabulón unha máscara antigás. Como el era o único herdeiro da súa tía maquinou todo un plan para matala dun bo susto. Unha noite presentouse na súa casa, todo vestido

de negro coa máscara posta, e dicíndolle cousas como: "-Tesme que acompañar ó Mais Alá. Véñote buscar. Esperta ...". O berro da Micaela foi tal que "¡Entramos quedaran tatexos!"

Bieito de Barxa. Personaxe que aparece na segunda parte da historia narrada polo doutor Froilán, no conto *Por us pelos...*, incluído no libro TB. "Mozo bon cazador, curmao do Senín", que fora moitas veces de caza co médico do Incio. Despois de morto o monstro, o Bieito, o Senín e mais o Froilán; diríxense á cova onde este estaba acubillado, e buscan probas que consigan acusalo do crime da Sabela. Un mes despois de entrar no tobo do monstro, o Bieito marcha para a Habana.

Bieito Fernández. Personaxe do conto *De cómo o xastre Bieito volveu pró inferno*, incluído no libro CDN. "Era o xastre que máis traballaba en Ferrreira. Como decían as malas língoas, fixérase rico e ben rico antes dos cincoenta anos emprestando cartos ó doce por cen de intrés". Tiña catro fillos que fora quitando para adiante. Morre durante a peste do gripe, e o Boca Ladroa e o seu fillo son os encargados de soterralo. Anos máis tarde soubose que o corpo atopado fóra da caixa, e cun golpe no cránio era o del.

Birollo, O. Personaxe do conto *Pepe Troitiño*, incluído no libro HQNC. "O Birollo, que era birollo, o que se di, era un estudante de primeiro de Dereito, moi aplicado. Mais tiña un defecto: o seu soño tan pesado". Aproveitando isto, o Pepe Troitiño en "complot" coa Margarida e outros amigos, gastánlle unha brincadeira. Esta consistía en pintarlle na cara distintos debuxos, e espertalo pola mañá co tempo xusto para que saíra correndo para a primeira clase do día. O resultado foi o esperado por todos, compañeiros e profesores fixeron del o centro de todas as súas burlas. Despois daquilo, o Birollo chegou á xuntanza do Café Español cunha navalla, disposto a espetarlla no corazón ó Pepe Troitiño.

Bispo Aguirre. Rúa de Lugo na que AF vive a partires dos oito anos ata os dezasete (1911-1920).

Blanco, Carmen. Escritora e profesora. Casa cun dos mellores coñecedores da obra de AF, Claudio Rodríguez Fer. Autora de *Conversas con Carballo Calero* (Galaxia. 1989), e *Carballo Calero: Política e cultura* (Ed. do Castro. 1991). ***OpRCC***: "El (AF) ia moitas veces por Fingoi. Houbo unha época en que os sábados pola tarde ou os domingos, se cadra, en que eu non saia de Fingoi, collía o seu caxado e ia até alí e se sentaba enfrente de min no meu despacho e alí estábamos falando moito tempo, fumando, porque eu entón fumaba, eu fumei até o ano 69 e el era moi fumador. De maneira que tivemos moita relación". Autora de *Nais, damas, prostitutas e feirantas* (Xerais. 1995).

Blanco Castro, Manoel. Escritor galego radicado en Barcelona. Ex franciscano. Dende hai anos prepara o volume *Homes de Lugo e da súa provincia*, no que inclúe o traballo *Ánxel Fole Sánchez, xenio do conto popular*. ***Op***: "Desde a miña nenez, tanto en Recatelo, como no barrio Falcón, ouvín falar de Ánxel Fole. E xa estudiante en Herbón, lembro que buscaba nomes de literatos lucenses, pra *soltalos* na clase de Literatura. Entre estos, o de Fole. Foi, porén, a partir dos anos cincuenta cando escomencei a ler os seus artigos nas páxinas do *Progreso*, e máis tarde algús dos seus libros". Participa nalgunha das viaxes pola provincia de Lugo con AF, Manuel Rodríguez López e Benxamín Andrade.

Boca Ladroa. Personaxe do conto *De cómo o xastre Bieito volveu pró inferno*, incluído no libro CDN. Este home era enterrador en Ferreira e puxéranlle este alcume "polo moito que xuraba ... por menos de nada puña a tódolos santos perdidiños". Ademais "nunca se conocera un home tan feo en vinte légoas á redonda". O Boca Ladroa protagoniza unha historia que deu

moito que investigar o narrador do conto, pois atopárase no cemiterio de Ferreira o esqueleto dun home fóra do ataúde, co cránio fundido e con dúas costelas rotas. A clave do achádego estaba na súa persona e na de seu fillo, o Benxamín. Durante a peste do gripe do ano dezaoito morrera moita xente, polo que o traballo para estes dous homes se multiplicou. Entre os mortos está Bieito, home a quen tiña moita xenreira "porque o levou ó xuzgado porque lle debía a feitura dun traxe", polo que o día de soterralo aínda vendo que este ía vivo, non andaron con miramentos e despois de golpealo cunha pá, botáronlle terra por riba.

Bocamaos. Aldea de Lugo citada en *Medo e máis medo* (HQNC): "Sabía que tiña casa e facenda en Bocamaos, perto de Ombreiro. Un burgo pequeno que ten un fermoso cruceiro antigo". "Tiña o periódico endiante dos ollos. A noticia non era a que eu pensara. Era o mesmo e non era o mesmo, "Bocamaos". "Efectos de la tormenta de anteayer..." "Un rayo entró en una cuadra, causando la muerte a una vaca".

Borges, Norah. Debuxante. Irmá menor de Jorge Luis Borges, casa con Guillermo de Torre. Colabora cun debuxo na revista *Yunque* que dirixe AF en Lugo. Norah xa tiña colaborado no número 4 (VIII-1924) da revista de Evaristo Correa Calderón. *Ronsel*. ***AF***: "El dibujo de Norah Borges, reproducido a toda plana, poseía una gracia de gran sencillez y originalidad. Era una madre joven con su hija, de un año, en brazos. El mismo manto, que llegaba hasta los pies de la madre, envolvía a la criatura. Y el rostro de ésta, era exactamente el de su madre, pero en chico".

Debuxo de Norah Borges no número 6 de *Yunque*

Brais. Personaxe do conto *Non hai dúas sin tres*, incluído no libro CDN. O Brais era un home "moi xaraneiro", e moi amigo de brincadeiras. Un día na casa do Virrio, onde están xantando un grupo de amigos entre eles o narrador do conto, fai unha das súas. Colleu un isqueiro que "era igualiño a unha pistola do sete e medio", e que cada vez que se acencía semellaba que disparaba un tiro, colocouno pegado á sen e disparou, caendo de xeito fulminante ó chan. O narrador do conto é quen lle dá un couce en todo e as nádegas pois del era o isqueiro e coñecía perfectamente o truco.

Breixo de Gosende. Personaxe do conto *A estadea e o urco*, incluído no libro TB. Breixo "era un rapaz pequeno, louseño, algo virollo e de moi poucas falas... Xa andaría polos trinta e oito anos. Estaba casado, tiña unha filla de sete e vivía ca nai e sogra. Decían del que estaba moi mal da chola". Un día, as mulleres coas que vivía, levárono xunto ó doutor Gasparo, pois dicía ver unhas cousas moi estrañas. Mais todo tiña unha base real: "Eu viña de rozar o monte aquil mediodía de vrao, e atopéi á rapaza na fonte. Iba unha fogaxe que Dios nos libre, e viña candia min o can da casa. Non había ninguén arredor, en todo canto se vía en volta enteira. Eu ventáraa coma un can. Sentín un lóstrego no sangue. Boteille a mao..."

C

Cabana, Darío Xohán. Escritor. Autor de *Conversa en Lugo*, dentro do libro colectivo *Contos da Xustiza* (Ir Indo. 1991), no que reproduce unha conversa imaxinaria entre AF, Manuel María e Ricardo Raposo, o seu pai. Autor do *Soneto dobre pra honrar a don Ánxel* (ELAF*) e EIG (8-X-1986). Autor do soneto *Fomos ver a Don Ánxel Fole ó café que estaba apregado á muralla, e hai un rastro inverso dun verso de Cervantes*, en *A fraga amurallada*. Premio de Poesía Cidade de Ourense (Editorial Limbo. 1983) ***Op***. "Coñecino cando casi era eu un neno e foi a primeira persoa que se ocupou públicamente da miña poesía. Dende entón seguino tratando e puiden gozar da súa conversa. (...) A obra de AF é pura e simplemente a dun clásico. Fole, como home, era encantador e además dunha gran integridade moral.".

*Meu señor Ánxel Fole da pucha fariñenta
que té-los ollos cheos de pedra milenaria
e percórre-las rúas da cidade cincenta
coa túa caminada despaciosa e diaria;

meu señor Ánxel Fole que as fantasmas do viño
coloras con distancias do tamaño das rúas
e percorres en voltas un antigo camiño
de murallas grisallas baixo soles e lúas;

meu señor Ánxel Fole que poboas de historias
esas lousas feridas polo paso da xente
e deseñas nas cuncas enfinxidas memorias;

síguenos relatando maravillas envisas
que xacen baixo as pedras da cidade dormente
que despaciosamente tu agarimas e pisas.

E de Quiroga trainmos o recendo das fragas
que ó vi-la primavera despaciosas follean

e as floridas cerdeiras e as levísimas vagas
das verdes centeeiras que se abalan e ondean.

Trainos de altas montañas os ouveos do lobo
e a frieza das neves do inverno caroal
e a calor das lareiras onde soa tan novo
un vellísimo conto de pavor ancestral.

Pero tamén do outono a fervenza das cubas
onde se volven viño as docísimas uvas
que enchera o sol de estío con gratísimo zume.

Meu señor Ánxel Fole da pucha abrancazada,
torna en mórbido verbo toda cousa estimada
pra que sexa a palabra coma viño onda o lume.



Xuntanza santiaguesa con Cabanillas e Otero Pedrayo

Cabanillas, Ramón. Poeta. AF coñeceuno en Santiago nos anos cincuenta. *Samos* era un dos libros máis queridos por AF. ***AF-OpMRL***. "Os freires de Samos aínda non souberon valora-la importancia da súa obra. Se tiveran comprendido o seu mérito, o nome do vate cambadés estaría grabado con letras de ouro a carón do P. Feijóo".

Cachana. Personaxe do conto *O Galo*. incluído no libro CDN. Forma parte do grupo de trece homes convidados a cear na casa do Nasa.

Cacharulo. Personaxe do conto *O paxaro laión*, incluído no

libro CDN. É o criado máis novo que ten o narrador da historia. Este pretende convencer ó seu señor de que o paxaro laión é o que leva a alma dos mortos. Unha noite de febreiro o criado comenta que o Pandigo está a piques de morrer, pois todos sentiran ó paxaro laión polo cano da cheminea. El é o que na casa do defunto queima algodóns e augardente na porta da adega, simulando a aparición dunha pantasma e provocando o pánico entre os presentes.

Cacharulo. Personaxe do conto *¡Caronte!*, incluído no libro CDN. O narrador do conto estivera na súa casa comendo e bebendo ata fartarse tres semanas antes do soño de Caronte.

Cacharulo de Campos de Vila. Personaxe que aparece nomeado no conto *¡Caronte!*, incluído no libro CDN. Comparte con Farruco de Ameixende a opinión sobre os valores que ten a auga, mais engade: "Salutífero, o viño, e tamén o medo. O medo, ás veces, dá saúde".

Cacharro Pardo, Francisco. Presidente da Deputación de Lugo. O mesmo día da morte de AF, a Deputación, a través da súa Comisión de Goberno e a proposta súa, acordou manifestalo seu máis profundo sentir polo falecemento do escritor e académico Ánxel Fole, "ilustre figura de las letras gallegas, a cuya tarea consagró toda su vida".

Café Central. Situado na luguesa rúa de Conde Pallares. AF di que foi alí, un café de "aire galdosiano", onde nace a súa afección polas tertulias. *Las tertulias* (*HdelL*. 5-II-1962). Posteriormente convertido no Casino de Lugo.

Café Español. Establecemento de Santiago frecuentado por AF, Cunqueiro. Eiroa, Maside. Cuadrado e outros tertulianos. ***OpAC***: "Eu coñecín a Luís Seoane en setembro de 1931. Levoume Ánxel Fole a unha tertulia no Café Español, na rúa do Vilar, da que xa se ten escrito dabondo". (*vid* Derby)

Caiñós. Personaxe do conto *O Galo*. incluído no libro CDN. Forma parte do grupo de trece homes convidados a cear na casa do Nasa.

Caixa Galicia. Entidade que conxuntamente con *EP* crea e promove o Premio Literario Ánxel Fole. Para conqueri-lo éxito en cada unha das súas edicións traballan ou traballaron xentes coma José Luis Amor Fernández, José Ramón Docal Labaén, José Luis Méndez, Mauro Varela Pérez. Javier Fernández Martínez, Juan José Hernández Rodríguez, Vicente Iglesias Martelo, José Castro López, María Julia López, Luis Asorey García, Benito Rego Cobo, José Carlos Rodríguez, Celestino Torres e moi especialmente Ramón Soilán Penas, que xunto con Juan Soto. levaron o peso da creación e organización.

Plato conmemorativo do I Premio Literario *Ánxel Fole*

Caldeiro Díaz, Eloi. Poeta e músico. Participa no volume ELAF con este poema:

Tinguida de Outono a terra,
marcanos sobor do peito
a memoria dos camiños,
e lanzanos na percura das lembranzas,
esmorecidos anacos de esistencia,
onde o tempo ancorado nas sombras
chora a caron dos bardos
a saudade dos eidos,
lóstrego de luor infindo
que nos cingue a patria
na tua alma.

Calvo Blanco, María Antonia. ***Tucha Calvo.*** Farmacéutica. Concelleira de Cultura de Lugo que presenta a moción pola que se dedica unha rúa da cidade a Fole.

Campo Castelo. Contigua á antiga Praza do Cruceiro (hoxe Fernández Gómez), onde nace AF ás nove da tarde do 11 de agosto de 1903. O edificio, número 1, actualmente

desaparecido, facía esquina entre o Campo Castelo e a actual Praza de Ángel Fernández Gómez, a carón do pazo do Concello. O edificio, do século XVIII, fora do conde Moscoso de Lugo. No baixo atopábase a colchonería de Severino. Na construcción posterior, propiedade da familia Fernández López estivo durante moitos anos a sede da emisora Radio Lugo. ***OpCC***: "Era, segundo ten referido o propio escritor, unha casa grande, que tiña varias tullas e unha cociña con columnas de pedra de gra". ***AF***: "Era unha casa señorial con capela, unha tulla enorme para recibi-la rentas e unha chimenea de catro pilares. Tiñamos un gato e un malvís que cantaba moi ben. Trouxérao o meu pai, moi afeccionado el á caza, despachoulle un tiro e o gato saltou polo aire caendo morto redondo. Vino saltar perfectamente. É unha anecdota que me quedou grabada. Tería eu tres anos".

Fole foi máis *gourmet* que larpeiro, aínda que ás veces tan só picaba nos platos

Campo da Compañía. Praza de Monforte de Lemos citada en *O galo de Monforte* (HQNC): "Paraba eu na casa do Currás, no Campo da Compañía. Alí puxen o meu estudo. Gostábame a casa pola súa tipicidade do Monforte antigo".

Campo Domínguez, María Pilar. ***Marica.*** Poeta. Na edición ELAF publica o poema *Terra brava*:

Souben eu dunha terra de xestas e de lobos

onde a lúa xemía polas noites xabreiras
Eu souben dunha terra que percorría a chuvia
petando nos tellados como ánima en pena,
a mestura-los soños coa canseira dos días
que enxugaba a memoria fuxidía do vento.
Souben eu desa terra que me leva e que eu levo
en mans de amor, tremendo, ás estacións do mundo.
Son os seus os meus mortos retornando co viño
cando a noite é un corvo que sobrevoa a noite.
Eu souben quen un día fixo dela unha lenda,
rexo cantar amaro ecoando no tempo.
Quen devagou nas horas colar de pesadelos,
reloxios adiantados, mouras paixóns noturnas,
voces do alén, agullas espetadas no sangue.
E fala a miña terra nos seus labios unxidos
co cuspe doutros labios que son esquecemento.
Escoito a fermosura na súa voz nomeando
tódalas cousas nosas que rescatou da morte.
Cabaleiro na néboa, don Ánxel Fole sempre
cabalga a *Terra brava*.

Camposdevila. Aldea de San Salvador de Hospital (Quiroga). ***AF***: "O vello Galiño, de Camposdevila, mesmamente semellaba un fauno dos cadros e das esculturas antigas. Era o que se dí en castelán "un obseso sexual". Non falaba máis que do tempo e das rapazas. Medio barbecho e medio calvo... "Son moi riquiñas"... "Son moi sabrosiñas"... "E logo, aquelo"...

Campoy Vázquez (familia). A familia Campoy-Vázquez mantivo unha estreita relación con Ánxel Fole. Unha relación parella coa que o escritor mantivo co Lugo Bar. O matrimonio formado por Ángel Campoy e Angelines Vázquez, as fillas Geli, Laura, Gemma, e moi especialmente o seu fillo Carlos, botaron durante anos longas parrafadas co escritor. A amizade cos Campoy completouse coas simpatías que o autor de *Terra Brava* esperta en Elvira Gómez Gárate. Elvira, traballadora no fogar da familia, e que nos últimos anos do bar, vai leva-la explotación do negocio, sente unha sincera admiración por Fole e non consente que cando chegue pola tarde o ilustre académico, non teña reservado o seu velador favorito, o que dá

Unha imaxe do Café Lugo Bar na cidade da posguerra

a San Roque e tamén permite dirixi-la mirada cara á Mosqueira.

Cancionero del Miño. Libro inédito de poemas, algúns deles publicados. Datado en 1935.

Canciones con ton y son. Recompilación de poemas de AF publicados en diversas revistas, ou inéditos. Como tal recompilación permanece inédita.

Canigó. Setmanari catalá d'informació general, dirixido por Isabel-Clara Simó Monllor. No seu nº415 (20-IX-1975), publica unha entrevista de Ricard de Vargas con AF, titulada *Ánxel Fole: contista popular gallec*.

Cánovas Cervantes, Salvador. Xornalista. AF coñece ó que fora fundador e director do xornal madrileño *La Tribuna* a través do seu amigo Ricardo Gasset. Outro xornalista lucense, Prudencio Iglesias Hermida, un columnista *fou* no máis clásico sentido da expresión, dedicáralle a Cánovas Cervantes un dos seus esperpénticos artigos; nel podemos ler: "Cánovas Cervantes es el genio invertido. Nos hallamos en la cumbre de la brutalidad. (...) No te incomodes conmigo si aseguro que eres

el hombre más bruto que he tratado. (...) Todo esto quiere decir _para que lo entiendas_ que eres una bestia, una mala bestia, ni más ni menos. (...) Eres un fenómeno de feria. (...) Cánovas, dispénsame. Tú eres un hombre fuera de la ley. Sobre ti escribiré más tomos que tiene la Biblia. Esa *browing* que te has colgado de la cintura el día primero de este mes, no te sirve para nada, si no te sirve para matarme a mí".

Carballo, Xosé Manuel. Crego, ilusionista e colaborador de distintos medios de comunicación. Viaxa con Fole e Manuel Rodríguez López pola provincia de Lugo. En ELAF escribe: "Se lelo é unha regalía, escoitalo é unha festa. Vostede é tamén un dos pilares do pórtico do tempo da narrativa galega, no que outros, reverentemente, quixéramos entrar".

Carballo Calero, Ricardo. Escritor e catedrático. Coñece a AF en Santiago, pero ten maior relación con el nos anos cincuenta, durante a súa estadía en Lugo, ó fronte do Colexio Fingoi, onde vai Fole algunha tarde para botar unha parrafada con Carballo. A que sería a súa muller, María Ignacia Ramos, foi compañeira de AF no Instituto de Lugo, do mesmo xeito que Lolita Cumbraos, Petra Sal, Joaquinita Cereijo, Carmiña Revuelta e Pilar Rodil. Abandeirado da escrita lusista. ***Op***: "A Fole lembro-o mais ben en tempos posteriores (aos anos trinta). Fole é bastante mais vello ca min (sete anos), e non deveu de relacionarse-se muito comigo. Por outra banda el devia de ir e vir, pero non devia de pasar temporadas longas en Santiago". Autor de *Contos de Ánxel Fole* (*FdeV* 16-VIII-1953), *El didactismo de Terra brava. Realismo del diálogo de Ángel Fole* (*EP* 23-V-1976), e *Sobre Terra brava*. Varios destes traballos están recollidos en *Libros e autores galegos. Século XX* (Fundación Pedro Barrié de la Maza. Colección Galicia Viva. 1982) e *Introduction á An Anthology of Galician Short Stories* (Kathleen March. 1991). Carballo defende o éxito popular dos contos de Fole, fronte o minoritarismo de Mourullo. ***Op***: "Agora

Ricardo Carballo Calero, segundo Seoane

circula por aí un libro de conversas con don Ánxel Fole (Casares) en que este dá unha visión bastante inexacta daquel acontecemento (a presentación da conferencia de Jiménez de Asúa en Santiago)". *AF*. "O lusismo desquicia, é un gran lío, un gran problema".

Caronte. Personaxe do conto *¡Caronte!*, incluído no libro CDN. Personaxe onírico que aparece no soño que ten o propio narrador, nel asistimos a un baile de pantasmas nun luxoso edificio situado fronte ó cine España, na cidade de Lugo.



A casa de Álvaro Gil dende o actual Carril dos Loureiros

Carril dos Loureiros. Caleixón de Lugo. Cuarto domicilio de AF, ó que chega con dezasete anos. A el refírese como a sede do *Clan de los Lunáticos* (tamén *A Grande Irmandade dos Cabaleiros da Rosa de Lus*), polas xuntanzas literarias que nela

tiñan lugar. *Trasnochadores de altura* (*EP*. 14-XII-1957). ***AF***: "Era entón o Carril dos Loureiros bairro arredío, entre urbán e campesiño, a semellanza dos outros bairros dos arrabaldos lugueses: a Chanca, o Regueiro dos Hortos, a Piringalla, etc. Estaba formado por hortos, de outas paredes lañadas, cheas de hedras, por onde se amosaban os loureiros vedraños que lle daban o poético nome. Era unha corredoira, non unha rúa, por onde se vían pacer as vacas". ***OpCC***: "Tiña cinco pozos para regar, unha figueira que daba moi boa sombra e moitísimas árbores e flores: caraveis, peonías, loureiro chinés, loureiro xaponés, rosas de pitiminí e moitas máis". AF escribe sobre el en *Estampas do Lugo vello. O Carril dos Loureiros* (*EPG*. 9-IV-1936). *O Carril dos Loureiros* (*EPG*. 29-IV-1936), *Recuerdo de Jesús Corredoira* (*LN*. 15-X-1949), e *Carril dos Loureiros* (*VG*. X-1959), ademais doutras referencias.

Carrizo, O. Personaxe da obra de teatro PDD. "É un home pequerrecho, duns corenta anos, que se move moito ó falar".

Carrizo, O. Personaxe de Lugo que tiña en aluguer unha tartana para as parellas de namorados. "Todo el día, dos pesos: una tarde, treinta reales. Tiraba de la tartana un pobre penco con mataduras. La tralla del auriga era muy larga. Al "Carrizo" se lo llevó la gripe del año dieciocho". (CdeL).

Carrozo. Personaxe do conto *Terra do Caurel*, incluído no libro ALDC. Home que contaba os contos "máis belidos" ó caron do lume, nas noites de invernía.

Cartafolio de Lugo. Recompilación de 74 dos artigos publicados por AF en *EP* baixo ese epígrafe, e tamén *Cartafol de Lugo*, dous poemas e un prólogo. O libro foi editado polo Círculo das Artes (Edicións do Castro. 1981), baixo a presidencia de Benxamín Casal Vila. Nun principio, AF pensou titular a serie *Caleidoscopio de Lugo* (ou *Kaleidoscopio*

Benxamín Casal presenta á prensa o *Cartafolio*. Con el, Fole, Xulián Parga, Rafael Vilaseca, César Quijada, Jorge Chao, Ferreiro, Ernesto Sánchez Pombo, Manuel López Castro, Francisco Rivera, Xosé Tuñas e de costas, Juan Soto

sentimental), e que levara uns trinta artigos máis, pero finalmente reducíronse ós 74 publicados. De tódolos xeitos, esta recompilación significa un vinte por cento da producción foleana para esta serie. No CdeL desfila o intramundo da cidade: personaxes, lendas, anécdotas, historias, contos e dicires, que AF foi amoreando ó longo do seu labor xornalístico. Consta de sete apartados (*Pasan las nubes de antaño, Dos poemas de Lugo, Cuatro parlamentos sobre la vida lucense, Un vaso, dos vasos, tres vasos, Topografía báquica de la ciudad de Lugo, La película de don Fabulón* e *Las últimas páginas*). AF falaba deles como de "una serie de apuntes cromáticos sobre tal o cual año" e no prólogo, *Las indispensables consideraciones*, dá esta información: "Los dos más antiguos escritos de este *Cartafolio de Lugo* son los titulados *Pregón* y el *Romance de la Muralla*, escritos en 1929, *Las veinticuatro horas de Mabille de Poncheville** fue escrito el mes de diciembre de 1931, Fue publicado en *El Progreso*. Versaba sobre lo acaecido en Lugo en la



Portada do *Cartafolio*

Contraportada do *Cartafolio*

Portada do *Cartafolio galego*

semana del San Froilán de 1869, cuando mi bisabuelo paterno, Juan María Quiroga, junto con don Fernando María Guardamino, era diputado en las Cortes Constituyentes del referido año. No hubo manera de recuperar el artículo. Por seguro recuerdo aparece ahora, en gran parte, en este libro". Alejandro Armesto suxeriulle escribi-lo *Cartafolio de España*. Nas datas da súa presentación, Juan Soto escribe en *EP* un artigo no que remata dicindo: "Y, para finalizar, un detalle _y un aviso a los lectores_ acerca de esta antología del Cartafolio en forma de libro: el número de erratas supera el centenar. ¡Toma ya imprenta!" ***AF***: "Es una historia periodística de mi ciudad hecha un poco a saltos y es, también, el libro de mi melancolía. Hablo de mi adolescencia, de mi madurez con ciertas pinceladas de humor", (*Efe*. 29-IV-1981). *(*EP*. 1-I-1932) Publicado baixo o epígrafe *El camino de Santiago*. O bautismo definitivo da serie por parte de Fole non chegaría ata 1956.

Cartafolio galego. Compilación de Claudio Rodríguez Fer sobre artigos de Fole en galego espallados en distintas publicacións e que atenden ós seguintes apartados: *O galego e a defensa da lingua, Rosalía e a cultura galega, Pondal e a tradición céltica, Castelao e a conciencia galeguista, Otero Pedrayo e a revista Nós, Pimentel e os tempos da República, Galaxia de amizade e bibliofilia, Reseñas e prólogos, Galería de pintura, Admiracións foráneas, Paisaxes e estacións*, e *Estampas do Lugo vello*. (Prensa & Criación. *A Nosa Terra*. 1996).

Cartel. Revista viguesa de literatura e arte (1937), na que Fole publica algunha colaboración durante a posguerra.

Cartonaxes Anmi. Empresa de Ánxel Gómez Camarón que imprenta o díptico de felicitación *Cantiga do Nadal* (1957), o calendario *Platero e máis e eu* (1965), no que colabora AF; *¿E decímolo ou non-o decimos?*. (1972), de AF, *Castelao, dous contos, cinco cousas e máis un dibuxo inédito* (1970), cunha portada de Isaac Díaz Pardo e prólogo e traducción de X. Alonso Montero: e *Atruxos*, de Xaquín Cerqueiras Puente e debuxos de Xaquín Marín, con prólogo de AF.

Portada de *¿E decímolo...*, de *Cartonaxes Anmi*

Casanova Santos, Carlos. Empresario e poeta. Colaborador de *Táboa Redonda*. Autor de *Para Táboa Redonda* (*EP*. 17-II-1993).

Casal Gosenxe, Ánxel. Propietario da Editorial Nós, publicacións galegas e imprenta; alcalde de Santiago no 36 e membro da comisión que entregou nas Cortes de Madrid o texto do Estatuto de Galicia, despois do plebiscito de xuño. ***OpRP***: "Despois deste paso (as colaboracións galegas de Fole e Pimentel na revista *Nós*), do que quedaron contentos, era a ocasión de os animar para que escribiran cada un seu libro, coa intención de que aparecesen xuntos como incorporación luguesa á cultura galega, e os dous acolleron moi ben a idea. Fole decidiu que escribiría un libro de contos e Luís que prepararía un libro de poemas. (...) Como Fole fora escribindo tamén os seus contos, comenzamos a falar da publicación e chegamos ó acordo de que o día de Galicia próximo, que era o do ano 36, sería boa ocasión para que saísen os dous libros. Tratouse con Ánxel Casal e comprometeuse a publicalos nesa data. Luís preparou un breve prólogo no que nos culpaba cordialmente a Fole e mais a min de que ese libro saíse ó público, salvándoo do destino de outros anteriores: *morrer e ser enterrados na casa*. A Fole ocurríuselle unha idea para completar a presencia luguesa nese 25 de xullo, que consistía en lles pedir ós de Santiago

Ánxel Casal, segundo Maside

autorización para facer un número lugués de *Resol*. unha revista que facían eles e repartían gratis. Dixéronlle que si e de contado nos puxemos a preparar o número. E, naturalmente, ó primeiro que lle pedimos colaboración foi a Pimentel, que aceptou complacido e non tardou en nos entregar o seu poema *A Rosalía*, escrito por el en galego sen axuda de ninguén. O número de *Resol* chegou a estar impreso, pero o 18 de xullo deixouno bloqueado na imprenta, talmente como ocorreu en Santiago cos libros de Pimentel e Fole". Segundo Ramón Piñeiro. nos días anteriores á Guerra Civil, Luís Pimentel entregáralle o orixinal de *Barco sin luces*, e AF o de *Auga lizgaira*. co desexo de telos fóra do prelo para o Día de Galicia de 1936. O de Láncara lembra que atopou na porta do restaurante *Fornos* de Lugo a Casal e mais a Xosé López Bouza, presidente da Deputación da Coruña, o 19 de xullo, cando eles viñan de Madrid trala encomenda do Estatuto. Toda a conversa que mantivo con eles xira, loxicamente, sobre os acontecementos militares, sen ser quen de lle preguntar polos libros de Pimentel e Fole. O alcalde de Santiago dilles que saíran de Madrid sen novidade, pero que en Valladolid uns militares non os querían deixar pasar. Casal foi detido dúas semanas despois en Santiago e o seu cadáver apareceu máis tarde nunha beiravía de Cacheiras. É de imaxina-la pegada que este feito produce no ánimo de AF (*vid* Guerra civil en Lugo). Polo súa banda, AF refírese sempre ó orixinal de *Auga lizgaira* como perdido na Imprenta Villamarín neses primeiros días de guerra.

Casal Vila, Benxamín. Enxeñeiro agrónomo. Presidente do Círculo das Artes de Lugo que promove a edición do *Cartafolio de Lugo* (1981), así como outros actos de homenaxe ó escritor. ***Op***: "Unha cousa sinxela, sen aparentemente nada dentro, nas verbas de Fole é unha pequena obra mestra, perfectamente artellada con exposición, nó e desenlace". (*vid* Realidade Galega).

Casares Mouriño, Carlos. Escritor e profesor. Autor do artigo *Sobre Fole* (*LVdeG*. 25-III-1982). Autor do libro *Conversas con Ánxel Fole* (Galaxia 1984). ***Op***: "No caso concreto de Ánxel Fole, ¿como pasar ó papel a súa esmagadora personalidade de ser humano realmente excepcional?". Autor de *Sobre Ánxel Fole* (*LVdeG*. 6-V-1982); de *Un libro sobre Ánxel Fole* (*Grial* nº95. 1987), no que fala da xénese das *Conversas...*; e do libro *A vida de Ánxel Fole* (Árbore nº94. Galaxia. 1996). ***Op***: "Para moitos mozos rebeldes dos anos setenta ("os da protesta", como el mesmo os denominaba), Fole converteuse nun home exemplar, pois encarnaba moi ben a negación de moitos dos aspectos da vida moderna que aqueles mozos rexeitaban. Fole carecía de coche, de casa, vivía en pensións humildes, vestía de calquera maneira, ás veces incluso un pouco estrafalaria, non manifestaba apetencias por honores nin homenaxes. Tiña, no fondo, o aspecto dun ser marxinal". No traballo de *Grial*, escribe Casares: "Coñecín a Ánxel Fole alá polo ano 1964, cando eu era estudiante en Santiago. Presentoumo Ramón Piñeiro na Rúa do Villar, exactamente diante da antiga Librería Porto, de onde saían eles. (...) Uns meses despois volvino ver na casa de Ramón Piñeiro. Desta vez estaba sentado nun recuncho da biblioteca, na porta da galería escoitando música no tocadiscos. Mentres nós falabamos arredor da mesa camilla, el facía comentarios en voz alta, que a min me tiñan absolutamente desconcertado. Decía: "Beethoven, si señor". E ó pouco tempo: "El Consejo Económico y Sindical". E logo calquera outra frase polo estilo. Saín de alí unha miga confuso, pois entre outras cousas non intercambiara con el os saúdos de rigor. Aquela mesma noite, alguén me explicou algunhas das características do personaxe e xa todo quedou perfectamente ordenado no seu sitio". Casares afirma que a idea de facer un libro de conversas con Fole veulle despois de atopalo no acto de



Portada de *A vida de Ánxel Fole*

Capa das conversas Fole-Casares

entrega do Pedrón de Ouro a Álvaro Cunqueiro na casa de Rosalía.

Casares Quiroga, Santiago. Político coruñés. Presidente da ORGA. Fole lembra ter visitado o seu domicilio coruñés nun comité republicano presidido por Avelino López Otero, e coincir nel cunha nena que anos máis tarde recoñecería como María Casares. ***AF***: "Hai que explicar moitas cousas polas mulleres. (...) Por exemplo, a muller de Azaña era íntima amiga da de Casares Quiroga e por esto se lle ocorreu facer ministro da Gobernación a Santiago Casares Quiroga, que era un señorito coruñés moi frívolo".

Casas Baratas. Barrio de Lugo citado en *¿E decímolo ou non o decimos?* (HQNC): "O chamado barrio das Casas Baratas era un dos máis bonitos de Lugo. Había aligustres plantados e tamén algún tamarindo. Os prunos frolecían polo mes de marzal. Cando quixeron arrinca-los aligustres, un cronista local puxo ista "coña" no único xornal da cidade: "Pretenden asesinar a estos "aligustres" hijos de Lugo". Aquil chiste salvou a vida dos pobres aligustres".

Casás Fernández, Manuel. Alcalde da Coruña. Presidente da RAG. ó que AF substitúe como numerario na institución. Del di no discurso de ingreso: "Don Manuel Casás Fernández representa na adicación a Galicia un esforzo continuo e sin desánimos. E a súa, unha prolongada vida _91 anos_ co esprito en meritoria alerta vixiante, pra que certos e concretísimos valores, individuales ou coleitivos, se non derramasen no río do esquecemento ou se non perderan no bosque, sempre ameazante, da incomprensión e da esterilidade".

Castelao. AF recibiu a Medalla Castelao no ano 1985. O seu discurso de ingreso na Academia Galega versou sobre o escritor de Rianxo. (*vid* Rodríguez Castelao).

Castiñeiras García, Maximino. Escritor. Coñecido popularmente como *O poeta da Mahía*. (*vid foto* Maside) Vate con grande tendencia ós excesos declamatorios e non moi recoñecido pola *intelixencia* galega. Castiñeiras, "o das verbas voandeiras como anduriñas lixeiras", en poética definición de Manuel María. coincide con AF na época universitaria de Santiago, e logo en ocasións illadas. Ámbolos dous aproveitaban as viaxes Lugo-Santiago do autor deste traballo, para se intercambiar saúdos e bos desexos. ***AF***: "Xa de volta en Santiago (1954), atópome a meu vello e querido amigo, Maisimino Castiñeiras. Dazoito anos sin nos ver. Unha gran aperta. Parez que foi onte cando andábamos por istas rúas Arturo Cuadrado, Santiso Girón, Castiñeiras e mais eu. Na súa aperta e na súa crara ollada, traime meu vello amigo, toda a ledicia da nosa mocedade. Outra aperta de Rodrigo, outro vello amigo. Temos que sacar unhas fotos. Ca nosa aperta levaraas Castiñeiras ós nosos grandes amigos de alá...A Seoane. a Cuadrado, a Lorenzo Varela. a Luís Tobío. Un día enteiro de lus que ha pesar nos grandes amigos de sempre".

A medalla *Castelao*



O escritor, sentado na cama, a carón do pergamiño que acredita a súa medalla *Castelao*. Enriba do documento, *Pauto do demo* e o *Cartafolio*

Castro, Rosalía de. AF cita os *Cantares gallegos* de R. de C. coma a primeira lectura súa en galego. ***AF***: "É o poeta galego que mellor encarna ou representa o sentimento da saudade. (...) Rosalía choca a todo o mundo (...) por ser o primeiro poeta feminino do parnaso mundial, do parnaso histórico; é un poeta feminino de máis elevación que Safo de Lesbos ou que Anna de Noailles, as grandes poetisas. (...) É poeta de fondura, é poeta da alma humana".

Castro Freire, Salvador. Farmacéutico. AF, que frecuenta a

súa botica, escribe que a Salvador Castro Soto Freire "le debemos el más rico e interesante documental fotográfico que sobre Lugo existe", e que, en parte, foi recuperado e publicado en 1982 por José María Álvez no volume *Lugo, cita con dos siglos* (Deputación Provincial. 1982), publicado cunha *Introducción* de Fole. AF foi tamén o historiador que deixou escrita a participación de Castro Freire na modernización da cidade: "Él ha traído a nuestra ciudad el primer veráscopo, el primer gramófono, la primera máquina registradora, uno de los primeros automóviles; su farmacia y casa de la calle de San Pedro fue el primer domicilio de Lugo donde lució la luz eléctrica". Autor da monografía *Tiempos pasados*, premiada e lida no Círculo das Artes en 1946, e de *Lugo y sus hombres. Ensayo de síntesis histórica*, (Celta. 1951), antecedentes ámbolos dous do *Cartafolio de Lugo*. de AF, e de *Cien años de vida local*, de Trapero Pardo. No prólogo ó libro *Lugo y sus hombres*, Glicerio Albarrán recolle o escrito por AF no artigo *Recordando tiempos pasados* (*EP*. 8-IV-1947), un dos primeiros que AF publica na súa etapa de colaborador fixo do xornal lucense: "En un tono sencillo como conversacional, se va exponiendo, sucintamente, la historia de Lugo en el siglo XIX a lo largo de las treinta primeras cuartillas. El lector va viendo cómo crece, se amplía, mejora y se embellece nuestra Ciudad; cuándo se abren las calles, las plazas, los jardines; cuándo aparece la primera imprenta, el primer periódico, el primer teatro, el alumbrado público, en un principio de petróleo, después eléctrico; y el tren, ¡al fin!, que llega a Lugo, estrepitoso y jadeante, colman de asombro a los lucenses... y, entre fechas y datos, tal expresión de fina ironía, tal sentimental evocación, van dando matiz y colorido a esta tabla de efemérides. El lector asiste, como a la marcha de un film, a la transformación del burgo medieval que era Lugo a principios del ochocientos, en una ciudad moderna, limpia y armoniosa".

Fole, ás portas da botica do pioneiro fotográfico lucense, o farmacéutico Salvador Castro Freire

No artigo *Vidas silenciosas y quietas* (*HdelL.* 16-XII-1963), AF lembra que Salvador Castro Freire sempre falaba dos *homiños de Lugo*, unha expresión utilizada tamén polos xornalistas Antonio de Cora e Julio Pérez de Guerra para se referir ós que poñen atrancos ó progreso e nada fan polo ben da cidade; tamén cualificados por este último como aristarcos.

Castro Gallego, Salvador. Xornalista. Subdirector de *EP* dende 1969 e presidente da Asociación da Prensa de Lugo cando, a proposta súa e mais de Juan Soto. AF é nomeado Membro de Honor da mesma. Autor dunha recensión do *Cartafolio de Lugo* na súa sección da *Hoja del Lunes*. *Ruando*.

Salvador Castro Gallego e Fole, no pazo de Ferreiroá, en Pantón. Á dereita de Fole, Gallego Tato e *don Manoliño*, o crego Manuel Fernández Castro

Castro Gil, Manuel. Gravador lucense. Amigo de AF, quen fala en moitas ocasións da recoñecida fama do artista. Como *Manoliño Castro Gil*, personaxe do conto *O Galo*, (CDN). Del dísenos que é fillo do conserxe do "Aiuntamento" e afeccionado á pintura. Unha vez pintou o galo do Nasa "tal e como il era, coa crista vertendo sangue, como un caravel, e as prumas verdes do papo, e os colgantes

Exposición en Lugo. Castro Gil, rodeado pola prensa: Nazario Abel, Jesús Pedrosa Latas, Francisco Rivera, Gallego Tato, Trapero, Castro Gil, Puro Cora, (?), Alejandro Armesto e (?)

encarnadiños e o rabo con catro prumas que parecían de metal ..."

Castro Rodríguez, Tareixa. Ganadora do I Premio Literario Ánxel Fole, convocado por *El Progreso* e Caixa Galicia e dedicado na súa primeira edición a AF, co traballo *O trasmundo de Ánxel Fole* (Caixa de Aforros de Galicia 1987). ***Op***: "Na obra de Fole maniféstase un trasmundo que reflexa quixáis o inconsciente colectivo dos galegos. Os fenómenos que forman este trasmundo son os temas centrais e o fío argumental básico da maioría dos relatos que compoñen a narrativa de Fole. Ademáis, en ningún momento deixan de aparecer estes elementos ao longo da obra". Tareixa Castro fai nota-la documentación etnográfica das bruxas, meigas e sabias nos tratados etnográficos de Taboada, Risco, Fraguas e Rodríguez López, tamén os menciñeiros e compostores, tódolos remedios populares, os maleficios, as numerosas propiedades máxicas que se lles atribuien aos animais, "o lobo en Rodríguez Fer, o can en Fraguas, Rodríguez López e Risco; o gato e o sapo en Mariño; as noitaregas en Risco; a pega e o galo en Fraguas e a serpe en Risco". As propiedades máxicas dos números e das cores, concretamente do negro, en Rodríguez López.



O libro que gañou o primeiro Premio *Fole*, dedicado nese ano ó escritor

Caurel, O. Serra do sur da provincia de Lugo. Principal escenario de ALDC. ***OpFdelR***: "Fole pasóu breves tempadas nas altas e bravosas terras do Caurel. O esprito destas terras embebédao. Ten percorrido os seus caminos, as súas aldeas, os seus arredores. Ten examinado os seus homes, os seus costumes, e seu vivir isolado e sofrido. Quedouse por eso, non somentes coa súa paisaxe, sinon coa alma das súas xentes, das

súas créncias e das súas léndas. A bisbarra do Caurel, rexa, penedosa, aspra, amosa unha beleza baril. Nas súas fragas e devesas dánse unha fauna e unha flora típicas. Por riba da serra,

De volta á casa, no Caurel

Un escenario cinematográfico chamado O Caurel

nos altos cumios de Pía Páxaro, de Montouto, de Golada, aínda se albisca o vóo das águias. I embaixo, nos seos fragosos síntese a miúdo o ouvear dos lobos".

Sinfonía de cores na paisaxe do Caurel

Cela. Personaxe do conto *O Galo*. incluído no libro CDN. Vai á casa do Nasa pois é un dos convidados á cea que alí se vai celebrar. Este home tiña un reloxo de ouro que lle deixara un tío de seu, o curioso daquel reloxo era que tiña unhas inscrición tanto no dereito coma no revés, que segundo o Cela eran "figuras que usan moito os negros ñáñigos de Cuba". Lera no Ciprianillo que había máis de trinta maneiras de conxurar ó Demo.

Celanova. Concello de Ourense. Premio Celanova "Casa dos Poetas, concedido a Fole polo Patronato *Curros Enríquez* (8-II-1986), e que lle foi entregado en Lugo (15-III-1986), polo concelleiro de Celanova, Manuel Álvarez, coa asistencia dos membros do Patronato Xosé Luís Méndez Ferrín. Celso Montero e Xosé Manuel del Caño.

Fole, con Ferrín, Montero e Álvarez

Censo de boa xente. Título dun libro que AF matinaba escribir coa fin de recoller nel o

Leopoldo Gasalla estaba no *Censo*...

exemplo das boas persoas de Lugo, quizais para amosar e demostrar a todo o mundo e a el mesmo, que existen corazóns bos e xenerosos, aínda que a sociedade veña de pasar pola tráxica experiencia dunha guerra civil. Entre os homes dos que AF falou algunha vez como posibles protagonistas dese libro nunca escrito, pero espallado o seu contido en centos de artigos de AF, figuraban o oftalmólogo Leopoldo Gasalla, 'doña Rosita *La Dulcera*', don Luis Varela Novo, secretario do Instituto de Lugo, o sacerdote Avelino González e un militar que coñecera en Santiago. ***OpCC***: "Parecíalle unha boa persoa, ademais de que sobre este home circulaba unha lenda das que lle gustaban ó escritor e que utilizaría despois en moitos dos seus contos: que o citado comandante se vira a si mesmo morrendo un día antes de morrer, a pesar de que estaba ben de saúde e nada facía prever aquel desenlace". Na súa biografía de Cunqueiro, Xosé Francisco Armesto Faginas escribe que "ó lembra-los anos vividos en Santiago e a amistade con Ánxel Fole, Cunqueiro dixo que os dous imaxinaron grandes obras que nunca foron á imprensa".

Cerqueiras Puente, Xaquín. Poeta e mestre. Autor das coplas recollidas na edición *Atruxos* (Cartonajes ANMI. 1974), con debuxos de Xaquín Marín. e un limiar de AF. *Atruxos* é un álbum con sete coplas referidas a distintos símbolos da cultura popular galega: o cruceiro, a roda do afiador... ós que Marín pon imaxe. Os alumnos de Cerqueiras e xente que coñeceu da súa humanidade, como o propio Marín, Dobarro Paz, Vicente Araguas ou Couceiro Bescos, fixeron loubanzas da nova iniciativa editorial lucense de Gómez Camarón. e o seu amigo Fole contribuíu co prólogo, *Unhas verbas encol de Cerqueiras e mais de Marín*, onde aproveita para expresar un razoamento esencial de Galicia: "Cando sentides contar un bon conto galego, seguro que ise conto é dun burgo. Do muiñeiro, do tendeiro, do chateleiro, do xastre, do fogueteiro. Todos iles

habitantes dun burgo de terra adrento ou da ribeira do mar... ¿E pois logo? Veleí a sustancia, o celme da Galicia. Isa é a Galicia que fai presenza espiritoal en nós por anos e anos".

Chan. La Revista de los Gallegos (1969-70) e La Revista de Galicia (1971). Fundada en Madrid e alentada por Raimundo García Domínguez *Borobó*. AF colabora dende a época fundacional ata a derradeira etapa, cando *Borobó* incorpora na redacción a tres xornalistas lugueses: Perfecto Conde Muruais. Fernando Ónega e Constantino Cabanas. No seu número 32 publica o artigo *Nos estamos desgalleguizando*.

Chantada. Concello. Localización de varios contos de AF.

Chantada. Fonda do Curuxo: Localización de *¡Xantamos a carón dun esquelete!* (Xerais 1996).

Chao Espina, Enrique. Escritor, crego e doutor en Filosofía e Letras. Coñece a AF no ano 1962, como membro da RAG: "Con su carácter sincero y sin tapujos, con un aire en cierta

Chao Espina, Fole, outro académico sen identificar, e Juan Naya

manera desenfadado en el mejor de los sentidos, me ganó desde aquel día para siempre". En ELAF publica *Mi soneto a la memoria de Ángel Fole*:

> Anxo e petrucio de barudo porte,
> foi home rixo de cara pro Direito,
> que defendéu coa testa e co seu peito,
> levando á nosa terra como Norte.
>
> Escritor de Galicia, doce e forte,
> cantóu noso terruño, de tal xeito,
> que somente calóu no cadaleito
> que de Lugo o levóu alén da morte.
>
> E despois de morrer, colga vieira
> de peregrino riba a súa palma,
> erguida en libro e man de sementeira.
>
> Anxo galego, dende a luz primeira
> por Galicia loitóu con toda a alma
> até que a súa voz foi derradeira.

Chénier, André de. Poeta francés. Unha cita de André de Chénier abre o primeiro artigo de AF, *Reflexiones en torno al centenario de Góngora* (*La Provincia*. 17-I-1928).

Chilindrainas. Personaxe do conto *O Galo*, incluído no libro CDN. Este home é un dos trece da pandilla que van comer á casa do Nasa. "Traballaba nun periódico de Lugo. Era il medio bohemio, inque estaba casado e tiña tres fillos. As malas lingoas decían que desde o medio ó remate do mes, sólo ceaban cada un ovo na súa casa. Coas tres pesetas que il ganaba e co que gastaba en cafeses, vasos e copas ... Onde queira que fora, o Chilindrainas sempre iba a mantido, o mesmo a un Colexio Eleutoral que a uns Xogos Florais".

O Cholo. Nome do can que aparece no conto *As trasnadas do Toño*, incluído no libro TB. É o cadelo da tía Trécola. "Era ruíño; un cadelacho de mala caste, branco e raxado de gris, que lle chaban *o Cholo*. Nada máis que en chegando o Toño, e xa se

fixo amigo dil. Subíalle polas pernas e dáballe ó rabo, como se o conocera de toda a vida... o Toño sempre o levaba candia il cando iba bañarse ou pór as trapelas ás perdices. E non se sabe quén diles insinóu ó outro a cazar os coellos á saída do tobo". AF tiña pensado xuntar nun libro varias "biografías de perros", no que figurarían aqueles cans dos que fala na súa obra.

Don Ánxel sempre tivo presentes os cans de Orbán, coma *O Cholo*

Chorimicas. Personaxe do conto *Unha morte sin rastro*, incluído no libro HQNC. É un dos convidados á cea homenaxe ó "Rei dos Xamós". Está sentado ó carón do narrador do conto, a quen lle comenta o seguinte: "O don Juan ten medo de que a súa sogra, que xa anda polos oitenta anos, faga testamento. Por iso lle dixo a filla que siga en Santiago. Remata iste ano a carreira de boticario". A través das súas palabras coñecemos que o Filiberto recibiu unha malleira por lle facer as beiras a Dosindiña.

Choromicas de Belesar. Personaxe nomeado no conto *O ateo da vila*, incluído no libro CDN. Este home serve de exemplo a Don Paco para demostrar que Deus non existe, pois morrera nun accidente de automóbil e deixaba "cinco pequenos, que collen todos nunha cesta".

Chumbito. Personaxe do conto *Unha morte sin rastro*, incluído no libro HQNC. "Guardaespaldas" do Juan "o Rei dos Xamós".

"Botara cinco anos en Mexico, e din que non chegaban os dedos das maos para contar as mortes que alí fixera. Todas co plomo, co chumbo do seu revólver Colt. Por iso lle chamaban o chumbito". Foi o encargado de darlle unha malleira ó Filiberto, por facerlle as beiras a Dosindiña. Despois da morte do seu xefe queda sen traballo, o Xes de Restrepo contacta con el e marchan xuntos para Caracas. Alí montan unha axencia, "Axencia El Ciprés. Se encarga de operaciones resolutivas de toda clase, garantizando el perpetuo sigilo. Plopunero".

Cilistro. Personaxe do conto *Solaina*, incluído no libo TB. Este home, xunto co Gumersindo e mais o don Ramón, son tres vellos amigos do tío Gasparo. Reúnense na casa deste último para xantar e parolar sobre distintos temas. "O Cilistro estudou canda min en Santiago. Foi médico rural e agora ten clínica en Vigo... Publica artigos nas revistas médicas e nos boletís... É un home enxoito e pequeno, de gafas, que viste moi ben..."

Cilistro da Eirela. Personaxe do conto *O Tesouro*, incluído no libro ALDC. Figura secundaria dentro da historia que desenvolve o caderno que atopa Don Juan Mª. Ponse ó mando de dez homes, situados na torre das campás. A súa elección como dirixente do grupo débese a que é o mellor cazador de todos.

Ciprianillo, O. Libro máxico citado en *A vengación* (HQNC): "Pois disque volve a manía de buscar tesouros como nos tempos en que se lía o *Ciprianillo*, libro do que moito sentín falar e que nunca o tiven nas miñas maos...". Citado en *O galo* (CDN): "No *Ciprianillo* hai escritas máis de trinta maneiras de conxurar ó Demo".

Círculo das Artes. Sociedade cultural e recretaiva lucense fundada en 1855. En 1981 edita o *Cartafolio de Lugo*, de AF. O libro foi presentado polo seu presidente, Benxamín Casal, o día



O Salón de Columnas do Círculo, reproducido no *Cartafolio...*

15 de maio de 1981 coa presencia do escritor. Nese acto mercáronse perto dun centenar de exemplares. O mesmo día, o Círculo editou uns sobres nos que se recolle unha reproducción dun dos retratos de AF feitos polo seu amigo Carlos Maside. No reverso, o sobre leva unha semblanza escrita por Ramón Piñeiro na que o cualifica como "a primeira gran figura luguesa da prosa galega". ***AF***: "Cumple ahora el Círculo de las Artes los ciento veinticinco años de su fundación (1981). Por eso al autor le encanta que este libro sobre Lugo (Cartafolio) salga al público patrocinado por este Centro. No acabaríamos nunca de enumerar razones y justificaciones de nuestra satisfacción. Razones apretadamente sentimentales, nimbadas de las más caras añoranzas. ¡Quisiera ahora dar las gracias con un fondo de resonancias orquestales! Esto soñé varias veces: que escribía un libro sobre Lugo, de Lugo, patrocinado por el Círculo de las Artes".

Claridad. Revista na que colabora esporadicamente AF.

Clube Valle-Inclán. Actualmente presidido por Xerardo Pardo de Vera. Concebido na súa fundación coma clube cinematográfico, o Valle-Inclán debe o seu nome á data de nacemento, pois cando xorde en Lugo, o 4 de marzo de 1966, a literatura española está a celebra-lo centenario do escritor galego. Como recolle na súa historia do cine lucense Fernando Arribas Arias, a súa primeira proxección foi *Los paraguas de Cherburgo*, catro anos despois do seu premio en Cannes. Fole asiste a moitas sesións durante anos. O Valle-Inclán percorre cáseque tódalas salas comerciais da cidade nas distintas etapas da súa vida cinematográfica, ata esmorecer entre dificultades e penurias, malia os esforzos de xente coma Otero Novas, Amparo Rivadulla ou Mercedes Troncoso. Nos anos noventa, directivos anteriores e outras persoas permiten unha segunda posibilidade de subsistencia ó clube, desta volta decididamente cultural no máis amplo sentido da palabra. En maio de 1986 dedícalle unha sesión cinematográfica na que tamén interveñen Paco Martín e Claudio Rodríguez Fer. Co gallo do *Ano Fole*, o Valle-Inclán ten organizado un completo programa de actos que inclúe un percorrido turístico pola paisaxe literaria de Fole, o sur lucense. Entre a xente máis activa do clube atópanse Francisco Arrizado, Tonina Gay e Lois Diéguez.

Colexio Marista. AF comeza os seus estudios no Colexio Marista de Lugo, situado daquela nun piso da rúa Bispo Aguirre.

Manuel Colmeiro

Colmeiro, Manuel. Pintor. Pasa unha longa tempada en Lugo, no ano 1933, momento no que coñece a AF: "A Manuel Colmeiro le tratamos personalmente desde hace muchos años. El arte del amigo Colmeiro ofrece una radiante significación dentro de la actual pintura gallega. Nadie duda de su significativa singularidad. Y a nadie extrañará que afirmemos que es el más atractivo colorista de aquélla" (*La nueva pintura gallega (I). EP.* 1-II-1970). O ano 1933 en Santiago, os grupos

de *Resol* e da tertulia do Café Español _con Manuel Antonio, Cuadrado, García-Sabell e Fole_, organizan unha exposición na Ferradura na que participan Maside. Souto, Laxeiro, Seoane. Colmeiro, Ben Boo, Landín, Fernández Mazas e Fernández Granell, que é considerada a primeira gran colectiva da arte galega. Xosé Antón Castro pregunta a Colmeiro de quen saíra a idea: "Un pouco de todos, de Maside, Granell, Laxeiro, Cunqueiro. Fole, Caamaño, dos estudiantes que estaban con nós". AF coincide novamente con Colmeiro en Santiago recén chegado este de París. No artigo xa citado, o escritor deixa constancia dunha conversa de dúas horas, diante da esquina do Toural, na compaña da súa filla Elena, "artista ceramista". Tamén lembra que por ve-los seus cadros "renunciamos a una excursión en yate a las Cíes". ***AF***: "Colmeiro había pintado muchos paisajes en su larga estancia en Lugo, allá por el año treinta y dos, en las riberas del río Rato y por Meilán". ***Colmeiro.*** Personaxe real que aparece nomeado no conto *Pepe Troitiño*, incluído no libro HQNC. No ano trinta e seis e na exposición que tiña Colmeiro na Coruña, atópase o narrador deste conto con Luís Seoane.

Concello de Lugo. AF foi nomeado polo Concello de Lugo Fillo Predilecto da Cidade en xaneiro de 1985, e unha rúa leva o seu nome (*vid Ánxel Fole*, rúa). Tamén promove unha edición de *Terra brava* (3ª edición. Cincocentos exemplares numerados. Galaxia/Concello de Lugo. 1985), e co gallo do seu pasamento, edita o libro *Os escritores lucenses arredor de Fole*. Nas festas do San Froilán de 1985, entre os días 7 ó 13 de outubro, AF foi centro dunha serie de actos de homenaxe con motivo do seu nomeamento como Fillo Predilecto. Houbo unha mesa redonda coa participación dos autores dos tres libros sobre o escritor (Rodríguez Fer ("A súa fortuna cinematográfica foi escasa, cando se tentou de adaptar a isa linguaxe algúns dos

Medalla da V Semana Bibliográfica da Linguas Ibéricas. Homenaxe da cidade de Lugo a Ánxel Fole

O Fillo Predilecto da Cidade fala dende a cadeira do alcalde

seus contos"), Cora ("El deume feito todo o traballo de *Homes de Fole*, porque a súa conversa, aparentemente desordeada, tiña unha perfecta cohesión") e Casares ("A maior dificultade da miña conversa foi reproduci-la fala dunha persoa que ten unha persoalidade tan forte no aspecto locutivo"); a V Semana Bibliográfica das Linguas Ibéricas estivo dedicada a el, na Delegación de Educación instalouse unha exposición fotográfica, e o alcalde Vicente Quiroga entregoulle no seu domicilio o primeiro exemplar da edición de *Terra brava*, na que a xeito de presentación, Vicente Quiroga escribe: "Fole forma parte do meu mundo, das miñas mellores lembranzas, e síntome ledo de _aínda que sexa nun pequeno recanto_, formar de algún xeito parte do mundo foleano". O Concello tamén edita o folleto *O conto de nunca acabar*. Na súa morte, o Concello, que declara xornada de luto o día 10 de maio de 1986, deixou unánimemente constancia de que "Fole foi por enriba de calquera outra consideración un bo cidadán, un bo lucense e un bo galego. Fole fíxose querer por todos, ata o punto de convertirse en algo noso, nunha parte da nosa alma, nun recanto feliz da nosa paisaxe. As rúas de Lugo xa non serán as mesmas sen a repousada figura de don Ánxel. Quédanos a

súa obra, o seu exemplo, o seu amor polas cousas verdadeiras, a nosa terra, as nosas xentes, o noso idioma. Fole amou por enriba de todo a Lugo e a Galicia. Nin Lugo nin Galicia esquencerán endexamais a Fole", dise nunha mensaxe institucional. O 11 de outubro de 1986 Marino Dónega preside, en representación da RAG, o acto de homenaxe a Fole, organizado polo Concello, que logo quedou constituída coma unha xuntanza anual de escritores lucenses nas festas de San Froilán. Nese primeiro ano, no que houbo unha ofrenda froral na sepultura de AF, un recital poético e a presentación do libro ELAF, participaron Adolfo de Abel Vilela. Carlos de Arce. Pedro de Llano *Bocelo*. Darío Xohán Cabana. Eloi Caldeiro. María Pilar Campo. Xosé Manoel Carballo. Benxamín Casal Vila. Xosé de Cora. Xosé María Díaz Castro. Lois Diéguez. Marino Dónega. Miguel Anxo Fernán Vello. Manuel María Fernández Teixeiro. Pilar García Negro. Camilo Gómez Torres. Marcial González Vigo. Antón Grande. Araceli Herrero Figueroa. Enrique Alvarellos. Antonio López Acuña. Xaime Félix López Arias. Xosé Antón López Dobao. Víctor López Villarabid. Luis Maquieira Quiroga. Paco Martín. Manuel Celso Matalobos. Francisco Maván Fernández. Miguel Anxo Murado. Uxío Novoneyra. Gerino Núñez. Narciso Peinado. Ramón Pernas. Lois Pereiro. Lois Xosé Pereira. Xesús Rábade Paredes. Nicanor Rielo Carballo. Francisco Rivera Cela. Xavier

Fole de costas, fotografía de José Luís Vega, utilizada como portada no volume ELAF

Rodríguez Barrio. Claudio Rodríguez Fer. Manuel Rodríguez López. Luis Rodríguez Rodríguez. Alfredo Sánchez Carro. Antón Santamarina Delgado, Xosé Trapero Pardo. José Tuñas Bouzón. Xulio Valcárcel. Helena Villar Janeiro. Antonio Yebra de Ares. Xosé Gayoso Veiga. Xosé Antón García Cotarelo, Ramón Reimunde Noreña e Fiz Vergara Vilariño.

Conde Muruais, Perfecto. Escritor e xornalista. Autor da entrevista *Diálogo con Ánxel Fole* (*Chan*. nº22. II-1970). Nesa conversa, Fole comenta a súa improvisación diante do papel cando se trata de escribir un artigo xornalístico: "Eu non preparo nada". Con esa cita enceta Alfonso Álvarez Riveiro a súa edición *Fole e o xornalismo* (Concello de Lugo. 1997).

Perfecto Conde, segundo Senane

Condesa de Garbia. Personaxe da historia narrada por don Andrés, no conto *En cada vida, un misterio*, incluído no libro TB. A condesa "era xa vella, viúda de ben anos pra atrás", mandou recado por un rapaz para que fose convidar a don Andrés a merendar ó seu pazo de Lourende. Na merenda, a condesa informa o crego da intención de "donar cien duros a los pobres de esta feligresía y regalar a la iglesia de Santa Comba el antiguo ostensorio que se conserva en la capilla del pazo". Todo aquel ofrecimento debíase a que esta muller tivera a filla, Clara Eugenia, moi enferma de tifo, e despois de moitos rezos e misas esta conseguira curarse. A doazón era, pois, a proba do seu agradecemento á curación da súa filla.

Contos da néboa. Cuarto libro de AF e a súa terceira colección de contos. Neste caso, e a diferencia dos dous anteriores, os escenarios dos relatos son urbanos, principalmente a cidade de Lugo (Colección Pombal nº 12. Ed. Castrelos, 1973). CDN rematouse de imprentar o 5 de outono de 1973, "festa de San

Froilán, Padroeiro de Lugo e amigo dos lobos", segundo se recolle no remate do libro. AF tiña pensado titulalo *O Galo* e que levara 14 contos. A edición definitiva contén 18. Tamén hai modificacións na versión definitiva do libro; así o conto chamado inicialmente *O rabo do gato* pasa a ser *Brindis*, e *De como batín co demo en Vigo* transfórmase en *De como me atopei co demo en Vigo*. En máis dunha ocasión, AF manifesta as súas preferencias por CDN como o seu libro máis querido. Xosé María Álvarez Blázquez dixo deles que "baseándose nuns feitos concretos, Fole albisca a outra cara das cousas, onde o misterio asexa disposto a choutar a un primeiro plano". AF escribe nunha *Soleira* a xeito de introducción da primeira edición: "Pido perdón po-lo meu xeito de escribí-lo galego, inque sabendo que non teño por qué pedilo. Sempre teiméi de escribire un galego que fose galego falado. E conservá-la súa fonética, non alterala na escritura. Por iso mesmo conservo os guiós, que lle dan á escritura do galego un certo aspeuto ortopédico. Arrepresentar o galego asegún se fala é unha procura vella en min. Góstame ben máis, poño por caso, escribir *tódo-los días* que *todos os días*. Se o ele soa na frase, penso que se debe conservar. Nunca fun defensor do galego puro; máis ben un defensor do galego vareado, rico, tal como aínda se fala hoxe en moitas comarcas. Coas súas síncopas, paragoxes, aféresis, enclitismos, proclitismos e apócopes carauterísticas. Escribo *despoixas* en vez de *despóis xa*. Ou *seica* e non *sei que*. E tamén conservo as antigas metátesis. Poño por caso *fídagos*, e non *fígados*". O conto *Suicidio frustrado* está dedicado ó fillo maior de Xesús Alonso Montero. Emilio Alonso Pimentel, porque sendo alumno do Instituto fíxolle a Fole unha entrevista sobre Rosalía. Topónimos citados en *Contos da néboa*: A Cruña, Ameixende, As Nogais, Barreiros, Becerreá, Campos de Vila, Celada del Camino, Cervantes, Cospeito, Chantada,

Capa da terceira edición de *Contos...*

Capa de Salvador Pereira para *Contos de lobos*

Ferreira, Guitiriz, Incio, Lugo, Melide, Monforte, Ourens, Pastoriza, Quintá, Sabadelle, Samos, San Pedro de Líncora, Santa Cubicia, Santa Eulalia de Bóveda, Sobrado dos Monxes, Vigo, Vilacastín, Vilacendoi, Vilafranca, Vilañán e Xeiras.

Contos de lobos. Selección de contos de Fole realizada por Claudio R. Fer, que tamén é responsable da introducción e as notas (Xerais. 1985). Contén: *Aproximación a Ánxel Fole*, *O lobo nos contos de Ánxel Fole*, *Comentario do conto Os lobos*, e os contos *Os lobos* (ALC) *O morto entrara ca xistra* (TB) e *¡Lobos te coman!* (HQNC). A presentación en Lugo do libro ten lugar no Instituto Feminino, coa presencia de AF, Claudio R. Fer, Paco Martín, Manuel María e Darío Xohán Cabana. O público enchía o local e tanto don Ánxel, coma os compañeiros de tribuna, teñen unha xornada de éxito rematada con grandes aplausos. ***OpCRF***: "*Os lobos*, incluído en *A lús do candil*, é quizais un dos contos máis representativos e xustamente célebres da obra de Fole. A través da súa análise poderemos non só enriquecernos co coñecemento a fondo dun valioso relato, senón tamén aproximarnos ó mundo realista e misterioso do seu autor, mundo que é, nin máis non menos, o da Galicia rural. Por iso insistiremos especialmente na dimensión etnográfica que a obra posúe". E tamén: "A necesidade dun libro de contos foleanos estrictamente concebido para o ensino e a solicitude nese sentido de Edicións Xerais de Galicia S.A., leváronme a confeccionar unha antoloxía dos seus relatos referidos á feracidade e misterio dos lobos, que titulei *Contos de lobos* e que saíu en 1985, composto por unha introducción a Fole, un comentario de texto e unha selección de contos anotados".

Contos de lobos e outros relatos. Segunda antoloxía de Claudio Rodíguez Fer.

Cora Paradela, Purificación de. Enxeñeiro industrial. Presidente do Consello de Administración de *El Progreso*

Encontro casual na recén inaugurada redacción de *El Progreso*: Fole, o novo bispo de Lugo, frei Xosé e os irmáns Cora

durante a última etapa de AF (1969-1993), con quen mantiña unha relación de amizade e total confianza, ata o punto de que o escritor deulle a garda-la súa cartilla de aforros. Creador do Premio Literario Ánxel Fole, conxuntamente con Mauro Varela Pérez, en representación de Caixa Galicia. No acto de presentación deste premio (7-I-1987), Puro Cora definiu o xornal lucense como a segunda casa de don Ánxel. ***Op***: "Aquí traballou, aquí escribiu a meirande parte da súa obra e aquí tivo amigos que conviviron con el a cotío".

Con don Ánxel, falando do que falaramos

Cora Paradela, Xosé de. Escritor e xornalista. Director de *EP* os seis últimos anos da colaboración de AF (1980-1994). Director de *En Punta*. Participa no volume ELAF. Autor de

Homes de Fole (Sept 1983), de *T.R.. a herdanza xornalística de A. Fole* (*EP*. 17-II-1993); de *Parolada con don Ánxel ó xeito de Fole* (*A Nosa Terra*. Extraordinario Día das LG1997) e do capítulo *Fole xornalista. Seis décadas do século XX*, da *Fotobiografía de Ánxel Fole* (Xerais 1997). ***Op***: "Fole é un notario da fala, tanto como é un notario dos acontementos do seu tempo e da vida de Lugo".

O Carbeeiro, Puro Cora e Salvador Fole: o trío da rúa do Progreso

Cora Sabater, Purificación de. Xornalista. Presidente da Asociación da Prensa, responsable do *Pelúdez* durante uns anos e director de *El Progreso* (1940-1969). Contrata a AF como colaborador fixo e remunerado no ano 1957. ***AF***: "Entón estaba de director don Puro de Cora, e de subdirector Trapero Pardo. E logo estaba Alejandro Armesto. Si, pois foi naquela época que escomencei cunha asignación fixa".

Córneas. Lugar da parroquia de A Meda (Castroverde), onde Joaquina Quiroga Teijeiro. curmá da avoa de AF, era propietaria dun caserón, ó carón das caleiras alí existentes nun tempo.

Cornelio. Personaxe do conto *Ventureira xornada*, incluído nun libro de relatos curtos preparado pola editorial *SB*. Este home "vende viño da súa cosecha de hasta doce grados. É o dono de aquela casa tan grande de galería corrida por toda a fachada". Vai a feira de "San Martín de Quiroga" acompañado do seu amigo Valerio.

Correo de Galicia. Publicación de Buenos Aires, que durante os anos da guerra reproduce artigos de AF, publicados por primeira vez en *EPG*.

Coruxo. Casa onde Francisco Fernández del Riego pasa o verán. Na praia de Coruxo, ten lugar no mes de xullo de 1943 _segundo FFR, e no 1945, segundo Fole_ a primeira asemblea preparatoria para a reconstrucción do Partido Galeguista. Presididos por Manuel Gómez Román, participan, entre outros, AF, Piñeiro. FFR, Cadahía, Ferro Couselo, Cesáreo Saco, Emilio Álvarez Gallego e Viñas Ortegoso. No primeiro Comité Executivo, elexido despois da xuntanza de Coruxo, AF foi nomeado suplente. ***AF***: "Falamos de *Nós*, a revista e mais a editorial do mesmo nome. Tamén falamos dos Precursores, de Rosalía. de Castelao. de Otero Pedravo... E barallamos e barallamos nomes e máis nomes. Alguén fixo repetoutear unha idea na táboa redonda: Galicia tiña a fonda necesidade de ter unha editorial e tamén unha revista nidiamente da cultura galega. Cuase que nos xuramentamos pra facer realizábel aquela idea... Pra iso viñamos de tan alonxados puntos de Galicia".

Evaristo Correa Calderón, por Gonzalez Doreste

Correa Calderón, Evaristo. Escritor e catedrático. Fundou a revista *Ronsel* no ano 1924, na que AF non colabora por idade (tiña 21 anos) e por certo distanciamento estético cos postulados vanguardistas que defendía a publicación. Cando AF publica un artigo sobre Xavier Bóveda, Correa Calderón envíalle unha carta aberta con puntualizacións: "Hay en él una pequeña inexactitud, que no tiene mayor importancia, pero que conviene rectificar. En él se refiere Vd., al poeta fallecido como colaborador de *Ronsel*, la revista que hicimos ahí en Lugo, el año 1924, un grupo de amigos y que me tocó en suerte dirigir: Xavier Bóveda no

colaboró en ninguno de los seis números de ella". Medio século despois de *Ronsel*, Correa edita un número conmemorativo no que participa AF co traballo*¿Está la literatura española en decadencia? AF:* "A primeira gabardiña que se viu en Lugo, que todo o mundo voltaba a cabeza a mirar pra ela, tróuxona na tempada da gripe Evaristo Correa Calderón, que viña de Madrid, moi elegante con gafas e sombreiro. Pois sí señor, a Evaristo mirábano todos por aquela prenda descoñecida". ***Op***: "Eu non conocín a Fole cando era un escritor que pubricaba as súas cousas no *Progreso*, porque no ano 1924, cando eu cheguei a Lugo, a miña ciudad, disposto a facer alí algo inesperado, asalta-lo Banco de España ou pubricar unha revista de *avant-garde* _en miña realidade de home inofensivo_, me decidín a faguer a última cousa: esculquei por todas partes onde aparecía algún escritor, pintor, dibuxante ou traductor, ou xente nova que me axudase, e somentes atopei o seu irmán Salvador, que me foi moi útil. Porque Ánxel, aún debía ser moi neno ou estudiaba pra crego, segun algunha persona me dixo".

Correo Gallego, El. Xornal de Santiago actualmente dirixido polo monfortino Xosé Manuel Rey Novoa. No ano 1992 realiza un importante esforzo editorial coa distribución da *Biblioteca 114*, formada por esa cantidade de libros que achegan ó gran público títulos tan fundamentais como os *Cantares gallegos* de Rosalía ou *Á lús do candil*, de Fole, dividida en dúas entregas, os números 45 e 46 da colección, cun limiar de Luís Alonso Girgado. Traballaron directamente na *Biblioteca 114*, entre outros, Caetano Díaz, Luís Pousa Meréns, Xesús Salgado, Charo Barba e Xurxo Fernández.

Corredoira, Xesús. (*vid* Rodríguez Corredoira, Xesús)

Corredoira. Personaxe que aparece nomeado no conto *O Galo*. (CDN). Unha vez que estivera en casa do Nasa, fixera un debuxo do galo que ía servir de cea ós trece convidados.

Coruña, A. Tamén A Cruña. Cidade á que AF viaxa en diferentes ocasións, ***PE***, para pronunciar unha conferencia no seu Ateneo. ***OpPdeLl***: "A los coruñeses diré por último que Ánxel Fole quiere mucho a La Coruña, donde hace muchos años le pedí y publiqué un artículo cuando personalmente no lo conocía. La última vez que visitó nuestra ciudad para dar una charla regresó a Lugo encantado: "¡Oiga, *Bocelo*, pero qué ciudad tan bonita!" Luego me enteré de que le habían estado aplaudiendo durante más de cinco minutos, sin duda porque lo había merecido".

A mais da caxata e a pucha ou sombreiro, a imaxe de don Ánxel non estaba completa sen libros ou xornais nas mans

Cosme. Personaxe do conto *¿E decímolo ou non o decimos?*. incluído no libro HQNC. Nunha tasca de Recatelo, o Cosme fala co Xusto sobre as súas crenzas. El di ser "providencialista", pois "todo o que acontece no mundo acontece porque a Divina Providencia quer, quixo, que acontecera..." Explicálle tamén o seu amigo, como ter nacido un trece martes, do ano trece, vai ser un condicionante decisivo na súa vida: "Es bon rapas, mais fagas o que fagas , levarás a mala sorte candia ti ...". O Cosme e mais o Xusto pertencen a un grupo chamado "Os tres Mosqueteros", estes celebraban xuntanzas case tódolos días en lugares como o Ferreirós ou no Verruga.

Cosme. Personaxe da historia que narra o señor de Sabarei no conto *Antón de Cidrán*, incluído no libro ALDC. Dono dunha

casa de comidas onde a miúdo van merendar o Antón de Cidrán e o Pedro.

Cosme de Reiriz. Personaxe do conto *Un queixo de San Simón*, incluído no libro HQNC. Nunha cea na casa do Cosme, este narra un suceso que lle aconteceu hai quince anos nas festas do San Ramón en Vilalba. Despois de dar moitas voltas para atopar unha pensión onde durmir, vai á fonda do Moscón. Alí a patroa fálalle dun home, "míster Golpe", que estivera a noite anterior alí mesmo. Antes de deixar Vilalba compra cinco queixos de San Simón á patroa da pensión. Eses queixos deixáraos un home que non pagou a conta. Nun deles é onde atopa o diamante.

Costante. Personaxe do conto *¡Caronte!*, incluído no libro CDN. Pastor "xordo e medio tatexo" que está en casa do Cacharulo.

Costa Clavell, Xavier. Escritor e xornalista. Fillo do tamén escritor Xosé Costa Figueiras. Colaborador de *EP*. No libro colectivo ELAF escribe: "Fole amósanos a outra cara da vida cotidián, ás veces con suxestivos perfís cinematográficos, mergullada nunha atmósfera na que latexa o mellor humor galego, adubada sempre con personal gracia literaria".

Costa Figueiras, Xosé. Escritor e xornalista chantadino. *AF*: "He aquí un escritor completamente olvidado. Costa Figueiras había nacido en los términos municipales de Pantón. Emigró a la República Argentina. Vuelto a Galicia, fijó su residencia en Chantada. Recuerdo haber estado en la casa del escritor, años después de su muerte, invitado por sus hijos, los hermanos Costa Clavell. Como saben ustedes, Xavier Costa Clavell es un distinguido colaborador de *El Progreso*. Últimamente publicó un libro titulados *Los gallegos*... Nos acompañaban los poetas Manuel María y Novo Neira".

Costa Gómez, Antón. Poeta e profesor. Fillo de Costa Clavell e neto de Costa Figueiras. Colaborador de TR. No ano 1980, *Táboa Redonda* _que daquela saía os domingos_, publica un dos poemas por el enviados a Fole con ese destino, pero o xornal non recolle a data no que fora escrito, unha información que o autor considerou imprescindible para a perfecta comprensión do mesmo e como guía cronolóxica para unha posible antoloxía futura da súa obra. A primeiras horas dese domingo, Antón Costa dirixiuse ó xornal manifestamente alterado polo feito. Ó chegar e comprobar que estaba pechado por ser festivo, aremeteu contra a cristaleira da porta e rompeuna. Lonxe de fuxir, o irado poeta ficou diante do edificio ata que foi preso pola Policía Municipal. O poeta presentou as súas desculpas, o xornal non presentou denuncia, e ás poucas horas Antón Costa estaba ceibe de novo. O protagonista contou en ELAF a súa versión do sucedido: "Un domingo de 1980 los lucenses pudieron leer un detestable poema mío escrito cinco años antes en un momento realmente desafortunado, el hecho me contrarió agudamente, tuve una reacción visceral que luego me causó una serie de molestias, y una de ellas fue que Fole se enfadó conmigo y no me tuvo en muy buen concepto desde entonces. En cierta ocasión, estábamos en un café de la calle del Progreso una serie de intelectuales, Méndez Ferrín. creo que Juan Soto. no sé quién más, Fole, y también yo. Fole me observó, con aquella mirada y ademán de quien parece despistado o difuso pero observa atentamente, y preguntó quién era yo, y cuando se lo dijeron no volvió a dirigirse a mí en toda la conversación".

Costa Gómez, Xosé María Poeta. Irmán do anterior. Colabora no volume ELAF. ***Op***: "Escritor sen mixtificacións nin audacias narrativas, adoito nada máis que xogos solitarios escasamente reconfortantes, a obra de Ánxel Fole é un desafogo cordial de sentimiento e sensibilidade, prosa madura e recendente con todo o fráxil e suave perfume do espontáneo e sinxelo".

Couceiro Freijomil, Antonio. Polígrafo. Rexentou en Lugo a Escola Municipal, existente na Praza de Santo Domingo nos primeiros anos do século XX. Autor del *Diccionario Bio-Bibliográfico de escritores* (Ed. de los Bibliófilos Gallegos. Santiago de C. 1952). Na voz **Fole, Ángel** (vol. II F-O), di: "Natural de Lugo. Colaboró en la prensa regional insertando artículos líricos y humorísticos muy celebrados. Publica: *Apuntes de las literaturas especiales para el Exámen de Estado* (Lugo s.a.) alrededor de 1940". O polígrafo eumés cita trabucadamente as *Lecciones...* de Fole para a academia Balmes.

Crego de Remesar. Personaxe do conto *Terras do Caurel*, incluído no libro ALDC. Segundo a xente de Bóveda era "o millor compostor de toda Galicia".

Crisanto de Aspai. Personaxe do conto *De cómo o Xocas deu o timo do sobre a dous atracadores*, incluído no libro HQNC. É compadre do Xocas de Teilán, de corpo presente no momento da narración. Deixaba viúva e tres fillos, o maior de doce anos. Segundo o Xocas , o Crisanto "era unha verdadeira calamidade. Trouxo dous mil pesos aforrados de Cuba, e cando se acabaron tivo que vender unha cortiña e unha chousa".

Crus de Outeiro. Monte situado perto da aldea de Outeiro en O Caurel, citado en *¡Lobos te coman!* (HQNC): "Asín fixémo-las dúas derradeiras légoas de camiño. Chegamos ó porto da montaña da Crus de Outeiro, a máis de mil metros de altitude". En realidade, a Crus de Outeiro está a 798 metros de altitude.

Cruz. Rúa de Lugo citada en *¿E decímolo ou non o decimos?* (HQNC): "Se á rúa da Cruz chámaselle "a gran arteria amílica e etílica de Lugo", a antiga praza do Campo é considerada como "o gran foro tabernario lugués". En entramos lugares as tascas cóntanse por ducias".

Cuco. O. Personaxe do conto *Tres historias do pazo de Lucencia*, (TB). Estaba de mozo de labranza cando morreu o señor do pazo, e "foi un dos que o atopóu morto". "Chamábanlle o Cuco porque arromedaba moi ben o canto diste paxaro".

Cuentos para leer en invierno. Selección de contos de AF realizada, traducida e prologada por Juan Soto para Espasa-Calpe (Austral 1986). Con *Cuentos...* a literatura de Fole traspasa as fronteiras de Galicia e chama a atención dun gran número de lectores non galegos que atopan en Fole un autor tan interesante coma descoñecido. A base da selección son os libros ALDC e TB, con presencia tamén de relatos tirados de CDN e de HQNC. ***OpJS***: "Posiblemente sea cierto que ni *Contos da néboa* ni *Historias que ninguén cré* aportan gran cosa a la mayor gloria de Ánxel Fole como narrador. En eso parecen coincidir todos los críticos y estudiosos del escritor lucense, aunque él no comparta tal opinión. *Contos da néboa*, concretamente, ha sido a veces reconocido por Fole como su libro preferido, el que más le convence y agrada". No momento da publicación deste volume era director editorial de Espasa, o xornalista Ramón Pernas.

A capa dos *Cuentos para...*

Cunqueiro Mora, Álvaro. Escritor e xornalista. Amigo de AF en Lugo e Santiago, participa con el nun mitin da ORGA en Ribadeo (1931). Autor dos artigos *Las veladas del Caurel* (*LVdeG.* 23-VIII-1953), *Ángel Fole y sus cuentos* (*VG.* VIII-1956 e *EP.* 23-V-1976) e *Ánxel Fole* (*FdeV.* 6-X-1963) ***Op.***: "Eu coñecín a Ánxel Fole nun inverno lugués, cando íl e mais eu estudábamos no Instituto da rúa de San Marcos. Ámbolos dous saudabámos a nova poesía _Alberti e Guillén, Lorca e Salinas_, e non deixábamos día sin

Xosé María Álvarez Blázquez, Ramón Piñeiro, Cunqueiro, García-Sabell, Fole, Fernández del Riego e Otero Pedrayo, na homenaxe a Fole en Vigo

leer unha páxina de don Ramón María del Valle-Inclán. Faguíamos longas paseatas deica o fermoso Miño, ou rondabamos pola muralla latina, parándonos a ver no horizonte as cumes nevadas dos Ancares. Tiñamos os dous unha crara vocación literaria, mesturada coa preguiza dos sonos de mocidá (...) Fole lía moita literatura francesa i-eu todo libro de historia que caese nas miñas mans. (...) Dous ou tres anos despois vivimos xuntos en Enseñanza. 11, en Santiago, e fixemos a descoberta de Compostela. Eu aínda levo horas de aqués días nos ollos, e coido que Ánxel Fole as levará tamén. Días de grandes amistades e diálogos. Ben mais da mitade do que nós somos está feita en aquelas horas que alguén que non soupese

Seoane, Domínguez, Ramos, Cunqueiro, Fole, Picadillo, Cuadrado e López Durá, no Santiago de 1933

mirar ó revés do tapiz chamase inútiles. Fixemos revistas, pubricamos libros, maxinamos grandes obras que nunca foron ó prelo, e tamén nos sentimos ordeadores do mundo, da terra nosa, dos séculos futuros. E foron pasando os anos, pro o suco da leira natía nunca foi abandoado. E na hora xusta, da mente fecunda de Ánxel Fole saíron os belísimos libros que a literatura galega necesitaba pra probar a súa riqueza. Si agora mesmo compoño na miña memoria unha imaxe de Ánxel Fole, venme unha cunha sorrisa. Foi cando Fole leu *Le chemin de St. Jacques*, de Mabille de Poncheville. O francés, ó pasar por Lugo, dice que aquela é unha fermosa cidade pra que viva alí un poeta enfermo. Fole, entón, coaquel seu verde abrigo, dun verde barojiano feito mitade de néboa dunha rua de Londres e outra mitade de lama da Terrachá, a pucha no curuto cubrindo un pelo sempre despeiteado, dábase a figura de aquel poeta que tiña que vivir en Lugo unha longa convalecencia. Nise Lugo que, agora mesmo, lle debe a Ánxel Fole, mestre das letras galegas, un grande homenaxe". ***Op***: "Deseguida empecei a escribir en galego uns poemas que a Ánxel Fole, compañeiro meu no Instituto, non lle importaban nada. El acababa de descubrir a Antonio Machado e andaba decindo de memoria *La tierra de Alvargonzález* e esas cousas. Eu ensináballe os meus poemas con moita ilusión, pero non lle daba importancia. Fole é fantástico". ***OpFdelR***: "Ánxel Fole era xa un home que pesaba nas letras galegas; pero non desdeñou ocuparse daquel adolescente delgadiño, embufandado, triste e sempre morto de frío. Gracias a el fixo amizade co encargado da Biblioteca Provincial de Lugo". ***OpPdeLl***: "Fole habla y escribe un gallego sencillo y delicioso como lo hablaba Cunqueiro, porque no lo aprendieron en los libros. Es dulce y esa dulzura se enriquece con su personalidad". ***OpAR***: "...os que queren estimular de abondo a imaxinación do lector ou os que a deixan en maior liberdade de funcionamento ós seus riscos e perigos. É

a diferencia que se advirte na literatura castelá entre a linguaxe mínima dun Galdós fronte á tan poderosa dun Valle-Inclán, e no que toca á literatura galega, a riqueza da prosa de Otero Pedrayo ou de Álvaro Cunqueiro fronte á tan achegada á fala coloquial (na que se inspira de cote) de Ánxel Fole". ***OpJS***: "Los cuentos de Fole están escritos con más inventiva que imaginación, contrariamente a lo que ocurre, por ejemplo, en el caso de Álvaro Cunqueiro". ***AF:*** :"Era moi boa persoa, pero un pouco florentino. Por exemplo, cando estaba estudiando en Santiago fundou un periódico revolucionario, de eses de coña, ateo e moi gracioso. Recordo que dicía "¿Qué es Dios?" E contestaba: "Dios es un hueco temblando en el vacío". AF é autor do artigo *Álvaro Cunqueiro* (*EP.* 3-III-1981).

Currás, O. Personaxe do conto *O Galo de Monforte*, incluído no libro HQNC. "O Currás era un patrón dus cincoenta anos". Este home tiña un galo moi especial, un galo con catro patas.

Currecurre. Personaxe do conto *O Galo*, incluído no libro CDN. Forma parte do grupo de trece homes convidados na casa do Nasa. Antes de cearen conta unha historia de aparecidos.

Cuzo. Personaxe do conto *A vella cerdeira*, incluído no libro CDN. Fora criado do narrador do conto, un día desaparecera despois de meter o gando na corte; e catro días máis tarde, o señor da casa notou a falta de mil reás do caixón da mesa do escritorio. O Mingos desconfía que este rapaz fose o que o ameazou e roubou a recadación do día na taberna.

D

Daniel. Personaxe nomeado no conto *Tres historias do pazo de Lucencia*, incluído no libro TB. Fora o antigo administrador do pazo de Lucencia, ó que veu substituír don Ramón.

Daniel. Personaxe do conto *A caixa do morto*, incluído no libro ALDC. Mozo de labranza que levaba dous anos na Torre do conde. Vive xunto con Lombo de palla e don Froilán a historia do cadaleito a noite de Nadal.

Debuxo de Xohán Ledo para *A caixa do morto*

Darío, Rubén. **Félix Rubén García Sarmiento.** Poeta que abraiou a AF na xuventude. *AF*: "Rubén Darío me deslumbró a los dieciséis años. Me gustó a rabiar. Pero no "me quedó". Supe muchos poemas suyos de memoria. Me pasmaba de que se pudiese escribir en verso con aquella asombrosa facilidad".

David. Personaxe do conto *As meigas atinan sempre*, incluído no libro ALDC. Conducía un camión de madeira que tanto el como o narrador desta historia, levaban de Savane para Vigo. Durante o traxecto conta unha historia que acontecera había tempo en Torgán.

Delgado Gurriarán, Florencio Manuel. Poeta. Cofundador de *Vieiros*. Autor de *Á lús do candil* e *Terra Brava* (*Vieiros* nº1. 1959).

O Derby de hoxe e de sempre

Derby. Café de Santiago frecuentado nos seus anos universitarios por AF. Nas súas tertulias, nas do Suizo e máis nas do Español participaban tamén Luís Manteiga. Cunqueiro. Ánxel Casal. Dieste. Arturo Souto, Arturo Cuadrado. Luís Seoane. Constantino Díaz. Santiso Girón, Fernández del Riego.

Luís Tobío. Castelao. Carballo Calero. Fernández Mazas, Xohán Xesús González, García-Sabell. Montero Díaz, Manuel Colmeiro. Xosé María Castroviejo e outros. No Derby leu Castelao a súa novela *Os dous de sempre*.

Destoncias. Personaxe do conto *O Galo*. incluído no libro CDN. É un dos homes que van cear á casa do Nasa. Non lle gusta nada que o grupo do que forma parte estea composto de trece persoas, pois estaba convencido de que "cando hai trece homes xuntos, sempre hai un Xudas".

Día das Letras Galegas. Segundo acordo da Real Academia Galega. o 17 de maio de 1997 vaise celebra-lo Día das Letras Galegas e durante todo o ano dedicado a Ánxel Fole.

Díaz Castro, Xosé María. Poeta. AF saúda a aparición de *Os cen mellores poemas da lingua galega*, de Alonso Montero. destacando a aparición nela de Díaz Castro, de quen xa tiña falado en *Un nuevo poeta* (*FdeV*. 17-XII-1961). Díaz Castro, residente en Madrid, achegábase pola Redacción de *EP* na procura de AF para botar unha parrafada. Nun *In memoriam* publicado no libro colectivo ELAF, Díaz Castro escribe:

> Léndote a ti, vello Anxo Fole, vexo
> a Galiza xemendo antre os seus prados
> e carballeiras vellas como o mundo,
> por onde corre un vento cheo de cinza,
> quezáis a cinza dun destino morto,
> e daquela, Anxo Fole, dóime a morte
> inacabable de Galiza, dóime.

Díaz Jácome, Xosé. Xornalista e poeta. Amigo de AF. ***Op***: "Un ano viaxou a Mondoñedo no coche das

Ánxel Fole
Letras Galegas 97

Certame de Narración Curta

As bases do certame convocado no Día das LG 1997

Lence-Santar, en Lugo con Puro Cora

Forneiras, que ía ó mercado de Lugo coas mercadeiras mindonienses. Entre cestas e mulleres falangueiras, escoitando un parolar sen remate, Fole xuraba que fixera un viaxe "moi feliz e proveitoso". De tal xeito viaxou a Mondoñedo, hai moitos anos, unha escritora irlandesa que recolleu as súas impresións nun libro, mal acollido polo cronista Lence-Santar, de quen contaba que ataba as barbas _longas e brancas _ detrás da cabeza... mentres cociñaba. Ademáis doutras cousas ainda máis pintorescas. Cunqueiro era o anfitrión de Fole. Aquil ano deu con Álvaro na barbería do Pallarego, onde estaba de tertulia. Saíron a pasear polas vellas rúas. Fole non facía máis que preguntar. "¿Onde lle cortaron a cachola a Pardo de Cela?" _dixo, perto das antigas Casas Consistoriáes. "É difícil precisar tanto. Puido ser acolá"_lle contestou o Álvaro. Foron cear a Casa Meilán; a siñora María preparoulles un menú especial. A sobremesa resultou longa e suculenta. Fole gardou no seu maxin moitas cousas que lle contara Cunqueiro. A parola entre os dous escritores, ben mantidos, tivo que ser deliciosa: historias de bispos e coengos, de tipos célebres, de feitos históricos, léndas e tradicións... Facía bon tempo. Acercábase o San Xoán. Fole quería escoitar os rezos das monxas concepcionistas, rito nocturno pros visitantes ilustres. Chegaron diante a igresa. Agardaron un pouco. Escoitábanse uns pasiños no coro. Logo sonou a campá: a unha en punto. E de súpeto voaron unhas voces entoando uns maitins da salvación. Era como se saíra polo fachineiro do portón un enxame de volvoretas sonoras alabando a Deus... O Fole quedou pasmado. "Abofé que me chegou ó fondo da ialma"_ dixo. Cunqueiro contó entón a historia dunha fermosa rapaza que enterrou no convento un amor sen espranza, Lence-Santar tiña rexistrado o

intento de liberar a unha monxa, levado a cabo por Pascual Veiga, o glorioso autor da *Alborada*. O tutor da rapaza, namorada do músico mindoniense, conseguíu metela no convento pra separa-la do galán. "Os amoriños primeiros" da parella duraron como unha nube de vráu. Cada ún seguíu o seu camiño..."

Díaz Núñez, Celia. Autora de *Ánxel Fole. A fidelidade á terra quiroguesa*, en *Voces da Terra. Quiroga e os seus escritores* (Concello de Quiroga. 1983).

Díaz Pardo, Isaac. Pintor, empresario e ceramista. Director do Seminario de Estudios de Sargadelos, onde leva en numerosas ocasións a Fole para participar en conferencias e mesas redondas. No ano 1976, á volta do exilio do primeiro, propicia o reencontro en Lugo entre Lorenzo Varela e AF. *Op*: "Fole era moi importante para Galicia e o compromiso que tivo sempre co seu pobo foi escepcional desde antes da Guerra, e o mantivo sempre con unha grande serenidade insobornable". Díaz Pardo lembra en ELAF a xornada do 10 de maio de 1970 na que inaugurou a planta circular de Sargadelos, coa presencia de autoridades, intelectuais e prensa. Isaac non sabe o que facer co gobernador civil, Guillermo Rupérez del Gállego, entre tanto *non afecto* ó réxime. "No meu dilema ocurriuseme unha idea luminosa, que logo non-o foi tanto: levar ao Gobernador xunto á representación da prensa luguesa, Trapero e Fole. Empurreino até o Salón dos Irmandiños e funlle presentado á xente que nos fumos atopando que o saudaban coa corrección imprescindible, sin axudarme a min o máis mínimo, Seoane, Albalat, Del Riego. Piñeiro. Sabell. Trapero e Fole estaban cerca do ventanal, entretenidos vendo algo. Con Trapero non houbo problema. Máis cando chamei a Ánxel Fole pol-o seu nome éste mirou pra o Gobernador e pra min e volveuse pra a cristaleira erguendo os

Fole e Fernández del Riego, en Sargadelos

Pasa don Anxel pola rúa do Progreso'

brazos coma saudando a alguén que se baixaba dun coche, berrando: "¡O exterminador de merluzas!" (era Valentín Paz-Andrade). Eu volvín a insistir con máis enerxía e precisión, colléndoo por un brazo: "Fole, o Sr. Gobernador Civil". Fole volveuse pra nós, tendeulle a man ao Gobernador, coma quen lla tende a calquera, decindo: "Eu coñecin a moitos gobernadores", e seguiu saudando ao Valentín dende a cristaleira, namentras eu pedíalle á terra que me tragase".

Díaz Pérez, Constantino. *Tatino*. Avogado mindoniense. Veciño de Cunqueiro e AF na rúa santiaguesa da Enseñanza. Foi colaborador na parte técnica da maioría das revistas que se publicaban en Santiago os anos trinta. Coñecido tamén como *Tatino de Viloalle*.

Diéguez Vázquez, Lois. Enxeñeiro topógrafo, escritor e político. Autor do poema *Pasa don Anxel pola rúa do Progreso*, datado o 7-X-1985, e publicado en ELAF e no *EIG* (8-X-1986):

Pasa don Anxel.

unha pucha, un caxato,
un groso abrigo.

Pasa don Ánxel,
un corazón
no que colle o mundo,
un leve camiñar pausado,
apenas un balbordo
a espertar esta cidade.

Pasa don Ánxel
e reventa un mundo:
estoupa a luz,
ábrense as xanelas de Galiza,
asoman soutos, carballeiras,
a alta serra;
e chega a brisa
a refrescar pesadas sudes.

Pasa don Ánxel
e mira o lobo,
móvense as ánimas,
falan labregos,
morre o siléncio.

Pasa don Ánxel
e pasa un mundo.

Dieste González, Rafael. Escritor. Coñece a AF cando chega a Lugo como director do Teatro de Monicreques das Misións Pedagóxicas, no ano 1933. E 33 anos despois, en xuño de 1966 Antonio Fraguas. Fernández del Riego e o propio AF son os académicos que elevan ó pleno da RAG a proposta de nomear membro de número a Dieste, precisamente para cubri-la baixa deixada polo pasamento de Antonio Rey Soto. o único que votou en contra da entrada de AF na Academia. O 25 de xuño de 1967, AF delega o seu voto en Martínez-Risco, e Dieste é elexido por unanimidade. ***AF*** (*Neumandro*): "Non é unha Academia do Idioma, como a Española, senón _máis ben unha institución da

Dieste e Díaz Pardo

cultura galaica. Nela caben científicos, pensadores, filólogos, artistas. Pero sempre escritores tan puros e orixinais como Rafael Dieste, o literato inquedo e viaxeiro de Rianxo".

Don Agapito. Personaxe do conto *O ateo da vila* (CDN). Estudiara para médico mais non acabara a carreira. Adoita asistir ás xuntanzas da "rebotica". Era "de mediana edade, baixo e magro. Tiña a testa grandisma e a cara redonda... Debía de ser home culto e moi pesimista. Falaba cun estilo algo finchado". En canto saía daquelas reunións da botica, sempre había quen falase mal del. O Séneca puxéralle o alcume de "cara de lúa", pois tiña unha cara "tan redondiña e tan branca, que mesmamente parez de papel de barba ou de pan ácimo!...". Despois de non aparecer durante varias noites pola botica, o xuíz municipal informa a don Gumersindo e o resto de homes que alí se reunían, o motivo da súa ausencia. Don Agapito fórase operar a Santiago e morreu na operación. A súa morte foi crida por todos, mais formaba parte do plano que o boticas e o "defunto" argallaran para darlles unha lección o Ferrete e mais o Séneca.

Don Andrés. Personaxe do conto *En cada vida, o seu misterio,* incluído no libro TB. Don Andrés era o cura de Reboiro. Unha noite foi chamado para que atendese espiritualmente ó señor Román, pois este atopábase preto da morte. Don Andrés "era preto, de corpo e faciana esguíos, enxoito e alto, cos cellos moi mestos e a barba moi pecha". Como o enfermo mellorara moito, quedou a cear alí naquela casa, xunto o resto de homes que foran avisados para atender ó señor Román. Despois de cear, foi o primeiro en contar un conto ós alí presentes. A historia acontecera cando este rexía como ecónomo na parroquia de Santa Comba, en terras de Sober. A Condesa de Garbia regaláralle para a parroquia un "viril" moi importante. O crego sempre estaba preocupado de que alguén llo roubase, polo que sempre o estaba a vixiar. Mais de nada serviu, pois unha noite

do mes de maio desapareceu. Pasou o tempo e aquel obxecto non daba aparecido, ata que un día na véspera do Corpus, e despois de ter aquela noite uns soños moi estraños; o viril voltou ó seu lugar na sacristía. Tres anos máis tarde, don Andrés soubo que o Marcelino fora o que roubara, e á vez devolvera, o viril ó seu lugar.

Don Andrés do Furco. Personaxe do conto *Ventureira xornada*, (SB). Este home era "segredario dun Xuzgado da provincia de Pontevedra" e estaba a pasar unha tempada na súa casa da Ribeira. Encamiñábase a feira de "San Martín de Quiroga" cando se atopa polo camiño co narrador do conto, quen nos vai presentando a toda a xente que cara a alí vai. A casualidade que se dá é que todos eles teñen nomes clásicos, polo que o narrador con grande ironía dille que lle presente a Marco Tulio Cicerón, mais este respóstalle: "A Marco Tulio Cícero non, pro presentóche ó Ovidio".

Don Antón. Personaxe do conto *O Tesouro*. (ALDC). É irmán de Don Juan Mª. A noite en que entran a roubar no pazo, el e o seu irmán disparan contra o ladrón, causándolle a morte.

Don Antonio. Personaxe da historia narrada por don Ramón no conto *Tres historias do pazo de Lucencia*, (TB). Era o novo administrador do pazo, "era un home inda novo, moreno, alto e moi forte". Amosabáse moi inquedo pola tardanza de don Enrique, pois antes de marchar dixera que regresaría cedo, e xa eran case as dez da noite. Pronto un fato de nove homes organizouse para saír na súa procura, guiados polo can do señor que chegara á casa todo cheo de sangue. Finalmente, atopan o cadáver de don Enrique, case cuberto pola neve.

Don Cándido. Personaxe do conto *Un ladrón andaba pola casa*, incluído no libro CDN. Don Candido é cura e gusta da caza. Un día na súa casa ceando unhas perdices que el mesmo

"cazara coa súa escopeta do dazaseis", don Casto conta de novo o soño que tantas veces se lle repite.

Don Casto Méndez. Personaxe do conto *Un ladrón andaba pola casa*, incluído no libro CDN. Recadador da contribución en Pastoriza. Don Casto "era un home pequenote il, dus cincoenta anos, e moi rebusto. Mais tiña unha voz de neno que facía rir a moitos mal insinados". Este home tiña todas as noites o mesmo soño: "Sempre soño cun ladrón que entra na miña casa pola noite. Sempre se me achega ó leito. E sempre me bota as maos á gorxa pra me afogar". O narrador do conto dinos que co tempo a voz de don Casto íase poñendo cada vez máis ronca, "coma se tivera un catarro á gorxa". Anos máis tarde enteirámonos de que este home morre dun "cancer na gorxa".

Don Claudio. Personaxe do conto *O Desafío*, incluído no libro CDN. Era o veciño máis rico da rúa, e ademais "cuasemente o único que usaba capa azul en todo o barrio". Dicíase del que dera cartos para matar a un home, "E que ese home vive ... E que de cando en cando mándalle un anónimo, e que il ten moito medo, e que dorme cun revólver debaixo da almofada ...". Morre dun ataque ó corazón e berrando: "¡Está ise home en Lugo!". A noite da súa morte andara rondando polo barrio un home estraño "máis ben baixo, de chapeo, coas solapas do gabán erguidas".

Don Crisanto de Padorna. Personaxe do conto *O corpo do delito*, incluído no libro TB. "Home de máis setenta anos, groso e alto, medio arrastrando a súa perna dereita, apoiada na súa cacha. Era calvo e tiña os cellos mestos e a cara redonda. Sempre estaba moi afeitado e sempre levaba faixa". Estaba casado doña Amelia, e tiñan unha filla de nome Amaliña. Don Crisanto "fora moitos anos xuez de paz en Sarria".

Don Diego de Moscoso. Personaxe do conto *O Tesouro*, incluído no libro ALDC. É un dos protagonistas da historia do caderno atopado por Don Juan Mª, concretamente é o home que acubilla a Henri de Folch e os seus cabaleiros, na súa casa. Está casado con Doña Violante. Por unha criada coñece que a súa dona se ve ás escondidas co cabaleiro refuxiado no seu pazo. Don Diego mátao. Mais o que nunca se soubo foi se o matara pola traición cometida, ou por se quedar co tesouro que este traía; pois don Diego era un home moi ambicioso.

Don Diego Somoza. Personaxe do conto *O espello*, incluído no libro ALDC. É o señor do pazo. Vingaráse do atropelo sufrido na súa casa polos franceses en anos anteriores, poñéndolles unha trampa da que moi poucos conseguen saír con vida.

Don Elías de Andía e Campuzano. Personaxe do conto *Tracatrá, Tracatrá, Tracatrá...*, incluído no libro HQNC. "Era enxoito, esguío e paseaba sempre solo pola Ferradura, chovese, fixese sol ou nevase... Vestía elegante. En inverno, unha capa e unha bufanda. O chambergo era sempre negro... Andaría por cerca da trintena de anos. Asistía ás crases de Cencias e tamén ás de Letras na Universidade; mais non estaba matriculado. Decían que era poeta... Tamén decían que era moi sabedor de magia negra... Alto y esguío como a encarnación peculiar do famoso persoaxe creado por Sir Arthur Conan Doyle". Morreu dunha bronconeumonía, tres anos despois de pasada a guerra europea. Foi soterrado xunto o seu grande invento "a caixa do movemento contínuo".

Don Enrique María. Personaxe protagonista do conto *Tres historias do pazo de Lucencia*, incluído no libro TB. Era o home de dona Mercedes, señora do pazo de Lucencia. Morrera había quince anos, cando tiña trinta e tantos anos, "mais polo respetoso e de poucas falas que il era, parecía dez anos máis vello... Chamábanlle o señor de Argonde, que iste era o nome

da casa dos seus abós...". Tiña moi mal xenio, seica estivo a piques de matar a un criado seu "porque lle aconsellaba non bebere tanto". Todo o mundo falaba de que tiña amores cunha muller de moi mala sona, chamada a Garitera, "iba a vela catro ou cinco veces o mes, e hastra se quedaba aló por dous ou tres días". Morre unha noite de nevada, ó caer do seu cabalo e golpear a testa contra un penedo. No peto da súa chaqueta levaba a carteira, pero nela non se atoparon cartos ningúns.

Don Fabulón Ferreiro Caneiro. Personaxe creado por AF. O chamado *Magister Fabulo* era comerciante en antigüidades e mestre do humorismo. Sete aldeas da bisbarra lucense porfiaban por seren o berce da súa nacencia. Dono do can *Perro*. AF faino autor do *Tratado de M-EGO*, un ensaio sobre o humorismo, o *Diccionario del Chiste*, e a *Arte Magna de la Risa*. Tamén escribe a *Teoría del timo rotativo o el movimiento continuo aplicado a la estafa*, que expón no bar Capilla de Lugo, e a *Procedencia ornitológica del mito de Don Juan* (*HdelL*. 26-III-1962). Farruco de Caldas, o *Magister Gaudiosus, o Basiliense*, é o discípulo predilecto de Don Fabulón, escribe unha suposta *Magna Crónica de Lugo*. Outro discípulo seu foi Eginardo de Tor *o Vicense*. Don Fabulón é o protagonista do conto *A máscara antigás* (HQNC): Dando unha volta polo "Rastro" madrileño, atopou nun posto unha máscara antigás que mercou por mil reás. Un día probándoa na súa casa chamaron á porta, era a Micaela, a leiteira, que o velo así saíu fuxindo da casa crendo que vira o demo. "En tal data coma aquela, días tras ou diante, nunha tasca da Plaza da Campo fixéralle un croquis a don Fabulón. E dise croquis saíu logo un retrato. Don Fabulón presentárase na tasca cunha coroa de loureiro cinguíndolle a testa coma se mesmamente fose un deus ou heroi. Acabo de ser sabedor que ese retrato de don Fabulón de Lugo vén de ser vendido en Santiago en vinte mil pesos. Non é caro..." ***PE***: *Don Fabulón escritor* (*LN*. 9-XI-1949), *Don Fabulón y el loro del Parque* (*HdelL*. 27-XII-1965), *Historia de un féretro* (*HdelL*. 3-

I-1966) e artigos do *Cartafolio*. Fole crea *Don Fabulón* como outro modelo de humorismo lugués distinto ó representado por *Pelúdez*, o popular personaxe que cada ano aparece nas páxinas de *EP* polo San Froilán.

Don Fernando. Personaxe da segunda das historias narradas por don Ramón no conto *Tres historias do pazo de Lucencia*, incluído no libro TB. É o máis pequeno dos tres irmáns, fillos de dona Mercedes e don Enrique. Era "máis ben enxoito e baixo", estudiara a carreira de avogado. O día en que seu irmán José María se presenta no pazo reclamando a parte que lle corresponde da herdanza, el colle un revólver, ponllo no peito e bótao da casa.

Don Fernando de Guzmán y Perojo. Personaxe do conto *A pinga de sangue*, incluído no libro HQNC. É o home retratado por Fierros. "Intervira na revolución do 68, ... Catorce anos despois a estocada dun marido celoso atravesáralle o corazón nun duelo. O seu retrato arrepresentaba un home novo, de nachas corvas, cun grao de tamaño dun chícharo na meixela dereita. Moreno il, de bigote e patillas, con guerreira azul e ros con prumeiro branco ... Os ollos do cabaleiro tiraban a verde". O narrador do conto despois de ter escoitado moitas veces a historia deste home, decide pintar o retrato do cabaleiro "asegún o que sabía. E como morrera en "duelo" a espada, co corazón atravesado, diume por pintarlle unha pinga de sague no peito mesmo no sitio do corazón". Anos máis tarde aparece o retrato deste home na "trastienda" da mercería de doña Concha.

Don Fernando de Guzmán y Perojo, debuxado por Juan Soto para a edición de HQNC

Don Fernando Margoyes. Personaxe nomeado no conto *Morre en accidente de automóbil o libreiro lugués don Segundo Daponte*, incluído no libro CDN. O día que aparece a súa esquela no *Progreso*. don Segundo busca no seu arquivo da

trastenda e dinos del o seguinte: "Bon peixe. Pseudoerudito. Facía monografías de castelos e mais de pazos. Mercou unha torre que fora dos Templarios, cunha xesteira, en dez mil reás. Xa estaba en ruínas. Vendeuna ós dous anos no mesmo que lle custara. Sabía, por certas escrituras que había alí un tesouro enterrado... Xa se ve que ise tío iba ó negocio, e pouco lle intresaba a arqueoloxía, por moitas conferencias que dese encol do románico de arquivolta frolida".

Don Fico. Personaxe do conto *As bebedeiras de Moncho do Grilo*, incluído no libro HQNC. A súa consulta chega un día o Xosé Saavedra para contarlle as alucinacións que sofre debido a bebida, chegando a escoitar ler en voz alta a súa "esquela funeraria". Cando marcha da consulta este home, "o doutor rompeu a rir coma un tolo. Abriu un caixón da mesa de escritorio e ripou dil unha caixa revestida de coiro. Premeu un botón e a caixa "dixo": "Descanse en paz el señor don José Ramón Saavedra Fernández..."

Don Francisco de Balboa. Personaxe do conto *O Tesouro*, incluído no libro ALDC. Esta é outra das figuras que aparecen na historia desenvolvida polo caderno que atopa Don Juan Mª, na biblioteca. Señor do pazo que organiza a guerrilla que fai fronte os invasores franceses. Rematado o combate e mortos os máis dos inimigos, don Francisco rexistra a guerreira do teniente francés morto no ataque. Comproba con este rexistro que este home se chamaba Henri Folch, igual có cabaleiro da orde dos templarios que alí ficaba soterrado. Era este home un descendente do anteriormente citado, que viña morrer onda aquel. Don Francisco de Balboa ordena construír outro sartego e "que fora enterrado frente por frente dil".

Don Francisco de Zúñiga y Sousa. Personaxe protagonista da terceira das historias narradas por don Ramón no conto *Tres historias do pazo de Lucencia*, incluídas no libro TB. Era irmán

Lugo e as súas xentes pasaron polos ollos de Fole

do avó paterno de dona Mercedes. "Era pintor e poeta e tocaba moi ben o piano. Tiña parentes en Navarra, Portugal e na Francia. Foi nado neste pazo, e sendo un cativo de doce ou trece anos, levárono a Portugal... Cando andaba polos vinte anos, don Francisco embarcou en Oporto prá Francia, para completar su educación, ... Tiña alí un tío casado cunha dama da aristocracia francesa... chamado don Alfonso de Andrade y Zúñiga". Doce anos despois de vivir con este parente no castelo, veu ó pazo de Lucencia. "Viña montando nun fermoso cabalo negro e traguía canda il un can grandismo, tamén mouro... E todo il iba vestido de negro cunha chistera e unha capa que lle chegaba hastra os pes". A xente da zona comezou a dicir que "viña candia il a disgracia". "Coxeaba ó andar, e por iso levaba sempre caiada cando iba a pe". Segundo as pescudas que fixo don Ramón, el non fora coxo de nacemento, polo que a súa eiva se debía a que estando en París namorárase dunha rapaza que xa tiña compromiso para casar. O noivo desafiouno a un duelo. O resultado do mesmo fora, o noivo morto e don Francisco cunha ferida nunha perna. Anos máis tarde, xa no pazo, namorouse dunha muller pero non de carne e oso, senón dunha muller ideal: "Era a fada do relanzo". Unha noite don Francisco afogouse no relanzo onde supostamente estaba a súa amada.

Don Froilán. Personaxe protagonista e narrador do conto *Por*

us pelos..., (TB). Médico "moi velliño il", pero ben conservado, con ollos agrisados e cello mesto "que inda consevaba tódolas moas e dentes". Sempre dicía que "pra ser un bon médico rural caseque hai que ser un héroi". El vai ser o que ó longo desta narración nos dea a coñecer un dos sucesos máis curiosos que lle aconteceron, durante os anos en que exerceu a profesión de médico no Incio: o asasinato da Sabela. Casa cunha das protagonistas daquela historia, a Estrela. No momento de nos contar os feitos vai para quince anos que é viúvo.

Don Froilán. Personaxe do conto *A caixa de morto*, incluído no libro ALDC. É o administrador da torre do conde. Home non moi vello, "baixo e groso", pois era home de moita comida. Estivera na Arxentina, e tamén polas terras do norte do continente. Ninguén coma el para mandar. Cando lle viña a carraxe, toda a xente tremaba. Dicíase que durmía coa rapaciña que facía de "doncella" e que tiña un fillo dela. Aínda que parecese moi valente, don Froilán tíñalle moito medo ós ladróns. Unha noite de Nadal, chegaron á Torre dous homes que traían un cadaleito, este era da filla de don Ramón de Bustelo, que morrera de parto. Estes pedíronlle permiso ó señor da Torre para deixar alí a caixa que transportaban, ó día seguinte viríana recoller.

Don Gasparo. Narrador do conto *O corpo do delito*, incluído no libro TB. Vai a casa de don Crisanto de Padorna, convidado por este, non só para receitarlle algunha menciña senón tamén para escoitar algún dos seus contos.

Don Gasparo. Personaxe que narra a historia do Breixo no conto *A estadea e o urco*, incluído no libro TB. Médico que tiña consulta na "Crus do Incio". Un día chegaron a ela dúas mulleres que acompañaban a un rapaz que dicía ver cousas estrañas. Despois de que este conta todo canto maxina ver, o doutor Gasparo comeza a pensar que na vida daquel home hai

algo agachado, algo que explicaría todas aquelas tolemias.

Don Gonzalo de Zúñiga y Sousas. Personaxe da terceira das historias narradas por don Ramón no conto *Tres historias do pazo de Lucencia*, incluído no libro TB. El, xunto cun grupo de homes, conseguen sacar a seu irmán, don Francisco, do fondo do relanzo onde ficaba morto.

Don Gumersindo. Personaxe nomeado no conto *O Medo*, incluído no libro HQNC. É tío e padriño de don Pepe, administrador da casa de labranza do seu parente.

Don Gumersindo. Personaxe da historia narrada por don Crisanto no conto *O corpo do delito*, incluído no libro TB. Este home que é médico, négase a dar o correspondente certificado de defunción mentres no se practique a autopsia ó cadáver de don Xermán. Segundo viu o corpo deste home morto espuxo as seguintes teorías: "Se conoce -dixo don Gumersindo- que ha debido resbalar en uno de los escalones de arriba y bajó rodando, dando golpes contra las aristas de las gradas... Pudo resbalar, o también pudo haber sido empujado y golpeado... O pudo, sencillamente, haberse desvanecido...Tal vez resbalase sin haber perdido el conocimiento". Tamén probou a baixar as escaleiras cos zocos que tiña postos o defunto, e comprobou que sería moi doado esvarar, e caer de mal xeito por aqueles chanzos.

Don Gumersindo. Personaxe do conto *O ateo da vila* (CDN). Boticario que ía moito polo casino da vila do Burgo. "Era este home miúdo e baixo, aínda novo, que usaba gafas. Queixábase do tempo. Amoláballe o mesmo o calor que o frío, a choiva que a sequía. E tiña moito medo dos microbios. O Ferrete decía dil que sempre collía os picaportes cun pano, por medo de apañar algunha enfermedade. E o Séneca contaba que cas o boticario sempre se bebía o leite fervido e tamén a iauga... e que don

Gumersindo se bañaba en alcol cinco ou seis veces ó ano... era moi dado á leitura". Na súa "rebotica" facíanse xuntanzas onde se parolaba moito. Foi alí onde o narrador desta historia "sentira contar o conto de que o Ferrete, na súa mocedade, embarcara pró Brasil, e que non fixera máis que chegar ó Río e colle outra vez o barco prá acó, chorando como un neno... o boticario contáballe a todo o mundo que collera medo dos negros".

Don Javier Gude. Personaxe do conto *O Desafío*, incluído no libro CDN. Don Javier era "un home forte, dus cincuenta anos, coa orella dereita taniscada". Médico en Monforte, atende na súa consulta a Fernando, pois cre sentir alucinacións. Don Javier explícalle que non está nin tolo nin enfermo, senón que o que el cre unha alucinación producto do alcol, non é máis que a visión de dous irmáns xemeos, Juan Carlos e Faldrique Luaces de Castro.

Don José. Personaxe do conto *De cómo o xastre Bieito volveu pró inferno*, incluído no libro CDN. Alcalde de Ferreira durante a época en que o Boca Ladroa foi soterrador do cimeterio. Dá traballo ó seu fillo Benxamín, e ordea que tanto el coma seu pai leven "senllas gorras de prato, cun ese e cun eme, que quer decir Servicio Municipal".

Don José Bouzón. Narrador e protagonista do conto *En cada vida o seu misterio*, incluído no libro TB. Este home é médico en Rubián, e é coñecido polo nome de "Pepe". Unha tarde do mes de outono viaxaba nun tren "que fai o sevicio entre A Cruña e Lugo", e como xantara e bebera dabondo quedou durmido durante o traxecto, só espertou cando entrou no seu compartimento un home cunha cara ben coñecida para el. De novo quedou durmido, e comezaron os soños. De sotaque estaba nos Estados Unidos, concretamente no aeroporto da capital, os altofalantes berraban os seu nome pois "El señor presidente de la República se dirige a saludarle.." Mr. Truman quería rendirlle

unha homenaxe "gracias a sus meritísimas investigaciones, los negros ya huelen como los blancos... Ya no hay problema racial". O presidente tamén quería que o Pepe levase un presente o doutor Nóvoa Santos, sen lle deixar explicar que este morrera había unha ducia de anos. O presente era, nada menos, que un "alifante". O Pepe espertou ó chegar a Lugo e xa non viu o home que con el viaxara no tren. Chegou a casa e a criada deulle un presente que lle deixara un home, nel había uns puros, cinco moedas de ouro de cinco dólares e cinco billetes de cen dólares. Aquilo fíxolle lembrar, e ó mesmo tempo relacionar, o soño que tivera no tren cunha estraña historia que lle acontecera había moitos anos. Un amigo del, enviáralle unha carta na que lle pedía que axudase no que poidese á parella que levaba a misiva. O Pepe así o fixo, curoulle unha ferida á muller, que por certo levaba un colgante pendurado do colo, que representaba a un elefante; e agachounos os dous na súa casa, agardando que pasasen por alí uns homes que os perseguían.

Don José María. Personaxe da segunda das historias narradas por don Ramón no conto *Tres historias do pazo de Lucencia*, incluído no libro TB. É o segundo fillo de dona Mercedes e mais de don Enrique. Este era "un mozo moi alto. Tiña a cabeleira e o bigotiño loiros; as nocas, corvas. Afé que era un home moi ben parecido. Mais eu non sei que lle atopaba no seu sorriso, ó descobrir a súa dentamia grande, branca e brilante... Se os lobos riran, sorrirían asina. Y os seus ollos, moi craros, parecían valeiros...". Non se levaba ben co resto dos irmáns, polo que o día que chegou ó pazo, ningún deles se alegrou de velo de novo. A visita á súa casa tiña coma fin levar consigo a parte que lle correspondese da herdanza. No apuntamento onde estaba escrito o soño de don Sidro, dicía isto con respecto o seu irmán: "Satanás es mi hermano José María... Cuando era pequeño, le agradaba martirizar a los animales. Yo le vi quemar varias veces a los pájaros vivos...". O José María marchou do pazo ameazado polos seus irmáns, e nunca máis se soubo del.

Don Juan Mª. Somoza y Andrade. Personaxe do conto *O Tesouro*. incluído no libro ALDC. "Era outo y enxoito, e de moito tino nas súas falas. Señor moi complicado nas súas cousas". Pai do actual conde de Lonxío. Un ano de grande colleita, decide gardar os froitos na torre do adro. Achégase a ela e senta nun sartego que hai á entrada. Así pasa uns intres, cavilando e debuxando co seu caxato letras no chan. Descubre algo que brilla ós seus pés, é unha moeda de ouro. Rapidamente vénlle á cabeza que alí pode haber agachado un tesouro. Fala con Ramón, un dos seus criados, e comezan a cavar na torre, mais sen dicirlle nada do matinado. Despois de horas de traballo, o criado sorprende o seu amo dicindo que por máis que caven, non darán co tesouro. Don Juan Mª. obriga ó criado a que lle conte todo o que sabe ó respecto. Ademais da información dada por Ramón, el busca no arquivo e na biblioteca do pazo "por ver si atopaba algún documento" que falase deste asunto. Días máis tarde do comezo da búsqueda, encontra nun vello libro de pergameo un caderno no que estaba parte da historia do tesouro.

Don Luís Jiménez de Asúa. Personaxe real que aparece nomeado no conto *Pepe Troitiño*, incluído no libro HQNC. Foi Catedrático en Madrid, "insigne penalista... dera unha conferencia no paraninfo da Universidade, un día metido en auga do mes de marzal".

Don Mariano. El e mais don Tomasito eran dous fidalgos da vila do Burgo, "chegaban sempre á rebotica ó empardecer do día... vivían das súas rentas e andaban trees meses de caceta caseque arreo". Don Mariano "era groso, un pouco máis baixo de grandes bigotes pra enriba".

Don Paco. Personaxe do conto *O ateo da vila*, incluído no libro CDN. Como o define Don Xocas, "O ateo máis ateo de toda a vila". Todo o mundo coñecíao por don Paco de Líncora pero o

seu nome verdadeiro era don Francisco Teijeiro Tenorio. Del sabemos que "estivo en Cuba e tamén no Norte. Chegou de volta despois de se remata-la derradeira guerra europea. Todos pensaron que se morrera alá... Cando voltou fíxolle o amor á filla do tendeiro e casouse con ela. Decían que pra deshipoteca-la tenda e maila casa... Non ten fillos. É moi dado a ler libros dos chamados de vulgarización científica... E sempre arre que arre que o home vén do mono...". Continuamente estaba a se facer preguntas, as que non atopaba resposta; daquela dicía: "Había que irlle perguntar a Dios; mais Dios non o hai". O día que morreu todo o mundo preguntábase se confesaría ou non, e correu a voz de que "morrera dun repente e cramando que había Dios: ¡Hai Dios... Hai Dios... Hai Dios...!". Don Xocas negouno e dixo que morrera "queixandose da dolor das tripas: ¡Ai, ai, ai...! ...O "Dios" foi cousa que lle engadiron os teístas".

Don Pancho. Personaxe da obra de teatro PDD. "É un home duns cincuenta e cinco anos. Viste coma un señorito, con traxe claro e botinas amarelas. Leva un chapeo gris que tira a branco. Unha gran cadea de ouro que pasa dun peto a outro do chaleque. Non falla dicir que viviu moitos anos nas Américas".

Don Pedro Golpe Trashoras. Personaxe do conto *Un queixo de San Simón*, incluído no libro HQNC. Home que estivera na fonda do Moscón a noite anterior a chegar alí don Cosme. "Cando tiña catorce ou quince anos, embarcou en Rinlo nun barco de pesca, aló polo ano quince... o barco naufragou a dez légoas da costa. Mais recolleu ós naufragos un barco de guerra ingrés, que os levou a Lisboa. Mais Pedro Golpe chegou á cidade do Cabo... fora garda xurado nas minas de diamantes de....". Todo parecía indicar que o diamante aparecido no queixo fora roubado das minas por este home. Morre xunto a súa muller e os seus fillos nun accidente de automóbil o día seguinte de abandonar Vilalba.

Don Pepe. É o narrador do conto *O Medo*, incluído no libro HQNC. Este home é o administrador da casa de labranza do seu tío e padriño, Don Gumersindo. Unha noite en que os criados deciden saír a unha festa, déixano só na casa. Ó pouco tempo escoita uns ruídos que o enchen de medo, sen dar tempo a máis abre a porta do cuarto e dispara o seu revolver por dúas veces, "o primeiro tiro esfuracou a lata que o gato tiña atada ó rabo; o segundo, batiulle na testa o gatazo mouro..."

Don Perfeuto "o Vámpiro". Personaxe do conto *¿E decímolo ou non o decimos?*, incluído no libro HQNC. Este home de setenta anos de idade, casado e con dúas fillas, era veciño do Xusto. O alcume de "Vámpiro", seguramente que lle viña "porque emprestaba cartos ó doce por cento... Todo o mundo falaba mal dil". Dicíase ademais que durmía cun revólver debaixo da almofada. Unha vez caeulle ó chan e disparóuselle, polo que agora "o leva sempre cun furaco do bombo baleiro". Morre en estrañas circunstancias a noite en que están reunidos na casa de enfronte a "Os tres Mosqueteiros". O Doutor Mandez certificara que o Perfeuto morrera dun derrame cerebral. Non se atopou ningunha bala.

Don Perfeuto. Personaxe nomeado no conto *O ateo da vila*, incluído no libro CDN. É mestre xubilado, e outro dos ateos da vila de Chantada. Segundo Don Xocas, "iste máis práutico". Dicía cousas como estas: "Como pensar, eu penso que hai Dios, inque non sabemos como é ... A min non me colle na cabeza que por ser un budista vaia despois de morto a outro sitio distinto do que vai un cismático grego..."

Don Ramilo. Personaxe do conto *Os difuntos falaban castelao*, incluído no libo ALDC. Era o dono dunha das casa máis ricas da Ribeira. O seu aspecto era o de un home de grande fachenda, "outo e forte". Gustaba da caza, de feito era o mellor cazador

daquelas terras. Unha tarde na taberna do Vilo escoita contar a un rapaz o susto que pasou ó pasar por diante do camposanto; un defunto faláralle en castelán. Don Ramilo métese na conversa e aconsella ir ata o cemiterio. Xa alí, escoita a conversa que manteñen un home e unha muller; quedan abraiados ó comprobaren que están a falar del e os seus acompañantes. Foxen de alí axiña.

Don Ramiro. Personaxe do conto *O can sentía saudades*, incluído no libro CDN. Don Ramiro é o veterinario de Villacastín. El explica no café de Roca "o alcance daquil auto da inauguración do monumento a un cadelo de caza", o de don Saturnino. Segundo el este será o can máis celebre da historia de Galicia "Moito máis que o da condesa de Espoz y Mina..."

Don Ramón. Personaxe do conto *Solaina*, incluído no libro TB. Este home, xunto co Cilistro e máis o Gumersindo, son tres vellos amigos do tío Gasparo. Reúnense na casa deste último para xantar e parolar sobre distintos temas. "Don Ramón, o Fidalgo de Engroba, lévame catro ou cinco anos. Usa barba e é moi elegante. Ten tipo de señor antigo. Non se pousa unha mosca nil. Vive na súa casa de Engroba e ten terras no val do Incio... Xa vai pra ben anos que o trato... Tíranlle moitos os estudos de heráldica. Moi fino, moi atento il..."

Don Ramón. Personaxe do conto *Tres historias do pazo de Lucencia*, incluído no libro TB. Este home, que é o administrador da casa de Lucencia, vai na procura dun médico amigo del para que examine á señora do pazo. "Don Ramón era un home dus sesenta anos moi simpático e falador de seu. Máis ben alto que baixo e máis ben enxoito que groso, a súa facha era unha mestura de fidalgo e de curial. Usaba antiparras... Vestía polainas e un impermeable de escravina". O administrador estudiara para cura "hastra o primeiro ano de Teoloxía", estivera uns anos de empregado do xulgado e despois casara cunha

muller que non tardou en morrer. Do seu matrimonio tivo un fillo que vive en Montevideo.

Don Ramón de Bustelo. Personaxe do conto *A caixa do morto*, incluído no libro ALDC. Home o que lle morrera unha filla de parto.

Don Roberto. Personaxe do conto *Tracatrá, Tracatrá, Tracatrá...*, incluído no libro HQNC. Cando o Xocas e mais o Andresiño chegan á feira de Meira atopan a don Roberto, médico e amigo do narrador, na compaña do boticario Xan de Barxa, e de don Elías de Andía e Campuzano. Anos máis tarde, nunha visita que fai Andrés a Meira, don Roberto convídao a cear na súa casa e mais a dar un paseo polo cemiterio para escoitar o ruído que fai a famosa caixa, alí soterrada.

Don Roberto Nóvoa Santos. Catedrático da Universidade de Santiago. Personaxe nomeado no conto *Un ladrón andaba pola casa*, incluído no libro CDN. "Gran clínico", afeccionado ás historias de medo, "cría que os cas oubeaban cando sentían a morte dunha persoa, poucas horas antes de morrer".

Don Rogelio. Personaxe do conto *Suicidio frustrado*, incluído no libro CDN. Home "dun metro e medio de estatura", "concellal do Aiuntamento e encarregado do camposanto". El é o que atopa os obxectos que estaban sobre a lápida de Amparito, e o que informa do que alí había ó narrador do conto.

Don Romualdo Acevedo. Personaxe nomeado no conto *Morre en accidente de automóbil o libreiro lugués don Segundo Daponte*, incluído no libro CDN. O día do enterro deste home, o libreiro lembranos quen fora esta persoa, del di: "Foi emigrante na Habana o ano vinte. Iba buscar rapazas polacas a Varsovia prás casas de prostitución. O ano vintedous estaba en San Francisco de California. Levaba un negocio de importación de

opio de Asia... O seu avó fixérase rico vendendo la ós franceses na guerra do catorce..." O nome e o apelido deste personaxe coinciden cos do director do xornal lucense *La Idea Moderna*.

Don Rosendo. Personaxe do conto *O documento*, incluído no libro ALDC. Fidalgo de Tambarría. "Home aínda novo, pequenote il, de barba roxa". Ameaza ó Manueliño con pegarlle

Unha escea deo film *O documento*

unha perdigonada no bandullo, senón baixa da árbore da que se quere guindar.

Don Saturnino. Personaxe do conto *O can que sentía saudades*, incluído no libro CDN. Este home fora destinado como secretario do xulgado de Villacastín "aló polos tempos da Ditadura do xeneral Primo de Rivera". Tiña tres fillas que daquela "entre todas tres non facían quince anos". O secretario sempre ía acompañado do seu cadelo de caza o Pinto, quen sentiu moito o traslado do seu amo pois non se acostumaba ás

novas terras. Don Saturnino adoitaba escribir á súa familia e mandar as cartas por un camioneiro. Un día este fíxolle un grande favor para o seu can, regaloulle un ramallo de castiñeiro que fixo que o Pinto dese brincos de ledicia. Os oitenta anos este home vai ser testemuña dunha homenaxe moi especial, a inauguración dun monumento ó seu cadelo, ó se cumpriren máis de vinte anos da súa morte.

Don Sebastián. Personaxe do conto *O Tesouro*, incluído no libro ALDC. Crego da parroquia de Boade. Levaba de cura máis de trinta anos. "Era outo y enxoito, cunha cara que parecía traballada en madeira. Traguía sempre unha cachava de toxo na man. Polo bon tempo andaba en sotana; polo inverno levaba un balandrán por riba. Cuasi nunca sacaba da testa o pucho caseiro, que somentes lle cubría a medias a branca cabeleira". O seu único divertimento era a caza e parolar cos labregos. El conta a historia do tesouro da torre de Lonxío, "unha historia terribel de amor, sangue e disgracias".

Don Segundo Daponte. Personaxe do conto *Morre en accidente de automóbil o libreiro lugués don Segundo Daponte*, incluído no libro CDN. "Propietario il da librería O Parnaso de Lugo ... Os sábados ó pecha-la librería, había tertulia na trastenda". El opinaba desta tertulia que era "a millor xuntanza que houbo nunca en todo Lugo", pois a ela a xente asistía non "polo seu ter" senón que ía "ben polo seu valer ou polo seu saber". O libreiro era "medio calvo, co bigote caído, máis ben alto que baixo. Fumaba nunha pipa de pata de lebre con anelo de prata. Usaba lentes pra ler". Ademais de non entender o porque, amoláballe moito iso de que moita xente o chamase "don Inda", pois o seu nome non era Indalecio. Mais a xente chamáballe así porque tiña por costume dicir "inda me enodia" por "que noxo". Como sabía moito sobre distintas materias e persoas, todo o mundo dicíallle que por que non escribía un libro. Cando se decidiu a facelo e o levaba ó prelo á Coruña, morre no camiño.

O libro titulábase "Dos cen casos que tiven que decir dá noxo. Ensaio pra entender ben á xente e á mesma sociedade".

Don Severino. Personaxe do conto *O ateo da vila* (CDN). Veterinario da vila do Burgo, "era o primeiro que aparecía nas xuntanzas da rebotica... Un home baixote, que andaría polos cincoenta anos, nativo de Trives. Falaba moito dos viños de Ourense".

Don Sidro. Personaxe da segunda das historias narradas por don Ramón no conto *Tres historias do pazo de Lucencia*, incluído no libro TB. É fillo de dona Mercedes e mais de don Enrique. É ademais "o fillo máis vello imitáballe moito ó pai, pois era moreno, alto e groso... e tamén no caráuter, pois era moi serio il e respetoso". Don Sidro estaba casado con dona Amelia e tiña tres fillas. Comezara a carreira de Medicina pero en terceiro deixáraa, feito do que estaba moi arrepentido.

Don Telesforo. Personaxe nomeado no conto *O ateo da vila*, incluído no libro CDN. Don Telesforo é "un dos poucos ateos da vila". Segundo Don Xocas , este "é máis ben un ateo teórico. Il vai a misa tódolos domingos e cumpre co Preceuto Pascoal. Mais sempre di que estudando Química nunca batiu con Dios (dispensando) por ningunha parte. Sempre engade nas disputas da súa rebotica: Dígase o que se queira a Cencia é atea dende os tempos de Galileo polo menos..."

Don Tomasito. Personaxe do conto *O ateo da vila* (CDN). El e mais don Mariano eran dous fidalgos da vila do Burgo, "chegaban sempre á botica ó empardecer do día...vivían das súas rentas e andaban tres meses de caceta caseque arreo". Don Tomasito "era alto e enxoito, con barba castaña en punta".

Don Valeriano García. Personaxe do conto *Medo e máis medo*, incluído no libro HQNC. "Era un dos poucos señores que por

aquelas datas usaba patillas ben longas ... tiña casa e facenda en Bocamaos, perto de Ombreiro ... levaba cachaba cecais porque coxeaba un pouquichiño". Aparece aforcado unha noite de treboada. As noticias que sobre esta morte aparecen na prensa local contradícense coa versión que ten o narrador do conto, amigo persoal de don Valeriano.

Don Venancio. Personaxe do conto *Un ladrón andaba pola casa*, incluído no libro CDN. Amigo do narrador da historia que había moitos anos que non vía. Atopóuno de casualidade en Santiago, xunto con outros amigos que había vinte anos que non sabía deles. O Venancio sabía "moitas historias disas que chaman do outro mundo".

Don Xocas. Personaxe do conto *O ateo da vila*, incluído no libro CDN. Era "oficial do Xusgado de Primeira Instancia" en Chantada. "Bon comedor... e bon catador dos viños do país". Un tema que parecía preocuparlle era o do ateísmo, "estaría moi ben unha esculca ben feita e ben esposta encol do ateísmo vilego", dicía. El informa ó narrador do conto dos homes que na vila dicían non crer na existencia de Deus.

Marino Dónega, segundo Seoane

Dónega Rozas, Marino. Escritor, avogado e académico. Reside nunha época en Lugo, onde fai amizade con Fole e Piñeiro, cos que vai colaborar nas páxinas de *Resol* e outras publicacións. O 11 de outubro de 1986 preside, en representación da RAG, o acto de homenaxe a Fole, organizado polo Concello que logo quedou constituída coma unha xuntanza anual de escritores lucenses nas festas de San Froilán. Autor de *A memoria e os amigos* (1994), conxunto de semblanzas de personaxes galegos, entre as que se atopa a de AF. ***Op***: "Incapacitado para a acción, ou cando menos torpe para se mover nela, Fole facía chegar ós

demáis, no transportín dunha fabulación sorprendente e ricaz, os resultados que apañaba nas súas esculcas e demoradas meditacións. Axudábase para elo de tics expresivos, de pausas meditativas, de silencios corroboradores, de chiscadelas cómplices, en percura arreo da meirande plasticidade, namentras incansable chuchaba nunha cigarrilla humedecida polo cuspe, alternativamente acesa e apagada, á par que tornaba coas mans a cinza que se lle apousaba nas lapelas da chaqueta. Por riba, unha lixeira nasalización engadía un peculiar feitizo musical á súa infatigable cháchara. E toda esta fartura expresiva, Fole rumboso, poñíaa ó servicio expositivo das súas simpáticas teimas e fondas preocupacións".

Doña Amalia. Personaxe do conto *O corpo do delito*, incluído no libro TB. É a muller de don Crisanto. Era "moi goberneira. Quer que cada cousa esteña no seu sitio, e que non se mova unha palla sin que ila o dispoña".

Doña Amelia. Personaxe da segunda das historias narradas por don Ramón no conto *Tres historias do pazo de Lucencia*, incluído no texto TB. "A dona Amelia era alta, loira, e moi guapa e simpática. Non se levaba ben ca sogra. Casóuse moi nova con don Sidro, e iste deixara por ila a carreira de meiciña no terceiro ano. A señora non asistíu á boda. O don Sidro puñérase en relaciós ca doña Amelia cando estaba a estudiar en Barcelona". Tiñan tres fillas, a máis vella andaba polos sete anos, e a máis cativa polos tres.

Doña Concha. Personaxe do conto *A pinga de sangue*, incluído no libro HQNC. Esta muller ten unha mercería na rúa da Pomba en Ribadeo. "Era unha vella miúda, cas meixelas moi coloradas. Levaba espejuelos". A través dunha carta que vén de Vigo sabe que vai recibir a visita do narrador do conto, e que este vén ollar o retrato de don Fernando de Guzmán. O cadro era igualiño ó que el pintara había anos, mais tiña algo moi curioso, tiña unha

pinga de sangue á altura do peito. Doña Concha dixo que aquela mancha aparecera de xeito misterioso había poucos días.

Doña Filomena. Personaxe que aparece no conto *O Galo*, incluído no libro CDN. É a dona de Andresiño o Cabezudo.

Doña Mercedes. Personaxe do conto *Tres historias do pazo de Lucencia*, incluído no libro TB. Señora do pazo de Lucencia, ten ó redor de setenta e cinco anos, e nos últimos tempos non se encontra moi ben de saúde. Vai para quince anos que vive soa no pazo, tempo que hai que morreu o seu home, don Enrique María. A vida desta muller é un continuo transcorrer de traxedias e desgustos, que comezan coa desaparición do seu esposo. Tivo tres fillos, todos eles varóns: don Isidro, don José Mª e don Fernando. Polo aspecto que tiña esta señora adiviñábase que "fora unha muller moi fermosa na súa mocedade. Tiña os ollos grandes e craros e a boca moi ben dibuxada. Unha faciana crásica. O cabelo era branco coma a prata". A noite en que foi atopado o cadáver do seu esposo, tivera un soño no que aparecía o cadro do seu cuarto completamente baleiro, e máis tarde, o seu home despedíndose dela. Por iso dona Mercedes agardaba á porta do pazo, e as campás da capela tocaban a morto. Segundo don Ramón, esta muller "ten o poder de ver en soños o que pasa na realidade".

Doña Vicenta. Personaxe do conto *Un queixo de San Simón*, incluído no libro HQNC. É a patroa da fonda o Moscón onde queda a durmir o Cosme, cando as festas do San Simón en Vilalba. "Era pequenota ela e cunha miaxa de bigote".

Doña Violante. Personaxe do conto *O Tesouro*, incluído no libro ALDC. É a esposa de Don Diego, polo tanto, figura importante da historia desenvolvida no caderno atopado por Don Juan Mª, na súa biblioteca. Era unha "muller de grandísima fermosura, moito máis nova que o seu esposo, pois aínda non

contaba vinte anos, e aquil comprira xa os corenta ... Tiña os ollos azúes, cor de ceo sereo, y unha cabeleira longa, roiba como a mel, que lle chegaba o pés. Compuña versos tan fermosos como os dos segreles de máis sona daquil tempo, tanguía moi xeitosamente a arpa e cantaba con docísima voz de anxo tristentas cancións de amor". Esta muller falece poucos meses despois da morte de Henri de Folch. Foi soterrada na igrexa da torre, pero a ela non se lle fixo sartego.

Dorinda. Personaxe do conto *¡As cinco letras!*, incluído nun libro de relatos curtos preparado pola editorial SB. Dorinda "era unha rapaciña máis ben pequena, loira, goapeta e moi riñosa de seu"; fillastra do señor Ramón. Un día no que se encontraba cun grupo de amigos nun bar fumando porros "con moitas bulras e risadas"; chegou o señor Ramón, quen ademais de darlle unha labazada que "lle esfachou o porro na boca", sacouna do bar chamándolle "as cinco letras".

Dosindiña. Personaxe do conto *Unha morte sin rastro*, incluído no libro HQNC. É a única filla de Juan "o Rei dos Xamós, daquela a única herdeira da grande fortuna do seu pai. Despois da morte do pai casa co Filiberto.

Doutor Alonso. Personaxe real nomeado no conto *Suicidio frustrado*, incluído no libro CDN. Germán Alonso foi o padrasto dos irmáns Pimentel. Este home aconsellara a Amparito que pasase unha tempada na serra de Guadarrama para curar unha lesión de pulmón.

Doutor Pansofo. Personaxe do conto *¿Egua ou cabalo?*. incluído no libro CDN. Pertence á "peña do Metropol". "Sempre falando da interpretación dos mitos e barallando nomes alemás. Groso e pequenote il, coma un porrón". Ante a controversia xurxida polo cadro de Prego de Oliver, el explica: "Fai anos que levo dito que a polaridade mítica da vida sexual no

subconscente, pendura antre o mito dos Priamos e o mito do Laberinto".

Doutor Rocha. Personaxe do conto *¿Egua ou cabalo?*, incluído no libro CDN. Pertence á "peña do Metropol", á que asiste a cotío o narrador e o Lamas, entre outros. O Rocha "tiña a zunia do alcolismo e os seus estragos no chamado corpo social. Esguío, as orellas pegadas á testa". Vai cear a casa do Lamas, xunto con outros amigos, e así comprobar o sexo do animal pintado no cadro. Un tremor de terra fai que a táboa caia da parede, e descubra o segredo da pintura. Esta dobrez na creación artística do pintor explica para el o adaxio da historia.

E

¿E decímolo ou non-o decimos?. Conto de AF publicado de xeito independente primeiro, e máis adiante no volume *Historias que ninguén cre*. AF dixo del que era "un conto de misterio que chegou ó policiaco". Na primeira ocasión é unha edición bilingüe de autor, realizada por *Cartonaxes ANMI*, de Ánxel Gómez Camarón, e datada en 1972. Leva tres debuxos de Blas Lourés e un limiar de Juan Soto, que ó tempo é o autor da traducción ó castelán. ***OpJS***: "Eu quixera pedirlle permiso a don Ánxel pra sere o seu discípulo. Cando escribo un artigo e non lle parece ben a don Ánxel, xa me pode decir todo o mundo que lle gustóu moito; eu sei ben que o artigo é malo. Leendo a *Neumandro* aprendín a leer nos xornás. Teño máis de douscentos artigos recortados, na casa, e metidos nun sobre. Nembargantes, non quixera que ninguén notase que eu son amigo de don Ánxel".

PRAZA MAIOR

Historias que ninguén cre

E decímolo ou non o decimos?

O chamado bairro das Casas Baratas era un dos máis bonitos de Lugo

Número 0 da publicación *Praza Maior*, cunha proba de *E decímolo*...

Eckermann, Johann Peter. Escritor alemán. O feito de recoller e publica-las súas *Conversas con Goethe nos últimos anos da súa vida* (1936-1948) _nas que aparecen documentos reveladores sobre a vida de Goethe_, convertiu a súa propia biografía nun modelo arquetípico. ***OpXAM***: "Cumpriría recoller en volume os romances de Fole, tipo de composición que cultivou, con fruición, antes da Guerra Civil e nos primeiros anos da Posguerra. Debería facelo quen hoxe é o ser mellor hermeneuta e quen, durante moitos anos, foi o seu dilixente e

garimoso Eckermann: Juan Soto". XAM repite os paralelismos Soto/Eckermann, Fole/Goethe noutros dous artigos (*FdeV*. 17-XII-1981 e *LVG* 6-II-1997).

Edelmiro. Personaxe do conto *O Galo de Monforte*, incluído no libro HQNC. Amigo e mais veciño do narrador do conto. "Botou vinte anos en México ... tiña un museo de curiosidades". Un día convidou a súa casa a un grupo de amigos para mostrarlles o que fora coleccionando ó longo dos anos. Para o narrador da historia, nada comparable co seu galo de catro patas, que o Edelmiro lle quere mercar.

Edo de Río. Personaxe do conto *A caixa de morto*, incluído no libro ALDC. Ladrón de Oencia.

Efe. Axencia informativa. Días antes da presentación do *Cartafolio de Lugo*. AF declara a *Efe*: "El bilingüismo no me resulta nada molesto. El castellano, que es un idioma hermoso, puede estar al lado del gallego, que para mí es una lengua entrañable". (*Efe*. 29-IV-1981).

Eginardo de Tor. Alcume xornalístico de AF, probablemente en homenaxe ó cronista carolinxio Eginardo, ou Ainhard, autor da *Vida de Carlomagno*, e o pazo de Tor. Eginardo deriva de Egina, a ninfa filla de Asopo, e significa *amigo do lume*. ***AF***: "Fernandito de Tor era a educación personificada. O coitado morreu dunha horrenda enfermidade de glándulas. A quen coñecín tamén foi a don Gonzalo de Tor, de Quiroga, irmán de don Pepe _avó do actual propietario da casa-torre de Cartelos, Xosé Luis Taboada García_, que negouse a cooperar co Movimento".

¿Egua ou cabalo?. Título do derradeiro artigo publicado en vida de AF, aínda que xa publicado no mesmo xornal o 17-X-1968. Saíu desa segunda volta en *El Progreso* o 7 de maio de

1986 e Fole morre dous días despois. Basea o seu comentario nun óleo de Prego de Oliver.

Emilio "o castrador de Rugando". Personaxe do conto *Os lobos*, incluído no libro ALDC. É un grande xogatín, e moi botado para adiante, sobre todo nas liortas. Casa cunha muller "de casa forte". Pola Santa Lucía, época de pouco traballo, xanta na casa do Rulo. Malia as advertencias do seu amigo da presencia dos lobos nos camiños, Emilio que é home valente, decide marchar a súa casa. Senón fose pola presencia dos seus cuñados, que o saen buscar, este home sería devorado por estes animais.

En Punta. Revista de los medios de comunicación. Fundada e dirixida en Madrid polo escritor ourensán Xosé Luís Casas, neto de Álvaro de las Casas, foi dirixida no seu último ano de vida por Xosé de Cora. Nela colabora Juan Soto e AF publica o artigo *Recuerdo de las revistas literarias gallegas* (Nº21. V-1976), dentro da sección *Líderes de opinión*. Don Ánxel quedou moi satisfeito da presentación do artigo, que levaba a adxunta fotografía de Vega. E tamén, polo feito de que unha revista madrileña pedise unha colaboración súa e pagase por ela.

Don Ánxel, no 1976, sempre *En Punta*

Engracia. Protagonista da historia que sobre a "Crus de Outeiro" se narra no conto *¡Lobos te coman!*, incluído no libro HQNC. "Rapaza moi goapa e xeitosa ela anque de casa probe ... fíxose costureira e empezou a coser polas casas. Na casa que máis a chamaba a coser era na casa do Rufo". Un fillo deste, o Monchiño, namorouse dela. A familia do Rufo non permiten tal relación, aínda sabendo que a Engracia está esperando un fillo del. O Moncho decide marchar para Cuba, e a Engracia

despídeo coa seguintes palabras: "-¡Covarde, que consintes en ver perdido o teu sangue! ¡Lobos te coman! Anos máis tarde, a Engracia casa co Avaristo. Mais pouco durou a ledicia, pois o Moncho regresou e a maldición que ela lle botara o día da despedida, cumpríuse. "A Engracia din que morreu de pena por botarlle aquela maldición ..."

Engracia. Personaxe do conto *¡Xantamos a carón dun esquelete!*. incluído no libro HQNC. Está casada co Manoel "o Curuxo", dono da fonda que leva o seu nome.

Engracia, A. Personaxe nomeado no conto *O Medo*, incluído no libro HQNC. É criada na casa de labranza de don Gumersindo.

Enrique. Personaxe do conto *O espello*, incluído no libro ALDC. Rapaz alto e loiro, ledo e sinxelo que só falaba en serio de "temas patolóxicos". Estudiaba Dereito en Santiago. Para el "non había máis Dios que a cencia". Non gustaba dos versos, pois parecíanlle "cousas de mulleres", e en canto ó amor dicía que era "unha trapela da Natureza para perpetuala especie".

Enríquez Reyes, Lázaro. Ilustrador de *¡Xantamos a carón dun esquelete!*. de AF. (Xerais. Edición non venal 1996).

Ensinanza. Ou Enseñanza. Rúa de Santiago. No edificio número 11 viviron algún tempo Álvaro Cunqueiro e AF. Ámbolos dous escritores pagaban 4,5 pesetas diarias con dereito a sopa, dous pratos e postre, mazá ou laranxa, segundo Fernández del Riego.

Epifanio de Carballo. Personaxe do conto *Ventureira xornada*, incluído nun libro de relatos curtos preparado pola editorial SB. "É xenro do Tiberio, o taberneiro de San Martín".

Escribano, O. Personaxe da obra de teatro PDD. "É un home

inda novo, máis ben baixo, que viste coma un señorito da vila. Usa polainas e leva unha fusta na man. Debaixo do brazo unha gran carteira negra. Lentes e chapeo".

Espasa-Calpe S.A. Editorial fundada en Bilbao (1925). O anexo de 1985-86 á súa *Enciclopedia universal ilustrada europeoamericana* dedica sesenta liñas a Fole. A colección Austral publica a traducción ó castelán de Juan Soto. *Cuentos para leer en invierno*. (*vid* Pernas, Ramón)

Estapé Llop, Joan. Autor da biografía de AF nos anuarios de Difusora Internacional (Protagonistas 1986), con fotos de Xosé Luís Tejero. ***Op***: "Cuando Fole murió (...) para Galicia desaparecía un puntal decisivo del renacer literario en la posguerra; para Lugo, además, un hombre que había cantado a su ciudad y sus comarcas, y que, con el tiempo, se convirtió en un personaje entrañable al que se le podía ver deambular por sus calles y pasar largas horas en sus cafeterías, como lector impenitente y animado contertulio".

Esteban, Francisco. Propietario e fundador de Edicións Celta, de Lugo, onde se publica *Galicia. ano 70*. na que colabora AF. En Celta publicaron, entre outros autores Manuel María. Alonso Montero. Neira Vilas, Jesús Rodríguez López e reedicións de Castelao.

Estefanía. Lucrecia. Agripina. Teodosia. ... Personaxes do conto *Ventureira xornada*, incluído no libro de relatos curtos preparado pola editorial SB. Todas estas rapazas son de Lamela e diríxense á feira de " San Martín de Quiroga".

Esteire, Odón. Compañeiro de bacharelato de AF. "Era de Baralla, moi alto, o máis alto de todo o Instituto. Boeno, pois este Odón Esteire facía unhas falcatruadas inverosímiles, pero sempre cun aire moi serio; ninguén sospeitaba que era el porque

era moi serio. Esteire tiña a súa pandilla de rapaces entre os que estaba Castro Balín, que logo foi garda de asalto e morreu tráxicamente na guerra, e outros rapaces. Esteire e os seus amigos asistían ás sesións relixiosas da capilla protestante, que estaba entón na carreteira da Coruña, e logo pasouse á rúa de García Abad. E viñan a predicar pastores ingleses que falaban un castelán defectuoso. Un deses días dos que estaba Esteire, o pastor preguntou se había entre os fieles alguén que soubera toca-lo armonium porque tiñan que canta-lo salmo non sei cantos. Levantouse Esteire e foise ao armonium, pero en vez de toca-la canción relixiosa, tocou o pasodoble *Valencia*, que tiña unha letra de broma, que decía:

"Botines,
los usan los pollos pera
cuando van sin calcetines".

E claro, o pastor botouse as mans á cabeza e berrou: "Eso no, eso no". E botáronos a todos fóra". De Esteire, autor dunha libretiña con versos de amor rematada cun *ex-libris* e a lenda *La aldea-Pol*, di tamén Fole no *Cartafolio*: "Le hacía mucha gracia fumar un pitillo y echar el chorro de humo por el ojo de la cerradura de las aulas cuando había clase, de fuera a dentro".

Estévez, Arantxa. Xornalista. Autora de *Ánxel Fole, o escritor que resistiu ó franquismo cun poderoso mundo narrativo* (*ANT.* nº761. Xaneiro-1997).

Estrela. Personaxe protagonista que aparece na segunda parte da historia narrada polo doutor Froilán, no conto *Por us pelos...*, incluído no libro TB. É sobriña da Rosalía de Óutara e vive na casa dos seus tíos desde hai case dous anos. A Estrela era "moi ben feita de corpo e de cara. Tiña os ollos grandes, tirando a verdes e o cabelo, castaño craro. Unha rapariga verdadeiramente fermosa". Corrobora o dito pola súa tía sobre a inseguridade que corren as mulleres ó chegar a noitiña, pois ela o outro día foi atacada por un home descoñecido cando viña do prado da Nabeira. O máis rechamante do caso, pois ela conseguiu fuxir a

tempo, foi o aspecto que tiña aquel estraño: "Era case tan ancho coma alto e tiña moita barba e caíanlle os guechos por debaixo da pucha, e non lle vían máis que os ollos, que alumaban coma tizós... Era un monstro...". Mais este non sería o derradeiro encontro deste home salvaxe coa Estrela, pois poucos días despois deste suceso e estando o doutor de cacería na serra, a rapariga voltará a ser atacada por este salvaxe. O Froilán enfrontarase ó monstro e daralle morte. A Estrela agradecida promete que casará con el, e así o fai.

Eugenio Losada de Zúñiga. Personaxe do conto *O espello*, incluído no libro ALDC. Ministro de Facenda, que no seu día estivo a piques de casar coa tía Rosa. É o home que asinaba moitas das cartas que os dous curmáns tiñan atopado nas gavetas do cuarto onde durmían. Morre en Madrid o mesmo día e á mesma hora, en que o estraño cabaleiro entra polo espello do cuarto do Bieito.

Eyré Lamas, Xulio. ***Xulio de Abral.*** Escritor e delegado da Asociación Nacional de Inválidos Civiles (ANIC) en Lugo, hoxe xubilado. Autor de *Contos, lendas e namoros* (Everest. 1991), ó que AF escribe o prólogo: "Agora relembro cómo coñecín a Xulio Eyré Lamas. Aló polos anos sesenta e tantos presentoumo Pedro de Llano. director que foi do xornal *El Progreso*. Viña no seu carriño de rodas a pedirme que lle axudase á propaganda da mentalización a prol dos "minusválidos". Ó tempo Eyré era delegado da ANIC en Lugo. Estivemos de mañá nun bar da rúa do Progreso en entretida conversa. Tamén veño de lembrarme, de que ó falar, entre outras cousas, dos topónimos dalgúns lugares de Chantada, díxome que o nome de Requeixo nada tiña que ver con queixo, que se derivaba da verba latina *requiescere*, descanso".

F

Fada do Relanzo. Persoaxe ideal creado por don Francisco de Zúñiga, protagonista da terceira das historias narradas por don Ramón no conto *Tres historias do pazo de Lucencia*, incluída no libro TB. Segundo os cadros que pintara don Francisco, esta tiña "os ollos craros e a cabeleira longa".

Falanxe. Organización política fundada por José Antonio Primo de Rivera. ***AF***: "Sí, me hicieron muchas presiones para que ingresara en la Falange, pero siempre me negué". Preguntado por Casares sobre os autores desas presións, o escritor di: "Pois algúns amigos que se pasaran *al moro* e tamén a miña familia, concretamente o meu irmán, que dicía que esa era a mellor maneira de estar seguro. Pero negueime rotundamente, porque eso era unha traición. Dixen, que cada un corra a súa sorte. Eu funlle moi sereno".

Falcón, O. Personaxe protagonista da historia narrada por Fiz de Cotovelo no conto *O arreguizo* (TB). "Chamábanlle de mal nome o Falcón, pola súa valentía e coraxe nas liortas das romerías... Adicábase ó trato do gando. A súa compaña era o pior do pior... Larengos, larchás e desleigados que sempre andan de troula que sempre andaban de troula... Alto, enxoito, cos ollos e o pelo como acibeche e a dentamia grande e botada pra fora coma a dun lobo. E logo, moi fachendoso il. Andaba ca zunia de que a Rola había de sere pra il, e era tan teimudo que ninguén lle facía viralo pensamento". El é o que asasina á Rola, pois non pode soportar que haxa outro home que a persiga, "Ou pra min ou prá terra..." repetía decote. Morreu en Cuba, a mans dun negro "xamaiquino" que lle espetou unha navallada no corazón.

Farón, O. Personaxe da obra de teatro PDD. Ten unha taberna. Está casado coa Lucrecia.

Faro de Vigo. Xornal no que AF colabora a través de Francisco Fernández del Riego, Francisco Leal Insua, Xulio Sigüenza ou Álvaro Cunqueiro. AF colabora no proxecto para celebra-lo centenario do xornal. ***OpJA-FLI***: "Para conmemorar el primer siglo de existencia *Faro de Vigo* editó un magnífico volumen extraordinario, que se vino publicando, a lo largo de un año y pico, en unos encartes encuadernables de periodicidad mensual, lo cuales se ofrecían dentro del cuerpo general del diario. El primer fascículo se publicó el 1 de noviembre de 1952, y el último apareció el 26 de mayo de 1954. Constituyó una meritísima empresa bibliográfica, con más de un millón de palabras, sin parangón con ninguna publicación española aparecida para celebrar una fiesta jubilar. Colaboraron en este número extraordinario 169 escritores, de los cuales son gallegos 112". ***OpRNR***: "Fole deixou de colaborar no *FdeV* o ano 1961. Fixérano cunha ampla serie de artigos que publicaba ininterrompidamente desde o ano 1949 e que contabilizan _ata 1961_, un total de sesenta artigos escritos en castelán aínda non compilados e caracterizados por posuíren un estilo sinxelo, vivo e ameno ao tempo que recreaba, en exercicios literarios de bela factura, situacións, costumes e paisaxes galegas baixo o epígrafe *Caminos de Galicia*."

FARO DE VIGO

EL CAUDILLO INAUGURO SOLEMNEMENTE

AUSTRIA RECOBRO

KRUSCHEF AUMENTA EN SU OFENSIVA

¿QUE OCURRE EN EL EJERCITO CHILENO?

Exemplar do *Faro* correspondente ó día das futuras letras galegas, o 17 de maio de 1954, na época de Leal Insua

Faro de Vigo. Antología de artículos. Libro editado polo *FdeV* no 135 aniversario da súa fundación (1988), con prólogo de Domingo García-Sabell. Inclúe o relato de AF *El secreto del espejo*, publicado inicialmente o 24-XII-1955, e unha pequena nota biográfica de AF.

Farruca. Personaxe do conto *¡Difuntámo-la bebida!*, incluído no libro CDN. É a cociñeira na casa de Xerardo.

Farruco. Personaxe do conto *A cabana do carboeiro*, incluído no libro ALDC. Un dos criados do tío Pepe, "era un mozo dunhos trinta anos, baixo, preto e forte, de poucas falas, cecais por ser medio tatexo... Facía de hortelán e de pastor". O Farruco foi o que avisa a tía Ramona de que o Pepe estaba moi enfermo.

Farruco. Personaxe nomeado no conto *O Medo*, incluído no libro HQNC. Pastor na casa de labranza de don Gumersindo.

Farruco. Personaxe do conto *O corpo do delito*, incluído no libro TB. É o criado de don Crisanto de Padorna.

Farruco de Ameixende. Personaxe que aparece nomeado no conto *¡Caronte!*, incluído no libro CDN. O narrrador lembra que estando no balneario de Guitiriz tomando as augas, o Farruco sempre lle dicía: "¿Salutíferas as augas minerais? Reconcho, salutífero o viño ..."

Farruco de Caldas. Personaxe do conto *O Tesouro*. incluído no libro ALDC. Figura secundaria dentro da historia que desenvolve o caderno que atopa Don Juan Mª. É o administrador do señor do pazo, Don Francisco de Balboa. El é ademais o que con acento afrancesado, consegue enganar ós invasores e conducilos ata a torre onde sufrirán o ataque da guerrilla organizada polo señor do pazo.

Farruco "o Pego". Personaxe que aparece na primeira parte da historia narrada polo doutor Froilán no conto *Por us pelos...* , incluído no libro TB. Unha mañá ben cedo preséntase na casa de don Froilán para solicitar os seus servicios, pois aparecera unha muller morta. A tal muller era a esposa do Galo de Regundo, veciño del, que lle encarga ir na procura dun médico para coñecer a causa da morte da Sabela.

Farruco de Quintá. Personaxe do conto *O paxaro laión*, incluído no libro CDN. Cando na casa do Pándego fai aparición unha estraña pantasma foxe de alí a todo correr, é por iso polo que ten "hematoma nos dous coxotes".

Farruquiño. Personaxe do conto *¡Difuntámo-la bebida!*, incluído no libro CDN. "Criado para todo", na casa de Xerardo.

Farruquiño. Personaxe do conto *As meigas atinan sempre*, incluído no libro ALDC. É fillo do Valerio e da Varisa. Tiña dez anos e fora criado con moito meco. Unha tarde en que foi con seu pai a rozar monte, atopou dous "lobecos pequechiños" que levou a casa para alimentalos. Eles serán os que máis tarde devoren o "cabirto" prometido á Meiga de Torgán.

Farruquiño de Vilañán. Personaxe do conto *A vengación*, incluído no libro HQNC. É un dos homes que sae cazar xunto con Xan, o Belisario de San Paio, o Pepiño de Barxa, etc... Fainos sabedores da volta do Raúle das Américas, pois "seica o viron en San Clodio trasantonte".

Fazai. Aldea de Lugo citada en *O galo de Monforte* (HQNC).

Febus. Axencia de noticias, da que AF é correspondente en Lugo. As axencias Febus e Fabra foron os antecedentes históricos de Efe, e segundo unha das teorías sobre o seu nome, Efe chámase así polas iniciais destas dúas. Outras versións falan de que a causa foi unha homenaxe a Franco e á Falanxe. ***AF***: "No trinta e seis fun corresponsal de *Febus* e colaborador asíduo do *Pueblo Gallego*. E polo tanto tiven intervención en informacións decisivas do Movemento. Por ser corresponsal de Febus viñérame a ver un escritor catalán que estivera logo moitos anos exiliado en Nueva York..."

O seu carné de *Febus*

Federación de Libreiros de Galicia. Concede o premio *Irmandade do Libro* ó suplemento *Táboa Redonda*.

Fellini, Federico. Director cinematográfico. Trala estrea de *Amarcord*, AF pensa que un dos episodios da película de Fellini

Don Ánxel e Fellini participaron de recordos semellantes

é un plaxio dunha historia súa, *O documento*. AF xa fixera unha referencia ó sucedido no artigo *Ars Magna Risas. De cómo don Fabulón hizo bajar de un árbol al loco Providencia* (*HdelL*. 31-I-1966).

Fernán-Vello, Miguel Anxo. Poeta, dramaturgo, ensaísta e editor. Colaborador de TR. En ELAF publica o poema *Ánxel Fole*:

Terra, palavra e luz do povo.
E Ánxel Fole en nos
purificando os soños
e o mistério,
ese vello sentido
dos homes sobre o mundo,
esa paisaxe pura
no corazón da noite.

E Ánxel Fole en nos
amando sois e luas
na voz dos antigos camiños,
amando a luz do povo,
a terra e a palavra.

E Ánxel Fole en Galiza.

A portada de Xurxo Fernández

Fernanda. Personaxe do conto *¡Lobos te coman!*, incluído no libro HQNC. Nai de catro fillos: o Paco, o Ramón, o Fernando e o Pepiño. Leva viúva máis de vinte anos, é ela soa a traballar na casa pois os seus fillos son uns lacazáns, só gustan de pasear e de se divertir.

Fernández, Xurxo. Reporteiro gráfico de *A Nosa Terra*. Autor dunha fotografía de AF, coa que *ANT* abre o seu número 100, o 28 de marzo de 1980.

Fernández Albor, Xerardo. Ex-presidente da Xunta de Galicia e médico. AF visítao en Santiago para coñece-la súa colección de pintura, segundo narra no artigo

Para un gran museo gallego (*HdelL*. 29-X-1962). En 1987 participa nos actos de homenaxe a AF organizados pola SGAE. Sendo presidente da Xunta, concede a Fole a Medalla Castelao.

Fernández Castro, Nilo. Director do xornal lugués *La Provincia*, onde AF comeza as súas colaboracións xornalísticas. Ámbolos dous coincidirán logo nas tertulias de Vigo.

Fernández de la Vega, Celestino. Escritor e filósofo. Amigo e compañeiro de tertulias de AF no Méndez Núñez, no Ibor, no

Celestino, Piñeiro,García Sabell, Américo Castro e Fole

Monterrey, no Sucre e noutros establecementos de Lugo. Autor de *Cuentos gallegos de Ánxel Fole* (*EP*. 4-X-1953); *Anxel Fole en la Academia Galega* (*EP*. 6-X-1963) e de *Los de Ronsel* (*Ronsel*. Revista de Arte. Número conmemorativo del cincuentenario de su publicación. 1924-1974. Vigo 1975): "Tras la trágica discontinuidad de la Guerra Civil, el enlace entre la generación *Ronsel* y la generación *Yunque*, es decir, el contacto personal entre los de *Ronsel* y nosotros, los más jóvenes de los años treinta, se produjo por mediación de Ángel Fole que nos descubrió, a Ramón Piñeiro y a mi, el extraordinario y

O marco do Cebreiro para unha foto en cinemascope: Fole, Celestino, Rosón, del Riego, Piñeiro, as súas donas e Domingo García Sabell detrás da cámara

angustiado mundo íntimo del gran poeta Luis Pimentel". Autor de *Breve elogio-sorpresa de Ánxel Fole* (*EP*. 26-I-1985): "Si

Don Ánxel con María Luisa, a viúva de Celestino, no pazo de Souto. Autor da fotografía: Antón Buxán

quiero hablar de Fole con urgencia no se me ocurre nada, es decir, no sé por dónde empezar. Su personalidad me resulta tan próxima y familiar que adquiere una dimensión abundante, inabarcable, inagotable". ***AF***: "Su abuelo materno, don Celestino Pardo, que ejercía la medicina en Friol, era compadre de mi padre. Lo conocí en las peñas de Lugo. Conocía a sus hermanos y a toda la familia. Era un intelectual muy agudo e inteligente, veía las relaciones lejanas entre todas las cosas. Y muy objetivo. Creyó encontrar el secreto del humor en el desdoblamiento de la personalidad".

Piñeiro, Fole, Celestino, Fernández del Riego y García-Sabell, na montaña luguesa

Fernández del Riego, Francisco. *Salvador Lorenzana.* Escritor. Amigo de AF, *Salvador Lorenzana* é unha constante na vida do narrador lugués, sexa como compañeiro de tertulia en Santiago e Vigo, sexa como introductor de AF en diversos medios escritos e radiofónicos. ***Op***: "Ánxel Fole (...) foi meu amigo durante moitos anos. Soupen del de vez primeira, por unhas octaviñas electorais, nas que figuraba como candidato

Fernández del Riego foi o personaxe decisivo para a publicación da primeira obra de Fole, *A lús do candil*. (Capa da 2ª edición)

radical socialista pola provincia de Lugo. Máis tarde ingresaría nas filas do galeguismo. A nosa relación amistosa encetouse en Compostela, nos días en que se desprazaba a esta cidade para se examinar, como alumno libre, na Facultade de Dereito. Aínda que chegaba dous meses antes de rematar o curso para asistir ás clases, non acudía a elas, nen tampouco se presentaba aos exames. Frecuentaba, en troque, as tertulias do Café Español, e compartía as actividades literarias promovidas polos intelectuais daquela época. (...) Lémbroo camiñando baixo a chuvia, con aquel seu impermeable verdigrís, e derramando unha boa parte das noites no Café Savoy, lendo a Valle-Inclán e a Gabriel Miró. Tamén nas paseatas con Maside e comigo pola Ferradura, falando de arte e de letras. Sempre estaba a nos mirar a todos con aqueles seus ollos vivaces e irónicos, como a posibles personaxes de novela. Sendo director da revista luguesa *Yunque*. incorporou ás súas páxinas as firmas dos escritores e artistas cos que conviviu en Compostela". Autor (***PE***) do *Manual de Historia de la Literatura Gallega* (Galaxia. 1951); do Limiar de *A lús do candil*. de AF (Galaxia. 1953); da *Conversa sobre Galicia co autor de Terra brava* (*GE* nº 29. 1957); de *Ánxel Fole: Nidia orixinalidade e forte tradición* (*EP*. 29-VII-1979); de *Ánxel Fole. Historia da Literatura* (Galaxia. 1984); do traballo *Narrador e paisaxista* (*Grial*, nº95. 1987); e do *Diccionario de Escritores en Lingua Galega* (E. do Castro. 1990). Na voz *Fole Sánchez, Ánxel* di: "Desde a súa mocedade sentiuse chamado pola vocación literaria. Convirtiuse despois nun dos escritores máis finos da súa xeración". Autor de *Ánxel Fole, narrador* (*LVG*. 25-VIII-1995). ***Op***. "O narrador lugués revelárase como devoto paisaxista. Afirmaba que un anaco da natureza se fixo paisaxe pola virtude dunha ollada humana. Sen ollos contemplativos non hai paisaxe. Atendía con afinco á terra darredor, e ordenou coa palabra a pegada impresa no seu

Fole, del Riego... con Otero en Trasalva

espírito pola tensa expectación. Fixo, perante a paisaxe, puro impresionismo. No eido narrativo publicou *Á lús do candil*: unha serie de contos de feitío orixinal, con basamento na tradición oral. Despois *Terra brava*, outro volume de relatos nos que o autor se valeu do vocabulario, dos xiros e do ritmo do idioma falado".

Fernández Maira, Ángeles. Xornalista. Compañeira de AF na Redacción de *EP*. Autora de *Ánxel Fole: "O San Froilán está moi urbanizado, perdeu moita forza a partir dos anos da República"* (*EP*. 9-X-1983): "Tamén antes o pulpo constituía un elemento fundamental por estas festas. Toda a cidade cheiraba a pulpo e as barracas onde se comía cubrían barrios enteiros; ao redor da muralla había seis ou sete polo menos".

Fernández-Oxea, Xosé Ramón. *Ben-Cho-Shey*. Polígrafo. Amigo de AF. Presidente do Partido Galeguista. ***AF***: "*Ben-Cho-Shey* e mais eu asistimos ó enterro, en Lugo, do veterano galeguista Reinaldo Gómez, que precisamente era afillado do meu pai. Coido lembrar que era unha tarde de maio do ano 1934. Xa choveu, meus lectores... *Ben-Cho-Shey* acababa de ser destinado a Lugo como inspeutor do Insino Primario. Era un

home forte e moi dilixente. Lémbrome ben que por aquelas datas vivía nun piso da Mosqueira, trasladouse dempois a outro millor, da rúa de Quiroga Ballesteros, rúa que fora aberta facía poucos meses. Andando us meses, a Agrupación galeguista xa tiña local propio nunha antiga casa de moita folganza, na histórica rúa do Miño (...) Ben relembro as conversas con Servando de la Vallina, Antonio Paz, José Mar e Varela, Manolo do Parque, Lorenzo Varela. Ramón Piñeiro. Antón Figueroa. Pepe Mintel e tantos e tantos outros. (...) Das conversas con *Ben-Cho-Shey* tódolos rapaces saían máis afincados nos seus sentimentos de galeguistas. O seu maxisterio, a iste respeito, non puido ser máis facedeiro. Sempre convencía e anortaba. Todos os que o tratamos contábamolo antre os "galeguistas cen por cen".

Con Manuel María, descubrindo Galicia

Fernández Teixeiro, Manuel María. Poeta e procurador dos

tribunais. Aínda que máis novo cá maioría dos seus membros, a presencia de Manuel María nas tertulias luguesas frecuentadas por AF é xa cáseque constante nos anos despois da guerra. Cando Manuel María e Ánxel Johán _non Ánxel Fole como se di nalgunha biografía_, tiran do prelo un novo libro de poesía da Colección Xistral, os membros da tertulia do Méndez axudan a paga-los gastos ós que non alcanzan as vendas. AF saúda a saída de *Terra Chá* (1954) no artigo *Devalare e cantare*, no primeiro número de *Galicia Emigrante* (*GE* 1. 1954), no que di: "Ó remata-la súa leitura, coidamos que é Manoel María un dos máis esgrevios segreles novos da terra luguesa, que conta con poetas mozos tan interesantes coma Luz Pozo Garza i Euxío Novo Neira. E non somentes da terra luguesa, senón de toda a Galicia". (Tamén *De par dun poeta*, prólogo a *Terra Chá* (2ª edición. Círculo de las Artes. 1967) e máis en *Manuel María da Terra Chá* (Citania. 1995). Por outra banda, en *Lírica galega. Noventa e nove poemas* (*EP*. 5-III-1972), escribe: "De Manoel María dáme querencia a súa sensibilidade prá paisaxe. O seu agarimo pola súa lamaguenta Terra Chá, cas grallas sulcando o neboento ar dos días de outono, con choiva e ventaladas". Autor de *Noticia de la novela y del cuento en Galicia* (*VG*. V-1958); de *Nuestros académicos: Ánxel Fole* (*VG*. I-1962); de *Breves e lixeiras consideracións arredor de Táboa Redonda* (*EP*. 17-II-1993), e de *Xa é o patriarca* (*LVdeG*. 6-V-1982). Un ano antes do pasamento de AF, Manuel María escribe un *Soneto-retrato homaxe ao escritor Ánxel Fole*, que logo sería publicado no volume ELAF:

Este é o gran Ánxel Fole. ¡Sí señor!
Un cigarro, unha boina, unha cachaba.
Dende *A lús do candil* a *Terra brava*:
¡que cantidade de tebra e resprandor!

Este é don Ánxel Fole. O narrador
que comenza a contar e nunca acaba.
O que ten a palabra por escrava.
O dono do misterio. O irmao da flor.

O bandeirante maior que vai dediante
na solprendente aventura da viaxe
ao fondo do noso ser aluciante.

Fíxose, á vez, camiño e camiñante,
voz da terra, latexo da paisaxe
¡e a prodixosa luz máis centilante!

(Datado polo San Froilán do 1985. Ano do Centeario de Rosalía). Desaparecido don Ánxel, Manuel María opina nunha enquisa xornalística que "os seus contos son dunha perfección formal, coa precisión dun mecanismo de reloxería. Desde logo, resultan inolvidables". O poeta pronuncia unhas palabras no acto de homenaxe a Fole (11-X-1986) celebrado no cemiterio de San Froilán: "Foi con Cunqueiro e Blanco-Amor unha das tres grandes figuras nas que se estrea a nosa narrativa actual. (...) Que Ánxel Fole estea sempre con nós".

Fernando. Narrador do conto *O Desafío*, incluído no libro CDN. Nos últimos tempos andaba un tanto preocupado pois sentía alucinacións, e el teimaba coa idea de ser alcólico pois "A verdade e que un se alcoliza por menos de nada. Unha profesión como a miña, de avogado, supón sempre moitas relacións sociais. Andar nas tascas... Hai días que chega un á casa con dez vasos de viño e tres copas de coñac". De todos os xeitos, o suceso que fai que visite ó médico acontece unha tardiña do mes de maio en Monforte, onde estando nun café, cre ver coa diferencia de a penas uns segundos, a un mesmo home vestido de xeito totalmente distinto.

Ferreirós. Bar-restaurante de Lugo citado en *¿E decímolo ou non o decimos?* (HQNC).

Ferrete, O; e mais o Séneca. Personaxes do conto *O ateo da vila* (CDN)O narrador da historia coñéceos no casino da vila do Burgo. Ámbolos dous son escribentes do "Auntamento e do Xuzgado. Eran dous tipos moi vilegos e imitábanse moito. Os

dous eran pequenotes, morenos e grosos, e andarían pola coarentena... Parecía que naceran pra andar de enchente todo o ano de Dios. Os seus alcumes de "Séneca" e "Ferrete" víñanlles da súa teima e da súa arte de espelexar ós autros vilegos. Sempre andaban a pescudar as vidas alleas e a lles atopar luxas. E tamén andaban un candia o outro, como o corpo e a súa sombra". Un día fixeron unha aposta co boticario, pois sempre se estaban a rir de don Agapito polas visitas que este facía ó cemiterio pola noite. A aposta gañaría quen conseguise ir ó camposanto á unha da mañá do día vinteseis, dous días despois do San Xoán. Cando están alí e xa parece que teñen gañada a aposta, presentáse un home "todo branco dos pes á testa". Enseguida recoñeceron que era "o Cara de Lúa", e saíron a todo correr do cemiterio. Estes homes, seica non voltaron pola botica do Gumersindo "deica un ano moi pasado".

Fierros Álvarez, Dionisio. Pintor. AF constrúe o conto *A pinga de sangue* (HQNC) sobre un retrato seu do comandante don Fernando de Guzmán y Perojo: "O retrato arrepresentaba un home novo, de nachas corvas, cun grao de tamaño dun chícharo na meixela dereita. Moreno il, de bigote e patillas, con guerreira azul e ros con prumeiro branco. Esquencíame... Os ollos do cabaleiro tiraban a verde".

Figueiredo. Aldea da ribeira do Sil, en Quiroga. Fole di que vendía moito aceite, "como San Vitorio vendía limós". De Figueiredo era o Avaristo.

Figueroa Mosteiro, Antón. Médico e farmacéutico. Sobriño do galeguista Salvador Mosteiro, casa con Adela Panisse. De antiguo mantén unha relación familiar cos Fole. especialmente con Ánxel, coincidindo con el nas tertulias do Méndez. no Monterrey, e moi intensamente durante unha longa tempada na súa propia rebotica, onde

Antón Figueroa, caricaturizado por Mouriz

Adela Panisse coa familia Fole

xuntábanse eles dous, Juan Soto. Pepe Mouriz. Pepe Veral e outros, cando a farmacia de Antón tiña servicio de garda.

Filgueira Valverde, Xosé Fernando. Polígrafo, conferenciante, articulista, narrador e investigador. Profesor en Lugo onde coñece a AF. Lembra a pegada que deixou en Fole a súa conferencia sobre a paisaxe nos cancioneiros. ***Op***: "Na serodia, pero xeral "simpatía" _ésta é a verba aquelada_ que espertan Fole e as súas creacións literarias xogan moitos factores. Quero suliñar que foi o discanto que demandaba o iluminismo sabio e requintado dos nosos mellores prosistas. Popularizante, directo, a xente atopou na súa homildosa enxebría valores distintos dos que abondan nas letras galegas de agora".

Filiberto. Personaxe do conto *Unha morte sin rastro*, incluído no libro HQNC. Este home, pretendiente da filla do Juan "o Rei dos Xamós", era fillo dun xuíz municipal que fallara dúas veces en contra deste empresario, "por iso iste lle tiña tanta xenreira". Un ano máis tarde da morte do Juan casará coa Dosindiña.

Filiberto de Rul. Personaxe protagonista que aparece na primeira parte da historia narrada polo doutor Froilán no conto *Por us pelos...*, incluído no libro TB. Filiberto era o "Pedáneo", amigo persoal do doutor pois "curáralle unha filla do sarampín o autro ano". Era un home "de algo máis de cincoenta anos, baixo e groso, que falaba con moito apouso, rebuscando moito as palabras coma si se escoitase a si mesmo, e que se daba moito pote por ser pedáneo. Outramente era persoa honrada e cabal". Facilítalle ó doutor canto é necesario para dar parte á xustiza de todo o acontecido na casa do Galo. Enfróntase moi rexo ós veciños, que acoden á casa da defunta con gañas de vingar a súa morte.

Filomena. Personaxe da historia narrada por don Crisanto no conto *O corpo do delito*, incluído no libro TB. "Rapaza, xa non moi nova,... pequenota, morena e ancha", que traballa na casa de don Xermán. Despois da morte deste, a Faísca bótaa da casa pois o seu home, o Sarillo, compráralle nunha feira un pano para por na cabeza. Máis adiante comeza a traballar na casa do xuíz. Pasan os anos e coñécese a noticia de que a Faísca morre afogada na Habana, e o Sarillo morre nun accidente de traballo, aló en Vizcaia; é daquela cando a Filomena revela o segredo do asasinato do patrón da casa de Grandal.

Fillo Predilecto da Cidade de Lugo. Título de honra, concedido polo Concello de Lugo e materializado nunha placa que foi entregada polo alcalde Vicente Quiroga Rodríguez no derradeiro domicilio de AF, na rúa Montero Ríos. O acto tivo lugar o 13 de outubro de 1985, nunha cerimonia íntima, como obrigou a saúde do escritor, á que só asistiron, ademais dos citados, Arsenio Losada Fidalgo, (veciño de Campos da Vila (Quiroga), amigo de AF, e inspirador dun dos seus personaxes de creación literaria), Manuel Rodríguez López, (amigo e compañeiro das viaxes pola provincia de Lugo), Xulio Xiz Ramil, (director do Patronato de Cultura do Concello), Xosé de

Vicente Quiroga aplaude o novo Fillo Predilecto na presencia de Arsenio Losada

Cora (director de *EP*), e representantes dos medios informativos. Deuse a circunstancia de que, como eran datas nas que Lugo celebraba as festas de San Froilán, o alcalde foi á Praza Maior para asistir a un concurso de petanca onde participaba Arsenio Losada dentro dun equipo de Quiroga. Recoñeceuno e informoulle do acto a celebrar na casa de AF. Na entrega, Vicente Quiroga dixo que "o acto de hoxe é un dos máis importantes da miña vida", e AF contestou co seu humor habitual, manifestando o desexo de ter fotografías das casas nas que viviu na súa vida: a de O Incio. a da Torre de Arcos de Chantada, a de Sotomaior e a de Orbán. O expediente para a concesión do título foi instruído polo concellal Manuel Núñez Carreira e presentado por Vicente Quiroga, o 24-I-1985, dicindo que "Fole ten por Lugo un amor sen fronteiras, patentizado polo seu afincamento na cidade, polos paseos polas rúas, pola obra que lle ten dedicada, e a devoción polas súas xentes". Fole foi o

cuarto fillo predilecto de Lugo, despois de selo Alfredo Rodríguez Labajo, Juan Rof Carballo e Álvaro Gil Varela.

Fisteos. Parroquia de Quiroga citada en *¡Lobos te coman!* (HQNC): "Mais inantes de chegar a Fisteos, pechouse tanto a nebra que houbo que poñe-lo auto a doce por hora".

Fiz de Cotovelo. Personaxe do conto *O arreguizo*, incluído no libro TB. Engádese á conversa que manteñen o Brais e o Vicentiño na tasca do Souto Grande. "O Fiz de Cotovelo era un tangaleirán moi mouro de cara, que andaría polos coarenta, antes máis que menos. Tiña o bico moi groso e movíase e falaba con moito apouso". El non sabía se os lobos poñen ou non os pelos de punta, como opinaba o Xan de Brais, o que si coñecía era un caso dun home "que se lle requicharon todos dun medo que levóu". Contános a historia do Uxío, a Rola, e o Falcón.

Fiz de Penedo. Personaxe nomeado no conto *O ateo da vila*, incluído no libro CDN. Fora "o tío máis calafate" que houbera na vila de Chantada. Tiña un comercio que ía moi ben debido a que vendía a dez o que custaba tres. O feito de que lle tocaran trescentos mil pesos na lotería, sevía de exemplo a Don Paco para probar que Deus non existía.

Flora. Personaxe do conto *A vengación*, incluído no libro HQNC. É a querida do Furelo, "din que a ista a trouxo de Ponferrada, de onde era a muller que tivo, a señora Encarnación...". Traballa na taberna que ten o Furelo e "axúdalle unha rapaciña que di que é filla do taberneiro, e seica non se leva ben ca Flora".

Florinda. Personaxe do conto *O Tesouro*. incluído no libro ALDC. É a ama do cura, Don Sebastián.

Fole (familia). Os Foles coetáneos de don Ánxel, amais dos

Benita, con Salvador e Anxel

pais, Reinaldo Fole Quiroga, e Benita Sánchez Corredoira, son os catro fillos dun primeiro matrimonio do pai, medio irmáns

seus, Reinaldo _o literario Reinaldito de Córneas_, Mercedes, Teresa _madriña do escritor_ e Rosina; os seus irmáns Salvador, Desiderio e María de los Ángeles Fole Sánchez, os dous fillos do primeiro destes, Emilio e Conchita Fole Otero, a filla do segundo, Gabriela Fole Nieto, e a neta, Aurora Pérez-Carro y Fole. O futuro escritor foi rexistrado con nomes de Ángel Alejandro; o primeiro polo seu avó, e Alejandro, polo presbítero Alejandro Somoza, que o bautizou. AF afirmaba que a orixe dos Fole estaba nos Folck da casa de Anjou. Segundo contaba o escritor, despois da disolución da orde dos templarios, uns chegarían a Galicia (Eiré-Pantón). "Allí tenía dos casas mi abuelo. Es un sitio muy hermoso y rico en viñedos". Xosé Lois García conta que lle dixera unha vegada a AF: "Mais os *foles* non eran templarios,

O seu DNI de 1951

Desiderio, Salvador, Benita e Anxel, máis galán ca nunca

Teresita Fole, media irmá e madriña do escritor

eran cátaros, que no século XIII refuxiáranse en Catalunya. "Sí señor _respondeu_, non sabía que eu tivese sangue cátara". Fole refírese ó cabaleiro Henri de Folch como personaxe literario, que chega a Galicia fuxindo da persecución francesa en 1312. Para Cunqueiro, os Fole procedían dos Foulques: *Foulques o Fole* (*EP*. 4-XII-1960).

Fole García, Ángel. Avó de AF. Casou con Jacoba Quiroga Sangro. No ano 1891, unha das dúas casas de Pantón foi obxectivo dun atentado con dinamita. As crónicas xornalísticas falan de que o señor, Ángel Fole García, salva a vida, pero descoñécese se algún dos caseiros foi víctima da explosión.

Fole de Navia. Sinatura de AF nalgúns artigos xornalísticos en lembranza do antigo apelido familiar. Tamén F. de N. ***OpJS***: "Don Ánxel firmaba algunas veces sus artículos con los apellidos familiares Fole de Navia, o con las iniciales de estos, F. de N. Don Domingo Fole de Navia _descendiente de doña Silvia Fole de Navia y de Oro y Freire de Andrade, emparentada con los Sangro_, era de Romeán, una parroquia a pocos kilómetros de Lugo, pegada ya al municipio de Castroverde. Este buen señor contrajo matrimonio con doña Catalina Fernández, natural de Pol, sobrina de Domingo Méndez de la Barrera, que fue canónigo penitenciario de la catedral de Lugo. El caso fue que don Domingo Fole de Navia y su esposa fueron padres de cuatro hijos. El mayor llamábase

Emilio Fole e outros familiares no enterro de don Anxel

Manuel. El segundo, Pedro, fue canónigo nada menos que de la catedral de Compostela. El tercero, José, fue *garçon de chambre* de Su Majestad Felipe V y obtuvo Real Ejecutoria de Hidalguía en 1750. Finalmente, Catalina, la única mujer entre los cuatro hijos del matrimonio, que casó con don Benito García Osorio. Seguramente no está de más recordar que don José Fole de Navia (cuya Ejecutoria de Hidalguía pudo ver don Anxel en el archivo de la Real Chancillería de Valladolid, cuando estudiaba Leyes en la capital castellana, en 1927) es el que levantó el Pazo de Romeán, sobre la casa de los Gil Taboada. El hermano mayor, Manuel Fole de Navia y Fernández, dióse condigno matrimonio con una parienta suya, heredera de los Fole de Camba, de San Julián de Eyré, en Ferreira de Pantón. En el Pazo de Romeán se extinguió la línea masculina de los Fole de Navia y sucedió la femenina, que llaman cognaticia los genealogistas y heraldistas. Año más, año menos, en 1800 era dueña del Pazo doña Nicolasa Fole, madre de doña Cándida Fole, que se casó con don Antonio Martínez Carril. De este matrimonio nació el pintor Manuel Martínez Fole, profesor que

fue en Lugo de la Escuela de Artes y Oficios e ilustrador del *Romancero de Lugo*, de Aureliano José Pereira de la Riva, pariente también de los Fole porque era descendiente de la propia doña Nicolasa. Quizá sepan ustedes que el Pazo de Romeán se vio convertido, por obra del famoso don Antonio Martínez Carril, en fábrica de moneda... ¡Mucho le gustaba a don Ánxel esa historia!"

Fole Nieto, Gabriela. Mestre. Filla de Desiderio e de Gabriela Nieto Chaín.

Fole Otero, Concepción. ***Conchita.*** Filla de Salvador Fole e Josefina Otero. Ela e a súa nai, coidaron de AF nos últimos anos da súa vida. Herdeira dos seus dereitos de autor, segundo vontade expresa no testamento ológrafo de Fole.

Fole Otero, Emilio. Mestre. Fillo de Salvador Fole e Josefina Otero. Foi alcalde de Baralla, onde don Ánxel pasou moitas tempadas na súa compaña.

Fole Quiroga, Reinaldo. Pai de AF. Avogado, maxistrado, presidente da Audiencia en Huesca, fiscal en Palencia e alcalde de Lugo. Nacera en Santa María de Ferreira (Monforte de Lemos). Casa con Mercedes Martínez Fole. O escritor e redactor de *El Progreso*. Juan Ramón Somoza, destaca a súa vocación política nos artigos recollidos no libro *Serpentinas...* (El Progreso. 1910). Foi padriño de Reinaldo Gómez, presidente do Partido Galeguista no momento do ingreso de AF. Morre en Alicante o ano 1921. ***OpJS***: "Este don Reinaldo disponía de seis abrigos, uno de ellos de pieles. Era hijo de don Ángel Fole García y de doña Jacoba Quiroga Sangro, hija a su vez del señor de Basille, don Juan María Quiroga, diputado por Lugo en las Cortes Constituyentes de 1869".

Reinaldo Fole, pai do escritor

Fole Sánchez, Desiderio. Irmán de AF. Pertenceu ó Partido

Republicano Radical Socialista, motivo da militancia de AF nesta organización. Casa con Gabriela Nieto Chaín, que foi alcaldesa de Rábade. A única filla do matrimonio é Gabi Fole Nieto.

Fole Sánchez, Salvador. Irmán de AF. Foi xerente do Teatro Principal (antigo Teatro Circo). En xaneiro de 1930 entra na empresa Espectáculos Fraga, que lle encomenda a xerencia do Teatro Jofre en Ferrol. Levou durante anos a xerencia do desaparecido Cine España de Lugo, que nun principio (1936), ía leva-lo nome de Cine Xolda, imposibilitado polas autoridades do réxime. O Cine España ubicado na rúa José Antonio (Progreso), a carón do xornal *EP*, desaparece en xaneiro de 1971, e durante a súa historia foi frecuente a presencia de AF no despacho de Salvador, na compaña do operador Pepe Veral, José Gayoso, Luís Rodríguez e outros. ***OpLRR***: "Foron moitos anos de convivio diario, de paseos, de viaxes, de tertulia non xa no antigo Café España, no vello Lugo Bar ou no Madrid de sofás rafados, senón no cine España, a carón do seu irmao Salvador, do Sanfiz e mais do Lorenzo, do Santiago, e, as vegadas, do Camarón e mais da sobriña do escritor, Conchita. A imaxen mais querida pola miña memoria é a dun Fole materialmente enquistado na calefacción da xerencia do desaparecido cine. O escritor e mailo radiador compañían unha

Salvador Fole, nunha foto de Quintero

mesma cousa... Eiquí, cas maos tras do cú e apoiadas no radiador ou debruzado sobor diste, o meu amigo pontificaba encol dos máis variados temas (...) O Fole tivo sempre unha grande afición polo cine non sei si de resultas de co seu irmao Salvador era xerente do España _e xa o fora tamén do Círculo_. ou víñalle dos seus anos mozos. Cando eu o coñecín, meses denantes de crearnos o Cineforum, pasaba todala tarde no cine e aló había de buscalo quen quixese falar co él. Gostábanlle, coma min, as "vaqueradas", xénero despreciado polos pseudointeleituás que buscan profundidade de conceito a un arte que, por esencia, non na pode dar. Disfroitaba tamén cos documentales bélicos e os retrospectivos co levaban a outros tempos de militante e mais mitinero, henchendoo de saudade. O Fole nunca superou a caida de II República".

Fonmiñá. Grupo Fotocinematográfico de Lugo. O 29 de xaneiro de 1982 un homenaxe a Fole, no que participa Claudio Rodríguez Fer cunha charla sobre un tema xa estudiado por el: Fole e o cine. En 1985 celebra a 1ª Bienal Lucense de Fotografía, e no catálogo da exposición reproduce o artigo de Fole, *A fotografía*, coincidindo cos actos de homenaxe ó escritor que ese ano organiza o Concello de Lugo.

Fole e Rodríguez Fer en Fonmiñá

Fonte Crespo, Ramiro. Escritor. Falando do libro de conversas de Casares con AF, escribe: "O resultado é un relato autobiográfico que Fole non escribiu nunca e que rexorde, fermoso e auténtico, a través dunha conversa nun frío xaneiro lugués". (*FdeV.* 8-VI-1985).

Forcadela, Manuel. **Manuel Santiago Fernández Álvarez.** Escritor e crítico literario. Autor de *Á lús do candil de Ánxel Fole* (Guías de Lectura. Edicións do Cumio. 1997). Análise dos contos de ALDC, con especial dedicación sobre *A cabana do carboeiro*. Outros capítulos: Vida de don Ánxel, o espacio, usos

e costumes, as voces, os personaxes e a estructura dos contos.

Fraguas Fraguas, Antón. Cronista Oficial de Galicia, ensaísta e catedrático. Exerceu como profesor en Lugo, onde coñece a AF. Autor de *Ánxel Fole* (*Outeiro* nº21. VI-1986). ***Op***: "Fole e mais eu fixemos amistade en Santiago de bon trato, somentes de algún comentario no café sin ser na mesma peña, era sinxelo o noso trato e miña estancia en Lugo fixo máis fonda a relación e máis tarde tomamos parte nunha película francesa no norte da provincia de Lugo onde tiña a escola Paco Martín. sentado na clásica cociña de lareira ó lado de unha das donas da casa. Era un día de chuvia. A nosa misión era contar dous contos, o meu era de pe forzado porque tiña de ser o conto máis tráxico que eu coñecera e a Fole deixarono de libre eleución. Non tivo pra min tanto intrés o que dixemos pra película como o que falamos durante o tempo que estivemos xuntos dende o mesmo xantar deica que rematou a nosa estadía no norte da Terra Chá lucense, unha serán de fortes chuvias. Fole estívome contando historias do cine en Lugo, lembraba películas, salas e artistas; de vez en cando facía un xuicio sobor de todo da música recordando esceas especiaes". (ver O.R.T.F.)

Franco Grande, Xosé Luís. Poeta, ensaísta e lexicógrafo. Autor do traballo *A lús do candil. por Ánxel Fole* (*Grial* nº21. 1968) e do libro *A ilusión da esperanza. De Cabanillas a Baixeras* (Edicións do Cumio. 1991), onde reúne semblanzas dun feixe de personaxes, entre elas, a de AF.

Fronte e cocote. Revista de la Escuela de Ingeniería Técnica Agrícola de Lugo, creada en outubro de 1971 e que tivo entre os seus responsables a Odón Luis Abad Flores. Adolfo de Abel Vilela e Leoncio Cardóniga Carro. Os traballos dos alumnos e os temas profesionais estreitábanse un pouco para que *Fronte e cocote* publicara tamén colaboracións, por exemplo, de Alonso Montero. AF, Antón Fraguas. Trapero. Díaz Pardo ou Piñeiro.

así como as xilografías de Pacios.

F.U.E. Federación Universitaria Escolar. Organización xuvenil con forte militancia en Santiago durante os anos da República. AF pertenceu á FUE. Un dos seus dirixentes foi Domingo

Fole, Ramón Lugrís e Piñeiro en Santiago

García-Sabell. Tamén estaban na FUE, Carballo Calero. Luís Tobío e Luís Seoane. Citada no conto *Pepe Troitiño* (HQNC): "Hei decir que era rector da Universidade o Magnífico señor don Alejandro Rodríguez Cadarso e que a organización chamada F.U.E. facía moito bruído" Máis adiante, AF trabuca o

significado das siglas: "_¡La F.U.E.! ¡La maldita F.U.E.! Ergueuse un balbordo de tódolos escanos. ¿E il sería a broma da Federación Universitaria Española?"

Fundación Pedro Barrié de la Maza. Baixo a presidencia de Carmela Arias Díaz del Rábago, AF recibe en 1977 unha pensión vitalicia da FPB, dotada con 250.000 pesetas, como xa disfrutaran Otero Pedrayo e Blanco Amor. O director de *EP*, Pedro de Llano, interésase diante da Fundación como valedor de Fole. Cando Paco Martín le no xornal a nova da concesión, chama ó escritor para felicitalo e este coméntalle: "Oiga, ¿vostede sabe o que é erguerse tódalas mañás e te-lo día feito?"

A condesa de Fenosa, Piñeiro e Torrente Ballester

G

Galaxia. Editorial inspirada e creada por Francisco Fernández del Riego, Xaime Illa Couto, Ramón Piñeiro e Marino Dónega, que tivo tamén no seu primeiro Consello de Administración a Ramón Otero Pedrayo, Manuel Gómez Román, Antonio Fernández López, Xesús Ferro Couselo e Sebastián Martínez-Risco Macías. No grupo de traballo participaron, amais de FFdelR, *Salvador Lorenzana*, e Xaime Illa; Antón Beiras, Emilio Álvarez Blázquez, Rufo Pérez, Xohán Ledo, Luís Viñas, e Xosé Meixide. A meirande parte de escritores, artistas, intelectuais ou empresarios galeguistas da postguerra están vencellados dalgún xeito á *xeración Galaxia*: ben con responsabilidades directas, como Piñeiro, Carballo Calero, Agustín Sixto Seco, García-Sabell, Benxamín Casal, Xaime e Ramiro Illa, Isidro Parga Pondal, Xulián Parga, Xosé Franco Grande, Silvio Santiago, Celestino Fernández de la Vega, Carlos Casares...; ben de mecenazgo: Fermín Penzol, Álvaro Gil, ou ben literarias, como Fole, que entra en contacto coa editorial da man de *Salvador*

Un Consello de Galaxia: Casares, Piñeiro, Benxamín Casal, Xaime Illa, Dónega, del Riego, Xavier Casares, Manuel Rodríguez, Manuel Meixide e Xulián Parga

Lorenzana. ***OpFFdelR***: "Xa nos primeiros momentos de vida da editora, recibín unha carta de Ánxel Fole ofrecendo para publicación un libro de contos da súa autoría. Mandoume unha libreta na que figuraba o orixinal manuscrito. Tratábase duns poucos e breves relatos. O conxunto non daría en libro máis de trinta o corenta páxinas. Fíxenllo ver ó escritor lugués, e este foi complementando a obra en sucesivas remesas. O cabo editouse *Á lús do candil*, cun prólogo meu a pedido do autor". A *Colección Literaria* de Galaxia publicou tamén *Terra Brava*. Galaxia reedita *Pauto do Demo*, así como outros volumes menores como o conto de *O tesouro*, en edición non venal.

Cociña galega do Museo de Lugo nos anos sesenta

Galicia. AF explica o seu achegamento ó galeguismo pola vía da paisaxe. ***AF***: "De xeito que eu cheguei ó galeguismo por convicción interna, sen que ninguén me dixese nada, e tamén porque me gustaba moito a paisaxe. Eu pensaba que unha paisaxe sen humidade era fea. Todo esto facía que eu me sentise moi galego e moi orgulloso de selo. Incluso non me agradaba que os de fóra cantasen e bailasen a muiñeira. Eu pensaba que Galicia era para nós, e na palabra "nós" atopaba algo parecido a

un símbolo". No prólogo a CDN, titulado *Soleira*, AF escribe unha declaración crítica á solidaridade de Galicia: "É unha rexión cuio rexionalismo, outramente, está sin rexionalizar. É unha rexión sin institucionalismo rexional. Non hai un Colexio de Abogados rexional. Tampouco unha Asociación de Escritores rexional, Nin tan xiquer un Museo de Arte rexional. É unha rexión manca de solidaridade. A pouca que hai déulle a súa literatura. Antre os galegos debe haber moita máis comunicación da que hoxe hai antre Ribadeo e Tui, antre a Cruña e Verín. O galego non debe vivir isolado do galego. Tampouco a nosa prensa é tan galega como debería sere. (...) Cando Galicia deixe de cantar en galego, Galicia será nada máis que a suma de catro provincias de España". ***OpESP***: "Ánxel Fole, que ha sabido retratar como nadie la realidad material de los hombres y la tierra gallega y al mismo tiempo la inmaterial de la Galicia mágica llena de supersticiones y creencias míticas, asegura que ' Galicia es más que la suma de cuatro provincias. Está vinculada a la estética de la variedad y del paisaje. Da la impresión de que es un país arcaico en muchas cosas, por la pervivencia del arado romano y por la tenacidad de ciertas costumbres. Una de sus grandes características más identificativas es el habla, porque el gallego es un idioma extraordinariamente estético y atractivo' ".

Galicia. Xornal galeguista vigués fundado en 1922 e dirixido por Valentín Paz Andrade. Víctima da Dictadura de Primo en 1926, *Galicia* representou durante a súa existencia a casa común dos intelectuais galeguistas, con Roberto Blanco Torres e Rafael Dieste en cometidos informativos, e Risco, Cabanillas, Otero, Villar Ponte e Quintanilla, como principais colaboradores. Fermín Bouza, Fole, Filgueira e Montes, por exemplo, colaboraron dun xeito menos intenso. No caso do escritor lugués, vive a desaparición de *Galicia* cando conta 23 anos.

Galicia. Publicación do Centro Gallego de Buenos Aires na que ten colaborado AF.

Galicia, ano 70. Publicación colectiva (Edicións Celta. 1971), na que AF participa co artigo *Morre en accidente de automóvil o libreiro lugués, Don Segundo Daponte*.

Galicia, Pacto por. Manifesto asinado en 1977 por trinta sobranceiros personaxes de Galicia, non comprometidos directamente con ningún partido, e no que facían un chamamento para producir un pacto galego entre as organizacións políticas, que non lle fixeron ningún caso. As asinantes foron Risco. Penzol. García-Sabell. Dieste. Carballo Calero. Seoane. Paz Andrade. Vidal Abascal, Fole, Piñeiro. Dónega. Celestino. Lorenzo Varela. Díaz Pardo. Mariñas del Valle, Eduardo Moreiras. Fernández Albalat, Gallego Jarreto, Pozo Garza. Chao Rego, García Lombardero, Torres Queiruga, López Nogueira, Espiña, Palmás, Suárez-Llanos. Franco Grande. Casares e Paco Martín.

Capa do primeiro número de *Galicia emigrante*, no que Fole publica o artigo *Devalare e cantare*

Galicia Emigrante. Revista fundada e dirixida por Luís Seoane en Buenos Aires (1954-1959). AF colabora dende o primeiro número co artigo *Devalare e cantare*, no que dá novas de Manuel María. que vén de publicar *Terra Chá*. No número 3, AF refírese a el mesmo: "Ei de decire que eu viaxo vestido coma un labrego da montaña, con traxe de pana, zapatós, boina, zamarra e cacha ou cachaza (...) Fai sete anos que vivo no campo. De cando en cando vou dare unha voltiña por Lugo. Tres anos

seguidos estiven sin achegarme por alí". No número 29 (1957), Francisco Fernández del Riego (*Salvador Lorenzana*) publica unha entrevista con AF na que di: "Fole, cando escribe, incorpora espritualmente a paisaxe á súa prosa; transfigúraa i énchea do alento da súa ialma. Porque o estilo no escritor lugués soio é vehículo que transporta a súa fina sensibilidade; non constituie máis que unha maneira. En troques, a raigaña, o cerne de Fole radica no contido do seu estilo: delicado espritualismo, quente humanidade, ternura..." Tamén: *A nosa terra. Alto en Lugo* (nº3. VIII-1954); *Andare e relembrare. Amigos na paisaxe* (nº6. XI-1954): *De cadro a cadro* (nº18. II-1956), *A loita pol-a língoa* (nº20. V-1956) e *La Caracola*, que inclúe o poema de Luís Pimentel *Oración de los trabajos del día* (nº84. 1958). A montaña luguesa, os últimos días de Carlos Maside. os poetas Luís Pimentel e Manuel María, e a visita de García Lorca a Lugo son os temas das colaboracións de AF en *GE*.

Debuxo de Gallego para a edición de *Alborada*

Gallego, José María. Debuxante humorístico. Consegue a fama e o recoñecemento popular cando forma parella guión/debuxo con Julio Rey na Redacción de *Diario 16*, daquela dirixido por Pedro J. Ramírez. Coautor, con Iglesias, do debuxo das tapas para a edición *Os voy a contar un cuento/Vouvos contar un conto* (Alborada Ediciones), de Ánxel Fole.

Gallego Tato, Juan María. Xornalista e escritor. Compañeiro de AF na redacción de *EP*. Dentro e fóra do xornal, Tato e Fole tiñan moi boa convivencia. Citado en varios

Fole e Gallego Tato

artigos de AF. Deixa a redacción do diario lugués para leva-las direccións sucesivas de *Ferrol Diario* primeiro, e de *El Correo Gallego*. despois.

Galo de Regundo. O. Personaxe protagonista da historia narrada polo doutor Froilán no conto *Por us pelos...*, incluído dentro do libro TB. Este home "que trata en xatos" é o marido da Sabela, e o que encarga o seu compadre Farruco un favor; que vaia na procura do médico do Incio, pois segundo chegara da feira de Monforte, xa ó mencer, atopara a súa muller morta no leito. Cando o doutor chega á casa, faille un cento de preguntas que el vai respostando como pode, pois recoñecía ter bebido dabondo aquela noite. Segundo don Filiberto, o Galo "tiña amores con outra muller da parroquia de Viso". Cando o médico do Incio acabou de interrogalo e marchou da casa, o home da Sabela foxe da aldea por medo a ser culpado de algo que non fixo. Tempo despois chega a noticia de que fora detido en Bustofrío e levado a "San Martín de Quiroga". Uns cabelos, recollidos polo Froilán da man da defunta o día do crime, foron a proba que fixo que ceibasen o Galo do seu cativerio.

Golpista, O. Personaxe protagonista do conto *O Golpista*, incluído nun libro de relatos curtos preparado pola editorial SB. "O tipo máis característico de toda a vila era, sen disputa, O Gopista. Tamén o máis pintoresco, o que se di. Pol-o seu bastón de xonca i-os tres anelos ou sortixas da mao esquerda. Andaría pol-os trinta anos". Tiña un bar onde "embebedaba ás mozas farfallandolles ó ouvido". Segundo o Moxenas, o alcume víñalle porque "iste golpista é golpista de "estado" escrito con minúscula, non con maiúscula ... foi golpista de estado frustrado ... ca sobriña dun crego e ca afillada dun boticario. Mais a terceira foi a vencida ... O futuro golpista era camareiro diste café e un día saíu de paseo ca Chona ... e houbo que casalos ás tres semanas despois do paseo". Esta muller era a única filla do dono do bar que agora rexentaba o Golpista.

Gamallo Fierros, Dionisio. Polígrafo e profesor. Coñece a AF despois da Guerra Civil en Lugo, na compaña de Celestino Fernández de la Vega e Pimentel. aínda que lembra telo lido por primeira vez nás páxinas de *EPG* polos anos 1935 ou 36. Na correspondencia mantida entre eles os anos 1943 e 1944, AF reafírmase na súa vontade de ser escritor: "Capearía o temporal dando leuciós de bacharelato, vería de que lle volvesen a apoquinar unos pesos polos seus artigos, e a continuar lendo, observando, cinguindo a paisaxe e o paisanaxe, a espera de mellores tempos". Nunha entrevista con destino ó libro *Galicia en sus hombres de hoy*, de Carlos Polo, DGF destaca a Fole como o gran narrador de Galicia. (*vid* Vida Gallega). En outubro de 1985, escribe unha carta a AF na que lle di que "os teus fans recramamos un libriño con teus versos. Lémbrome de aqueles cantos ó buho e ó Miño. (...) Coido deberas recoller a túa obra en verso. Coma todo celta de soleira, ti es poeta sempre". O sempre intuitivo Gamallo vía unha gran lagoa na obra publicada de Fole, a poesía. Hoxendía (1997) segue a faltar unha edición do Fole lírico ou proclamático que hai nos seue versos.



Fole, fotografiado por Antón Buxán no pazo de Souto (Begonte)

García Buxán, Antón. ***Antón Buxán.*** Musicólogo. Amigo de AF, a quen invita moitos veráns ó pazo de Souto (Begonte), da súa propiedade. Antón Buxán, gran fotógrafo, ten tomadas numerosas imaxes de don Ánxel durante as xornadas estivais de Souto. Autor dun libro de conversas con Jesús Bal y Gay e Rosita García Ascott, onde se cita en numerosas ocasións a Fole. (Fundación Banco Exterior).

García Domínguez, Raimundo. ***Borobó.*** Xornalista. Director de *La Noche* na época das colaboracións de Fole. *Alma mater* do que se deu en chamar a *Xeración de La Noche* de xoves escritores. Director de *Chan*, onde tamén vai colaborar AF.

García Fernández, Narciso. ***Siso.*** Xefe de Relacións Públicas de *EP* e posteriormente de Alúmina-Aluminio. Gran conductor, levou a AF en numerosas viaxes. O escritor chamámalle "o meu auriga", como ten lembrado este no artigo *El auriga de don Ánxel Fole* (*EP*. 26-I-1975). ***Op***: "Ser auriga de don Ánxel Fole no es cualquier cosa. Yo lo he sido y lo seguiré siendo".

García Fernández, Xosé Lois. Escritor e funcionario. ***Op***: "Coñecino en Lugo, hai agora vinte anos (1986). Uns poucos fixeramos aquel día memoria de Luís Pimentel, que recibía na

outra ourela do tempo unha homenaxe tardía. Poucos días atrás él puntualizara por carta un comentario marxinal de *Neumandro*, un xuizo breve sobre Spengler, aquel alemán que despois da parafernalia e do crime organizado e estatal do nacismo non lle facía gracia ningunha, nin nos libros. Non discutimos. A volta dos anos aínda recordo a súa voz: "No fondo das palabras hai que descubri-la barbarie e as súas máscaras". Aínda lle estou agradecendo aquelas palabras". Autor de *Viaxes con Ánxel Fole* (*EP*. 26-X-1988). Neste artigo comenta que un día, falando Fole de que o seu apelido viña dos templarios chegados a España, Xosé Lois García díxolle que os foles non eran templarios, senón cátaros. "Sí señor _respondeu_, non sabía que eu tivese sangue cátara". ***OpACG***: "En mi adolescencia yo envié muchas colaboraciones, cantidad de ellas, muchas más de las que salían publicadas _que fueron bastantes en la temporada 75-76_ para Fole; una vez le comentó a mi colega chantadino Xosé Lois García que tenía varias carpetas con trabajos míos". Participa no volume ELAF co poema *Ánxel Fole. Entre a néboa e o laberinto*:

En terra requentada estás en algures
Apodrecer dos dedos como o corazón na queima
A propagar o incendio sin labarada
O equilibrio do rostro fica na raiz
Na constelación doutro movimento
Construindo o espello o espello do tempo
Espacio paisaxe neboeiro en ocultos lugares
Silencio aparecen as facianas dos labregos
Unllas poeira o sangue a lucirse a inclinarse
No combustible da acción ao caer a faisca
Anaco de imaxen a brilar no espello do sorriso
O sorriso esbarando de carón ao Miño
Polo acougo do mundo pola inmortalidade da auga
Sin repouso e sin alento no fondo do volumen
Co feroz e inmortal asubío dos amieiros
Quedácheste eiquí na tépeda muralla
Co teu corpo
Pra repetir o primitivo verbo da labarada
Anxel Fole

Os esteiros calcínanse na pureza da túa carne
No ritmo da alba e na paixón do ouro ardendo
Na terra de salmoira requentada estás en algures.

Resol
DE GALICIA EN BUENOS AIRES
hojilla volandera del pueblo
ELEGIA
MADRID
O DIVINO SAINETE - 1888
El Poeta Asesinado
FEDERICO GARCIA LORCA

O revista *Resol* de Seoane leva na portada do seu primeiro número a Lorca, o poeta asasinado

García Lorca, Federico. Escritor. Visita Lugo en novembro de 1932 e agosto de 1934. Na primeira ocasión, invitado polo Comité de Cooperación Intelectual, para pronunciar unha conferencia sobre a pintora María Blanchart. Visita o Hielo Bar e asiste a unha xuntanza na casa de Ramón Martínez López, con Francisco Lamas, Carlos Pimentel, AF, José Gayoso, Manteiga, Cunqueiro e outros. Na velada recita algún dos seus poemas de *Poeta en Nueva York*. ***OpJS***.: "Parece que algún verso de los recitados hizo gracia a Fole y Gayoso, y éste no pudo contener la risa. Este incidente fue la causa de que el popular profesor de matemáticas no cayese muy simpático al poeta andaluz". O poema lorquiano causante das risadas foi un no que se fala dunha culler coa que sacan os ollos ós crocodilos e logo baten con ela nos cús dos monos. ***AF:*** "Era una persona sumamente cordial, de amena conversación y muy culto. Irradiaba simpatía y sencillez. Para él todos eran iguales y con todos se comportaba con gran amabilidad". ***OpFL***: "Tengo nada menos que el original de uno de sus poemas gallegos, que escribió allí, en Lugo precisamente. Por Federico he sentido siempre una enorme veneración. Nunca olvidaré una vuelta que dimos, de noche, a la muralla... Estaba Fole y todos los del grupo". A revista Yunque publicou a *Madrigal á cibdá de Santiago*, primeiro dos seis poemas en galego. AF traduce anos despois os poemas lorquianos ó castelán para a edición tetralingüe (galego/castelán/catalán/euskera) que prepara Xesús

Alonso Montero en 1978 (Akal Editores). Os outros dos traductores foron Ricard Salvat (catalán) e Gabriel Aresti (euskera).



García Montenegro, Blanca. Presidenta do Consello de Administración de *EP*. Viúva de Puro de Cora Paradela. Coñece e trata a Fole. Dende 1993 preside os actos do Premio Anxel Fole e dalgún xeito alenta a dedicatoria do Día das Letras Galegas 1997 ó escritor lugués.

García Negro, María Pilar. Escritora, profesora e deputada. ***Op***: "Lembro ter visto a Fole por primeira vez nos concertos que celebraba asiduamente a Filarmónica durante o inverno no Salón Rexio do Círculo das Artes e que eu comecei a frecuentar por volta dos catorce ou quince anos. Ainda tardei en relacionar a aquel señor que tamén ia sempre aos concertos con *Neumandro* do que meu pai (que nacera o mesmo ano ca el) e miña nai gostaban tanto nas súas lembranzas semanais do Lugo dos anos vinte ou dos anos trinta. Só cando o vin máis de perto nunha tertulia do desaparecido *Café Lugo*, con Darío Xoán Cabana e non lembro que máis xente, souben que era un importante escritor galego e escoitei-no falar con ese aquel ton pausado e sentencioso que o caracterizaba".

Yunque, a revista dirixida por Fole que publicou o poema de Lorca

García-Sabell, Domingo. Polígrafo e médico. Presidente da Real Academia Galega. En 1996, a institución acorda que o Día das Letras Galegas de 1997 estea dedicado á figura e obra de AF, a quen García-Sabell _*O Mingos*, nalgún texto foleano_, coñecera na época estudiantil de Santiago, cando o ensaísta era dirixente da FUE (Federación Universitaria Escolar), e xuntos formaran parte do *Clan dos Nerunderem*. García-Sabell sentiu sempre unha grande simpatía por AF, que foi convidado na súa

Elena Tormo diante dun grupo de turistas por Cervantes en xulio de 1959: Fole, Antonio Rosón, Blanca Moro de Penzol, Piñeiro, Fermín Penzol, Celestino e Mosteiro. Detrás viñan Río Barja e *Salvador Lorenzana*

casa en moitas ocasións, coma por exemplo, durante a visita que realizou Américo Castro. ***Op***: "A súa prosa é popularmente galega, e polo tanto, elegantemente europea". ***AF***: "O meu galeguismo chegoume así, digamos por vía emocional. (ver Galicia) Naturalmente que tamén me influíu moito o ambiente de Santiago, onde había un núcleo de estudiantes moi activos, como García-Sabell, que foi presidente da FUE, e Seoane, que tamén era da FUE e galeguista..." ***AF***: "Cas noso amigo Domingo García-Sabell ceábamos onte (1954) Ramón Piñeiro i



Fole, Celestino, García-Sabell, Américo Castro e Piñeiro, en Samos

eu. A forcia de pregos, noso vello amigo léranos unhas prosas inéditas, moi limpas e precisas, de moita orixinalidade. Arelamos de velas axiña pubricadas. Xa recordo... En rematando de cear, díxonos *o Mingos*: _¿E que vos parez, lugueses, si mañá, despois de xantar chegamos deica Cesures? Virá candia nós o amigo Carlos Maside. Unha tarde adicada á paisaxe..." O chalet da Rosaleda foi escenario de xuntanzas e

García-Sabell, Fole e Piñeiro, na Rosaleda

Unha das moitas xuntanzas na casa santiaguesa de García-Sabell: Fole, Ramiro Illa, Otero Pedrayo, Piñeiro, Cabanillas, Emilio Mosteiro, Xosé Manuel López Nogueira, Silvio Santiago, Xosé Manuel Beiras e o anfitrión

tertulias nas que coincidían coa familia García-Sabell-Tormo, persoeiros como Seoane. Otero Pedrayo. Cabanillas. Bouza Brey, Iglesia Alvariño, Maside. Martínez-Barbeito, Fole, Cunqueiro e Manteiga. Invitados foráneos coma Laín Entralgo, Américo Castro, Tierno Galván, López Aranguren, e non tan foráneos coma Rof Carballo. fixeron da Rosaleda un enclave típicamente intelectual, galeguista e antifranquista, do que Fole contaba e non paraba marabillas amicais e culinarias: ***OpASC***: "Se regodeaba más comentando el menú que saboreando los manjares. Y conste que estuvimos con él sentados en mesas donde hubo cangrejos de Kanchaca, ¡cómo rememoraba la primera vez que los probó en el hogar santiagués de Domingo García-Sabell!" García-Sabell escribe *Disculpa por Galicia*, prólogo a *Terra brava*. no que di: "...O que non impide que istes contos de *Terra brava* señan de aparencia simpre e primaria. Porque a Galicia de Fole, a súa Galicia, tamén é simpre e primaria. Mais compre non trabucar as verbas. Eiquí simpre oponse a compricado i está cabo de comprexo. Como primario reñe con elaborado e, no seu ser, está a carón de tradicional e antigo. Fole non trabuca ises conceitos: e velahí o primeiro segredo de Fole. Por outra banda, istes contos _na súa maior parte_ son un continuo peto do trasmundo, un forte e inesperado

peto no caserón semi-valdeiro da vida cotián. Ocurre que o autor foi acadando a movíbel sustancia dos sucedos pra metela na terna urdime do esprito campesiño, somo brando mel atafegado nos simpres buratos da entena". No día da morte de AF, García-Sabell declarou á prensa: "Fole era un cuentista de raza extraordinaria. Con su muerte se pierde, para sus amigos, el testimonio de nuestra mocedad y de tantas y tantas aventuras, si bien queda la lembranza. Su pérdida, sumada a la de los otros amigos _refírese a Celestino Fernández de la Vega. Antonio Rosón, Prego de Oliver e Isidro Parga_, me produce una gran melancolía y desánimo".

García-Sabell, Teresa/Elena. As fillas de don Domingo (García-Sabell). e a súa nai, Elena Tormo, foron en numerosas ocasións contertulias e perfectas anfitrionas de Fole durante as frecuentes visitas que facía o lugués cas do doutor e amigo compostelán, principalmente nos anos sesenta. Ámbalas dúas coinciden en moitas lembranzas: "Era un home dun humor extraordinario, incompatible co aburrimento. As súas tertulias eran sempre as máis divertidas e mesmo cando a conversa ía cara temas especialmente abstractos, don Ánxel tiña de contado a intervención oportuna para reconducilos onde máis disfrutaba el e, polo xeneral, todos nós. Del contaban que indo de viaxe co noso pai, Piñeiro e alguén máis, todos falaban e falaban da sociedade, da cultura, e pumba e dálle a metralla. Canso xa de tantas lerias filosóficas, baixou a ventá do coche, puxo a man a xeito de pistola, e apuntando as nubes, dixo: "¡Pum, pum! ¡Alá vai a cultura!" Tamén era moi gracioso cando en casa baleiraba o vaso de viño. Como lle daba vergonza pedir máis, erguía a copa, e simplemente dicía: "¡Sí, señor! ¡Qué bonito!" E nós, ou quen estivera perto da botella, xa sabía que don Ánxel quería máis viño". Pola súa banda, Teresa García-Sabell foi a traductora do galego ó francés da reportaxe realizada pola O.R.T.F. con Fole en Bretoña o ano 1977.

García Suárez, Ricardo. (*vid* Ledo, Xohán).

Garibaldo de Diciona. Personaxe nomeado na historia narrada por Fiz de Cotovelo no conto *O arreguizo*, incluído no libro TB. A noite do asasinato da Rola, el e mais o Uxío teñen unha "visión" que parece anunciar o tráxico final da rapariga.

Garitera. Personaxe da historia narrada por don Ramón no conto *Tres historias do pazo de Lucencia*, incluído no libro TB. "Muller de moi mala sona,... do lugar de Bonxío, pasada xa a serra, na cha de Támboga, a tres leguas do pazo". Dicíase dela que tiña amores co señor do pazo e mais co Xocas. Quedou preñada, mais ninguén soubo que fora o pai da criatura que agardaba. Pouco tempo despois de morrer don Enrique, embarcou en Vigo "pró Norte". Vinte anos máis tarde, volta a Bonxío pero só a pasar unha tempada. "Viña candia ila un mociño moreno e moi alto que gastaba moitos cartos. Todos decían que era cuspidiño ó señor de Argonde, cando iste era mozo".

Gaspar, Silvia. Profesora e ensaísta. Autora da *Antoloxía do conto galego de medo* (Galaxia 1995) na que inclúe o relato *Arximiro* (ALDC). ***Op***: "A ampla experiencia narrativa de AF adoita tomar posicións entre o compoñente etnográfico (ou, en todo caso, de tradición oral) e a fantasía literaria".

Gasparo. Personaxe protagonista do conto *Solaina*, incluído dentro do libro TB. É o padriño do narrador do conto, tamén chamado Gasparo; ademais "o irmao máis novo do pai, era groso e pequenote il, máis ben loiro, con cara de romano. Eslumecía por parolare. Poucos homes conocín tan falangueiros. Todo lle intresaba e de todo parlicaba. O seu galego deixaba adiviñar que estivera de médico nas Marriñas, en Mondoñedo, na Terra Chá. Mais outramente, il decía que o seu galego era do Incio. Era viúdo e sin fillos. Andaría polos cincuenta e catro anos". Este home escríbelle unha carta o seu afillado para comunicarlle que pode ir pasar unha tempada a súa

casa de Godral, e alí aproveitar o tempo para preparar a oposición a cátedras de Literatura. Tres días despois da misiva vaino recoller a Lugo, durante o percorrido o padriño fala sobre moitos temas, entre eles está o anuncio de que todas as noites lle contará un conto.

Gasset Alzugaray, Ricardo. Amigo de AF. Neto do fundador de *El Imparcial*, Eduardo Gasset y Artime. ***AF***: "En un viaje a Madrid vi que conocía a mucha gente: políticos, cronistas pintores". Fole ten trato con el en Ferrería, no pazo de Dompiñor e O Incio. onde a familia Gasset é propietaria do balneario. AF escribe á súa morte o artigo *Paréntesis necrológico* (*HdelL*. 1-VIII-1966), onde lembra que estivo a piques de morrer en poder dos nazis. ***PE***: *Los días de Ortega y Gasset* (*EP*. 17-VIII-1983).

Gayoso Veiga, José. ***Pepito Gayoso.*** Profesor de física e matemáticas. Amigo de AF. Un e outro van se axudar económicamente durante as peores épocas. Colabora en *La Provincia*. *Guión* e *Yunque*. ***Op:*** "Conocí a Ángel Fole, en octubre de 1928, en el café-bar Nemesio. después Metropol, en compañía de su hermano Desiderio. La primera impresión fue de extrañeza, que en seguida despertó en mí gran interés, pues de inmediato empezó a hablarme de sus inclinaciones hacia los estudios de Literatura, de Filosofía (...) Ángel Fole es un caso inimitable, irrepetible. Supo reaccionar contra el ambiente de mediocridad que nos envolvía (que nos envuelve aún)". ***OpCC***: "Dicíase, por exemplo, que era capaz de discutir cousas absurdas de forma intelixente e orixinal e que un día botou varias horas de disputa cun amigo co cal discrepaba sobre o material con que estaban feitas as gafas do Papa, pois mentres Fole defendía a teoría de que tiñan que ser de ouro, o seu interlocutor, Pepe Gaioso, outro ilustre lugués, estudioso da física e tamén escritor, pensaba que podían estar feitas de calquera material nobre; por exemplo, carei".

Pepe Gayoso, Pimentel e Celestino, ámbolos tres con gafas no fondo. Tamén aparecen Amable Veiga Arias, Milucho Gil, Antón Figueroa e Tino Grandío

Gil Varela, Álvaro. Industrial e mecenas da cultura galega. Amigo de AF dende a infancia. *AF*: "Cuando era colegial (...) me divertía de cualquier manera. Jugaba al fútbol e iba a buscar nidos, y a bañarme en la Aceña del Estudiante. Tenía entre mis amigos y compañeros a chicos que luego fueron personas muy destacadas, como Álvaro Gil, que precisamente era vecino mío cuando vivíamos en el Carril de los Loureiros". AF cita as xuntanzas dos amigos comúns de Álvaro e seus: Pepe Álvarez *o Quirogués*, Carlos Pimentel, Liborio García e Paco Teijeiro.

Gil Varela, Emilio. *Milucho*. Naturalista. Amigo de AF. ***Op:*** "Le conozco desde niño, cuando vivía en el Carril de Os Loureiros. Para mí, Fole es el mejor literato que ha dado Lugo en todos los tiempos".

Ginés, Xenxo ou Xes de Restrepo. Personaxe protagonista do conto *Unha morte sen rastro*, Incluído no libro HQNC. "Nativo

il de Triacastela", levou a cabo _segundo a opinión do narrador_ un "crime perfeuto". Este home "matou en Sarria ó chamado Rei dos Xamós. Sin pólvora, puñal nin solimán ou veneno. Mais outramente con tódalas agravantes calificativas de asesinato, según o Código Penal. Premeditación, alevosía, e hastra saña e noiturnidade". A morte deste home produciuse despois de ter recibido, durante unha cea homenaxe, un telegrama onde se dicía que o Filiberto e a Dosindiña, a súa filla debían casar. O Ginés estaba detrás desta mensaxe urxente. Despois disto marcha polo mundo adiante acompañado do Chumbito, poñendo en práctica o seu curioso invento, "o asesinato psicolóxico fulminante". O seu lema é: "Pra estares ben seguro de ti mesmo que a túa mao esquerda non seipa nunca o que fixo a dereita", e a súa frase repetida é: "O porvir do mundo é dos especializados. Hai que especializarse".

Glorita, Rosita y Paquita. Personaxes do conto *O can sentía saudade*, incluído no libro CDN. Mentres que seu pai don Saturnino, busca casa para trasladar a súa familia a Villacastín, elas esperan as súas cartas. A primeira que lles escribe é para contarlles o disgustado que se encontra por ter o can maliño; a última misiva que reciben é un telegrama, onde se anuncia a chegada dos dous a Becerreá: "Saíron da casa as nenas de don Saturio comunicándolles a tódolos seus veciños da vila que xa estaban chegando o Pintiño. Dixéronllo tamén ó fillo do fogueteiro e iste arrouboulle ó pai seis bombas de palenque e disparounas...". Cando morreu o canciño, este foi soterrado no horto da casa e na súa lápida escribiron: "Non te esqueceremos".

Goia. Aldea da parroquia de Fisteus/Fisteos, en Quiroga, citada en *¡Lobos te coman!* (HQNC): "_¿E de onde virá iste nome da Goia? Haino en tantos sitios. _Pois non cho sei. Ou vén de un "gaudi", ledo, gozoso, ou querrá decir algo dos godos".

Fole e o seu amigo Pepe Álvarez, *o Quirogués*

Gomeán. Aldea de O Corgo citada en *Pepe Troitiño* (HQNC): "Hei decir que o Pepiño Troitiño tocaba o trombón na banda de música de Gomeán".

Gómez Neira, Reinaldo. Presidente do Partido Galeguista de Lugo antes da guerra. Era afillado do pai de Fole e daquela o seu nome de Reinaldo. Substituíuno Xosé Ramón e Fernández-Oxea *(Ben-Cho-Shey)*, que presidía o partido no momento da afiliación de AF.

Gómez Camarón, Ánxel. Impresor de Lugo, propietario de *Cartonaxes ANMI*. onde se imprenta o calendario *Platero e máis eu*, homenaxe galega a Juan Ramón Jiménez. con colaboracións de AF e *¿E decímolo ou non-o decimos?* (Edición de autor. *C. ANMI*. 1972), un conto de AF. Amigo de AF. ***Op***: "Cá pubricación de *¿E decímolo ou non o decimos?*, *Cartonaxes ANMI*, contribuie, unha vez máis, ó espallamento da literatura galega máis alá da nosa rexión. Niste caso,

Primeira visita a Lugo de Felipe González, no ano 1976. No restaurante Galicia acudiron invitados Fole_que aparece á esquerda_, *Bocelo* e Juan Soto. Na fotografía, á dereita de Felipe, Epifanio Ramos de Castro; á súa esquerda, Gómez Camarón, e tamén Ramón Couto, Pepe Barreiro e Jacinto Calvo

honrámonos difundindo un dos más esgrevios nomes da nosa narrativa. Ánxel Fole é, por muitos conceutos, unha figura que representa unha das máis outas cumes da literatura galega".

Gómez de la Serna, Ramón. Escritor. AF coñeceu a RGS en Lugo, onde pronuncia unha conferencia, e logo coincide con el en Santiago, onde acude á tertulia de *Os Nerunderem*. ***AF:*** "A conferencia fora moi bonita (AF refírese á pronunciada por RGS en Santiago), aínda que a min me gustara máis outra que dera en Lugo no Círculo das Artes e no transcurso da cal se producira un incidente moi divertido. Resulta que Gómez de la Serna se presentara cunha palmatoria na man e cunha vela, e diante da sorpresa do público fixera a seguinte declaración: "Se extrañarán de ver esta palmatoria encima de esta mesa, pero es que hay que ser precavidos con los apagones; el otro día estaba

yo hablando en Vigo, se fue la luz y no pude leer las cuartillas. Así que traigo esta vela, por si acaso". E seguiu coa conferencia como se tal cousa, pero cando levaba falando uns vinte minutos, quitou a vela da palmatoria e comeuna. A risotada da xente foi inmensa e todo o mundo se preguntaba, pero ¿que é esto?, ¿que pasa aquí? Pois nada, que era un plátano camuflado de vela".

Gómez Gárate, Elvira. Traballadora no fogar da familia Vázquez, propietaria do Lugo-Bar. Á súa morte, Ángel Campoy déixalle a explotación do negocio. Vive coa familia do matrimonio Ángel Campoy-Angelines Vázquez, no primeiro piso do Lugo-Bar. Elvira sinte unha grande admiración polo escritor lucense e foi, en boa medida, a causa principal de que Fole fixase o seu domicilio diurno nese bar da Mosqueira, pois ela preocupouse sempre de que o terceiro velador, o que daba a esquina de San Roque, estivese baleiro para don Ánxel, na hora a que acostumaba a chegar. O respecto que Elvira sentía por Fole permitía que os pagos das consumicións fosen ó ritmo máis axeitado para o escritor. Don Ánxel, dito cunha expresión redonda, tiña creto cas de Elvira, e mentres outros parroquianos, se cadra máis poderosos económicamente falando, non traspasaron nunca o umbral da confianza, Fole foi dende os primeiros momentos, un máis da casa. Elvira arrendou o negocio á parella formada pola súa sobriña, Carmen Vázquez e Pepe.

Gómez Rivas, Isabel. Autora de *O primeiro artigo de Ánxel Fole* (*EP*. 5-IX-1990), no que fai un pequeno limiar á reproducción do artigo *Reflexiones en torno al centenario de Góngora* (*LP*. 17-I-1928).

Gómez Torres, Camilo. Participa no volume ELAF co conto *...até outra nova primavera*.

Góngora y Argote, Luis de. Poeta. AF escribe sobre Góngora o primeiro artigo da súa vida no xornal *La Provincia* de Lugo

Del panorama literario. Reflexiones en torno al centenario de Góngora (*LP*. 17-1-1928), co gallo do III centenario da morte deste, que fora celebrado o ano 1927 principalmente en Sevilla. Daquela xuntanza xurde a denominación de Xeración do 27, na que se agrupan os mellores poetas do século XX español. ***AF***: "Yo estaba obsesionado por la poesía gongorina y acababa de leer el número que a esta efemérides había dedicado la *Gaceta Literaria*. El artículo (o de *LP*) era psss". Tamén *Veinte años de gongorismo* (*EPG*. 23-III-1936).

González, Avelino. Crego e mestre de Lugo. Foi profesor de gramática e ortografía de AF e párroco de San Pedro. Era característico o seu desprendemento e xenerosidade para cos pobres, e AF dicía que lle acordaba á figura de San Francisco de Asis e que morrera nun "cheiro de multitude". "Eu queríao moito". *Marzo del 24. Don Avelino González* (*HdelL*. 9-III-1964). No transcurso da inauguración da rúa Ánxel Fole. o escritor solicitou públicamente outra para don Avelino, lembrando que en ocasións non tiña onde durmir, pois chegou a regalar tres colchóns nun mesmo mes. O escritor pensaba incluílo no seu libro *Censo de boa xente*. Fole quería dedicarlle a don Avelino o *Cartafolio de Lugo*, segundo o texto da dedicatoria que se conserva.

González, Vicente. Autor do artigo *Ánxel Fole, in memoriam* (*Anduriña* nº5. 1986).

González Aira, Noli. Autora de *A prensa na obra de Ánxel Fole* (*EP*. 26-X-1988). Daquela a autora era alumna do Instituto Ánxel Fole de Lugo e o traballo recollía as citas de cabeceiras de xornais na obra literaria de AF. Con este traballo gaña o concurso sobre prensa do Día con xornais e sen libros de 1989. ***Op***: "O xornal galego que máis nomea é *El Progreso* (máis de vinte veces), seguido doutros xornais lucenses: *El Regional*, sete veces, *La Idea Moderna*, *Vanguardia Gallega*, *El Norte de*

Galicia, *La Provincia*. *La Aurora del Miño* e *Hoja del Lunes*, de Lugo."

González Doreste, Ánxel. Pintor, fillo de Anxel Johán. (González López, Ánxel). Autor dun retrato de AF datado en 1956 e que se atopa no Museo *Carlos Maside*. Este óleo aparece na portada da 1ª edición de HQNC. Autor tamén dun debuxo de AF sen data, actualmente na Redacción de Lugovisión. Durante unha visita ó Museo, con Isaac Díaz Pardo, Paco Martín e máis xente, Fole deixa o grupo e queda diante do retrato. Logo, rematado o percorrido, o grupo volve onda el e Fole, que non resiste marchar dalí sen que eles reparen na pintura, exclama: "¡Home! ¡Miren quen está aquí!" E naturalmente, todos foron admira-lo traballo de González Doreste.

Un dos retratos foleanos de González Doreste

González Gómez, Xesús. Ensaísta, crítico literario e traductor. Productor de Radio Nacional de España en Cataluña e asiduo colaborador de *TR*. Premio *Ánxel Fole*. Autor de *Un suplemento literario diferente: Táboa Redonda* (*EP*. 17-II-1993) e de *O momento literario nos 60. O Fole entrevistador* (*ANT*. 14-XI-1995).

González López, Ánxel, *Ángel* ou *Ánxel Johán*. Escritor e pintor. Amigo de AF e pai do tamén pintor Ánxel González Doreste. Asinou algún traballo xornalístico so pseudónimo de *Vicente Prado*. ***OpRCC***: "Recordo, por exemplo, unha vez que saímos da tertulia (do Méndez Núñez) e (Pimentel) me

entregou un poema que escrevera dedicado a min, e que quería que llo puxese en galego: *Angelito*. Nunca souben ben se ese *Angelito* era Ánxel Fole ou era Ánxel Johan...Pimentel considerava que non coñecía ben o galego literário, e os dous puxeron en galego textos escritos en castelán por Pimentel. Os amigos mais íntimos, mais lugueses saberán se *Angelito* era Fole ou Ánxel Johan... O caso é que lle dixen que llo puña en galego, de maneira que a versión que por aí circula deste poema, titulado *Forasteiro*, e dedicado "ao poeta e amigo Carballo Calero", está posto en galego por min. Teño o orixinal en castelán, o autógrafo con aquela tinta vermella con que escrevía sempre Pimentel". *Forasteiro* di nuns dos seus versos: "Paseias lentamente / e con ninguén podes / trocar o teu sorriso". (Pódese asegurar con toda certeza que o destinatario do poema era Ánxel Fole). ***AF***: "Tamén Ánxel Xohán é nativo de Lugo. Estivo vinte anos ausente nas Canarias. Cultiva a pintura i a poesía co mesmo acerto. Seu arte recorda por máis

O segundo González Doreste

Ánxel Johán (?), Ricardo Carballo Calero, Antón Figueroa, Pimentel, (?) (?), Manuel María, Celestino, Salgado, Luciano Fernández Penedo, Pepe Mouriz, Ricardo López Pardo, Milucho Gil, Álvaro Gil e Piñeiro, parte da tertulia do Méndez Núñez

dun xeito ao de Carlos Maside pola súa forza e solidez. Unha pintura exemprarmente "ben feita". En canto á súa lírica, enxoita e nidia, conceutista de abondo, é esencialmente minoritaria. Non se albiscan nila influencias de ningún poeta galego".

González Laxe e Fole, na visita con Sánchez Presedo, Varela Flores, Humberto Peña e Alvaro del Moral

González Laxe, Fernando. Economista. Ex presidente da Xunta. Durante a campaña de 1985, o 9 de outubro, realiza unha visita de hora e media a AF no seu domicilio de Montero Ríos. acompañado de Sánchez Presedo, Varela Flores, Alvaro Moral e Humberto Peña.

González Prieto, Fermín. Pintor. AF escribe *Paisajes de Galicia. Un lienzo de Fermín González Prieto* no número 1 da serie *Artistas Lucenses*, editado pola Deputación de Lugo. Tamén *Visita a un pintor* (*HdelL.* 22-I-1962). ***AF***: "Pronto entendí que Fermín eran un gran pintor, al contemplar sus cuadros y al oírle hablar de pintura. No solía hablar en gallego, como Colmeiro o Maside. sino en castellano". Autor dun retrato

de AF que presidía o salón do cuarto de estar do domicilio da rúa Montero Ríos.

González Radío, Vicente. Sociólogo e xornalista. Autor de *Xulio Camba e Ánxel Fole, xornalistas* (Fundación Universitaria de Cultura. Coordenadas. 1991). ***Op***: "É posible que en Fole predominase máis a idea da comprensión do mundo, e , dende esa óptica trataba de conectar; mais, sempre con referencias intermedias, case nunca cun pormenorizado tratamento sistemático, onde os datos de información, de documentación e de reflexión tivesen plena vixencia".

Fole, segundo G. Prieto

O libro de G. Radío

González Reigosa, Carlos. Escritor e xornalista. Delegado de *Efe* en Santiago e director da mesma axencia (1979-1997). AF escribe o prólogo do seu libro *Homes de Tras da Corda* (Xerais. 1988), onde di que os contos de Reigosa "teñen parecido con aqueles que eu sentín contar en Queiroga vendo cómo se cocían os nabos no caldeiro, namentras o pastor, Constante, zugaba e zugaba a súa pipa de raigaña de uz". Colabora no libro colectivo ELAF. ***Op***: "En tódalas historias de Fole está o mundo (e o trasmundo) rural galego cunha sorprendente plenitude. Un mundo

real, harmónico, que latexa no fondo dos seus relatos con vida propia. Porque Fole non se deixa levar pola fantasía máis alá do que consinte o propio mundo do que fala (nin siquera cando o tema é o do alén)".

González Suárez-Llanos, Camilo. ***Camilo Gonsar.*** Escritor. Falando da literatura foleana, chega a unha definición por negación, ou sexa, por negación das outras definicións: "O resultado non é, por descontado, narrativa costumbrista; nin tampouco esteticismo aristocrático de sonata de outono, nin retórica de comedia bárbara, nin visión esperpéntica. Sei o que non é, as grandes tentacións nas que Fole non caeu. Moito máis difícil sería tencionar dicir directamente o que é, tratar de explica-la experiencia única da lectura de *Á lús do candil*, de *Terra brava*. Afortunadamente, os libros de Fole están aí".



Fole, na tapa do libro de González Vigo e Xiz Ramil

González Vigo, Marcial. Xornalista. Coautor con Xulio Xiz Ramil do libro *Medio cento de galegos e Rosalía*. (Edicións Celta. 1983), no que AF participa con opinións sobre a poetisa. Autor da entrevista "*O noso idioma hai que nacionalizalo*" (*La Región* de Ourense/*EP*. 21-VIII-83). Nela afirma AF: "O galego adepréndese, digan o que queiran, nos poemas e nos contos; as novelas son formas de cultura madura. ¡Non hai volta que darlle!, o galego entra contando e cantando. (...) Iso debe ser espontáneo (o uso do galego); decir espontáneo niste caso é decir popular, e decir popular, tamén niste caso, é decir nacional ¡Débese nacionaliza-lo idioma galego! Impoñelo por decreto non goberna nada, é decir, simplemente, non se impón".

Gran Enciclopedia Gallega. Edición de Silverio Cañada, baixo a dirección nominal de Ramón Otero Pedravo (1974). Inclúe a voz: "FOLE SÁNCHEZ, Ánxel", de Juan Soto Gutiérrez. ilustrada cunha fotografía e o debuxo de Maside de AF, datado en 1954. Abrangue unha páxina da publicación.

Grande Penela, Antón. Escritor e xornalista. Colaborador de TR. Redactor de *EP*. ***Op***: "Era polo Días das Letras Galegas do ano 72 e daquelas, dínlle a don Ánxel un conto meu por ver si tiña acollida na páxina de *Táboa Redonda*. que dirixía en *El Progreso*. Non só mo publicou sinon que, andando o tempo, serían moitos os contos que na *Táboa* _como lle chamabamos cariñosamente a esta páxina_ iría eu publicando. Por elo non é extraño que para min supuxera unha grande alegría o día en que, xa estando de estudante en Compostela, fun dar unha volta pola Redacción de *El Progreso*. Alí estaba don Ánxel e achegueime a saudalo. Cando o fixen, díxome: "Hai moito tempo que vostede non me trae un conto para a *Táboa*". ¡Fole pedíame un conto para publicar! Nin que dicir ten que llo levei de contado".



O *Grial* dedicado a Fole e Celestino

Grandío, Antonio. *Tino*. Pintor. Autor dun retrato de don Ánxel que non foi do gusto do escritor. Cando Fole coñece o retrato, no restaurante *La Barra* de Lugo, díxolle ó pintor: "¿Cómo cree usted que voy a pasar a la eternidad con esa cara de bruto? Ése no soy yo, eso es el totem de los Grandío, que siempre han sido unos bestias".

Grial. Revista Galega de Cultura. Creada inicialmente como Cuadernos anuais da Editorial Galaxia, foi suspendida polo Ministerio de Información no ano 1952, e non volve a saír ata setembro de 1963. É a revista de máis longa vida

da historia de Galicia. Codirixida por Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego. conta con distintas colaboracións de AF. ***PE***: *Dous contos* (nº10. 1965) (Inclúe *¡Lobos te coman!*); *Perder amigos* (nº73. 1981). Un ano despois do seu pasamento, *Grial* dedica un número, o 95, a AF e mais a Celestino Fernández de la Vega. como xa fixera con Castelao, Cabanillas, Otero Pedravo e Seoane. Neste número, o 95 de 1987, escriben Carlos Casares (*Un libro sobre Fole*), Francisco Fernández del Riego (*Narrador e paisaxista* e *Escritores ao redor de Ánxel Fole*), Claudio Rodríguez Fer (*Ánxel Fole e o cine*), Tareixa Castro (*Bibliografía de Ánxel Fole*) e Luís Alonso Girgado (*Aproximación á narrativa de Ánxel Fole*).

Grilo, O. Personaxe protagonista do conto *A macabra chanza do grilo*, incluído no libro HQNC. "O Grilo, de mal nome, era un dos máis folclóricos borrachos de Lugo. Un home pequeno il, preto como un mulato, que levaba sempre na testa unha pucha de visera. Os seus bigotes eran como os dos guerreiros galos dos gravados, cas guías moi longas e caídas".

Guerra Civil. AF, como tódolos españois das xeracións que viviron a guerra, amosa na súa biografía unha fonda pegada deses tres anos e as súas consecuencias. O escritor laiábase de telo profetizado. ***AF:*** "Nun banquete que houbo o Día de Galicia do ano 34, cos elementos máis destacados do Partido Galeguista, falei eu e díxeno. Dixen que dende logo, dentro de dous anos xa non estariamos reunidos todos poque sabía Deus por onde andariamos, que habería moito que contar do que pasaría en España. Ríronse de min e non me fixeron caso. Boeno, pero atinei. Atinei de remate. Aos dous anos non era posible ese banquete". AF contaba o seguinte: "Presentáronme unha vez a unha señora de Quiroga que seica tiña a facultade extraordinaria de predecir o que ocurrería no mundo; presentábaselle en soños a imaxe de Cristo sangrando polas catro chagas e decíalle as cousas. Seica denantes do alzamento

A parada cívico/militar organizada en Lugo para recibir a Franco en 1940

militar do trinta e seis, anunciou: "Vai vir unha guerra tremendisma en toda España". **En Lugo.** A Guerra Civil e a represión posterior causan en AF un profundo desacougo. O día 18 de xullo de 1936, el e mais Ramón Piñeiro foran designados polo Partido Galeguista para formar unha comisión de enlace promovida polo gobernador civil García Núñez ante a inminencia dun levantamento militar. Piñeiro no turno de día e AF, no de noite. A primeira noite como enlace, Fole e mais Pepe Pimentel, enlace do PG na Deputación, van ó Goberno Civil en cumplimento da misión encomendada e iste feito vaille ocasionar problemas co novo poder establecido despois da rebelión militar. De calquera xeito, tanto Piñeiro como Fole recoñecerán como decisiva á hora de salva-la vida a negativa do Partido Galeguista a participar nas listas electorais do Frente Popular. Aínda así "chegouse a afirmar públicamente que Luís Pimentel e Ánxel Fole foran paseados en Lugo" (Claudio Rodríguez Fer. *Poesía Galega*. Vigo 1989). AF atopa refuxio na casa de Luís Pimentel e de feito, a súa estadía de 1941 á 1953 fóra da cidade, en Quiroga, O Incio e O Caurel, está relacionada co temor a unha represalia política.

Guerra Da Cal, Ernesto. Pseudónimo literario de Ernesto Pérez Guerra. Poeta e ensaista. Na súa mocidade viviu en Quiroga. Participou no grupo de teatro *La Barraca*, que dirixía García Lorca. con quen mantivo unha íntima amizade, da que non é allea a redacción dos poemas galegos lorquianos. "Ernesto fue el primero que tuvo el primer contacto con el manuscrito de los *Seis poemas galegos*", lembra Blanco Amor. Carteouse con AF. Invitado a participar nos actos de homenaxe a AF polo Concello un ano antes do seu pasamento, Guerra Da Cal , comunícalle ó alcalde Quiroga que non pode vir, pero que" se alguén merecia uma homenagem hoje na Galiza era Ánxel Fole".

Guerra da Cal e Piñeiro

GUIÓN

POLITICA·CULTURA·INFORMACION

AÑO I Núm. 10 SEMANARIO REPUBLICANO

TEMAS·VIVOS·

O GRAN PROBLEMA GALEGO

COPLILLAS

Se habla—y muy confusamente por o acuerdo entre significadas personalismo y los más conocidos elementos

A cabeceira de *Guión*

Guión. Semanario republicano de Política-Cultura-Información, fundado en marzo de 1930. Dirixido por Avelino López Otero, nace polo obrigado troco de cabeceira de *Ahora* , que xa estaba rexistrada en Madrid por Luis Montiel. Colaboraron en *Guión*, ademais de AF, Adolfo Posada, José Gavoso. Julio Ramos, Francisco Lamas. Luis Manteiga. Víctor Casas, Outeiro Espasadín, José María Castroviejo, Luís Seoane. Álvaro Cunqueiro. Luís Bouza Brey, Cándido Carreiras, *Ben-Cho-Shey*. Otero Pedrayo. Rafael de Vega Barrera, José del Peso Sevillano, Vicente Risco, Fiz Mosteiro, Antón Villar Ponte e Arturo Cuadrado. A revista foise radicalizando de acordo cos acontecementos políticos. O seu último número (1-V-1931) trocou o subtítulo polo de Semanario de Izquierdas. AF e outros decidiron marchar e fundar *Yunque*. onde se di: "El último número de *Guión* se tiño de rojo estridente. Esto escandalizó a los señores que lo financiaban (familia Pimentel). Entonces lo abandonamos definitivamente y fundamos *Yunque*".

O *Guión* do 1º de maio de 1931

LUGO, 1 DE MAYO DE 1931

GUIÓN

SEMANARIO DE IZQUIERDAS

Número extraordinario

FIESTA DEL TRABAJO

el socialismo

rojo

el sentido social de la revolución francesa

Primeira páxina de Guión de maio de 1931, antecedente da revista Yunque cunha ilustración de ambiente obreiro de Angel Johan e un poema social de Amel Fole

Nos anos de *Guión* e *Yunque*, con Romero Boelle, Francisco Lamas e Ángel Johán

Gumersindo, O. Personaxe do conto *Solaina*, incluído no libro TB. Este home, xunto co Cilistro e mais o don Ramón, son tres vellos amigos do tío Gasparo. Reúnense na casa deste último para xantar e parolar sobre distintos temas. "O Gumersindo é boticario en Monforte... A muller é deiquí, e de cando en cando ven dar unha volta no seu coche. Vai pra vinte anos que o trato. É groso e máis ben alto".

Gutiérrez Fernández, Eduardo. Profesor, ensaísta, ex alcalde de Ribadeo. Colaborador de TR. No ano 1971 representa *Pauto do demo* con alumnos do Instituto de Bacharelato de Ribadeo. ***Op***: "En 1976 recibimo-lo na Feira do Libro de Ribadeo para presentar unha nova edición de *Terra brava*, con esa ilusión afervoada da mocedade cando se lle ofrece a ocasión de por-se a dialogar coa história ou de coñecer a un escritor consagrado dunha literatura que era, e ainda é, algo máis que literatura. E enseño, a grácia rebuldeira, a ocorréncia, personificaron nel naquela xornada".

H

Henri de Folch. Personaxe de *O Tesouro*. (ALDC). Personaxe principal da historia desenvolvida no caderno que atopa Don Juan Mª., na biblioteca do pazo. Cabaleiro templario que chega á torre de Lonxío, acompañado de dez ou doce servidores, todos "moi apostos e ben vestidos". El é o único que sabe falar castelán, pois criárase en Cataluña, no pazo do seu parente o duque de Cardona, Don Ramón Folch. Entre a súa equipaxe trae oito bestas cargadas con cofres, onde polo visto, viña o tesouro deste cabaleiro. Henri de Folch chega cunha ferida nun brazo, feita tras o enfrontamento sufrido cuns ladróns que lle saíron ó camiño. O motivo que lle fai fuxir do seu castelo, fora que o rei de Francia, ó desfacer a Orde do Temple, puxera prezo a súa cabeza. Morre a mans de Don Diego de Moscoso. (*vid* Fole).

Hermida. Ou Ermida. Parroquia de Quiroga. onde AF localiza o escenario do feito que lle inspirou *Pauto do demo*. ***AF***: "Estaba gorecido baixo dunha pena, a xeito de viseira. Chovía a cachón. A tempestade era tremebunda e cuns alustros estarrecedores, cando vin saltar do cimo da pena un godello coas partes tan grandes coma unha ubre dunha vaca. Deixou un cheiro grandísimo a xofre. ¡Era o demo!"

Hermida Balado, Manuel. Cronista oficial de Monforte. Historiador. ***Op***: "Realmente, yo conocía muy poco a Ánxel Fole. Recuerdo que me lo presentó el poeta Manuel María. Y tras la presentación, estuvimos hablando toda una tarde. Yo había leído ya sus libros... Resultó una tarde muy agradable, y Fole me pareció, además de un hombre bueno, muy simpático, extraordinariamente simpático".



Capa de *As revistas...*

Hermida García, Modesto. Escritor e profesor. Autor de *As revistas literarias en Galicia na Segunda República* (Ediciós do Castro 1987). ***Op:*** "Ánxel Fole, daquela radicalsocialista, non sentía grandes desacougos polo conflicto lingüístico e estaba moi mediatizado pola súa fonda vocación literaria".

Hernández, Guadalupe. Debuxante. Autora das 13 ilustracións e portada da edición de PDD (Árbore. Galaxia 1996).

Herrero Figueroa, Araceli. Escritora e profesora. Colabora no volume ELAF con *Uma lenda de Fole. Literatura culta e literatura tradicional*, onde Araceli Herrero investiga unha lenda referida por Fole no epílogo das *Historias do Pazo de Lucencia. O cabaleiro namorado da fada do relanzo*, pertencentes a *Terra brava*. ***Op***: "Lingüísticamente, Fole é un autor moi interesante polo seu apego ás formas da fala espontánea, ás formas dialectais".

Hielo Bar. Establecemento xa desaparecido da rúa de San Marcos. Sede dunha tertulia literaria na que participa AF e da que pasa á historia unha célebre discusión entre el e o profesor Rodrígues Lapa sobre a tendencia dos galegos polas esdrúxulas. Durante a súa primeira visita a Lugo, García Lorca está no HB. con AF, Manteiga e Cunqueiro.

Historias que ninguén cre. Quinto libro de AF e cuarta recopilación de 20 contos, neste caso cáseque todos publicados xa na versión do libro. Edicións: 1ª (Grandes Mestres nº 2. Xerais 1981), 2ª (Xerais 1983), 3ª (Xerais 1985), 4ª (Literaria. Galaxia 1996). Na primeira edición leva un debuxo de Luis

Seoane e un óleo de Ángel González Doreste. *OpCRF*: "Durante décadas, Fole foi publicando en diversos xornais e revistas, baixo tal epígrafe con algún outro do mesmo tipo ("Contos da brétema"), numerosos relatos na súa vella liña parapsicolóxica e misteriosa, fundamente escritos en Lugo nos anos sesenta e setenta. Todos eles formaron un libro que xa en 1973 anunciaba o autor que editaría Ediciós do Castro, pero que non só non se publicou entón, senón que seguiu refacéndose e espallándose mesmo por fóra de Galicia".

O debuxo de Seoane na portada das *Historias...*

***Hoja del Lunes*, de Lugo.** Semanario editado pola Asociación da Prensa de Lugo. no que AF colabora ininterrumpidamente dende o número 1, (8-I-1962), ata a súa desaparición, en 1983, coa sección *Plaza Mayor. Tertulia del sábado*. asinada como *Neumandro*. No primeiro artigo, titulado *Sin más titulo*, fala da Praza Maior e das reformas feitas nelas polo alcalde López Pérez. Tamén

Fole co administrador de *El Progreso* e da *Hoja*, Manuel Pérez, *Chao de Zarrido*

publica nela algún artigo do *Cartafolio*. Dirixida por Alejandro Armesto primeiro, e por Ángel Martínez Fernández de la Vega cáseque toda a súa existencia.

Homenaxe a Fermín Penzol. Libro colectivo no que AF participa co traballo *Fermín Penzol débeme unha copa de whisky* (Galaxia. 1972).

Homenaxe a Francisco Fernández del Riego. Libro colectivo no que AF colabora co traballo *Lembranzas: A xuntanza de 1945* (Galaxia. 1975).

Horizontes. Semanario republicano de Lugo (1932), voceiro do Partido Republicano Radical Socialista radicado na avenida de Moret, hoxe rúa Castelao, número 1. AF asina como Bacurín artigos políticos moi radicalizados que anos máis tarde rexeitaría por demagóxicos. Véndese a 10 céntimos. Para a subscripción, advirte que *Horizontes* é unha publicación republicana auténtica "y no se sirve en suscripción más que a los republicanos acreditados antes del 14 de abril de 1931".

Foilebar, o Incio máis foleano

In

I

Incio, O. Concello de Hospital, pazo no que AF reside tempadas a partir do ano 1941, cando troca Lugo por Quiroga. *OpMRL*: "Aquí _recorda o ilustre escritor_ hai vintetrés anos que escribí *Terra brava*". Non é de extraña-la ricaz inspiración do escritor lugués durante a súa moradía na mansión construída por Quiroga Ballesteros no ano 1880, antes de ser ministro de Fomento durante a Monarquía. O frontis do pazo está ornamentado por tres escudos nos que recoñecémo-los lobos, símbolo dos Quirogas: as troitas, dos Gaiosos; o caldeiro, dos Ulloas; os dous lagartos cruzados por unha lousa, dos Losadas... Ten un xardín fermosísimo con abetos, tuias, palmeiras, buxos,

O Incio

figueiras, soutos, carballeiras e un prado de moita larganza xunto á igrexa-fortaleza ergueita polos Hospitalarios, arredada do campanario e da torre panteón dos Quirogas, da cúpula do cal pende a cadea á que se agarraban os perseguidos pola Xusticia, para acollerse ó dereito de asilo cando entraban na xurisdicción do señor".

Información ambiental. Publicación da Dirección General del Medio Ambiente, dirixida por Fernando Martínez Salcedo co asesoramento xornalístico de Raimundo García Paz, fillo de *Borobó*. AF publica nela o artigo *O feitizo da paisaxe/El hechizo del paisaje*, no seu número 2, datado en Paradela do Páramo (agosto do 1984).

Ínsula. Revista bibliográfica de Ciencias y Letras de Madrid. En xullo-agosto de 1959 dedica un número extraordinario, nº152-153, á cultura galega no que participa AF co artigo *El nuevo ensayismo gallego*, xunto con Blanco Amor, que fala dos poemas galegos de Lorca. Cabanillas. Dieste. Filgueira. Vidán Torreira, Franco Grande e Ramón Lugrís. Tamén publica mostras da creación literaria galega.

Instituto de Cultura Galega. AF foi vocal da directiva constituínte do ICG, creado en Lugo o ano 1931. Como presidente figuraba Salustiano Carro Crespo, e outros directivos eran Evaristo e José Antonio Correa Calderón. José Vázquez Fernández-Pimentel, Ramón Martínez López. Benigno Varela, Reinaldo Gómez. Abelardo Delgado e Faustino Rodríguez. Os seus amplos fins non se corresponderon cos curtos resultados acadados.

Instituto Masculino de Lugo. AF estudia os últimos anos do Bacharelato nese centro, ata os vintecatro anos. AF: "Eu fun un bachiller tardío. Estudiei no Instituto co último Plan 26-27, pero xa con permiso para examinarme na Universidade". AF cita

entre os seus compañeiros a Antonio Rosón, Jaime Olano e Silva, Antonio Arias, Núñez Torrón, Juan López Durá. Ignacia Ramos, Petra Sal, Odón Esteire. Manuel Martínez Suárez *Michines*, etc, algún deles compañeiros tamén nos Maristas. A vocación literaria de AF ten as súas primeiras manifestacións públicas no periódico do Instituto, no que colabora tamén daquela Álvaro Cunqueiro. máis novo có autor lugués, pero compañeiro del polo retraso co que AF enfronta o último tramo do ensino secundario.

Internet. A viaxe na procura de AF en Internet é aínda curta (II-1997). Pode comezar coa dobre páxina galego/inglesa *Of Short Stories*, que asina Víctor F. Freixanes e na que expón que nin Cunqueiro. nin Fole _"by candlelight" (arredor da lús do candil) na súa versión inglesa_, nin Dieste, nin Castelao ou Blanco Amor, poden explicarse sen os vellos e magníficos narradores populares. Segue despois unha vista a Román Raña, onde recala a búsqueda cibernauta polo seu libro *A vixilia no Gólgota infinito*, premio literario *Ánxel Fole*. Nunha visita á páxina de Xosé María Álvez atoparemos a Fole dixitalizado. Dalí pasamos a dous *links* de Xosé de Cora. construídos por Xerais e onde se detecta Fole por mor do libro HdeF. Viaxamos logo á producción do Centro Dramático Galego *Como en Irlanda*, onde o autor lugués aparece citado nese *web* como un dos escritores _xunto con Villar Ponte e Albert Camus_, que trataron dalgunha forma na súa obra a lenda do home asasinado nunha pousada. En http://www.six.udc.es: 80/boletín/premios. html atoparemos a Fole como titular do premio do seu nome. En *El País Digital*-Cultura, Carlos Casares fala da súa obra e das súas conversas con Fole. Tamén aparece Fole en *A década dos 60/La década de los 60* e baixo o nome *The sixties II*, onde se recolle a evolución moderna da cultura galega. Iso si, se o cibernauta solicita a palabra *fole*, só no buscador *Yahoo* se pode atopar con máis de 2.177 direccións nas súas diferentes acepcións en tódolas linguas do mundo. Pero eses son outros *foles*.

Irene. Personaxe do conto *¡Difuntámo-la botella!*, incluído no libro CDN. É a dona de Patricio. Ela xunto co seu home, despois de moito cavilar, serán os que descubran o lío formado na casa de Xerardo, despois dunha noite de moito beber.

Ja

J

Jammes, Francis. Poeta francés. Autor de *De l´Angelus de láube à l´Angelus du soir* (*Del toque de alba al toque de oración* 1898), que AF le e rele. ***OpJS***: "Hay además un libro de culto casi perenne *De l´Angelus de láube à l´Angelus du soir*, de Francis Jammes, que leyó y releyó en la traducción española que Enrique Díez-Canedo hizo en 1920 (1921), para Espasa-Calpe". O libro fala da admiración da natureza, da vida dos máis humildes e do xeito de compracer a Deus nesa contemplación marabillada das cousas aparentemente máis cativas. Jammes tamén inflúe poderosamente na obra pimenteliana.

Jiménez, Juan Ramón. Escritor. Xunto con Gabriel Miró. Antonio Machado e Valle. Juan Ramón conqueriu a meirande admiración literaria de AF. Dedicoulle numerosos artigos e números monográficos en *TR*. "A mí me gustaba, muy especialmente, el Juan Ramón de los versos alejandrinos y cantos del paisaje. El Juan Ramón de *La soledad sonora*". No ano 1965 participa na edición do calendario *Platero e mais eu. Homenaxe galego a J. Ramón Jiménez*, de *Cartonaxes ANMI*, con traduccións de JRJ ó galego. O almanaque foi promovido por Ánxel Gómez Camarón coa fin de felicita-lo Nadal dese ano ós seus clientes. Xesús Alonso Montero e Saturno Lois levaron a coordinación literaria e gráfica da publicación, que abría un debuxo do burro orixinal de

O *Platero* de Saturno Lois

don Saturno. AF escribe o ensaio co que se abre a publicación baixo o título *Juan Ramón Jiménez, visto por nós*. Tamén traduce o capítulo 43 de *Platero...*, que ilustra Manuel Colmeiro. A nómina de traductores e debuxantes que fixeron o calendario recolle as figuras galegas máis importantes da época.

AF escribe da saída do almanaque no artigo *Calendario mural en gallego* (*HdelL.* 13-XII-1965).

O escritor sentía un profundo engado pola paisaxe galega

Jiménez Arnau, Joaquín. *Jimmy*. Escritor e xornalista. Coñece a Fole en 1975 durante unha visita a Lugo para presenta-lo primeiro libro político trala morte de Franco, *Ideologías para un Rey*, unha enquisa realizada con Ricardo Martín e Xosé de Cora, na que participan, entre duoscentos persoeiros españois, Celestino Fernández de la Vega. Xesús Alonso Montero. Juan Soto Gutiérrez e Pedro de Llano. Fole preferiu aforra-la súa resposta a unha pregunta feita aínda en vida de Franco: "¿Cómo se definiría políticamente?" Xantan xuntos en Ombreiro e fan amizade dende o primeiro momento. "Don Angel _comentoulle varias veces o *Jimmy*_, usted en Madrid triunfaba. Sería una figura". Meses despois casa cunha neta de Franco.

José Manuel. Personaxe do conto *¡Caronte!*, incluído no libro CDN. Avó do propio narrador do conto "que chegou ós cento seis anos".

Iosefina. Personaxe do conto *¡Difuntámo-la botella!*, incluído

no libro CDN. A Josefina "era do val do Incio, e viñera ver us parentes ó val. Mais como a súa casa non estaba en condicións pra recibir a un señor notario das Asturias, que iso era o seu home", paran na casa de Xerardo.

Juan "o Rei dos Xamós". Personaxe protagonista do conto *Unha morte sin rastro*, incluído no libro HQNC. Home "de longos bigotes e de cello mesto, alto e groso il". Morre despois de que o Xes de Restrepo lle enviase un telegrama onde dicía que a súa filla tiña que casar con Filiberto, home a quen o Juan tiña moita xenreira. A morte produciuse durante a cea homenaxe que a vila de Sarria lle ofrecía como "aito de desagravío", a un home que puxera alí "o almacén de esportacións de xamós meirande de España enteira".

Juan Carlos **e** ***Faldrique de Luaces e Castro***. Personaxes do conto *O Desafío*, incluído no libro CDN. Estes dous homes son irmáns xemeos, "que se supoñen descendentes dos condes de Lemos". Quedaran orfos cando andaban polos dez anos, e os dous estudiaran dereito na Universidade de Valladolid, mais "non poideron termina-los estudos por leva-lo número límite de suspensos. O que lle diu aínda máis sona de bestas da que disfroitaban". Sempre tiveran moita sorte, pois cando menos cartos tiñan, morríalles unha tía e deixáballes todo a eles. Por mor dunha ama de chaves, a "Parafusa, deixaronse de falar e marchou cada un para sitio distinto, o Carlos á Coruña e o Fadrique a Vigo. Aínda separados como estaban pola distancia facían as mesmas cousa: "Os dous se mercaron... un chapeo de copa redonda... un auto Fiat de oito cabalos... E entramos se atoparon no café da Rotonda de París, ... mais sin darse fala..." Por tras destas coincidencias estaba un tío deles, o Natillas, que os convence para ir a París, ademais de facer que os dous se batan a morte nas ribeiras do Cabe, sen que ningún deles saia danado. Son estes, pois, os individuos que Fernando ve pasar por diante da cristaleira do café, pensando que son a mesma persoa.

Jull Costa, Margaret. Profesora. Coautora e traductora da antoloxía da literatura fantástica de España preparada pola Universidade de Bristol coa tamén profesora Annela McDermott e que publicará no ano 1997 a Editorial Dédalus en lingua inglesa. A Universidade de Bristol xa fixera antoloxías das mesmas características de Austria, Gran Bretaña, Polonia, Portugal e Holanda. A antoloxía escolma o conto de Fole *De como o xastre Bieito volvéu pro inferno*, de CDN. Colaboraron na traducción dos contos Arturo Pérez Reverte, Bernardo Atxaga, Javier Marías e Carmen Martín Gaite. Entre outros, figuran nela relatos de Bécquer, Pardo Bazán, Alberto Insúa, Ramón Gómez de la Serna. Dieste. Cunqueiro. Wenceslao Fernández Flórez, Max Aub, Noel Clarasó, Mercé Rodoreda, Perucho, Zamora Vicente, Sastre e Valente.

L

Labregos e fidalgos. Título dun libro inédito de AF, segundo referencia de Juan Soto no prólogo a *Cuentos para leer en invierno* (Espasa-Calpe. 1986).

Lamas. Personaxe do conto *¿Egua ou cabalo?*. incluído no libro CDN. "Ilustre xurisconsulto", dono dun cadro pintado por Prego de Oliver que levanta grande polémica en Lugo, pois uns din que o animal alí representado é egua e outros que cabalo. Un tremor de terra dará a solución, a táboa estaba pintada polos dous lados: "Ten dereito e tamén rivés. Por un lado é egua e por outro, cabalo".

Lanza Álvarez, Francisco. Fundador de *La Comarca*, de Ribadeo. Autor de *Dos mil nombres gallegos. Fole (Ángel)* (Ed. Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires. 1953).

Larón. Personaxe do conto *A cabana do carboeiro*, incluído no libro ALDC. Home moi forte de lombo ancho e pouca perna. Era labrego pero traballaba como enterrador. A tía Ramona encárgalle recoller as cinzas do seu pai e levalas a un nicho novo.

Larousse. Enciclopedia de *Librairie Larousse*. Dende a primeira edición para España (Planeta. 1980), inclúe, non exenta de erros, a entrada: "FOLE (Ánxel), escritor español en lengua gallega (Lugo 1905). Partiendo de la narración gallega de tradición oral, ha plasmado, mediante un lenguaje literario de gran depuración, ambientes de magia y misterio. Su obra se compone en su mayor parte de novelas cortas y cuentos: *A la*

luz del candil (*Á lús do candil*, 1953), *Tierra áspera* (*Terra brava*. 1956). Ha cultivado también el teatro: *Pacto del diablo* (*Pauto de demo*. 1955)".

Leal e Julia Minguillón, modelos da pintora

Leal Insua, Francisco. Xornalista e escritor. Redactor xefe de *El Progreso* e director de *Faro de Vigo*. Participou na Mesa redonda *Os receptores das súas colaboracións* no Congreso Álvaro Cunqueiro celebrado en Mondoñedo. ***Op***: "Incorporei a outro marxinado naquel momento tamén que levaramos ó *Progreso* e que outra arma branca, por circunstancias persoais, tamén vivía mal, que foi Ánxel Fole. Alternabamos a colaboración de Ánxel Fole coa de Cunqueiro. aquilo foi para riba e queda a satisfacción coa cidade de Vigo". En *Fole*,

articulista (ELAF), Leal reproduce dúas cartas remitidas dende A Veiguiña en 1946 e 1951, respectivamente. Na primeira di: "Yo, aquí, vivo en una feliz ignorancia de lo que pasa en el mundo. Algunos días leo uno que otro periódico. La impresión de su lectura no puede ser más deprimente... ¿Qué es el mundo?... ¿Una casa de fieras, una jaula de locos? (...) En fin, que no hay más remedio que retirarse a la montaña, esperando que un día muy próximo las bacterias y la bomba atómica den fin a tan abominable espectáculo. Pero ya es tarde para renunciar a mi título de persona civilizada y por eso te ruego que me envíes de vez en cuando *El Progreso* u otro periódico o revista que no te cueste nada". Na seguinte carta reproducida (1951), Fole fala de reanuda-la colaboración no *FdeV* despois de pasar unha semana doente. Tamén fai unha humilde reclamación dos seus diñeiros "pues mi estado económico, como siempre, deja mucho que desear. Estoy animado a trabajar y mis próximos artículos serán mucho mejores. He enviado a Sigüenza uno, *Letras gallegas*, que no sé si se ha publicado. Quisiera pedirte, amigo Paco, como favor especial, que me envíen el *Faro* diariamente, con el descuento correspondiente en el importe de mis artículos".

Lecciones de historia de la Literatura especiales para el Examen de Estado. Manual escrito por AF para ós seus alumnos do exame de Estado da academia Balmes. onde dá clase nos anos posteriores á guerra. Trátase dun texto mecanografiado e reproducido a ciclostilo no ano 1940 que asina "o profesor da asignatura". Levan tamén un prólogo introductorio coa sinatura "A.F."

Ledo, Xohán. **Ricardo García Suárez.** Médico e debuxante que traballou na ilustracións dos libros de Galaxia baixo o pseudónimo de *Xohán Ledo*, polo que será despois coñecido. ***OpFdelR***: "A demanda de orixinais, a organización dos textos, a corrección de probas, a diagramación dos libros, as ilustracións,

O debuxo de Xohán Ledo para *O documento*. Representa a escena felliniana

todo era obra duns poucos. Xohán Ledo foi, entre eles, quen revelou habelencia particular para o deseño, e se empeñou no económico proceso de ilustrador". Autor da portada da primeira edición de *A lús do candil* e das ilustracións que acompañan a cada un dos contos (Galaxia 1953). Autor dos gravados de *Terra brava*.

Ledo Andión, Margarita. Escritora e xornalista. Colabora no volume ELAF cunha curta, pero significativa aportación: "FOLE? SI, gracias". Autora de *Ánxel Fole. Un narrador a pelo* (*ANT*. nº 11. 17-VI-1979 e *ANT*. 22-V-1986).

Legendre, Maurice. Escritor hispanista e director da Casa de Velázquez de París. Nunha visita a Lugo co seu fillo coñece a Fole, pois este é portador dunha carta que o xornalista republicano César Alvajar. exiliado na capital francesa, envía ó autor lucense.

Legovanta. Título dunha novela que Fole di estar a escribir en A Veiguiña a Fernández del Riego: "Dentro de dous días enviareiche o último conto. Teño en preparación outras dúas pezas teatrais e unha novela, *Legovanta*, que me parece que vai ben, é unha novela corta con técnica case de conto. Paréceme que por ahí hai que empezar".

Leibl, Wilhelm. Pintor. Autor de *Tres mulleres na igrexa*, utilizado por Manuel Janeiro para ilustra-la capa da edición de *Historias que ninguén cre* (Galaxia 1996).

Leibl, no capa das *Historias...*

Leixazós. Aldea da parroquia de Pacios da Serra (Quiroga). Nun artigo xornalístico, AF recolle o dito popular: "En Leixazós non entra carro nin Dios", en referencia ás dificultades do acceso.

Leonor. Personaxe do conto *De cómo o Xocas deu o timo do sobre a dous atracadores*, incluído no libro HQNC. É a viúva do Crisanto de Aspai, ten tres fillos, o maior de doce anos.

Lexandre de Arcos. Pseudónimo utilizado por AF, en lembranza de Alejandro de Taboada y Ulloa, señor de Merlán e dono do castelo de Arcos, na parroquia de Santa María de Arcos (Chantada).

A Torre de Arcos

Lías de Moxenas. Personaxe do conto *O miragre de Ribadeo*, incluído no libro HQNC. "Era iste un mozo ben prantado, con bigote e tamén barba da color da barbadela das espigas de millo". Dera un recital de poesía en Ribadeo o que asistiu Pepiño "O Xaropes" e máis o narrador do conto. El foi o branco da brincadeira do "Xaropes", este meteulle dentro do peto da chaqueta unha ra. Cando o poeta estaba a servirse auga, o animaliño deu un brinco e meteuse dentro do vaso da auga. O público, que creu que aquilo fora

cousa do artista, reaccionou con moita violencia; o poeta tentaba que a xente entrase en razón dicíndolles: "¿E non vos decatades de que, agora mesmo, estades contemprando o Gran Miragre de Ribadeo?"

Liberata. Personaxe do conto *¡Difuntámo-la bebida!*, incluído no libro CDN. É a "doncela" na casa de Xerardo. Era baixa e "coma tódalas persoas baixas, petaba moito ó andar". É da primeira persoa que desconfía Patricio, cando comproba que lle faltan dez mil pesetas do seu armario. Este cría que como a moza ía casar pronto, estaría facendo peto a súa conta.

Liberata. Personaxe do conto *¡Lobos te coman!*, incluído no libro HQNC. É a filla máis nova do Sr. Marcos de Begonde. "Tiña cara de siberiá, cos ollos alongados, en forma de améndoa".

Liberata. Personaxe do conto *As trasnadas do Toño*, incluído no libro TB. É a criada da tía María, "era unha moza trintena, nada fea, morena, de ollos moi mouros, baixa, forte coma un home forte. Debecía por se casare... era moi traballadora. Faguía todo o labor de fora. Preparaba o manturio dos ranchos e dos cochos da ceba; sachaba o horto, sin nunca se doer do seu corpo; apañaba a verdura; estraba as cortes...". Despois dos moitos sucesos que acontecen na casa durante a estadía do Toño, chega a conclusión de que esta está enmeigada.

Llano López, Pedro de. ***Bocelo.*** Xornalista. Director de *El Progreso* (1970-80). Nos anos da súa estadía en Lugo, *Bocelo* trabou fonda amizade con AF, con quen compartía o traballo de tódalas noites na Redacción do xornal, e unha boa parte do día en conversas e celebracións gastronómicas. Autor de *Cerca de Ánxel Fole* (*EP*. 26-I-1975). ***Op***: "Al cruzar la Muralla por la Puerta de Santiago, Fole me hacía pasar invariablemente a la acera de enfrente y se iba a buscar el termómetro de la farmacia;

Siso, *Bocelo*, Luís Rodríguez, Soto, Fole, Gerino, Parga, Bernardino Barreiro, Paco Rivera Manso, Manuel López Castro, Salvador Castro, Angelito de la Vega e Paco Rivera Cela, á saída dunha *perdizada* no Mesón de Pallares de Guntín

trataba de ver la altura del mercurio ayudándose de la luz de su mechero, decía: "¡pues qué bien!", hiciera frío o calor, y se metía en casa. Por el invierno íbamos en coche. En cuanto montaba, decía aquello de "¡qué gran invento, éste del automóvil!", y a charlar." Pedro de Llano defende diante da Fundación Barrié. a candidatura de Fole para obter dela unha pensión vitalicia que acalme a penuria económica nos últimos anos do escritor. *Bocelo* e a Fundación atinaron na súa causa común. No volume colectivo ELAF, *Bocelo* escribe un longo artigo, *Desahogo sentimental*, no que recolle lembranzas do seus anos en Lugo con Fole, e que no fondo, supón unha atinada crítica ó actual xornalismo e un manifesto nostálxico en favor daquel xeito de entende-la profesión, xa esquecido por mor da presión tecnolóxica: "...Y sobre todo, en el abigarrado y bohemio ambiente de la noche en la Redacción. Cualquier tema valía como pretexto, y Fole ejercía su docencia, sin percatarse apenas, discutiendo, y terqueando, o bromeando como el que

Fole
na Redacción de *El Progreso*, durante a época de *Bocelo*

más. Difícilmente hubiera podido yo encontrar un maestro que dominase mejor la asignatura lucense y que acertase a exponerla de manera más inteligente, más prolongada y más cordial. Es probable que Ánxel Fole haya sido el último periodista bohemio de Galicia, y que con él hayan terminado una época y un estilo, ya que hoy parece que aún en la madrugada, las redacciones siguen siendo la formal y automatizada oficina de la tarde en la que lo único que importa es acabar. La amistad, la cordialidad, la curiosidad, no caben ya en el ámbito profesional. Y es posible que también haya sido yo el último director que cultivara aquel ambiente bohemio y provinciano en el que tan a gusto nos encontrábamos todos, desde el personaje de paso _ilustre o frívolo, artista o intelectual_, a las visitas locales de costumbre. La tertulia, a golpe de voces y cafés, más que entorpecer, estimulaba el trabajo, en el que no pocas veces era envuelto el visitante para tomar por teléfono la última esquela, la alineación del equipo local o el pequeño suceso comunicado desde la Comisaría (...) En ese ambiente Fole era el maestro. Porque la conversación de Fole garantizaba el humor, sin que faltase nunca la pequeña o grande aportación cultural. Lo mismo que daba bromas, las aceptaba. Un día,

Na antiga Redacción, convertida xa en Administración

después de un turno largo concedido a la poesía, decidí enfrentarlo con una trampa cordial. Escribí media docena de versos disparatados y se los enseñé formalmente. _Me gustaría conocer su opinión sobre estos versos _le pedí. Los leyó con calma, me los devolvió y saltó sobre la trampa muy graciosamente. _No espere que se lo diga _sonrió_. Si le digo que son malos, usted puede demostrarme que son de un poeta ilustre y si le digo que son buenos, usted me puede decir que son obra de *Currinche*. Ahora bien; si los hizo usted, siempre habrá una manera de defenderlos, por difícil que parezca. Y el embromado fuí yo".

Llope, Xuan Ignaciu. Autor de *Ánxel Fole y Marcial Suárez: dos narradores gallegos* (Lliteratura 1. 1991), en colaboración con María Paz Fonticiella. Para esa edición, traduce *La caxa del muertu (O cadaleito)*.

Lluc. Revista mensual de Palma, dirixida por Bartomeu Suau Tugores. No seu número 647 (abril 1975), publica o relato de Fole *La caixa de mort*, traducido ó catalán por Xavier

Fole e Saturno Lois, no xurado do premio *O Merlín* de debuxo humorístico. Gañou o Siro

Rodríguez-Baixeras e con dúas ilustracións de Ferran Sintes.

Lois. Personaxe do conto *O paxaro laión* , incluído no libro CDN. A filla deste home parte unha perna cando fuxía a todo correr do velorio do Pándigo, pois na adega da casa aparecera unha pantasma.

Lois Piñeiro, Saturno. Pintor, debuxante e profesor. Coetáneo de AF, e coma el, home de exquisita sensibilidade, bondade e sinxeleza. Cuñado de Reinaldo Gómez. Autor do debuxo de Platero na portada do calendario *Platero e máis eu*, de Juan Ramón Jiménez. no que colabora AF.

Lombo de palla. Personaxe do conto *A caixa do morto*, incluído no libro ALDC. Un dos criados máis vellos da torre do conde. O seu nome debíallo a ter un lombo moi ancho e cunha xiba. Tiña uns corenta anos, e encargábase do horto da casa. O pior del era, que cando bebía cegábase de tal xeito, que era capaz "de facer unha morte". Don Froilán era o único que lle facía fronte, e contra o que nunca se reviraba.

López Acuña, Antonio. Profesor mercantil, xornalista, mestre e funcionario. Membro correspondente da RAG. No volume ELAF recolle unhas lembranzas dos anos cincuenta: "Eu procuraba respetar súa íntima soedá; mais cando anoitecía e

retornaba pola corredoira que arredaba miña casa, da arboreda veciña, apoiado nun tosco baloco, cun cumprido saúdo botábamos de pé unha curta conversa, que il levaba ás veces _a máis de outros_, ó tema da orixe etimolóxica de Fingoi, tratando de establecer relación entre iste, e os mosteiros de Santalla i Santuiño de Fingoi, fundados no século dez i once nunha zona do mesmo nome, á marxe dereita do río Miño, en parroquias do arredor".

Antonio López Acuña

López Arias, Xaime Félix. Mestre, avogado e cronista de Sarria. En ELAF escribe: "D. Ánxel Fole, mestre das fontes, aberto ós ventos, podente poseedor do anel máxico da Palabra, non é lostrego que pasa ou raiola que sai nun estrelampo, é lus, é lus brillante, que enche de vida un tempo de escuridade e medos".

López Baamonde, Daniel. Redactor gráfico e corrector de probas de EP. Autor dunha fotografía de AF _unha das máis estimadas polo escritor_, que serve de portada para os libros *Homes de Fole* e *A vida de Ánxel Fole*. Tamén foi publicada en páxinas interiores de *A Galicia misteriosa de Ánxel Fole*.

López Casanova, Arcadio. Poeta e catedrático. Autor de *Unha xeración de vangarda, Luis Pimentel e Sombra do aire na herba* (Galaxia. 1990).

López Castro, Manuel. ***Maloca.*** Xornalista. Compañeiro de AF na Redacción de EP e un dos máis activos á hora de bromear co escritor sobre os asuntos do día. Xa que logo López Castro utilizaba o acróstico *Maloca* para asinar algún dos seus traballos, don Ánxel contraatacaba as chanzas do xornalista cualificando o seu discurso como un exemplo do *maloquismo*

Soto, Fole e *Maloca*, ás portas de *El Progreso*

ilustrado. Autor da entrevista *Ánxel Fole* (*EP*. 26-I-1975): "Creo que mi carácter es la espontaneidad. No doy importancia al aliño indumentario" , e dunha segunda entrevista, *En el galleguismo de antes había una venturosa coincidencia de hombres bien dotados intelectualmente* (*ECG*. 25-VI-1983), na que di: "En el momento oportuno, o por fas o por nefas, faltaron las robustas personalidades que intentasen reconstruir el antiguo Partido Galeguista".

López Dobao, Xosé Antón. Poeta, traductor e profesor. É autor do poema *A don Ánxel Fole, recoñecido en Baralla naquela tarde*..., publicado no ELAF:

Tivo que ser serodio o encontro
porque había aínda aprendizaxe
de palabras ou léxico suliñado,
porque houbo que percorrer tantas vilas
daquela Galicia alumada
aparecida máis tarde nos seus ollos,
porque soubemos de tempos e de lobos
nun papel de luz case perpetua.
Tivo que ser naquela tarde

o contacto das mans coa súa voz,
foi misterio encorado no seu corpo
que se abriu coma un estalo desvelando
homes e homes, terra brava
que aínda hoxe imos sufrindo.
Tivo que ser, don Ánxel, de tan tarde
o noso encontro, mais foi longa
a mirada do seu tacto sobre a mesa
mentres seguía a nacer nas historias
que por sempre nós creremos.

López Domínguez, Xesús. Oftalmólogo. Irmán do ilustrador e debuxante Xan López Domínguez. Tratou de cataratas ó escritor nos últimos anos da súa vida, que AF enfrontou cunha notable perda de visión. A súa sobriña Conchita Fole líalle polas tardes e mesmo o día anterior á súa morte leulle o capítulo *La noche de los cuchillos largos* da *Historia Mundial del Siglo XX*. Para aforrarlle molestias, o médico foi velo na compaña de Juan Soto ó seu domicilio de Montero Ríos e desaconselloulle a intervención cirúrxica. Don Ánxel, que aborrecía calquera tratamento médico, agradeceulle a súa *non intervención* coa dedicatoria de dous libros: "Ó doctor Xesús López, do seu paciente, cos brazos abertos". Miguel Sande, nunha conversa con AF no ano 1986, recolle do escritor: "Dígolle a verdade (estou) bastante aborrido porque teño moi mal a vista. Leo as noticias dos xornais axudándome dunha lupa e gracias que aínda podo facer así. Antes era eu un lector impenitente, e pasaba o mellor tempo lendo ou falando; para min, hoxe, mire vostede, non hai atractivo máis grande ao dunha conversa con persoas interesantes. Vanse as



"Para vivir plenamente hay que recordar, aunque duela"

horas voando. Iso xa me pasaba de neno, a min encantábame escoitar aos vellos; ás persoas da miña idade, bah, non lles facía moito caso, pero aos maiores, oh, estaba a carón deles, si señor, así me pasaba". ***AF***: "Apenas salgo, el médico me desaconseja salir a la calle a causa de las cataratas. Me pesa la vejez y la pérdida de la memoria, asocio mucho la inteligencia a la memoria, para vivir plenamente hay que recordar, aunque duela, pero quién iba a decir que dedicaría tres o cuatro horas diarias a ver la televisión, que según el médico no me hace daño y puedo verla el tiempo que quiera. Una sobrina, de vez en cuando, viene y me lee algo".

López Durá, Xoán. Ensaísta e profesor de Dereito Administrativo. Coincide con AF no Instituto de Lugo e na Universidade de Santiago, antes do seu exilio a México, onde morre en 1973. Ámbolos dous colaboran en *Vieiros*, cada un a unha beira do Atlántico. ***AF***: "Tamén polos anos vinteseis e vintesete funcionaba en Lugo unha asociación cultural e organizaba conferencias. Encargáronlle unha a un señor que logo foi mi coñecido: Juanito López Durá, que morreu en México, e que era irmán de Mario López Durá, o médico de Ribadeo, pai do periodista López Rico. Boeno, pois celebrábase o cuarto centenario do nacemento de Felipe II, e López Durá levaba os apuntes da conferencia, non sei por que, nunhas tiras de papel longo, coma se fosen de telégrafo. Comezou a conferencia e López Durá consulta os apuntes de vez en cando. Pero facía moita calor porque a aula estaba chea de xente, e o que presidía a mesa, que coido que era Evaristo Romero Flores, dixo que abriran a porta, que non se aguantaba. E abriron a porta, coa consecuencia lóxica de que as tiras de papel que levaba López Durá comezaron a voar, e o conferenciante dixo: "Adiós conferencia". Todos botaron a rir. Foi un caso ben pavero. (...) Despois foi profesor en Santiago de Administrativo e chegado o tempo foi a estudiara Viena co célebre profesor de Administrativo, Merk. E ali prendérono os nazis e levárono a

Berlín; e gracias a que era cubano de nacemento, intervén o Consulado cubano e soltárono. Eu falei con el en España, cando xa se adicaba a unha representación comercial e xa deixara toda actividade cultural".

López Lorenzo, Siro. Debuxante. Coñeceu e tratou a Fole. Premio O Merlín de Humor Gráfico do que AF foi xurado (1980) (*vid* foto Lois. Saturno). Autor de oito caricaturas de AF; unha delas datada no ano 1978 e publicada en *EIG*, unha segunda de 1980, outra na que o representa escribindo rodeado dos seus personaxes, e a cuarta, feita o día do seu pasamento e publicada en *LVdeG*. Autor dunha entrevista con AF publicada en EIG. ***Op***: "Don Anxel estaba máis preocupado pola caricatura que polo contido da entrevista. O pintor Tino Grandío viñera de facerlle un retrato que non lle gustara nada e non quería outro disgusto iconográfico. Logo souben que quedara satisfeito do meu traballo".

Tres das oito caricaturas de Siro. A dereita, Fole e Cilistro voan cara á Iglesias Alvariño, no Día das Letras Galegas de 1986, ano da súa morte

López Otero, Avelino. Poeta. Director de *Ahora*. Morre asasinado nos primeiros días da Guerra Civil.

Ángel López Pérez

López Pérez, Ánxel. Alcalde de Lugo. Protagonista de numerosos artigos de don Ánxel, que sentía polo popular alcalde unha indisimulada admiración. As referencias a López Pérez, tanto no *Cartafolio de Lugo* coma na obra xornalística non recollida en libro, farían del a persoa máis nomeada por Fole. Lembra telo visto nas procesións e sentir loubanzas del. ***PE*** no artigo *Don Ángel* (*HdelL.* 6-IV-1964).

López Vidriero, María Luisa. Autora de *Humor y misterio en los cuentos de Ánxel Fole* (*Concepción Arenal*. Ciencias y Humanidades nº 3. XII-1982). ***Op***: "Dentro de esa interrelación que humor y misterio ofrecen a lo largo de su obra, está uno de sus "gag" favoritos: un personaje que se considera una aparición se comporta como un ser vivo _o viceversa_."

López Villarabid, Víctor. Libreiro e delegado de *El Progreso* en Sarria. ***Op***: "Sólo una vez le vimos enfadado: cuando alguien usó "señor" indebidamente. El Señor habrá perdonado una inadecuada homilía que sobre esta gran personalidad de Fole fue pronunciada el 10 de mayo pasado (1986), cuando Lugo y Galicia decían adiós al "amigo Fole", un genio que de una noche de niebla sacaba su gran página de *Neumandro*. Un hombre, sombrero, bastón, y un pitillo mal hecho... Quedará el recuerdo de sus paseos por las calles de Lugo, en su ir y venir a la redacción de *El Progreso*. Lo que se podría contar de Fole sería interminable, amigo, y siempre grato. ¿Tendría Fole algún enemigo en su vida?"

Lordanas. Personaxe protagonista do conto *O Lordanas*, incluído no libro ALDC. Enterrador no cemiterio de Lugo. Home duns cincuenta anos, de boa saúde e moi traballador; famoso polas súas bulras e mofas ós defuntos. Morre tras o medo sufrido unha noite de treboada, do mes de San Xoán, en que un home dos que el cría ter soterrado se presentou perante os seus ollos. Este home non era outro que Pepe Montero.

Lorenzo Fernández, Xaquín. Etnógrafo. Colaborador de *Nós*. Coñeceu a AF o 29 de maio de 1983, na entrega do Pedrón de Ouro na casa de Rosalía de Padrón. Carlos Montenegro, testemuña do encontro, escribiu: "Xaquín Lorenzo coñeceu por fin a Anxel Fole, feito certamente sorpresivo porque en ámbolos dous dase agora mesmo esa circunstancia especial de forma-lo eslabón primeiro que encadea ás xeracións actuáis coa de Nós. O etnógrafo e máis o literato abrazaron o instante de Padrón".

Losada Castro, Basilio. Catedrático de Filoloxía Galego-Portuguesa na Universidade de Barcelona. Autor de numerosas publicacións sobre literatura galega. No seu traballo *A Literatura Galega ante o cambio de Milenio* (AGE 1993), define a AF como "un Poe do mundo rural galego". En *A Galicia misteriosa de Anxel Fole*, Claudio Rodríguez Fer agradécelle a súa colaboración no libro. ***Op***: "Para min, as páxinas de *Á lús do candil* e de *Terra brava* constituiron e constitúen unha das experiencias más gratificantes coma lector. E son libros de cabeceira, libros ós que volvo unha e outra vez coa mesma admiración e a mesma maravilla da primeira lectura".



Basilio Losada Castro

Lourenzo, Manuel. Manuel María Lourenzo Pérez. Home de teatro. Coautor con Francisco Pillado Mayor de *O teatro galego* (Ediciós do Castro. 1979); e da *Antoloxía do Teatro Galego* (E. do Castro 1982), na que se inclúe *PdoD*. de AF. No prólogo, os

autores citan a Xenaro Mariñas del Valle, Ánxel Fole, Dora e Pura Vázquez e Tomás Barros como "non adscriptos a nengun movimento ou xeración en especial", e que "fan unha obra independente, contemporánea á da primeira xeración da posguerra". Sobre as súas creacións dramáticas comentou: "As personaxes de Fole, os outros eus del mesmo, nunca son indiferentes nen estraños ao fenómeno da vida, nen sequer son silandeiros; eu diría que resultan parlanchins de abondo". Tamén en colaboración con Pillado, coautor de *Diccionario do Teatro Galego* (1671-1985) (Ediciós do Castro. 1987)

Lourés, Blas. Pintor e debuxante. Amigo de Ánxel Fole. Autor dos tres debuxos que ilustran a edición bilingüe de *¿E decímolo ou non-o decimos?*, de AF (Ed. de autor. 1972),



Un dos debuxos de Blas Lourés

Lucencio. Pseudónimo utilizado por AF, probablemente en relación a Lucencia.

Lucense. Pseudónimo utilizado por AF.

Lucía. Personaxe do conto *O Desafío*, incluído no libro CDN. É a muller da que se namoran ó mesmo tempo, os dous irmáns Juan Carlos e Faldrique. Juan Carlos víraa á primeira vez cando esta saía de misa nos Escolapios e "as malas linguas decían que iba tralo diñeiro do seu pai, o ferrateiro". Faldrique coñeceuna nun baile do Casino, "Igoalmente se dixo que iba en percura dos cartos".

Lucrecia. Personaxe da obra de teatro PDD. É a muller do taberneiro.

Lucus. Pseudónimo utilizado por AF.

Lucus. Revista da Deputación Provincial de Lugo, na que colabora AF. Foron directores de *Lucus*, Xosé Trapero, Constantino Sieira Bustelo e Juan Carlos Fernández Pulpeiro.



O corazón da cidade nunha imaxe de Juan José dos anos cincuenta. Detrás da Casa Consistorial, naceu Ánxel Fole.

Lugo. Cidade natal de AF. As referencias a Lugo na obra literaria ou xornalística de Fole son innumerables e monotemáticas nos casos do *Cancioneiro do Miño* e no *Cartafolio de Lugo*. Da cidade di no seu *Romance de la muralla* (*EPG*. 1935, *EP* 6-X-1963, e 7-X-1979): "Ilustres piedras romanas, / serpiente de anillos pétreos, / que mordiéndose la cola / estanca el curso del tiempo". ***PE***: "Si me preguntase qué fue Lugo para mí, yo contestaría que es el recuerdo de nunca acabar. Dibujado, pintado, modulado, escrito... Miren ustedes: para mí Lugo es el hermoso paisaje del valle del Miño, cuanto más visto más sentido. Lugo es la recia pesadumbre de sus

Murallas, por donde asoman de noche las meigas y trasnos. La Plaza Mayor, tan precisa y _para mí_ encantadora... Y el Círculo de las Artes, foro de la vida cultura lucense en tantos y tantos años. El remanso de tantos lúcidos y entrañables recuerdos..." Con don Ángel López Pérez tenía fama de bien urbanizada, AF se pregunta "¿es feo o bonito? Desde luego no está atrasado. (...) Necesitamos más zonas verdes. (...) Es una ciudad cómoda, con pocos cines, hoteles y cafés", en *Lugo en sí*. (*HdeL*. 9-IV-1962, 16-IV-1962 e 23-IV-1962). Noutras ocasións, Fole expresou o seu amor a Lugo por razóns ideolóxicas: "Porque no es un solar de gente violenta".

O Lugo Bar nos seus primeiros tempos

Lugo Bar. O máis característico dos habituais de AF ó longo da súa vida. O Café Lugo Bar foi en exclusividade a tertulia de AF, o lugar onde atopalo durante o día e o escenario de centos de conversas con amigos, cos novos escritores que pedían consellos, e cos visitantes de Lugo que non querían marchar sen

botar unha parrafada con AF. Estaba situado na Mosquera, a carón da Porta Toledana, ou de San Pedro. AF dicía en broma que tiña a máis "monumental" das adegas da península, nun oco escavado na muralla. Citado en *Medo e máis medo* (HQNC): "Eu xogara aquela mesma tarde con aquel señor no antiguo Lugo-Bar. Xogara ó tute e perdera". Alí recibe, entre outras moitas, a visita de Blanco Amor e Seoane.

Lugo-Salón. Establecemento cinematográfico inaugurado o mes de xuño de 1911 na rúa do Bispo Aguirre e no que AF di coñece-lo Himno Galego. ***AF***: "Sendo eu inda neno, e saíndo de cras, atopeime de casual, no desaparecido Lugo-Salón, un día de novembro do ano mil novecentos dazaoito, ó emprincipiar a noite. A entrada era libre i eu tamén pasei. No escenario do cine estaban us homes novos, elegantemente vestidos, con gabardinas e botines que discurseaban en galego. No remate do aito cantaron todos a coro o Himno Galego. E a min me quedaron pra sempre na memoria aqueles versos que din..." Probablemente AF trabuca as datas, pois o Lugo-Salón pechou as súas portas no mes de febreiro dese ano, despois de sete anos de funcionamento.

M

Machado, Antonio. Poeta. Se o engado que AF sentía pola lírica fora transmisible a unha escala, Machado tiña moitos posibles para se-lo primeiro poeta, como el mesmo parece indicar nesta reflexión á unha terceira persoa, que é o mesmo Fole: "Los miríficos poemas de Machado se le iban grabando en la memoria. ¿Habría en el panorama de las letras hispanas otro poeta tan hondo, noble, cautivante y significativamente humano?" Tamén: *Nuestro primer interés por Antonio Machado* (*EP*. 23-II-1979).

Magdalena. Personaxe do conto *Morre en accidente de automóbil o libreiro lugués don Segundo Daponte*, incluído no libro CDN. É filla do libreiro don Segundo Daponte, casa cun enxeñeiro de minas chamado Quico. Á morte do seu pai ela continua co negocio da librería.

Magoi. Aldea de Lugo. De Magoi era unha das noivas xuvenís de Fole a quen dedica algún dos seus poemas.

Mallo, Maruja. Pintora. Fole é o primeiro que se interesa pola artista despois dun tempo sen termos novas dela. En *LN*, o escritor lugués publica o artigo titulado *¿Dónde está Maruja Mallo?*, cando a pintora se rexistra no madrileño Hotel Emperatriz, antes de atopar apartamento na rúa Núñez de Balboa.

Autorretrato de Maruja Mallo

Manoel "O Curuxo". Personaxe do conto *¡Xantamos a carón dun esquelete!*, incluído no libro HQNC. Dono dunha fonda "que tiña moi mala nota". Estaba casado coa Engracia, e completaba a familia o criado, chamado "O Parrulo". Trinta anos despois do suceso que alí lle acontece o Xan de Pascasio, a fonda cambia de dono, sendo este home quen a merque "hastra sesenta mil pesos gastara na reforma".

Manoel de Barreiro. Personaxe do conto *A serpe i-a aigue*, incluído nun libro de relatos curtos preparado pola editorial SB. Este home que "parecía un pirata calabrés pola barba", baixa de "Cas Mariñas" co seu amigo Xosé Luís. El cre que a serpe que acaban de ver anuncia a chegada da neve a aquela zona, pois "cando esas serpes espertan do seu sono de inverno é que vai nevar". Naquel mesmo intre en que di isto, aparece unha "aigue voando", que virá a reforzar a súa teoría sobre a nevada. Segundo ía avanzando o día máis baixas eran as temperaturas, ata chegar a noite en que por fin neva.

Luís Manteiga, por Seoane

Manoliño. Personaxe do conto *¡Lobos te coman!*, incluído no libro HQNC. É o fillo máis novo do Sr. Marcos de Begonde, acompaña o Paco e o Ramón, ademais do narrador do conto, na procura do Pepiño.

Manteiga, Luís. Escritor. Presente na maioría das tertulias literarias de Lugo e Santiago nas que participa AF, e colaborador con el nas revistas da época republicana. Colaborador de *El Pueblo Gallego* co pseudónimo de *Abel Quijano*, no tempo no que Fole crea o seu *Neumandro* para o mesmo xornal. No ano 1932 atopámolo traballando nunha tenda de gramolas existente no Campo Castelo de Lugo. Segundo algunhas versións, foi alí onde García Lorca entrega a el e

mais a Francisco Lamas o orixinal do poema *Madrigal á cibdá de Santiago* para publicar na revista *Yunque*, que dirixe AF, e mesmo que podería ter aconsellado a Lorca no uso do galego. El mesmo escribe que a entrega do primeiro poema foi diante do Obradoiro, en Santiago.

Manueliño. Personaxe do conto *O documento*, incluído no conto ALDC. Rapaz novo da terra de Amandi, que por un problema de amores decide poñer fin a súa vida, guindándose do cimo dun freixo. Manueliño vivía cos seus tíos, pois seus irmáns botárano da casa había anos. Despois de dez horas de conversa e de ter asinado un documento, polo que deixaba as súas terras da ribeira ós seus tíos, o Manueliño baixará da árbore. A razón de depoñer a súa actitude non foi outra que as ameazas do fidalgo de Tombarría, don Rosendo, de matalo dunha perdigonada senón baixaba da árbore.

Mañas novo, O. Personaxe do conto *O Golpista*, incluído nun libro de relatos curtos preparado pola editorial SB. Único fillo do Mañas vello do cal herdou ademais do bar, un grande capital. Tiña unha soa filla, a Chona

Mañas vello, O. Personaxe do conto *O Golpista*, incluído nun libro de relatos curtos preparado pola editorial SB. Dono do café onde nun principio traballaba o Golpista como camareiro. "O Mañas pai fora acaparador de fabas na guerra do ano catorce. E tamén mandaba xamós pra fora. Fíxose rico en tres anos. E din que deixóu un capital de tres millós de reás, que herdou iste fillo, o Mañas novo..."

Maquieira Quiroga, Luis. Poeta. No ELAF publica a *Elegía a un poeta*, escrita en 1961:

> Triste fue su destino, triste su suerte.
> Triste su muerte, triste...
> Triste fue su vivir y su camino.
> Un día, en la oscura curva del horizonte

llena de sombra se cortó su figura.
Cruzó la línea del mañana que no vuelve.
La línea del ayer y del olvido,
Y vaga con sombra vaga.
Cruzando la tierra y la nada siempre
en las noches de luna.

Marcelino. Personaxe da historia narrada por don Andrés no conto *En cada vida, un misterio*, incluído no libro TB. "Era iste un mozo noviño, que inda non entrara en quintas, pequeno il e de facha ruíña. Tiña o cabelo aspro coma un porco-teixo, e os ollos pequeniños e moi bulideiros, dábanlle aire de rato. E tamén tiña as orellas pequenas e moi arredadas da testa, o que é propio das persoas moi estutas..." Este rapaz acompaña ata a igrexa de Santa Comba ó crego, levando consigo o presente dado pola condesa. El será o que máis tarde roubará o viril da sacristía, e o que tamén o devolva de xeito voluntario, sen que ninguén sospeitara del, agás don Andrés.

Marei. Aldea de O Corgo citada en *Pepe Troitiño* (HQNC).

Margarida. Personaxe do conto *Pepe Troitiño*, incluído no libro HQNC. Participa no "complot" que o Pepe Troitiño, e outro dous compañeiro, téñenlle preparado ó Birollo.

María Rosa. Personaxe da historia que o tío Gasparo narra no conto *Solaina*, incluído no libro TB. Esta rapaza é a única filla do Antón de Freixide .

Marín Formoso, Xaquín. Debuxante. Autor das ilustracións de *Atruxos* (Cartonajes ANMI. 1974), con texto de Xaquín Cerqueiras Puente. e un limiar de AF. *Atruxos* é un álbum con sete coplas referidas a distintos símbolos da cultura popular galega: o cruceiro, a roda do afiador... ós que Marín pon imaxe. ***AF***: "Veleiquí que diante dos ollos teño un álbum de Xoaquín Cerqueiras, mestre en Xubia, e de Xoaquín Marín. O escritor é o primeiro; o dibuxante, o segundeiro. Onde se le Xoaquín

deberíamos decir en bon galego "Xocas". Iso é...(...) Fitade iste álbum de copras e dibuxos. Contádeme ó cabo de tantos e cantos anos. Xa veredes como ben vos lembrades dil. Pois iso é Galicia: unha remembranza que endexamais se esmorece. ¿Somos ou non somos de conformidade? ¿E como se vai esmorece-la gracia das liñas e dos pés? O "caso Castelao" é ise, nin máis nin menos".

Mariño Carou, María. Poeta. Vén vivir os derradeitos anos da súa vida ó Caurel. Cando xa leva alí 15 anos, publica o seu libro *Palabra no tempo* (Celta. 1963), e coñece a AF na casa de Novonevra. AF fala dela no artigo *Grave silencio henchido* (*HdelL.* 30-XII-1963). Pouco antes de morrer, no ano 1965, envía a don Ánxel o orixinal do libro de poemas *Más allá del tiempo* _hoxe inédito, como o seu libro póstumo *Verba que comenza*_, coa petición dun prólogo que Fole non chega a escribir.

María Mariño

Maripepa. Personaxe que aparece na primeira parte do conto *Por us pelos...*, incluído no libro TB. Criada do doutor Froilán.

Maripepa Corral. Personaxe do conto *As bebedeiras de Moncho do Grilo*, incluído no libro HQNC. É a muller do Xosé Saavedra con quen ten tres fillos.

Maripepa do Rul. Personaxe do conto *O Galo*. incluído no libro CDN. Esta señora pediulle unha vez seis mil reais prestados ó Andresiño o cabezudo, "para librar do servicio do rei ó seu fillo máis vello... E tívolle que paga-los réditos vendéndolle ovos a seis reás a ducia".

Mariquiña. Personaxe do conto *Os cas da torre do Lopo*, incluído no libro HQNC. "Filla meirande do noso caseiro, era unha rapaceta de quince anos, moi goapa e xeitosa ela. Ollo

verde e cabelos de ouro". Unha maña do mes de maio, estando o Xocas cos seus cans nunha agra na que había un gran carballo, apareceu a Mariquiña. Dunha das polas máis baixas deste, descolgouse un home que case caeu riba dela. Ante o berros da rapaza acudiron a socorrela o Xocas e máis o seus cans, estes déronlle morte. A Mariquiña embarcou para Habana, e non se soubo máis dela. Anos máis tarde, cando o Xocas facía segundo de medicina sabe que esta muller regresa a España, casada e con tres fillos.

Martín Iglesias, Paco. Escritor e mestre. Mantén unha intensa relación con Fole, que é pasaxeiro do seu coche en numerosas ocasións. "Vostede é o mellor conductor do mundo", díxolle

Xuntanza en Santiago: Paco Martín, Piñeiro, Fole e Casares

nunha vez que o levara de noite á casa, despois das advertencias en broma que sobre a pericia de Martín lle fixera Juan Soto. No ano 1975, trala morte de Franco, Martín lembra que Fole preguntáralle se cría factible a instauración en España dun réxime comunista. No 1977, intervén na realización dunha



Fole, mestre humano e literario

reportaxe televisiva do primeiro canle da emisora francesa ORTF na que interveñen Fole e mais Antón Fraguas. AF remítelle para o seu libro *¿Que cousa é cousa...?* a seguinte adiviña: "¿Que é unha cousiña cousa, que sempre anda e sempre apousa? Resposta: o reloxio". No análise da obra de Paco Martín, Anxo Tarrío descata o manexo discreto da fantasía e o seu finísimo humor, "digno de Castelao e de Fole". Autor de *Asubiando baixiño* (*LVdeG*. 6-V-1982); e de *¿E por que non outra anécdota?* (Ánxel Fole. Consellería de Cultura. 1997). ***Op***: "Don Ánxel Fole é un mestre para min, dos máis admirados, pero o seu maxisterio non se limitou soamente ó labor literario coñecido, senón que tamén acadou, e non en menor medida, ó labor de vivir. A súa presencia física, o seu contacto humano, eran tan enriquecedores e importantes, mesmo a nivel literario, coma o seu traballo impreso". (...) "Eu era aínda un neno cando coñecín, de vista naturalmente, a don Ánxel Fole. _¿Sabes quen é ese que vai ahí? Sí, home, Fole, ese que é escritor ¿non sabes? Vivíu algún tempo aló en Fingoi. Tamén escribe no *Progreso*. Eso escoitaba eu decir á xente maior do meu barrio cando don Ánxel pasaba e eu gardaba

aquela imaxen pra me decir a min mesmo cando o vía: ah-í vai Fole, o escritor, e quedaba orgulloso porque sabía quen era aquel home. (...) Despois coñecín persoalmente a Fole, vivín esa sorte, e falei con el, tiven oportunidade de me deixar engaiolar na súa conversa, na súa asombrosa memoria, na cantidade e calidade enorme dos seus coñecementos. Porque don Ánxel (e eiquí eu volvo a flor clásica do revés) fala tan ben como escribe. Segue a ser prácticamente desa arte, a cada paso máis esquencida, da conversación inxeniosa, chea de anécdotas e referencias, que dá ó home medida do seu papel no mundo que lle toca vivir".

Martín Núñez, José Luis. Depositario de Fondos do Concello de Lugo sendo alcaldes Antón Belón e Ángel López Pérez. AF programa unha viaxe a Coruña con Pepe Álvarez e o escultor Mallo para entrevistalo sobre o chamado *crime da casa do Castillo*, suceso sobre o que, andando o tempo, Juan Soto escribirá o seu libro *El crimen del procurador*.

Martínez, Víctor. Alcalde de Izquierda Republicana en

Unha visita ó pazo de Ramón Pardo Arias en Ferreira de Pantón. Os redactores de *El Progreso*, Ángel Martínez Fernández de la Vega, Fole, Salvador Castro, Francisco Rivera, Juan María Gallego Tato e Alfredo Sánchez Carro, con Ramón Pardo, Manuel Fernández Castro, Juan López Vázquez e José Ramón Enríquez

Monforte de Lemos. Amigo de AF nos anos de Santiago. Morreu fusilado en Lugo. ***AF***: "A ese fusilárono aquí en Lugo. Era unha excelente persoa. E despois tamén fusilaron a outro amigo meu de Sarria, que tamén era moi boa persoa. Deste oín eu a descarga do fusilamento. ¡Oh, foi espantoso! ¡Que horror!"

Martínez Fernández de la Vega, Ángel. Xornalista. Redactor xefe de *El Progreso*. Director da *Hoja del Lunes*. de Lugo, onde AF colabora semanalmente desde 1961 coa sección *Plaza Mayor. Tertulia del sábado*. asinada como *Neumandro*. e outras. ***Op***: "Na redacción, Ánxel foi sempre un factor desencadenante do bo humor".

Martínez López, Ramón. Catedrático de Literatura no Instituto de Lugo entre 1930 e 1933. Na súa casa de Quiroga Ballesteros ten lugar a xuntanza con García Lorca no que participa Fole. Colaborador de *Yunque* co artigo *Deseo* (1-V-1932).

Ramón Marínez López

Martínez Martín, Alejo. Autor da *Antología española de literatura fantástica* (Valdemar. 1992), onde aparecen os contos *¡Venía del Alén!* e *De cómo el sastre Bieito volvió al infierno*, segundo a traducción castelá de Juan Soto para *Cuentos para leer en invierno*.

Martínez-Risco Macías, Sebastián. Xuiz e ensaísta. Autor de *La literatura narrativa en gallego* (*Ínsula* 152-153. 1959).

Martínez Ruiz, Florencio. Escritor e xornalista. Autor do artigo *Ánxel Fole, el contador de historias* (*ABC*. 10-V-1986). ***Op***: "En realidad sus cuentos recuerdan a las sagas irlandesas o a los apólogos orientales. Y sus raíces están más apegadas al entorno vital inmediato que insertas en lo literario".

Martul, Pedro. Profesor do Instituto de Monforte. Coincidiu con AF na Universidade de Valladolid, en Santiago e Lugo. Martul, que casa cunha irmá de Luís Tobío, acadou certa sona de fabulador entre tódolos que o escoitaron. ***AF***: "Foi amigo de Castelao en París e hastra decía que fixera unha viaxe con el a Rusia. Despois foi parar a Colombia e á súa volta, atopeino na rúa da Raíña. Iba á peña do Méndez, aquela que se xuntaba de noite, á que iba Carlitos Pimentel, Figueroa e moitos máis. Entre outras cousas, Martul contounos que frecuentaba a tertulia que tiña Roosevelt, o presidente norteamericano, e que un día Roosevelt díxolle: "Martuliño, ¿ti que fas eiquí? Vaite a Galicia e coida dos teus eidos". Ó ouvir isto, levantouse indignado Carlos Pimentel: "¿Pero cómo pretende usted que le creamos semejante embuste? Usted nos ha tomado por locos o por necios. ¡Vaya usted a contar esas mentiras a otro lado!" Martul quedou mirando para Pimentel e dixo: _A usted le voy a diagnosticar. Padece una enfermedad que se llama simplismo".

Marx, Carlos. AF síntese atraído polo marxismo nos anos mozos, pero tralo pacto xermano-soviético comeza o seu afastamento. ***AF***: "Si, lin *O capital* de Marx, pero pareceume unha lata. Aburrinme moito. Despois lin tamén algunhas cousas de Engels, que tamén me cansaron".

Fole, por Maside

Maside, Carlos. Pintor e debuxante. Autor de dous retratos de AF, un deles datado en Santiago o 17 de abril de 1954 en presencia de Ramón Piñeiro e no seu estudio da rúa do Vilar. Coincide con AF nas tertulias de Santiago. ***AF***: "Con Maside tengo hablado horas y horas en la compañía, por veces de Ramón Piñeiro, en su estudio de la rúa do Villar". En máis dunha ocasión, AF refire as súas preferencias de pintura galega con Maside en primeiro lugar, "e logo Colmeiro". Piñeiro lembra o cariño que o pintor sentía por AF: "En realidade, a mellor proba de agarimo por Fole foi que, despois de ter desistido de facer gravados en madeira desde 1936, en 1955

Tertulianos en Santiago. No centro, Fole, Maximino Castiñeiras, Piñeiro, e Carlos Maside

fíxolle un para a portada do seu libro *Terra brava*. que pasou a ser a derradeira xilografía de Maside". (*Carlos Maside na miña lembranza*, dentro de *Maside*. Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. 1979). Os últimos meses da súa vida foron descritos por AF no artigo *Maside o la gran pintura...* (*GE*. nº35, xuño-xullo-1958): "Y ya le encontramos irremediablemente decaído, acosado por un complejo de dolencias. Ya había renunciado definitivamente a toda continuada tarea. La paleta se le caía de las manos. Hasta le fatigaba la lectura. En presencia de aquel arruinado organismo, nos sentíamos avergonzados de nuestra radiante salud, de nuestro sueño y apetito indefectibles. Pero, como antaño, su charla era incomparablemente interesante. Apretada, sustanciosa, inolvidable".

Matalobos Cerceda, Manel Celso. Profesor e articulista. Autor do poema *A Ánxel Fole*, publicado no ELAF e no folleto da súa autoría *Lugo e a Lírica Medieval Galego Portuguesa*:

Brisa lene
terra brava

froallo de muxicas galdrumeiras
encaravelando o carapucho da noite.

Contos de néboa
historias que ninguén cre
tecidas na fumegante lus do candil
que xa se extingue.

Sangue de estrelas
pacto do demo
punteiro de gaita que racha as tebras
para instalarse no Alén.

Mayán Fernández, Francisco. Catedrático e historiador. *Op*: "Pra min é un exemplo a imitar, gostariame que tódolos escritores foran como el, que falaran ca súa humildade, que se expresaran tan sinxelamente como il, que, como il, evocaran a imaxen de esa Galicia enxebre, de esa Galicia auténtica que inda hoxe latexa na montaña e na ribeira".

McDermott, Annela. Profesora. Coautora e traductora da antoloxía da literatura fantástica de España preparada pola Universidade de Bristol coa tamén profesora Margaret Jull Costa e que publicará no ano 1997 a Editorial Dédalus en lingua inglesa. A antoloxía escolma o conto de Fole *De como o xastre Bieito volvéu pro inferno*, de CDN.

Medusa. Relatos. Escolma de narrativa galega publicada por Sotelo Blanco en 1984, no que se publican os *Contos-lostrego* de AF: *¡As cinco letras!*, *O Golpista*, *Ventureira xornada* e *A serpe i-a aigue*. Cun limiar de Basilio Losada Castro, no que denomina a AF como "mestre no difícil equilibrio entre a esixencia estética e a posibilidade de comunicación", comparten a autoría de *Medusa*: Gonzalo Rodríguez Mourullo. Martínez Oca, Xoan Ignacio Taibo, Claudio Rodríguez Fer. Xaquín do Valle-Inclán e X. Enrique Monteagudo. Topónimos citados nos contos de *Medusa. Relatos*: Lugo. Piugos, Ribeira, San Martín de Quiroga, Carballo, Incio e Vilañán.

Medusa: don Ánxel entre os máis novos

Meiga de Torgán. Personaxe do conto *As meigas sempre teñen razón*, incluído no libro ALDC. Esta muller axuda a Varisa a recuperar unhas pitas que lle roubaran. Máis tarde vingárase dela por non ser pagada como se lle prometera. ***Meiga de Torgán***. Personaxe do conto *A cabana do carboeiro*, incluído no libro ALDC. Era unha muller moi fea, co pelo cano e a dentamia moura. Tiña moita sona entre os veciños da zona. Cobraba pola consulta máis ca un avogado. Viñan xunto dela xentes de moitos lugares para lle facer consultas. Vivía co seu querido Ramón isolada do resto de casas da aldea.

Edición de *Pauto do demo* na colección *O Moucho*. O seu cadro segundo ten lugar cas da Meiga de Torgán

Meilán. Parroquia de Lugo citada en *Medo e máis medo* (HQNC). En *Cuquerías* (*HdelL.* 26-III-1962) di que pasea por Saamasas, Meilán e Fingoi "a ver si oigo el cuco".

Méndez Ferrín, Xosé Luís. Escritor. Coñece a Fole cando dá clases no Colexio Fingoi. Na compaña de Celso Montero e un concelleiro de Celanova viaxa a Lugo para ofrecerlle a don Anxel a homenaxe de *A Casa dos Poetas* da patria de Curros e Celso Emilio. Autor de *De Pondal a Novoneyra* (1984 e Xerais. 1990), no que remove e derruba conceptos literarios que viñan sendo comunmente aceptados na interpretación das letras galegas. O estudioso foleano Armando Requeixo remite a Ferrín para expoñe-la súa tese sobre a adscripción de Fole na Xeración do 36".

Méndez Núñez. Hotel da rúa da Raíña de Lugo inaugurado en

Un concelleiro de Celanova, Fole, Méndez Ferrín e Celso Montero, na entrega do recoñecemento da *Casa dos Poetas*

1891. Antiga Fonda La Española. Na súa cafetería da pranta baixa, hoxe desaparecida, xuntábase a tertulia de Luis e Carlos Pimentel. Celestino Fernández de la Vega. Romero Boelle. Álvaro Gil. Miłucho Gil. AF, Antón Figueroa. Ricardo López Pardo, Ánxel Johan. Tino Grandío. Luciano Fernández Penedo, Epifanio Ramos de Castro, Xesús Alonso Montero. Manuel María. Carballo Calero. Quiza, Lentijo, Arnaldo Moyer, Manuel del Río, Iglesia Alvariño, Pedro Martul. Luz Pozo. Pepe Mouriz. Méndez Ferrín. López Casanova. Novoneyra. Benito Varela Jácome. Aníbal Otero, Dionisio Gamallo. Ramón Piñeiro. o pintor Camino e moitos máis, que acudían de forma irregular, cando pasaban por Lugo, ou durante as súas estadías na cidade. Outro dos seus membros, José Luís Salgado Diéguez, lembra aquelas tertulias no artigo *Recuerdos de la peña del Méndez* (*EP*. 29-VIII-1990 e 17-X-1990) *(vid* González. Ánxel. *Ánxel Johan*) ***AF***: "Ás veces ocupabamos cinco mesas.

Manifestación popular reclamando a presencia de López Pérez ó fronte da alcaldía. Á esquerda, pódese ve-lo cartel do Méndez Núñez

Comenzabamos ás catro e se cadra non deixabamos de falar hastra as seis, porque eramos unha serie de vagos". A tertulia perviviu tempo dabondo como para que moitos dos seus integrantes non coincidiran nela, xa que, por exemplo, AF non acode durante tódolos anos nos que se mantén a xuntanza das tres e media da tarde, e iso dá pe para esta lembranza de Carballo Calero: "Mas a xente que ali acudía, e que se reunia a consecuéncia das afinidades que mutuamente se descobrian entre os contertúlios, reunia-se para pasar unha hora ou duas horas de conversa amistosa con persoas de análoga sensibilidade, mais que de análoga ideoloxía (...) Non recordo a presenza de Ánxel Fole". A tertulia do Méndez precisaba de certa etiqueta, tanto polo local, como polo común vestir dos alí convocados, e Fole, que non tiña problema para falar con cada un dos seus membros, sentíase 'cu de mal asento' na compaña de todos eles, e turraba do seu *torpe aliño indumentario* para bares

e cafeterías máis axeitadas ó seu, ó que levaba dentro, e que non era outra cousa que un *clochard* señorito, francófilo de lingua e literatura, francófobo de política. Inventor dunha literatura que está fóra das correntes cronolóxicas do século XX, porque é unha literatura da súa invención. Retratista do mundo rural, defensor da súa lingua; recreador do trasmundo, do Alén, do máxico, e polo tanto, do inexplicable. O rehistoriador da cidade, o conversador invencible, o descoidado, o impecable, o admirado Fole.

Menéndez del Busto, Pedro. Personaxe real lucense citado por AF no artigo *Panorama del viejo Lugo* (CdeL), integrante dunha tertulia republicana. Conta o escritor que o 25 de xullo do ano 1930, Día de Galicia, os republicanos lucenses enviaron a súa adhesión á conmemoración galeguista. Moitos deles trataron de galeguiza-los seus nomes e apelidos no documento no que asinaban a súa solidariedade. Este personaxe trocou o seu nome polo de "Pedro Menéndez da mitade do corpo pra riba". Fole engade: "Es histórico".

Mensajes de Poesía. Revista sen pe de imprenta fundada e dirixida en Vigo por Eduardo Moreiras Collazo e que terá a súa continuación no *Nordés* da súa muller, Luz Pozo Garza. Fole

Unha cabeceira de *Mensajes de Poesía*

publica algún dos poemas de *Canciones con ton y son* en *Mensajes...* (1948-1950). ***PE***: No nº IX (1948) a *Canción* (*Dame un silencio de plata...*), e no nº IV (1949), o poema *Don de claridad de las aguas del Miño* (*Serena linfa del Miño...*),

que aparece cunha errata no último verso: *besando el agua en la nada*, no lugar de: *besando el agua enlunada*, do orixinal. *Don de claridad...* foi publicada en *VG* (nº727. 1997), e *EP* (8-VI-1977 e 31-VIII-1980), coas correccións sinaladas.

Merlín, O. Premio de debuxo humorístico convocado durante catro anos por *El Progreso* e mailo Banco de Bilbao. Fole, Pepe Mouriz. Celestino Fernández de la Vega. Oscar Ladoire, Chumy Chúmez, Enrique Alvarellos. Saturno Lois e Xosé de Cora formaron parte dos xurados. Entre os premiados figuran Siro. Ulises Sarry e Xaquín Marín.

Metropol. Cafetería de Lugo, sede dunha tertulia á que acudía AF e onde coñece a Ramón Piñeiro. Antigo bar Nemesio. tantas veces citado por Fole. ***OpCFdelaV***: "Xa durante a guerra tiñamos unha tertulia no Café Metropol que se celebraba a

A ubicación do futuro Metropol, na cámara de Salvador Castro Freire

intervalos, cando se podía, a esa tertulia ían: Ramón Piñeiro. cando estaba por aquí, Ánxel Fole, Agustín García, un mestre que aínda vive; participaba tamén un señor moi interesante que

viñera dar crases aquí, era de Castropol e chamábase Vicente Loriente, era un home moi culto, tocaba moi ben o piano (...) Ía tamén por esta tertulia un húngaro moi simpático que tiña un taller de non sei que por aquí, chamábase Ladislao Klaine e ainda ía alguén máis". Lembraba Piñeiro que nunha ocasión, durante a tertulia na terraza do Metropol, Foie quedara uns intres en silencio. De súpeto, don Ánxel exclama: "¡Me estáis matando de hambre!" Tan sentida tiña o escritor a súa situación en precario.

Micaela, A. Personaxe do conto *A máscara antigás*, incluído no libro HQNC. Esta muller era a leiteira de Don Fabulón. Un día levou un susto de morte, cando ó chamar á porta da casa este abriulle coa máscara posta. A Micaela era unha "muller celibata ela, entrada en anos. E dis que tiña un sobriño, o Bieito, chamado o Cacholán de mal nome".

Mingos de Crecente. Personaxe da historia narrada por don Ramón no conto *Tres historias do pazo de Lucencia*, incluído no libro TB. "Iste Mingos de Crecente era o mesmo maiordomo a quen lle chamara "can xudéu" o señor de Argonde... Din que nunca puido falar ben o castelán, inanque sevíu ó Rei en Castela. Falaba en galego ou en castrapo". Ten un fillo, o Xocas, que se entende coa Garitera.

Mingos de Santa Cubicia. Personaxe do conto *A vella cerdeira*, incluído no libro CDN. O Mingos tiña uns cincuenta anos, era "un home robusto... Máis ben baixote il e ancho de costas". Está casado con Rosita, e teñen tres fillas xa casadeiras. Tiña unha tasca que el mesmo administraba, este "chigre" era mouro, con seis ou oito mesas. O seu protagonismo no conto vén dado porque plantara, hai trinta anos polo día do Corpus, unha cerdeira. Tanto súa nai coma seu pai, e máis a súa muller coincidían en dicir que aquela árbore lle trería desgracia, pois "ningún cristiano debe traballar pouco nin moito do día do

Santísimo Corpus". Un día de moito traballo o Mingos deitouse e espertou encanoado pola arma dun home que lle pedía a recadación do día. Esta desgracia faille pensar sobre o prognosticado pola súa familia, mais ese día veu un tratante de froita que lle merca as cereixas da cerdeira por seis mil reás.

Mingos de Sindín. Personaxe do conto *Esporretar*, incluído no libro HQNC. Membro dunha familia moi coñecida da Pontenova. Como alegou estar xordo para librar do sevicio militar, tivo que pasar "pola Xunta de Clasificación" e así probar a verdade da alegación. Despois de pasar por moitas probas consegue librar do sevicio.

Minguillón, Julia. Pintora. (*vid* Leal Insua). Coñece a AF nos anos cuarenta, cando ela vivía na Praza da Soedá. "Quíxome facer un retrato", en *Recuerdo de Julia Minguillón* (*HdelL.* 30-VIII-1965).

Miró, Gabriel. Escritor. AF rende homenaxe ó seu prosista castelán máis admirado no artigo *Cumbre del castellano* (*EP.* 31-V-1970), co gallo dos corenta anos da morte de Miró: "Arturo Cuadrado nos diera la noticia en su café de Santiago, de que aquel día había fallecido Gabriel Miró..." Tamén ***PE***: *Recordando a Miró* (*EPG.* 2-VI-1935) e *Releyendo a Miró* (*EP.* 2-IV-1944).

Miro de Candás. Personaxe do conto *De cómo o Xocas deu o timo do sobre a dous atracadores*, incluído no libro HQNC. "Tiña un fuciño como de lobo, e de quen decían que fixera unha morte en Rubián de Cima". Comenta o curioso que lle resulta o feito de que o Xocas, leve sempre no peto da chaqueta un sobre lacrado cun letreiriño que di: "Contiene billetes de Banco", e despois o único que contén este son recortes de revista. Máis adiante aclararáselle esta dúbida.

Molina, César Antonio. Escritor. Coautor con Luis Suñén de *Anxel Fole o luchar desde la negra sombra* (*Insula* nº373. XII-1977), entrevista na que o autor lugués fai esta reflexión: "Trato de ser un gallego responsable y comprometido con una tierra y con su historia. Una historia que se está construyendo. El escritor gallego debe comprender la responsabilidad que le une con su propio idioma. Sin embargo considero injustas las críticas durísimas que el gran Manoel Antonio dedica a Valle-Inclán en su manifiesto *Más allá*. Él llama a Valle traidor ¿Es que un escritor que escribe en castellano y conserva en gran medida la mitología y los datos sociopolíticos de su tierra es condenable por no utilizar _casi siempre por causas ajenas a él mismo_ su propio idioma?"

Monchiño. Personaxe do conto *¡Xantamos a carón dun esquelete!*, incluído no libro HQNC. Un dos homes encargados polo Xan de Pascasio para que caven no horto ata atopar os restos do "Parrulo".

Moncho. Personaxe da historia que sobre a "Crus de Outeiro" se narra no conto *¡Lobos te coman!*, incluído no libro HQNC. É o único fillo varón do matrimonio entre o Rufo e a Resca. Cando tiña dezanove anos namórase da Engracia, da que agarda un fillo. Ante a negativa da súa familia de aceptar a Engracia como nora, decide fuxir e marchar para Cuba. Anos máis tarde volta rico ó lugar coa intención de casar coa nai do seu fillo, mais xa era demasiado tarde pois esta casara co Avaristo, un dos seus mellores amigos. "Dixéronllo eiquí na Crus de Outeiro, e estivo pra se volver ... colleu camiño, xa de noite pecha. E se conoce que perdeu o pé e foise rulando pra baixo... Aquela mesma noite os lobos o mondaron...", cumprírase a maldición botada pola Engracia. "Foron os pais os que trougueron un canteiro pra que fixese ista crus que estamos vendo..."

Mondañedo/Mondoñedo. Concello de Lugo citado en *Un caso*

prá Parapsicoloxía (HQNC): "Quero que protestar outra vez de que Mondañedo se siga escribindo "Mondoñedo". A tódolos

Don Ánxel, con Carlos Folgueira, o Rei das Tartas de Mondoñedo. Na fotografía, tamén Manuel Romay, Puro e Xosé de Cora, e Paco Rivera

labregos lles sinto decir "Mondañedo", non "Mondoñedo"(...) Se hai un val goapo é ise de Mondañedo, sin querer decir que o de Queiroga _poño por caso_, non o seña outramente". ***OpXDJ***: "Fole estivo no barrio dos Muiños e pasou pola ponte do Pasatempo, lembrando a lénda famosa da muller de Pardo de Cela. "Un barrio tan fermoso _dixo_ cunha historia tan tráxica". Logo visitou a Catedral e baixou pola rúa da Imprenta. "¿En que casiña desta tería o seu taller Agustín de Paz, o impresor famoso?" A súa pregunta non atopou resposta. Cunqueiro levouno a visitar o cemiterio. Diante do sartego de Leiras Pulpeiro coñeceu Fole a historia do mensaxe que lle levou Carreiras ó poeta cando se proclamou a Segunda República. Fole contaría despóis a escena. O vello republicano pronunciaría estas palabras perto da lousa sepulcral, no cemiterio civil de Mondoñedo: "Leiras, Leiriñas: tráigoche a

grata nova. ¡Chegou a nosa!" E petaría co bastón tres veces sobre o sartego. No Campo dos Remedios lembraron as Feiras das San Lucas, cando o outono decora o val mindoniense. "Son máis antigas cas de Lugo _apuntaría Cunqueiro_. Máis de setecentos anos contan xa. Tés que vir un ano pra vivir o boureo típico que trunfa na cidade ao longo de catro días. É unha feira medieval". Pasearon pola Alameda. Algunhas parellas de namorados ocupaban uns bancos. "Pimentel decíalle versos de amor á súa noiva baixo istes árbores_precisou Cunqueiro_. Todos tivemos palabras de namorado baixo iste palio vexetal. Fole tiña os millores recordos para Mondoñedo. Cunqueiro era o seu grande amigo. "A cidade e o val en que se pousa coma un paxaron no seu niño, faime ditoso"_ dixo unha vez. Estaba

Fole, fotografiado no seu leito de morte

coincidindo con Leiras cando lle chama a Mondoñedo "cunquiña deleitosa". *AF*: "Mondoñedo é unha vila moi atractiva que sempre tivo xentes interesantísimas: poetas, tipos pintorescos, e ata cregos raros que botaban discursos en latín ó xeito de Cicerón".

Montero Ríos. Rúa lucense onde morre o escritor lucense o 9 de maio de 1986. Eugenio Montero Ríos é citado por AF no conto *O galo de Monforte* (HQNC) e fala da súa vida nos artigos *Charla con don Augusto* (*HdelL.* 28-V-1962 e 4-VI-1962).

Montero Villegas, Avelino. Fillo de Eugenio Montero Ríos. deputado liberal. A data da fundación de *El Progreso* fíxose coincidir con unha visita súa e mais de García Prieto a Lugo, en agosto de 1908. Citado por AF en *O galo de Monforte* (HQNC): "_Veleiquí o chisqueiro de esca que lle regalaron en Mondoñedo ó Excelentísimo señor don Avelino Montero Villegas, fillo do xa difunto don Eugenio Montero Ríos e fiscal do Tribunal Supremo".

Moxenas, O. Personaxe do conto *O Golpista*, incluído nun libro de relatos curtos preparado pola editorial Sotelo Blanco. Este home sabía todo canto acontecía na vila, é por isto polo que o propio narrador do conto via xunta el, para preguntarlle qué hai por tras do alcume do Golpista .

Morandeira, Carmen. Personaxe real do conto *O ateo da vila*, incluído no libro CDN. Esta modista lucense, segundo a historia aquí narrada, fixéralle o traxe á muller do alcalde de Chantada, esta "ecliusaba a tódalas demais donas co seu vestido negro hasta os pés"; para asistir á homenaxe que lle ían dar no Casino o narrador do conto. Acto no que o nomearán "fillo predileuto da vila de Chantada".

Affiche publicitario da modista Carmen Morandeira

Moreiras Collazo, Eduardo. Poeta e funcionario do Corpo de Telégrafos nado en Quiroga, onde coñece a Fole. Crea en Vigo a publicación *Mensajes de Poesía* nos anos do noivado coa

Eduardo Moreiras, nun debuxo dos anos 50

vivariense Luz Pozo Garza. Dende o primeiro momento, Moreiras concibe as súas *mensajes* como realmente di o significado da palabra: cartas ou envíos que el dirixe a trescentas ou catrocentas persoas durante uns corenta números. Para a autoridade aquilo era un saírse da norma superior ás liberdades do réxime. Carmen Conde quere asegura-la vida das *mensajes* e intercede entre Moreiras e Juan Aparicio, representante do Ministerio: se Moreiras cobre un sinxelo documento, poderá seguir coa súa poesía. Do revés... xa sabía o conto. Eduardo Moreiras negouse a cumpli-lo trámite. En *Mensajes...*, prohibidos finalmente pola autoridade administrativa, publican os lugueses Pimentel. Cunqueiro. Fole e Iglesia Alvariño, entre outros como Sigüenza. Celso Emilio Ferreiro, os Álvarez Blázquez. Pura Vázquez e Luz Pozo.

Morito. Nome do gato que aparece no conto *As trasnadas do Toño*, incluído no libro TB. Este gato pertence á Tía Trécola. "Era o gato máis fermoso de toda a aldea. Era grande, mouro coma o carbón, cunha pinchiña branca coma unha estrela na frente". Este animal "non fixo tan boas migas co Toño coma o cadelo... Quizabes sentira celos dos agarimos da tía...". Foi sacrificado por unha trasnada do cativo, que fixo crer a todo o mundo, mesmo a súa tía, de que este tiña o demo no corpo.

Mosteiro, Emilio. Poeta lucense. Fole dedica un número de TR á poesía de Mosteiro, con quen ten moita relación despois da súa aventura europea. ***AF***: "*Táboa redonda* demostrou que estaba ben orientada porque deu a coñecer figuras das letras galegas totalmente esquencidas, como foi Emilio Mosteiro, que é o autor do *Poemas sincopados*. Emilio Mosteiro foi lector da Universidade de Belgrado, por pura casualidade. El estaba destinado a Alexandría como lector de español. Entón chegoulle un español que se casara cunha italiana e díxolle: "Home, mira,

Emilio Mosteiro e Fole

o meu sogro ten negocios en Alexandría. Que máis che dará ir tí a Atenas, Bucarest; pra Belgrado ou para Alexandría". E Mosteiro aceptou. Foron a preguntar ás oficinas se non había inconvinte para face-lo troco, e dixéronlles que non. E para alá foi Emilio Mosteiro. E boa a fixo. Pasou unha esperiencia da

guerra espantosa. Sí, pero eso foi despois. Cando foi a guerra de España, Mosteiro fíxose en Belgrado con moitos amigos xudeos que querían aprende-lo español. Co tempo, Mosteiro foi enterándose de que todos eles se enrolaban nas Brigadas Internacionales para vir loitar en España" (HdeF). AF contaba que Mosteiro odiaba á música de Beethoven, que facilitara a fuga a moitos xudeos e que un nazi fora canda el para que fixera de intérprete nos campos de concentración. (*HdelL*. 23-VI-69).

Moure-Mariño, Luis. Escritor e notario xubilado. ***Op***: "Fole quedará vivo na súa prosa incomparabel _non se parece a ninguén_, nas súas narracións misteriosas e na paisaxe na que se desenrola o seu mundo".

Mouriz, Xosé. *Pepe*. Mestre e caricaturista. Autor de dúas caricaturas de AF, unha en solitario, datada en 1985, e outra coa Redacción de *EP* (Trapero. Salvador Castro. Ángel de la Vega. Rivera Manso. Vega e Amieiro; o administrador Ramón Valiña e o presidente do Consello, Puro Cora. realizada para publicar no suplemento co que *EP* inaugura a nova rotativa en 1970. Autor do libro *Homes de Lugo* (Deputación de Lugo. 1986), no que o propio AF escribe a ficha biográfica de moitos dos personaxes caricaturizados. Xunto co autor e AF, tamén colaboraron nos comentarios Trapero, Rivera, Soto e Gerino. ***Op***: "En su infancia (AF) vivió en una casa solariega de los alrededores, en Fingoy, luego en el barrio de Los Loureiros. en la zona de Recatelo. en una casa que era de la familia del pintor Jesús Corredoira. con cuyos miembros tuvo una gran amistad".

Mouriz, autocaricaturizado

Muestra Antológica de Pintura Gallega. No mes de xuño de 1960, AF forma parte do comité de selección para I

Muestra Antológica de Pintura Gallega, na compaña de Celestino Fernández de la Vega. Xosé Mouriz e Milucho Gil. A mostra, celebrada no Círculo das Artes. reúne máis dun cento de obras, dende Corredoira. Lloréns e Sotomayor, a González Prieto. Minguillón. Colmeiro. Laxeiro, Seoane. Prego, Maside e Pesqueira. Segundo escribe María Victoria Carballo-Calero Ramos, "hay quien al salir de la exposición, afirma que existe en Galicia una escuela pictórica regional".

Murado, Miguel Anxo. Escritor. Claudio Rodríguez Fer. autor do prólogo do seu primeiro libro, *Metamorfosis benezianas*, (Premio Café Gijón de novela corta. Polar Ediciones. 1983), di que a novela de Murado está máis lonxe da literatura puramente fantástica e máis preto "del documentalismo nostálgico y localista del *Cartafolio de Lugo*. de Ánxel Fole". ***Op***: "A obra de Ánxel Fole é inmortal en dous aspectos e ten dous deudores principais: Lugo e a literatura galega. Lugo débelle o seu pasado, o recente, que Fole inventou nalgúns casos ou formalizou por escrito noutros. As anécdotas, os cambios, o perfil mesmo da cidade e o seu significado son puño e letra de Fole tal coma teñen chegado ata nós e non é xa posible deslindar unha cousa da outra. Esta identificación entre unha cidade e un escritor que non sempre a amou _curiosamente_, e xa un feito inmortal".

N

Nasa. Personaxe do conto *O Galo*. (CDN). Este recibe na súa casa de comidas "O figón do Polvorín, que tanta sona ten en Lugo e en dúas légoas á redonda", a unha pandilla de trece amigos. Como non ten nin coellos nin perdices, decide matar un galo. El e a Parrula meten o animal nunha pota de auga, pero o galo sae da ola correndo pola cociña adiante. O señor Nasa persegue ó galo por todo a casa, perante o abraio dos convidados. Marcha a luz da estancia e o galo canta tres veces. Baralláronse distintas opinións acerca do canto da ave, como que podía estar enmeigado ou ter o demo dentro, mais este acabou indo á pota.

Natillas. Personaxe do conto *O Desafío*, (CDN). Parente lonxano dos dous irmáns Juan Carlos e Faldrique. É máis vello ca eles, e "o que os enzarzaba, que os encirraba un contra do outro, por gosto de se rire de entrambos. Un tío celibato il, que se daba a gran vida e sempre estaba de moi bon humor, despelexando a todo o mundo coa súa lingua gafe ... Pequenote, moreno e sempre moi ben vestido..."

Neira, Marcial. Presidente da Liga de Amigos de Lugo. Pronunciou o discurso de homenaxe ó alcalde López Pérez na carballeira de Fingoi cando AF tiña 14 anos. ***AF***: "Dixo que lle legaran (a López Pérez) unha cidade ladrillo, e que el legou unha cidade mármol".

Nemesio. Café-bar ó que acudía AF nos anos vinte. Alí coñece a Ramón Piñeiro. Asiduos do bar e das actuacións musicais na compaña de AF eran ***PE***: Paco Lamas, Pepe Gayoso, Manolo

Carballeira, Ángel Balboa e Julio Feliz. Transformado despois no Metropol. No mes de agosto de 1934, Federico García Lorca pasa por Lugo con La Barraca e toma un café nel.

Unha escena de *Tabú*: "Oyaaaaaaaa, oyaaaaa"

Nerunderem, Os. Domingo García-Sabell bautiza co nome de *Os Nerunderem*, ou *Clan dos Nerunderem*, a súa tertulia no Café Suizo de Santiago. *Nerunderem* era o nome da tribu protagonista de *Tabú*, a película de Murnau que acadou certa sona na súa estrea en España. ***AF***: "García-Sabell fundara a tertulia de *Os Nerunderem* que era o nome dunha tribu polinésica de moda pola película *Tabú*, de Murnau e Flaherty. O nome estaba posto de coña, pero tivemos unha tempada que levabámolo nome de *Nerunderem* moi a fondo. Adoitabamos reunirnos no apartado do Café Suizo. Alí xuntabámo-las mans na mesa e cantámo-las estrofas rituais: "Oyaaaaaaa, oyaaaaaaa..." Naquel intre entrou un cura, e botou a correr. Foi moi célebre, porque tiñamos que parecerlle os membros dunha secta secreta facendo misas negras ou cousas polo estilo". ***AF***: "Era un grupo simpático e un tanto informal. Cousas de estudiantes".

Neumandro. Psedónimo utilizado por AF en numerosos artigos xornalísticos, especialmente en *El Pueblo Gallego*, onde aparece por primeira vez _citado nunha tertulia entre el e Logófilo (*Un diálogo. EPG.* 27-I-1935)_, *El Progreso* e a *Hoja del Lunes*. de Lugo. Provén das palabras gregas *neuma* (espírito) e *andrós* (home), home de espírito. Preguntado se *Neumandro* nace en EP, coma se tiña escrito en libros e xornais, AF aclarou que "non, foi no *Pueblo Gallego*, pero logo paseino a *El Progreso*. A primeira vez que firmei *Neumandro* foi nun artigo no periódico de Vigo sobre as festas de San Froilán no ano trinta e cinco. Alí falaba do San Froilán de 1869 e da revolución do 68, cando se fixeran Cortes Constituíntes e o meu

bisavó, Juan María Quiroga, o señor de Basille, saíu deputado por Lugo, con Fernando María Guardamino. Si, falaba diso".

Nicolás Rodríguez, Ramón. Escritor e profesor de Lingua e Literatura. Autor da comunicación *Cunqueiro e Fole a propósito dun artigo exhumado*, presentada ó Congreso Álvaro Cunqueiro, celebrado en Mondoñedo entre os días 9 e 13 de setembro de 1991; de *Fole reeditado: o interese de reler un clásico* (*Grial* nº116. 1992), e de *Fole e un parlamento literario* (*FdV*. 25-XI-1995).

Nis. Personaxe do conto *¡Caronte!*, incluído no libro CDN. Este home xunto co Vicentiño son dous vellos amigos do narrador do conto.

Nisclona. Personaxe do conto *A cabana do carboeiro*, incluído no libo ALDC. Criada do Tío Pepe, "era unha muller outa, que andaba polos coarenta, chata, de ollos negros. Tiña moi mal xenio e sempre estaba rifando cos veciños. Era moi boa cociñeira... Decían as malas lenguas que se entendía co tío. Facía xa quince anos que estaba na Folgueira. Viñera de Belesar..."

Nisclona, A. Personaxe doa obra de teatro PDD. "É a irmá do Crisanto... É unha muller grosa e baixota ela, xa vella máis outramente forte. Anda bule que bule, servindo ós parroquianos. Fala con voz rouca, de home. No beizo de enriba ten unha peluxe coma un mozo noviño".

Noche, La. Xornal de Santiago. Baixo a dirección de José Goñi Aizpurúa, o 15-X-1949 aparece o *Suplemento del Sábado*, que desaparece o 28-I-1950. Goñi encarga o suplemento a Francisco Fernández del Riego e Manuel Beiras. O primeiro deles contacta con AF, que comeza a colaboración no seu número 1 co artigo *Recuerdo de Jesús Corredoira*. Entre os pseudónimos

do suplemento atopamos os de *Álvaro Labrada* (Álvaro Cunqueiro). *Neumandro* (AF), *Borobó* (Raimundo García Dominguez): *Jaime Lorenzo* (Xaime Illa Couto) e *Fernando Cadaval* (Ricardo Carballo Calero). ***OpRCC***: "Recordo que Del Riego ten-me dito que eu e Fole, ou Fole e mais eu, éramos as persoas que mais o axudáramos na organizazón e no funcionamento dese suplemento, que hoxe constitui unha curiosidade bibliográfica interesante".

O número 133 de *Nós*, onde Fole publica a súa *Elexía*...

Nós. Boletín Mensual da Cultura Galega no que AF publica *Eu i-o meu corazón. Elexía ao xeito romántego*. (Nº 133. xaneiro 1935) e *Idilio na insua* (Nº 137-138. maio-xuño 1935), pertencentes ó orixinal *Auga lizgaira*. O envío destes dous traballos a *Nós* foi un aceno público de galeguismo por suxerencia de Piñeiro para dicir que AF fixera o ingreso no Partido Galeguista. Por esas datas tamén publica dous poemas Luís Pimentel, aínda que este non formaliza o seu ingreso no PG. AF colabora no número conmemorativo do cincuentenario de *Nós*. ***OpRP***: "Comentámolo (Piñeiro e Fole) con Luís e mesmo lle suxerimos que se afiliase tamén, pero él aclarounos: "eu sempre fun galeguista e non preciso que o acredite cunha firma. Estade certos de que onde esteades vós os dous eu tamén estarei de todo corazón". Aquela tarde

A tertulia da imprenta Nós, segundo un debuxo de Seoane: Rodríguez Tenreiro, Fernández del Riego, Brañas, Ánxel Casal e Álvaro de las Casas

Debuxo e Cebreiro que ilustra o segundo traballo de Fole en *Nós*

Fole e máis eu saímos moi ledos da casa de Luís e comezamos a matinar plans. (...) Propúxenlle un primeiro paso experimental, que consistiría en enviar algunha colaboración á revista *Nós*. Acolleron con moi bo ánimo a idea, e Pimental, na seguinte visita, xa escollera o poema que quería publicar. Fole escribiu un conto e pediume que llo traducise. Recibiron con alegría o número da revista coas súas colaboracións e decidíronse a repetir o envío de orixinais. Nesta ocasión Fole xa escribiu el en galego o seu conto e únicamente me pediu que llo revisara. E a partir de aí xa se botou a facelo pola súa conta, aínda que de vez en cando me consultaba algunha palabra. Pimentel tamén escribía de vez en cando algún poema en galego e curiosamente podía ocurrir que incluise algún hipergaleguismo, pero resultáballe máis cómodo traducilos coa miña colaboración como diccionario oral e dialogante".

Nós. Imprenta de Ánxel Casal na rúa do Vilar de Santiago. Nese lugar xuntábanse en tertulia Carballo Calero, Cunqueiro, Seoane, Maside, Manteiga, Xoaquín e Xurxo Lorenzo, Xoán Brañas, Rodríguez Tenreiro, Raimundo Aguiar, Álvaro de las Casas, Luís Tobío, Fernández del Riego, Sebastián González, Noriega Varela, Sebastián González, Antonio Fraguas, Xoán López Durá e Fole. ***OpFFdelR***: "Tamén concurriu en diversas ocasións Ánxel Fole, ás reunións que arredor de Casal celebrabamos".

Nosa Terra, A. Periódico Galego Semanal. AF colabora esporádicamente. O número 106, baixo a dirección de Margarita Ledo Andión, publica o conto inédito de AF, *Non dan a talla*, co gallo do Día das Letras Galegas (16-22 maio. 1980). Di así: "Don Severo mercou un can e unha escopeta. Quero decir que o

don Severo se retirou á súa casa de campo do Corgo. Como don Severo foi unha miaxa cacique alá por aqueles anos, funme a velo ó Corgo, por lle preguntare por qué non quería saber nada de política, según me dixeran. Fíxome quedar a xantar na súa casa. E logo parlicamos dúas horas de política. _¿E que lle parecen a vostede os políticos de Galicia...? _Os vellos xa van moi cansos. Tempo é que se retiren. _¿E os novos? _Xa sei que ti tes moitos amigos políticos novos, de eses que tanto bourean... _¿E que di vostede de todos eles? _Atende ben... _Xa atendo... _Que non se che esqueza nunca... _Sempre me lembraréi, por anos que inda viva... _Escoita... _Xa escoito... _pois... _A ver, don Severo... _¡Non dan a talla, recorcio! _¿A quen se refire? _A todos eses xefes de fatos que andan berrando por ehí". Outras colaboracións: ***PE***: *Cartafolio de Lugo* (nº126. 3-X-1980).

O nome de Fole na tráxica lista

Nova Galiza. Boletín quincenal dos escritores antifeixistas, de Barcelona, na que colaboraron durante a guerra Rafael Dieste. Castelao e Blanco Amor, entre outros. Na sección *¡Loito na nosa Terra! As víctimas da barbarie feixista*, onde viñan as listas de paseados ou fusilados, apareceron o 20 de abril de 1937 (*Nova Galiza* número 9) os nomes de Ángel Fole, Desiderio Fole. Francisco Lamas. Ramón García Núñez, Rafael Vega Barrera, Avelino López Otero e Ramón Piñeiro producindo a natural consternación entre eles. A orixe do erro pode ser esta: ***OpCC***: "Un día, xentes de Falanxe leváronlle ó capitán Vila, que era o responsable da orde pública, unha lista de persoas que debían ser detidas, entre as que figuraba Fole. O certo é que o citado capitán ignorou as denuncias e o escritor saíu ben parado dunha situación que, no caso de non darse as circunstancias


Antonio López Ramos.
Eladio Martínez Gredo.
Agustín Rosco Viñas.
Rafael Vega Barrera.
J. Marey.
Gumersindo Montero.
Claudio Pérez Prieto.
Avelino López Otero.
Ramón Piñeiro.
Angel Fole.
Desiderio Fole.
Vicente Páramo Losada.
José Pombo Chicarro.
V. Ledo Santandré.
Emilio Gil Rodríguez.

favorables que se deron, puido ter consecuencias tráxicas para el". ***OpRCC***: "Estando durante a guerra en Madrid, ás poucas semanas de comenzar a contenda, tiven contacto cunha persoa que viña de Galicia nun café da Gran Vía, un home dalgunha filiación política ou sindical que fuxira da zona dominada por Franco e este home traia noticias dos amigos e pregunteille por Fole: "Fole está xa descansando", díxome; para este home Fole fora executado, o cal era absolutamente erróneo. Fole tivo a fortuna de non ser molestado de maneira fatal, de maneira que vivía, pero eu dérao por morto." É de imaxinar o efecto que todos este rumores fixeron no ánimo de Fole que ademais comprobaba a certeza doutras execucións. Durante unha longa tempada, Fole muda a súa residencia cáseque a diario, entre distintas pensións e a casa de Pimentel. O impacto emocional chega a producirlle un cambio radical na súa caligrafía, ata entón clara e lexible. Tamén na revista *Nueva Galicia*, Portavoz de los Antifascistas Gallegos, deron por morto a Ramón Piñeiro, asasinado "no campo de Montirón". Co paso do tempo, Fole trata de quitarlle importancia a tan tráxico asunto: "Recibí algún aviso y me llevé algún susto que otro, pero nada más."

Novelas do Sil. Libro *non nato* que matinaba escribir AF nos anos cincuenta.

Novo, Olga. Xornalista. Alumna de Rodríguez Fer no bacharelato. Presenta unha comunicación sobre *Bécquer e Fole. Universos lendarios comúns*, no I Congreso Internacional de Adquisición e Aprendizaxe de Segundas Linguas e as súas Literaturas (Lugo 1995).

Novo Freire, José. Avogado. Alcalde de Lugo. O 15 de maio de 1981 preside coa súa concelleira de Cultura, Tucha Calvo, a inauguración da rúa Ánxel Fole.

Novoneyra, Uxío. Poeta. AF coñece a Novoneyra no ano 1953,

en Oujroga. No ano 1961, Arnando Requeixo cita no seu traballo sobre Fole a plana impresa *A Ánxel Fole. Homenaxe de Lemos i o Caurel a Ánxel Fole, de Lugo e de Galicia*, orixinal de Novoneyra. AF escribe sobre Uxío o artigo *Bienvenida a un poeta* (*HdlL*. 23-VIII-1965). No ano 1970 realiza unha viaxe a Parada para xantar co poeta de *Os Eidos* na compaña de Álvaro Gil. Milucho Gil, o seu xenro Carlos, don Elías, "o cura de Hospital, vestido de seglar e falando sempre en galego", o cirurxán Pablo Salas, González Robato, financiero do Ferrol e o biólogo Santamarina, profesor en New Jersey. Daquela visita tira o artigo *Parlamento en Seoane do Caurel* (*EP*. 30-VIII-1970), no que di "Novoneyra es un poeta de robusta personalidad, una de las diferenciadas voces de la lírica gallega. Nadie discute su gran originalidad. Perdería el que lo hiciese. El autor de *Os Eidos* nos recita algunos poemas con aquella voz y gesto tan de trovador antiguo". O 11-X-1986, no acto de homenaxe a Fole organizado polo Concello (*vid* Marino

Entrega do *Pedrón de Ouro* a Fole. Entre outros, Gustavo Valencia, Avelino Pousa Antelo, Novoneyra, Fole, Sixto Seco e Abuín de Tembra

Dónega). Novoneyra é o encargado de ler un poema na lembranza de Pimentel diante da súa tumba. Autor do poema *Anxel Fole según Maside*, publicado no volume ELAF:

Ollos de cinsa e nebra
chegados da tebra!

Ollar antigo e novo! Ollar
que pon un manto ó pousar!

Ollar que neva!
Ollar que leva

e sabe o que se sabe
e canto en nós cabe!

Ollar aberto que abre
e tenta o couto do inralvabre!

Ollar que pergunta clamea di:
Non podo non ser nin ser así!

Novais. Ruíñas dun castillo en Santa Eulalia de Bendollo (Quiroga) citadas en *A vengación* (HQNC): "Cando collímo-lo camiño da ribeira do Sil, por tralas ruíñas do castelo dos Novais, xa iba empardecendo".

Nueva Cultura, La. Programa semanal de Radio Lugo ó coidado de Xosé de Cora primeiro (1968-69), e de Juan Soto despois. (1970-72). A súa primeira emisión estivo dedicada a AF, cunha entrevista de vinte minutos e un achegamento á súa obra narrativa. ***AF.***: "As letras galegas están a vivir un gran momento histórico. Non hai máis que reparar no número de libros editados este ano e os editados, por exemplo, nos anos vinte. Bote as contas e verá que saímos a máis dun libro galego por semana".

Numen. Revista quincenal de estudios poéticos que dirixe Xulio Sigüenza en Vigo a mediados dos anos cuarenta, cando Fole máis relación tiña coa prensa da cidade. É de supoñer que fora o propio Sigüenza quen lle pedira algunha colaboración.

Núñez Díez, Gerino. Xornalista. Redactor de *El Progreso* asasinado no mes de xullo de 1991. Compañeiro de AF na Redacción, publica os artigos *Llegar hasta los otros* (*EP*. 26-I-1975) e *El día que vi llorar a Fole* (*EP*. 11-V-1986), no que

Fole e Gerino Núñez, diante do Portón do Recanto lucense

lembra a emoción de AF o día da inauguración da rúa que leva o seu nome en Lugo. Gerino describe tamén unha das moitas brincadeiras das que eran protagonistas os redactores de *EP* para reír con Fole e que el mesmo reclamaba con ganas de troula: "¡Cómo olvidar los disparatados titulares que le presentábamos impresos ya, como si fuera a Corrección pidiendo su visto bueno para cosas como "*Mañana, fiesta lacónica en...*" como anunciando una gran laconada que iba a tener lugar ya ni recuerdo dónde!" Autor do artigo *El gallego de Fole*, en ELAF. ***Op***: "Haber leído alguna vez a Fole, y mucho más, haber tenido la suerte de escucharle, es un argumento irrebatible, me parece a mí, de lo que significa la libertad del lenguaje y la brutal tiranía que puede suponer el privarle de su propio y espontáneo desarrollo".

O

O conto de nunca acabar. Edición do conto do mesmo título realizada polo Concello de Lugo. con deseño de Xesús Fraga e coordinación de Xulio Xiz. para repartir nos colexios. Foi presentada polo alcalde Vicente Quiroga o 8-X-1985, dentro dos actos da V Semana das Linguas Ibéricas. Na portada reproduce o retrato de AF realizado por Fermín González Prieto e na contratapa, a medalla conmemorativa da Semana, realizada por Sargadelos e baseada no debuxo de Arcadio Romero Boelle. Inclúe tamén opinións de Juan Soto. Salvador Lorenzana. Xosé María Álvarez Blázquez e Carlos Casares sobre Fole. Na introducción, o alcalde Quiroga dedica a iniciativa municipal "a quen me ensinou o que significa ser galego e galeguista". Na presentación, Vicente Quiroga recoñeceu a existencia de dúas erratas no texto. Reproducido en *EIG* (9-X-1985).

Presentado el relato inédito de Anxel Fole, «O conto de nunca acabar»

«O conto de nunca acabar» relato inédito de Anxel Fole fue presentado en el Ayuntamiento el relato ha sido escrito para la V Semana Bibliográfica das Linguas Ibéricas, que está dedicada al propio Fole. La presentación de este breve «O conto de nunca acabar» corrió a cargo del alcalde Vicente Quiroga, quien comentó la historia que hizo posible esta publicación y señaló que las palabras de introducción que realiza el alcalde en el libro se deben al expreso deseo de Fole. «Este libro —señaló el alcalde— enmárcase dentro do homenaxe a Fole, e don Anxel escribiunos pra esta ocasión, e le extrañan moi contento de que se publique». El libro comienza con una introducción de Vicente Quiroga en la que señala que esta semana se le dedica a Fole porque es una institución en Lugo, un hombre de bien y una de las mayores escritores gallegos de los últimos tiempos». Antes del relato inédito de Fole, se hace referencia a los prólogos de Juan Soto, «¿E decímolo ou non o decimos?», de Salvador Lorenzana, «A lus do candil», de Xosé María Álvarez, «Contos da Neveira» y el de la presentación de «Conversas con Anxel Fole», de Carlos Casares.

El alcalde señaló que, a pesar del dicho que no existen meigas, «habelas ailos» por el desinterés en la imprenta de un par de erratas, cuando el cuento fue terminado antes de mandarse a imprenta por el propio Fole en compañía de Julio Gil y el alcalde. Presentó también el alcalde el folleto «Lugo en la Lírica Medieval Gallego-Portuguesa» de Manuel Celso Matalobos y señaló que sirve de complemento de las Cantigas 77 de Alfonso X el Sabio publicada anteriormente por el Ayuntamiento.

Manuel Celso Matalobos señaló que en su folleto se pretende hacer una historia de la importancia del gallego a través de los tiempos, recordando asimismo las diversas biografías de poetas y trovadores que escribieron en la encantrel lengua gallega.

Ramón Raimundo tomó a continuación la palabra para presentar un vídeo realizado por las alumnas del Instituto Femenino de Lugo, en el cual se hace una entrevista a Fole quien, entre otros temas, el autor de «Terra Brava» habla del amor a las animales existentes en las aldeas, de los recorridos y pasajeros de su vida y su obra, de sus relaciones con Otero Pedrayo, Carballo, Risco, etc., al tiempo que muestra su admiración por la poesía de Rosalía y por la narrativa de Castelao, destacando en éste su sentido del humor.

A presentación de "O conto...", nas páxinas de *El Ideal Gallego*

O galo. Primeiro título pensado por AF para o seu libro *Contos da néboa* (Castrelos 1973). No mes de setembro de 1970, AF agarda a saída do prelo dun novo libro seu que editará Castrelos de Vigo na súa colección Pombal co título de *O galo*. Sen embargo, CDN non aparecerá ata cáseque tres anos despois. No 70, AF adianta que *O galo* levará 14 contos sobre anécdotas vividas polo autor. Finalmente CDN incluirá 18 contos. Di tamén que tres deles xa están publicados, dous en *EP*, e un en

LN. AF engade que, a diferencia dos seus anteriores libros, localizados nos montes e aldeas de Lugo, *O galo* recollerá o "ambiente peculiar y característico de nuestras pequeñas capitales de provincia". O troco do título non foi consultado co autor.

A edición de *O tesouro*, a tamaño real

O tesouro. Edición non venal do conto *O tesouro*, de ALC (Galaxia. 1996). Cun tamaño de 6,5 x 8 cms. e 170 páxinas, este pequeno volume de *O tesouro* reproduce na capa o debuxo que Xohán Ledo lle fixera para aparecer na primeira edición *A lús do candil*.

Obra Galega Completa. Edición de Claudio Rodríguez Fer da producción en galego de Fole, ó coidado lingüístico de Armando Requeixo Cuba. publicada en dous volumes por Galaxia (1996). ***OpCRF***: "Esta obra dispersa, principal novidade da edición, consta de contos, artigos, versos e un lema clasificados en bloques cronolóxicos e temáticos. Así, en primeiro lugar figuran os xa mencionados relatos superviventes do *non nato* libro *Auga lizgaira*. seguidos de contos do calendario, contos de medo e misterio, contos e tipos de Lugo, contos de vilas e cidades de Galicia e contos-lostrego. Por outra banda, recompílanse tamén varias ducias de artigos e ensaios foleanos".

Odín de Diciona. Personaxe do conto *O Tesouro*. incluído no libro ALDC. Tamén chamado "O Pirata". Este home xunto con Pedro de Levaste, traballan na construcción dun rocho na torre de Lonxío. Cando se encontraba sacando terra achou unha ola de barro chea de moedas de ouro, escóndea, e non di nada o seu compañeiro. "Morreu na Habana de unha puñalada que lle dira un mañigo".

Ombreiro. Parroquia de Lugo citada en *Medo e máis medo* (HQNC): "E logo pensei que podería dar unha longa paseada pola carretera de Ombreiro e merendar unha tortilla de xamón no bar Xesta, mesmo debaixo da parra de entrada. Chegaría a Ombreiro, inda que fora de noite voltaría pra Lugo pola carretera da Cruña".

Ónega López, Fernando. Xornalista. ***Op***: "Mi vocación periodística se forjó en el olor de la tinta fresca de *El Progreso*. y en la serenidad que irradiaba aquel hombre sentado en el Bar Lugo. Creo que he llegado a sentir algo así como celos _sí, creo que eran celos_, de las gentes que se sentaban a hablar con Fole".

Ónega López, José Ramón. Avogado e investigador. Autor do artigo *Fole y la toponimia*, publicado no volume ELAF. Coñece a AF na redacción de *EP* no ano 1960, presentado por Alejandro Armesto. ***Op***: "Guardo de aquel encuentro un recuerdo imborrable, pues Fole me insinuó una luz nueva en la meditación etnográfica. Su averiguación de la esencia gallega no se agotaba en la anécdota costumbrista ni en el reflejo de un *flash* sin más aderezo que la observación directa. Fole indagaba las causas y construía sus tesis con una fina intuición que maduraba un raciocinio impecable y socarrón".

Orbán. AF pasa os primeiros anos da súa vida nunha casa construída polo seu pai en Fingoi, chamada a Casa de Orbán, sobre os restos dunha antiga torre que pertencera ó seu bisavó, chamado o Señor de Orbán. A casa tiña dezaseis hectáreas de terra e moitos cans, dos que AF lembraba tódolos seus nomes. Nos terreos de Orbán ergueuse despois a Estación Pecuaria Rexional. AF lembraba que unha leiteira da contorna levárao un día ó alto das Arieiras, onde hoxe está o cemiterio de San Froilán e, colléndoo da man, díxolle coa vista posta na cidade:

A carballeira de Fingoi

"¡Que grande, Anxeliño, é o mundo!" Realmente pouco podería sospeitar aquel rapazolo que nese mundo que ollaba collido á leiteira, construiría el todo un mundo literario cheo de lendas e personaxes. O personaxe da señora de Orbande, no conto *O espello* (ALDC) recolle en parte características da súa tía avoa María Cristina Quiroga Sangro.

Organización Republicana Gallega Autónoma. AF pertence á ORGA dende meses antes da proclamación da II República. Citada no conto *Pepe Troitiño* (HQNC). ***AF***: "(Fun á ORGA) porque era a única forza así galeguista e republicana, e eu pensei que había que apoiar á República, entre outras cousas porque non había republicanos". AF participa con Cunqueiro nun mitin da ORGA en Ribadeo: "El lector se sorprendería de saber que (Cunqueiro) participó conmigo _en la primavera de 1931_ en un mitin de la ORGA en un teatro de Ribadeo. De la Organización Republicana Gallega Autónoma, fundada por Santiago Casares Quiroga, ministro entonces de Marina de la República. Otro de los participantes era Julio Sigüenza, poeta y periodista, recién llegado de América con el batallador Alonso Ríos y el futuro diputado Ramón Suárez Picallo. A Julio

Sigüenza no le llamaba Dios por aquel camino. Mientras discurseaba paseaba por el escenario del teatro de Ribadeo como una fiera enjaulada, deseando terminar cuanto antes el discurso. Tampoco Alvarito Cunqueiro estaba destinado a ser un tribuno de la plebe, como Ramón Suárez Picallo. Pronunció su discurso sin sacar la mano derecha del bolsillo del pantalón. Un discurso por otra parte muy galleguista, que terminó con el verso del vate Eduardo Pondal. ¡Os tempos son chegados!"

Oria del Collado, Grato. AF conta e escribe a experiencia sucedida con este nome que corresponde ó dun compañeiro da Universidade de Santiago, "un tipo baixo, fraco, medio xorobeta". Moitos anos despois da estadía en Compostela, unha araña esmagada nun libro faille lembrar o que Grato Oria contaba doutra araña e dunha serpe que el vira estudiando debaixo dunhas aciñeiras na contorna santiaguesa. O artrópodo picaba na serpe ata que acabou con ela. Pouco despois desas lembranzas, vendo na televisión unha proba hípica, o locutor anuncia a participación dun cabalo chamado Grato Oria. O misterio de don Ánxel funciona á perfección nesa historia/ conto/ anécdota/ ¿soño foleano?, que constitúe un dos últimos artigos publicados en *EP* (*EP. Grato Oria del Collado*. 31-VII-1985).

Oribio. Afluínte do Lóuzara que recibe varios nomes nos seus tramos. Así bautizado nun deles o ano 1969 por acordo do concello de Triacastela, a proposta de AF.

Orquesta Sinfónica de Madrid. AF cita un concerto da OSM dirixida por Fernández Arbós no Círculo das Artes como o primeiro da súa vida.

Ortega, Pilar. Xornalista de *Ya*. Participa na última entrevista realizada a AF que ten lugar na súa casa de Montero Ríos o día 4 de maio de 1986 e que aparecerá publicada en *El Progreso* o

día 10 de mesmo mes, asinada por Rafael Torres Mulas.

Ortega y Gasset, José. AF asiste á conferencia de JOG no Paraninfo da Universidade en Madrid *¿Qué es filosofía?*, prevista nun principio na Aula Grande do Pabellón Valdecilla do edificio de San Bernardo, pero trasladada logo ó Paraninfo pola cantidade de público que acode. ***AF***: "A min causoume sensación. Por alí desfilou a plana maior da intelectualidade de España. (...) Ortega falaba moi ben, coa voz moi chea coma se estivera escribindo: "Avísenme los oyentes si no bate con eficacia las últimas zonas del reducto mi balística verbal". Quedoume gravada aquela frase de Ortega". ***AF***: "Unhas das estrañezas máis grandes que eu tiven sempre era que aqueles homes tan brillantes e tan dotados da República Española, como puideron ser Ortega e outros, non escribisen ningún libro anunciando o perigo. Dicindo que todo estaba inseguro en España e que ía caer a República e a democracia". Fole é a conciencia galega do século vinte. Unha conciencia na órbita de Ortega, pero escrita con palabras de Fingoi, de O Incio, de Quiroga ou de Cervantes". ***PE***: *Hace diez años: fallece Ortega* (*HdelL*. 25-X-1965).

Fraguas, durante a súa época lucense, diante do Méndez Núñez, con Otero Aenlle, Alonso, Rueda, Jesús Pedrosa e Puro Cora

O.R.T.F. ***(Office de Radiodiffusion et Télévision Française)***. Un equipo da O.R.T.F. viaxa a Lugo en xaneiro de 1977 coa fin de realizar unha reportaxe con destino ó seu primeiro canle. Dirixe o grupo Jean Emile e forman parte del, o técnico de fotografía Pierrot e a *script* italiana Renatta. Leran na prensa parisina un artigo do vilalbés Ramón Chao e decidiran que Galicia era un tema informativo

interesante. Queren filmar onde exista unha escola na que os nenos utilicen o galego a cotío nas súas clases. Alguén lles fala que en Bretoña hai un mestre, Paco Martín, que amais de galegofalante e galegoensinante, é escritor. Contactan con el e comentan o proxecto. Queren dúas persoas que conten historias, unha de crimes arrepiantes e outra de lobos, a carón do lume dunha lareira coma se fosen labregos nunha noite da invernía. Paco Martín non dubida á hora de escolle-los protagonistas, un sería o seu profesor Antón Fraguas, do que tiña "aínda moi vivo o seu xeito espontáneo e popular de relatar", e o outro, Ánxel Fole, que polo físico, polas súas habelencias no arte de contar e polo tema dos lobos, era a persona cuspidiña para a encarga. Fala con eles e un día metido en chuvia, todos coinciden en Bretoña para a gravación. Sentaron ós protagonistas cunha señora da casa elixida como escenario e Fraguas comezou o seu conto, "unha historia de verdade estarrecedora", lembra Martín no traballo *¿E por que non outra anécdota?*, no libro colectivo da Consellería de Cultura como homenaxe a Fole (1997). "A muller preguntaba sobre detalles puntuais e don Antón íallos aclarando mentres Fole asentía, por veces, cun sonoro *¡si señor*!" Tocoulle a vez a don Ánxel e o noso home encetou un relato realmente ameno e marabilloso, pero a piques xa de rematalo, Paco Martín decátase de que na historia de Fole non aparecera nin un lobo de mostra, tal como era o acordo cos reporteiros e, se ben daquela ninguén notaba a súa ausencia, non sería o mesmo cando fixesen a traducción ó francés, que días despois encargáronlle a Teresa García-Sabell. Paco tentou transmitirlle a Fole a eiva dos lobos, pero este chegaba xa ó final do relato, "fíxose un cativo silencio e, xusto antes de que o director mandase para-la filmación, ergue Fole a man dereita para reclamar atención e di, seguro e convencido: "¡Ah!... e aquela noite seica houbera unha chea do lobos por alí!" O 31 de xaneiro de 1977, *Neumandro* publica na sección *Plaza Mayor* (*HdelL*) un artigo titulado *Chove, chove, chove...* no que se refire á xornada de Bretoña e moi especialmente á rapaza

italiana: "Nuestro auriga era esta vez una joven italiana llamada Renatta, colaboradora del mencionado equipo. No nos cansamos de charlar con ella, al correr del auto, lo mismo Paco Martín que un servidor". Os franceses quedaron contentos coa gravación de Fole e o programa foi emitido con grande expectación por parte da colonia galega en Francia e Suiza. Despois houbo xestións para vendelo traducido a Televisión Española, pero sen resultados.

Capa da unidade didáctica

Os voy a contar un cuento / Vouvos contar un conto. Edición bilingüe de sete contos de ALDC e un de TB, realizada e traducida por Juan Soto para a colección *La Locomotora* de *Alborada Ediciones* (1988). O libro comeza por ámbalas dúas tapas, en castelán ou galego, e leva un *Cuaderno*, ou unidade didáctica sobre os contos, realizado por Mercedes Seijo. O dobre debuxo das capas é de Iglesias & Gallego. cun deseño de Batlle-Martí.

Otero e Fole, en Trasalva,

Otero, Josefina. Viúva de Salvador Fole que durante anos se ocupou amorosamente do escritor. Nai de Conchita e Emilio Fole Otero.

Conversa entre dous patriarcas das Letras Galegas, ámbolos dous pensionados pola Fundación Barrié

Otero Pedrayo, Ramón. Polígrafo e catedrático. Patriarca das Letras Galegas. En 1958 AF asiste en Trasalba, no pazo de ROP, á xuntanza de homenaxe dos intelectuais galegos ó patriarca das letras co gallo da súa xubilación como catedrático da Universidade de Santiago, na que se lle fixo entrega do libro colectivo *Homenaxe a R. Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacemento*, no que Fole publica *Homenaxe da Galicia universal*. Autor de *Sobre Terra brava de Ánxel Fole* (*LN*. 5-V-1956 e *EP*. 23-V-1976). Cinco anos despois, en 1963, Otero Pedrayo preside en Vigo a homenaxe no que se recoñece a Fole coma un grande creador da lingua galega, e no que, ós postres, intervén don Ramón. Fole fixo máis visitas ó pazo de Trasalva e ámbolos dous coincidiron tamén no chalé da Rosaleda de García-Sabell. en Santiago.

Outeiro. Revista de Caixa Galicia. O seu número 21 contén unha homenaxe a AF con textos de Xosé Trapero. Antón Fraguas e Avelino Abuín de Tembra.

Ovidio. Personaxe do conto *Ventureira xornada*, incluído nun libro preparado pola editorial SB. Don Andrés do Furco presenta este home ó narrador do conto, que di o seguinte del: "o Ovidio de marras tiña unhas nachas ou naso en forma de porra, que metía medo. Nunca outro naso vin polo estilo. A cousa viña de caixón... Lembreime do texto quevediano e berréi: -¡É Ovidio Nasón máis narizado!"

P

Pacio. Casa do Pacio, propiedade do bisavó de AF en Becerreá. ***OpMRL***: "Cando o Andrade, empedernido amante do volante, se encamiñou ó *centovintesete* porque quedaba moito camiño aínda, abandonámo-lo río troiteiro, pasamos a carón da casa do Pacio, outro dos patrimonios que pertencera a don Juan Mª Quiroga, nun estreito pero longo val de praderías e chopos, e cruzámo-la terra realenga _os veciños estaban exentos de pagar tributos_ para subir polo Furco ata O Cereixal".

Páginas escogidas. Título dunha auto-antoloxía ou escolma de diferentes textos realizada por AF e nunca publicada como tal. Contén artigos, contos e poesías.

Pancho de Eiriz. Personaxe protagonista da historia narrada por Gasparo no conto *Solaina*, incluído dentro do libro TB. O Pancho despois de quince anos en Cuba decide voltar á súa terra. A noite do seu regreso acontéceulle un caso moi curioso na cuberta do barco no que viaxaba, viu un home preto del que levaba "un rodo dises de botala iauga ós prados". Ese home non era outro que seu pai, mais pronto "esvaéuse a visión". Cando chegou á aldea

Un madrigal inédito de Fole, incluído nas *Páginas escogidas*


Madrigal

Un clavel en mi vergel
y una rosa para el
Que si es el sol el clavel
la blanca rosa es la estrella
El clavel es lozanía
de rosa boca galana
y la rosa [illegible]
La estrella de la mañana
[illegible] pura y melodiosa
Por eso clavel y rosa
están siempre en tu ventana
Clavel, tus labios de miel:
rosa, tu [illegible]
¡Qué viva el clavel, clavel!
¡Qué viva la rosa rosa!

enterouse de que seu pai morrera, atopárano morto nun prado despois de botar a auga. O acontecemento sucedera no día e na hora en que el tivera a visión.

Pándigo. Personaxe do conto *O paxaro laión* , incluído no libro CDN. Tras varios días en que todo o mundo di que o paxaro laión no deixa de chamar por el, morre. É amigo do narrador da historia, pois moitas veces foran cazar xuntos. Na súa casa e durante o seu velorio é cando acontece a estraña aparición dunha pantasma.

Papaovos. Personaxe do conto *O Galo*. incluído no libro CDN. "Chamábanlle asina, non pola grandísima papada, que cuasemente parecía un bocio ou gaxolo, senón porque unha vez comera il soliño cas da Concha, no barrio da Ponte, tres ducias de ovos cocidos, con pimento picante e sal". É un dos trece homes que van comer á casa do Nasa.

Paquiño. Personaxe do conto *Pepe Troitiño*, incluído no libro HQNC. Este rapaz, xunto coa criada Margarida e o Pepe, participa na brincadeira que se lle gasta o Birollo.

Parafusa. Personaxe do conto *O Desafío*, incluído no libro CDN. Ama de chaves na casa do dous irmáns Juan Carlos e Falfrique. Ámbolos dous dicían que se entendían con ela, e pola súa culpa estiveron unha tempada sen se falaren.

Pardo Gil (familia). A relación afectiva de Fole coa familia do doutor Segundo Pardo Gil vén da infancia. Fole e Pardo Gil coinciden tamén na Universidade de Valladolid e nos anos posteriores manteñen unha fonda amizade. Segundo, Amparito Magadán, Mosé e Carmiña disfrutan durante moitas tardes da conversa foleana. Mosé lembra unha ocasión na que Fole deulle a le-lo *Responso a Pepe Benito*. a súa satírica composición sobre o tantas veces elexido coma o prototipo do cacique galego, Pepe Benito Pardo, parente dos Pardo Gil.

Parlamento de las Letras Gallegas. Nos días 22 e 25 de febreiro de 1961, *Neumandro* publica dous artigos nos que propón a creación dun coloquio ou parlamento para comenta-lo estado da literatura galega, previa realización dunha enquisa onde os escritores manifestaran as súas opinións ó respecto. *El Progreso* ofrécese para facela nas súas páxinas e AF colabora co redactor xefe daquela, Alejandro Armesto Buz, na selección, envío e redacción das enquisas. O día 15 de marzo comeza a publicación de Nuestra Encuesta-Parlamento de las Letras Gallegas, na que participarán ata o 19 de abril: Ramón Piñeiro, Otero Pedrayo, Fernández del Riego, Novoneyra, Ramón Lugrís, Fermín Bouza Brey, Domingo García-Sabell, Manuel María Fernández Teijeiro, Aquilino Iglesia Alvariño, Ricardo Carballo Calero, Celestino Fernández de la Vega, Camilo José Cela, Francisco Pillado, Rof Carballo, Fernando Mon, Xosé María Álvarez Blázquez, José María Castroviejo, Ramón Lorenzo, Fernández Oxea, Isidoro Millán, Basilio Losada, Salvador García Bodaño, Sebastián Martínez Risco, Augusto Assía, Victoria Armesto, Álvaro Cunqueiro, Oliveira Guerra, Vicente Risco, Evaristo Correa Calderón e Carlos Rivero. Á hora de destaca-los libros máis influentes da década dos cincuenta, a obra de AF é citada polos seguintes autores: Piñeiro, Fernández del Riego (*Á lús do candil*), Lugrís, García-Sabell, Manuel María, Iglesia Alvariño, Fernández de la Vega, Ramón Lorenzo, Fernández Oxea, García Bodaño, Martínez Risco, Cunqueiro, Castroviejo, Basilio Losada e Correa Calderón. No ano 1995 María Xesús Amado Silvar fixo unha

El Progreso

UNA ENCUESTA DE EL PROGRESO

LAMENTO DE LAS LETRAS GALLEGAS

«La literatura gallega actual goza de muy buena salud»

«Una lengua es su prosa, por eso considero urgente el trabajar la prosa gallega»

«Galaxia debía publicar un tomo con el vocabulario de los escritores cuyos libros editan»

As respostas de Cunqueiro ó *Parlamento*

edición do *Parlamento* (Ediciós do Castro), na que o lector pode atopar todo o seu contido.

Parrula. Personaxe do conto *O Galo*, incluído no libro CDN. Esta muller é a cociñeira do Nasa. Ninguén coma ela "tiña tan boa mao prós coellos, o mesmo de monte que caseiros".

Parrulo, O. Personaxe do conto *¡Xantamos a carón dun esquelete!*, incluído no libro HQNC. É o criado do dono da fonda "O Curuxo". "Cecais, lle viñera o alcume de que andaba coma un parrulo. Era baixo, corto de perna, cas mans moi grandes. E tamén un pouco xorobetas. Cunha testa grandísima". El é o que entra no cuarto do Xan coa idea de asasinalo e así roubarlle o anel co diamante que traía de Cuba. Non consegue o seu propósito e mesmo morre no intento.

Partido Galeguista. AF ingresa no PG o ano 1935 a través de Ramón Piñeiro. Daquela eran militantes do PG en Lugo *Ben-Cho-Shey*, presidente, Antón Figueroa, Lorenzo Varela e Piñeiro. ***OpRP***: "Con todo, a miña relación con Fole foise facendo cada vez máis concordante no eido político e unha noite que estivemos no café charlando, coma sempre, de temas moi diversos que eu mesmo ía suscitando porque en realidade el era o meu verdadeiro mestre, case ó final da conversa Fole sacou do peto unha tarxeta escrita e asinada e entregouma sen dicir nada. Eu lina e quedei profundamente emocionado, porque era a ficha de Ánxel Fole solicitando o ingreso no Partido Galeguista". ***AF***: "Deuse a circunstancia de que eu era moi amigo de Ramón Piñeiro e el estaba empeñado en que pasase ó Partido Galeguista, e acabei pasando. Fíxeno ademais con moito gusto". ***AF***: "No me arrepiento de haber pertenecido. Creo que era un partido formado por la mejor gente de Galicia, gente bien intencionada y de gran capacidad intelectual. (...) Pasó (...) que había mucha improvisación, poca serenidad, poca madurez. Sin embargo Galicia adoleció siempre de la falta de una política

Piñeiro, Fole e o lingüista Aníbal Otero, en Barcia (Ribeira de Piquín), onde naceu e morreu este último

regionalista, tensa, insistente y bien orientada. El regionalismo en Galicia siempre fue una cosa poco profunda. Si lo hubiese sido, si hubiese buen regionalismo en Galicia, otro gallo nos cantaría". AF participa despois da guerra na reconstrucción do PG que animan Francisco Fernández del Riego e Ramón Piñeiro. (ver Coruxo). ***AF***: "É difícil que resulte ben o que un se propón para o futuro de Galicia porque hai intereses moi turbios (1983). Vivimos intres de confusión. Hai moitos dirixentes que non se sabe quen son nin de onde proceden. Están encontrados uns cos outros e o pobo non responde porque non hai verdadeiros líderes. Hainos intelixentes, pero son febles. Tense que dar a batalla con franqueza tratando de construí-lo Partido Galeguista tal e como era". ***OpMRL***: "Logo, o mestre recordou a Castelao que, na Asamblea celebrada no salón da Sociedade Económica de Santiago, chorou ó le-la carta de Valentín Paz Andrade, na que lle comunicaba a súa baixa do Partido Galeguista para presentarse como deputado por Pontevedra na lista de Portela Valladares; tivo frases de gran admiración para Villar Ponte, deputado galeguista que morreu en marzo do 36;

lembrou a figura de Alexandre Bóveda "home dicharachero e moi simpático" que puido salva-la vida pero preferiu morrer a renunciar das súas ideas; con respeto e comprensión referiuse a Vicente Risco. que aceptou pronuncia-lo discurso da reposición do Cristo nas escolas; manifestou un gran aprecio por Ramón Martínez López que "nunca renunciou ó seu ideario, puido fuxir a Portugal e chegou a ser catedrático en Texas. E engadiu: "O que ten saúde ten historia e a historia está chea de tristuras". ***PE***: *Las noches del espanto* (*HdelL*. 9-VIII-1976). (*vid* Guerra Civil).

Partido Republicano Radical Socialista. No ano 1933 AF é candidato a deputado por Lugo do PRRS _liderado por Marcelino Domingo e Álvaro de Albornoz_, nas eleccións constituíntes. ***AF***: "Eso foi unha macana, porque resulta que sendo candidato podíase formar parte da mesa electoral, e para ter un control das mesas presentábanse candidatos a calquera, aínda que non tiveran intención algunha de chegar a tal cárrego". Na afiliación de AF ó Radical Socialista influíra decisamente o feito de que o seu irmán Desiderio era concellal de Lugo por ese partido. ***AF***: "Pero o partido desintegrouse despois de pasar eu por el, e uns foron con Izquierda Republicana _o partido de Azaña_, e outros co novo partido que fundara Martínez Barrio, a Unión Nacional Republicana, que era antilerrouxista. Eu pasei ó Partido Galeguista. e o ano 35 era secretario provincial do PG". ***OpRP***: "Fole (na época do PRRS) e mais eu tiñamos frecuentes, ás veces fortes, pero sempre fraternas discusións políticas porque os dous eramos militantes activos en campos distintos".

Pastrán de Vesuña, O. Personaxe do conto *Os lobos*, incluído no libro ALDC. Os lobos matárono cando estaba só na serra.

Patriarca das Letras Galegas. Carlos Casares reivindica para AF o tratamento de PLG: "No mes de agosto que ven (1982),

Un patriarca petrucial e venerado

Ánxel Fole cumprirá os setenta e nove anos, co cal se aproxima á cifra máxica e patriarcal dos oitenta, cando os homes trascenden os límites dunha certa temporalidade e ingresan na categoría atemporal de seren de todos e para todos. Esto non quere decir que o noso escritor teña que agardar algo máis de un ano para recibir un título que ninguén lle nega e que lexítimamente lle corresponde: o de Patriarca das Letras Galegas. El é xa o Patriarca", en *Sobre Ánxel Fole* (*LVdeG*. 25-III-1982). Tamén Manuel María. en *Xa é o patriarca* (*LVdeG*. 6-V-1982). Sobre ese tratamento, AF dixo algunha vez co seu humor característico: "Hai outros máis vellos cá min". Filgueira Valverde comentou: "Chamarlle Patriarca (das Letras Galegas) non era tanto unha referencia á idade, senón ó carácter petrucial do seu "falar falado" con nós, coma un vedraño churrusqueiro, recontador de xurdias memorias, presentador axil de ambentes e situacións e de persoaxes vistos cara a cara, nin con esgrevia superioridade nin con reverente veneración".

Patricio. Personaxe do conto *¡Difuntámo-la botella!*, incluído

no libro CDN. É curmán de Xerardo, o narrador do conto. El e mais a súa dona están a pasar uns días na casa deste. Unha noite estiveron falando ata ben entrado o mencer dun posible negocio que podían levar a cabo, eles tres e mais o matrimonio formado por Roberto e Josefina; á vez que falaban ían bebendo unha coñac francesa que baixaba moi ben. A mañá seguinte ningún deles lembra nada do acontecido a noite anterior. Patricio botará en falta dez mil pesetas que tiña, e desconfiará da Liberata, criada da casa. Despois de moito cavilar, el e a súa dona darán co misterio daquela desaparición.

Pauto do demo. Única obra de teatro de AF, se ben, "a los doce años escribió una obra de teatro que sus amigos representaron en un gallinero", segundo ten relatado Juan Soto. Escrita o ano 1955 no Incio, foi publicada por primeira vez pola editorial Citania de Buenos Aires no ano 1958, dentro da colección *Mestre Mateo* e cunha coberta de Luís Seoane. 2ª edición. (Castrelos. O Moucho. Abril 1970). 3ª (Castrelos. 1972). 4ª *Antoloxía do Teatro Galego*. (Ediciós do Castro. 1982) 5ª (Árbore número 92. Galaxia 1996). Estrea en Ribadeo (Nadal 1970). En PDD, o autor constrúe unha divertida comedia curta protagonizada pola Meiga de Torgán nun pobiño das ribeiras do Sil en tempo da vendimia, e representada en centos de ocasións por toda Galicia. Na segunda edición vai un prólogo de AF titulado *Soleira. Terra de Quiroga. AF*: "(PDD é) simprementes un conto escénico, cunha grande dosis de invención persoal. (...) ¿Como se poría a escribir unha obra de teatro quen tan pouco teatro viu? Pouco, inque cecáis bon. Viu moito máis cine. E cecáis esta obriña teña certa semellanza cun filme folklórico e humorístico". *AF*: "De *Pauto do demo* estou moi contento. É unha peza alegre, moi risoña. Está ben pra facer teatro os rapaces e nenos. Estou contento porque é unha historia bonita e ten trances curiosos. Representouse unhas sete veces (1983) en Rúa do Petín, en Quiroga, en San Cosme de Barreiros, en Chantada e noutros sitios. É unha das poucas cousas miñas que

relín, e fíxome rir". ***OpRCC***: "O cadro segundo presenta un problema de escenificación. Mentras no piso baixo da taberna os arrieiros, gandeiros e demáis concurrentes representan o papel do coro clásico comentando os acontecimentos, éstes desenrólanse fora da vista do público, no sobrado, de xeito que

Primeira edición de *Pauto do demo*, en Citania

a meiga, o seu marido, Elena, o seu pai, Prosmas de Pantide e o Pandión de Lexazós só se manifestan polas súas respectivas voces. É de supor que o autor persiga con esto un determinado efeito. Mais ao renunciar a nos presentar, como puido facelo, dous planos visibeis no escenario, crea un problema de intelixencia para o espeitador, obrigado a seguir a acción e a distinguir aos personaxes principáis só polo que dicen e polo que comentan os que constitúin o *coro*". ***OpJS***: "PDD constituye una visión de la Galicia campesina, popular, crédula y arcaica". Topónimos citados en *Pauto do demo*: Bande, Rendar, San Martiño e Trives.

Paxarón de Corbelle. Personaxe da historia narrada por don Ramón no conto *Tres historias do pazo de Lucencia*, incluído no libro TB. Comprador de gando que no medio da noite, atopa o grupo de homes que buscan o señor do pazo, el tamén se unirá á busca.

Paz Andrade, Valentín. Avogado, escritor, empresario e xornalista. Amigo de AF. Dirixe en Vigo o xornal *Galicia*, onde



Pazo de San Marcos nos anos vinte, cando Fole estudia o bacharelato, segundo debuxo de Lugilde

vai colaborar AF. Debido á súa relación coas explotacións pesqueiras, Fole chamámalle de broma "o depredador de merluzas".

Pazo de San Marcos. Sede actual da Deputación Provincial de Lugo. Nun dos paseos nocturnos cos amigos, AF comproba que se pisa enriba do rexistro da electricidade, apaga os farois ornamentais do Pazo. Este efecto perfectamente explicable permitiulle face-la broma de que tiña poderes paranormais. Casares, na biografía do escritor, cóntao con certas diferencias: "Unha noite, paseando cuns amigos por Lugo, Fole apagaba os farois da rúa só con situarse debaixo deles, acción que el consideraba que dependía dunha enerxía especial que saía do seu corpo". AF estudia os último anos do bacharelato no Instituto, ubicado daquela neste edificio.

Pedro. Persoaxe do conto *Tres historias do pazo de Lucencia*, criado do pazo.

Pedro. Personaxe da historia que narra o señor de Sabarei no conto *Antón de Cidrán*, incluído no libro ALDC. É "compadre" de Antón de Cidrán. Lévanse moi ben entre eles. Viven xuntos o episodio do morto que ía no carro, aínda que el asegura non ver nin as luces nin o cadáver que di ver o seu amigo.

Pedro. Personaxe protagonista da historia narrada por don Gasparo no conto *En cada vida, o seu misterio*, incluído no libro TB. É irmán do narrador do conto, "doce anos máis pequeno que min. É o máis pequeno de toda a irmandade... Foi alferez provisional na guerra civil e botóu us cantos meses no frente de Teruel". O doutor sempre o quixo como se fose un fillo, aínda que tiña moitos defectos, "sempre fora moi preguizoso pró estudio". Primeiro comezara a carreira de Farmacia en Santiago, máis tarde a de Dereito, que conseguiu rematar. Despois dunha tempada de vida militar, o Pedro

escribiulle unha carta o seu irmán para contarlle que recibira un balazo no "muslo Izquierdo", e que tamén o ían ascender a teniente. Despois de lida a carta o doutor quedou abraiado, pois o balazo coincidira cunha forte dor que el sentira nunha perna, desde había días. Segundo don Gasparo, esta historia "dinos que a vida está cinguida de misterios, onde inda non entraronas esculcas da cencia".

Pedro de Levaste. Personaxe do conto *O Tesouro*. incluído no libro ALDC. Home encargado de facer, xunto co Odín de Diciona, un rocho para garda-la ferramenta das obras de rebaixe dun prado. "O Pedro era un tagaleirán, loiro, que tiña máis forcia que unha besta, fora Dios e a ialma". O de Levaste era ademais o querido da Lurpia; e o que dez anos máis tarde de se atopar o tesouro na torre, entra na casa dos señores coa intención de roubalo, pois cría que este se encontraba escondido nun dos armarios do pazo. Cando os donos da casa se decatan da presencia dun estraño na casa, collen as súas escopetas e disparan contra el.

Fole e Avelino Pousa Antelo, na cerimonia do Pedrón

Pedrón de Ouro. AF recibiu o P.deO. o 21-V-1978. O seu discurso versou sobre Rosalía de Castro (*A partir de Rosalía de Castro _EP*. 23-V-1978 e CG_). ***AF***: "Ela foi o máis esgrevio poeta que escribira en galego e tamén a suprema figura de todo o Parnaso mundial femenino. Máis aínda que Safo de Lesbos ou que a condesa de Noailles. Ninguén como ela atinou a manifestar a fondura da ialma galega".

Peinado Gómez, Narciso.

Homenaxe a Rosalía, o día do Pedrón

Mestre e historiador. Amigo e compañeiro de AF dende a infancia: "Éramos de la misma edad, haciendo el servicio militar juntos en el Regimiento Zamora nº 8 de guarnición en Lugo por el año 24, como soldados, cabos y sargentos voluntarios de complemento de un año durante el cual pasamos tan rápidamente tal escala militar con detrimento de la disciplina castrense. Por entonces, recientemente salido del Seminario Conciliar Diocesano, nuestro amigo conservaba una cultura clásica de sólida función. Yo, con mi bachillerato reciente e iniciación universitaria, le animé por entonces, en sus inicios literarios, primicias de su dedicación entusiasta al cultivo de su lengua vernácula como medio preferente de expresión".

Penzol Lavandeira, Fermín. Político e bibliófilo. Creador da Fundación Penzol. AF coñece a Fermín Penzol nas tertulias de Santiago. Logo coincide con el en Trasalba, na casa de Otero, e tamén na casa de Penzol en Castropol. Participa no libro colectivo *Homenaxe a Fermín Penzol* co artigo *Fermín Penzol débeme unha copa de whisky*, incorporado por Claudio

Fermín Penzol, Fole, Celestino e Piñeiro

Rodríguez Fer ó *Cartafolio galego*: "Moitos lle tivemos que perguntar ao Fermín algunha cousa interesante da literatura galega. El sabíaa e sacounos de dúbida. Calquer cousa das Irmandades da Fala, da Residencia de Estudantes do ano trinta, do Seminario de Estudos Galegos. E sempre xurdía a mesma pergunta...¿Por que non escribiría Fermín Penzol? Supoñendo que, de escribir, tiña que sere en galego. Por suposto". Tamén *Perder amigos: Fermín Penzol* (*Grial* nº73. 1981), igualmente recollida no *Cartafolio galego*: "Deciámoslle esto a Fermín Penzol na súa casa de Castropol, mentres gorentabamos o café do xantar, na compaña de súa esposa Blanquita Jiménez e mais do matrimonio Piñeiro. O comedor tiña un amplo ventanal sobre a ría do Eo. E no ventanal enmarcouse un soberbo veleiro de tres paus. Foi aquel lonxano día, na parola de sobremesa, cando tiven detallada noticia da biblioteca do noso anfitrión. Cando a bibliografía galega chegaba escasamente ós mil títulos. Desde entón ós nosos días aumentou moi notablemente. Libros sobre todo: sobre o viño, sobre a pesca, sobre as meigas, sobre os tesouros, sobre as aves. E daquela, o Fermín semelloume un ser fabuloso. Ouvía e non daba creto. Un bibliófilo da mellor lei. Cunha paciente constancia que rozaba o heroísmo. E escoitando falar ó Fermín decateime de que esta interesantísima biblioteca, dun modo ou doutro, estaba destinada a Galicia. Non se debía perder, non se perdería. Na inefable sorrisa de Fermín

estaba o seu destino".

Peña Novo, Lois. Avogado e político galeguista. Avogado do grupo de empresa da familia Fernández e secretario do Concello de Lugo, na morte de Carlos Pardo Pallín. AF e Xulio Sigüenza participan con LPN nun mitin galeguista celebrado en Sarria, onde está entre o público Ramón Piñeiro.

Pepe. Personaxe do conto *En cada vida, o seu misterio*, incluído no libro TB. Este home era médico en Rubián. Recibiu o aviso de que tiña que ir visitar o señor Román a súa casa, pois non se atopaba moi ben de saúde. Ó pouco tempo de chegar a casa do enfermo, este mellorou de xeito incrible. O señor Román non estaba para morrer, só tiña un problema de "aerofagia". Necesitou un pouco de tempo para "ceibar ventos por enriba e por embaixo", e así facer desparecer a dor. O Pepe "andaría pola corentena, era máis ben baixo, moi ancho, ca cara coadrada e a manxadoira dembaixo moi forte e o cabelo craro".

Pepe Montero. Personaxe real do conto *O Lordanas*, incluído no libro ALDC. Home tolo de "longas guedellas" que sempre ía falando só, e que tiña cara de defunto. Vestía sempre, mesmo no verán, gabán e chistera".

Pepe Troitiño. Personaxe protagonista do conto *Pepe Troitiño*, incluído no libro HQNC. "Pepe Troitiño era estudante de Mediciña, natural el do Corgo, en Lugo. Outo, esguío, loiro. Inda non entrara en quintas..." No verán do ano vintesete "botara noiva na aldea ... Mais a noiva non quería esperar tanto tempo pra que estudara unha carreira que inda non empezara. E deixou por un xastre a Pepe Troitiño". Xastre que tampouco se viu libre das brincadeiras deste rapaz. O final do conto o narrador dinos o seguinte: "De Pepe Troitiño souben que fora

Pepe Troitiño, segundo Seoane

Fole, na caricatura de Mouriz

médico militar das tropas americanas cando a reconquista das illas Filipinas. Non creo que houbese outro tipo que máis fixese rir a Luis Seoane, o noso tan admirado pintor e escritor".

Pepiño. Personaxe do conto *¡Lobos te coman!*, incluído no libro HQNC. "Era o fillo máis novo da miña tía e madriña Fernanda". Falta da súa casa "despois de tres días de andar de cazata polo monte" na compaña do resto dos irmáns, Paco, Ramón e Fernando, feito que provoca na súa nai un grande desacougo. Despois de cear saen buscalo o Paco e o fillo máis novo do caseiro; atópano durmindo a borracheira nunha taberna que había no porto de montaña "da Crus do Outeiro". O "pousadeiro" aproveita para contarlles a historia da cruz de pedra que se ve no alto dun monte.

Pepiño. Personaxe do conto *O Galo*. incluído no libro CDN. É fillo de Maripepa do Rul. O Destoncias dicía sempre que este rapaz librara do servicio militar "a puro huevo".

Pepiño de Barxa. Personaxe do conto *A vengación*, incluído no libro HQNC. É un dos homes que sae cazar xunto con Xan, o Belisario de San Paio, etc...

Pepiño "O Xaropes". Personaxe do conto *O miragre de Ribadeo*, incluído no libro HQNC. "O de "Xaropes" víñalle de botar algúns anos de mancebo de botica na cidade do Eo. Era farrista e moi amigo de dar bromas pesadas ós do seu trato, foran quen fosen. Era el pernudo, loiro, birollo e cuasemente elbado. Decía que na súa persoa había un imán que chamaba polo ausurdo. Que lle pasaban de cote cousas inespricabres e molestas... E cecais por tantas cousas ausurdas que lle pasaban

tiña o instinto de se vengare de calquera..." Entre as moitas que realizou está a que lle fixo a Lías de Moxenas mentres pronunciaba un recital poético.

Pereira, Lois Xosé. Escritor e profesor. O que vai ser Premio Xerais en 1985 e Premio Estatal da Crítica, conta o seu tímido encontro con AF na redacción de *EP* un verán dos primeiros anos oitenta: "¿Fole? Si, pois aí o tes entrando... Don Ánxel, aquí este rapaz que pregunta por vostede. Si, é el, e chámome imbécil nos meus adentros porque estou canso de ve-las fotos no xornal e porque ademais xa se volve quen o agarda. Vou cara el, eu súo e imbo o que me boten, don Ánxel, digo encolléndome, non porque me dea medo el, senón porque sinto unha vergoña seria do que lle vou dicir, si, diga, di mirándome a traverso de bafaradas de fume de tabaco dende os seus anteollos. Veña, xoven, tomar algo connosco, quere, dime mentres garda no peto da chaqueta dúas ou tres holandesas mecanografiadas dobradas ó medio e sobresaíndo do peto. Véñase, ande. Non, don Ánxel, que levo presa, outra vez. Eran poemas ramplóns que nunca sairían. Por fortuna".

Pereiro, Lois. Poeta. Autor do *anxel fole poem* (así titulado en ELAF), ou *Poema a Ánxel Fole* (así titulado no volume *Poemas 1981/1991*):

E líquidos telúricos, a terra
que se soña a si mesma e se fai
lenda.
O murmurio invernal
o vran no voo das vésporas ó sol
e o lume coa viciosa liturxia do candil
sombras letais
na quente perspectiva das lareiras
cerimonia das intrigas da infancia
Algo para crer algo
auto de fé.

Terra e máis terra brava
brava mais maina e cruel

violenta, visceral,
secreta, infame, inmemorial,
amada, fole, a terra
anxel, fole e a morte
a morte anxel a morte
en ti
the end.

Pérez Guerra, Ernesto. (*vid* Guerra da Cal, Ernesto)

Periquete de Samos. Personaxe nomeado no conto *De cómo o Xocas deu o timo do sobre a dous atracadores*, incluído no libro HQNC. Durante o velorio de Crisanto de Aspai, insistía en que nunca asistira a un velorio como aquel, pois todo o mundo parecía estar atento a calquera cousa máis có defunto.

Pernas López, Ramón. Escritor e xornalista de Viveiro. Na morte de AF escribe o artigo *¿Por quién doblan en Bruzanno las campanas?* (*EP*. 28-V-1986). Editor de *Cuentos para leer en invierno* (Selecciones Austral. Espasa Calpe 1986), do que se tiran do prelo 5.000 exemplares. En Lugo faille entrega ó escritor dun adianto sobre a venda do libro de 100.000 pesetas. ***Op:*** "He tenido el honor de transformar en realidad un sueño largamente acariciado por don Ánxel: publicarlo en castellano en la vieja colección Austral, feliz empeño motivado por el tenaz entusiasmo de Juan Soto y mi devoción reverencial a la narrativa foliana que me hizo ser feliz en la ya muy lejana adolescencia vivariense". Pernas considera a Fole un clásico, e como tal, un autor que encaixa perfectamente na lendaria colección Austral, da que se seguen vendendo millóns de exemplares ó ano. "Sólo *El Quijote*, editado en Austral, ha vendido más de dos millones de ejemplares".

Pernecas. Personaxe que aparece no conto *As trasnadas do Toño*, incluído dentro do libro TB. Home que é avisado por un dos albaneis que obraban na casa da tía Trécola para saber "qué caste de animal" era aquel atopado no medio do caldo, que con

tanto coidado preparara a Liberata. Despois de examinalo chega a conclusión de que é un centolo.

Piel. Filólogo alemán. Estudiou a linguaxe de Fole en *Terra brava*.

Pillado Mayor, Francisco. Home de teatro. En colaboración con Manuel Lourenzo publica a *Antoloxía do Teatro Galego*, que inclúe PDD, de AF, e outros traballos.

Pimentel, Luis. (*vid* Vázquez Fernández-Pimentel, Luis)

Píndaro. Personaxe do conto *Ventureira xornada*, incluído no libro de SB. Ía xunto co seu amigo Rómulo de Campos de Vila cara a feira de "San Martín de Quiroga".

Pinto. Can protagonista do conto *O can sentía saudade*, incluído no libro CDN. "Era un can ben xeitoso, branco con pintas de canela". Cando o seu amo, don Saturnino, foi trasladado a Villacastín el sentiu moita saudade da súa terra, polo que sempre estaba tristeiro e sen gañas de cazar coma antes. Sentiu grande ledicia o día que o seu dono lle trouxo un ramallo de castiñeiro, pois naquelas terras só había piñeiros. Cando morreu foi soterrado no horto da casa, baixo un loureiro. Vinte anos despois da súa morte, en Villacastín van inaugurar un monumento adicado a súa memoria.

Piñeiro López, Ramón. Ensaísta, escritor e político. Piñeiro coñece a AF nun mitin de 1932 celebrado en Sarria, pero non falará con el ata uns meses despois, en Lugo: "Os centos e centos de horas de conversa diurna e nocturna con Fole e con Gayoso foron a verdadeira base da miña formación cultural, a máis viva e fecunda introducción ó mundo da cultura. E as tardes que íbamos pasar, cáseque sempre na compaña de Ánxel Fole, con Luís Pimentel, eran unha experiencia que me

Fole e Piñeiro, a carón do Miño

conmovía fondamente". Influído por AF, pensa segui-los estudios de lingüística. Autor de *Os contos de Fole* (*Grial*); de *O libro que nos debe Ánxel Fole* (*Olladas no futuro*. Galaxia 1974), de *Contos da néboa, por Ánxel Fole* (*Grial* nº43. 1974), de *De cómo Ánxel Fole comenzóu a ser mestre dos novos* (*LVdeG*. 6-V-1982); de *Ánxel Fole*, en ELAF, de *Un trasmundo oral y milenario* (*ABC*. 10-V-1986) e do Limiar ó libro *Viaxe con Ánxel Fole*, de Manuel Rodríguez López. A instancias de Piñeiro, AF ingresa no Partido Galeguista en 1935 e do que é elexido secretario provincial. (*vid* Guerra Civil e Coruxo). Piñeiro consideraba de Fole que "as súas preocupacións políticas naceron sempre da súa dimensión ética". ***Op***: "Quenquera que tratase persoalmente a Ánxel Fole axiña botaba de ver que por debaixo da sua espontánea amenidade coloquial, sempre animada pola variedade de saberes e polas abundantes faiscas de humor, palpitaba unha sensibilidade fonda e de gran finura receptiva para toda clase de valores, quer de orde intelectual, quer de orde moral, quer de orde estética. (...) Con todo, a dimensión máis íntima da personalidade, esa dimensión que tende de seu a se manifestar líricamente, en Fole aparece asociada á vivencia da paisaxe. Unha boa antoloxía da sua prosa paisaxística daríanos unha imaxe moi verdadeira dese íntimo sentir do noso narrador".

O escritor, entre Piñeiro e Aníbal Otero

Plaza Mayor. Sección de AF na *Hoja del Lunes*. de Lugo, que

asinada como *Neumandro*, escribe no semanario da Asociación da Prensa lucense dende a súa fundación, en 1961. No seu primeiro artigo, *Sin más título*, AF describe a Praza Maior de Lugo que dá nome á sección. *Plaza Mayor. Tertulia del sábado* constitúe a máis longa e regular colaboración seriada de AF en prensa, e a súa vida vai parella coa do semanario da A.da P. de Lugo, que cubre a eiva de xornais nos luns ata que os principais rotativos de España acordan saír tódolos días da semana e obrigan a toma-la mesma decisión ó resto das empresas editoras. A case total dependencia de persoal e instalacións que mantiña dende a súa fundación a *Hoja del Lunes* de Lugo co xornal *El Progreso*, impide a publicación simultánea das dúas cabeceiras.

O taco da sección foleana na *Hoja del Lunes*

Pluregо. Pseudónimo de AF nos anos posteriores á guerra. Especialmente utilizado para asinar traballos de pescuda filosófica, a maior parte deles inéditos e nos que trata de desdobramentos da persoalidade, dos *eus/egos* que compoñen os pensamentos individuais, e dos diálogos que se establecen entre eles. Daquela a súa orixe, *Pluregо*: Varios egos, múltiples eus.

Polonio. Personaxe que aparece na primeira parte da historia narrada polo doutor Froilán no conto *Por us pelos...*, incluído no libro TB. Cando se coñece na vila a morte da Sabela, diríxese xunto cunha grea de homes e mulleres á casa desta, pertrechados todos eles con estacas e outras armas, e así vingar a morte da súa irmá. No momento en que o pedáneo os ve aparecer, entende que sexa o Polonio o que encabece aquela moitedume, pois este tíñalle moita xenreira a seu cuñado, o Galo, "porque perdéu un pleito que con il tiña por custión dunhas augas". O doutor e máis o pedáneo puxeron freo a aquel xentío afervoado.

Poncheville, Mabille de. Poeta francés. Autor de *O Camiño de Santiago*. Pasou por Lugo o 5 de outubro de 1928, festa do San Froilán, camiño de Santiago. Dixo dela que era a cidade ideal para un poeta doente: "Un bon poéte malade menerait una vie heureuse à Lugo". A presencia en Lugo de MdeP permite a AF facer un dos seus artigos máis lembrados: *Las veinticuatro horas lucenses de Mabille de Poncheville*, presente no *Cartafolio de Lugo*. Tamén fala desta viaxe no traballo titulado *Ultreya*, no segundo número de *Yunque*. "Cubos de piedra, con densa pátina de milenios, prestigian la ciudad y el paisaje _verde tierno de praderas, montañas mijadas de un azul casi espiritual _ que le rodea. Le gustaría vivir en una de esas casas, que él ve desde la muralla, rodeadas de jardines y con alegres miradores "que recogen el sol en sus vidrios".

Pontonero, O. Personaxe do conto *O Golpista*, incluído nun libro de relatos curtos preparado pola editorial SB. Barbeiro dunha vila da provincia de Lugo, onde vai curtar o pelo ó narrador deste conto. Este home debía o seu alcume a que sempre facía ponte "cando se encuña un día de labor antre dous disantos".

Porta de Santiago, nun gravado de Castro Gil



Porta de Santiago. Unha das portas da Muralla de Lugo. Tamén Porta do Postigo ou Pexigo. Aparece citada no conto *A macabra chanza do Grilo* (HQNC): "Unha noite que chovía mesto, aló polas dúas da madrugada, pasaba eu, co meu paraugas aberto, por debaixo do arco da porta de Santiago". A porta era o camiño natural de AF cara á pensión onde viviu anos. (*vid* Llano López).

Pousón, O. Personaxe do conto *Pepe Troitiño*, incluído no libro HQNC. Tíñanlle posto este alcume, pois era groso e camiñaba como se sempre estivese canso. "O probe era un pousón e tamén un papón.

Admirábase de calquera cousa e creía nos miragres". El foi unha "víctima" máis das brincadeiras do Pepe.

Pozo Garza, Luz. Poeta e catedrática ribadense. Autora do poema *Homenaxe a Ánxel Fole*, en ELAF:

> Véxote no recanto dunha terra solemne-
> mente esqueiva e arredada
> Ánxel Fole
> de Lugo
> a palabra remota
> coma cando nos cumios de Galicia rachan ventos escuros
> e as sombras se fan mestas mesmo lobos
> e por riba do tempo
> e ó remate da vida
> en percura da lus esencial
> petamos nunha porta pechada pola morte.

Pradeira, Antón. Cazador de Quiroga. ***AF***: "Alto i enxoito, con aire de labrego vasco. Fora no seu tempo o millor cazador de toda a comarca, nunha comarca onde houbo de sempre tan bos cazadores. Tiña no seu haber venatorio máis de sesenta corzos e de dez xabarís. Houbo día, nas terras do Caurel, que cobróu máis de coarenta perdices. Con setenta e dous anos cumplidos, inda saía da casa".

Prado Mañobre, José. Profesor de AF no Instituto e fiscal substituto da Audiencia. ***AF***: "Este señor caracterizábase pola amnesia que tiña e dicía unhas cousas increíbles. Confundía "brete" con "membrete", ou "vestales" con "bestiales" e cousas así".

Praza do Campo. Praza de Lugo citada en *¿E decímolo ou non o decimos?* (HQNC): "Se á rúa da Cruz chámaselle "a gran arteria amílica e etílica de Lugo", a antiga praza do Campo é considerada como "o gran foro tabernario lugués". En entramos lugares as tascas cóntanse por ducias".

Premio Nobel. A AELG propón a AF pró Premio Nobel de Literatura. AF comenta: "Unha tolada duns señores que non están ben da cabeza, pero ós que lles hai que perdoar, porque me queren ben".

Presenta, A. Personaxe do conto *Solaina*, incluído no libro TB. É criada do tío Gasparo na súa casa de Godral.


El Progreso
DIARIO DE INFORMACIÓN
La jornada de ayer en los frentes de guerra ha sido tran-
Parte Oficial de Guerra

Cabeceira do xornal no ano 1938

Progreso, El. Xornal de Lugo fundado por Purificación de Cora y Más Villafuerte e Fernando Pardo Suárez. AF publica nel a meirande parte da súa obra xornalística, primeiro como colaborador esporádico e máis adiante xa cunha remuneración fixa. O seu primeiro artigo foi *Aspectos. El amor al libro* (25-X-1928), aínda que ó lembralo, o escritor trabuca a data situándoo un ano máis tarde: "O meu primeiro artigo no *Progreso* foi

Fole, cos correspondentes provinciais de *El Progreso*.
Na primeira fila, despois do escritor:
Luís Rodríguez,
Angel de la Vega,
Juan Soto,
Siso,
Salvador Castro e
Puro Cora.

Xubilación de Trapero e chegada de *Bocelo*. Sentados: Salvador Castro, *Bocelo*, Suso Armesto, Fole, Puro Cora, Mercedes Cora, Delia Caetano de Trapero, María Teresa de Cora, Maruja Cabado, Eva María Paradela _a quen está dedicado este diccionario_, Blanca García Montenegro, María Elena Pérez Lurbe, Enriqueta Díaz Requeijo e Paco *Tramoya*. Redacción, Administración e Talleres do xornal lucense

sobre Unamuno, no mes de novembro do ano vintenove. Pasou tempo sen escribir no xornal e volvín xa dunha maneira asídua dende o ano 1957". Tampouco é totalmente correcta esa traxectoria, pois AF envía dúas colaboracións os anos 1929 e 1932. Mantén as seccións *Lecturas* e *Kaleidoscopio de Lugo*. Entre os seus primeiros recordos da súa presencia no xornal, AF lembra a viaxe de Américo Castro a Galicia: "Si, pois foi naquela época que escomencei cunha asignación fixa. Acordome que no cincuenta e nove viñera Américo Castro a Lugo e xa se achegara a buscarme ó *Progreso*. E *monsieur* Legandre, que tamén foi buscarme alí. *Monsieur* Legandre, que era fillo do fundador da Casa de Velázquez de Madrid e partidario de De Gaulle. Falaba tan ben o castelán coma o francés". Algunha das moitas seccións que abre en *EP* son: *Andar y ver* (tamén en *EPG*), *Camiños de Galicia (Jira por la toponimia galaica* e *Exploración del gallego), Monitor, Índice, Escritores olvidados, Estar al siglo, Meridiano Siete, Libros*

A rúa Progreso, sede do xornal, cando levaba o nome de José Antonio

olvidados, Punto final, Recanto, Letras Gallegas, Cultura gallega, Temas gallegos, Penumbra de los años, Escaparate, Esclarecimiento del gallego, Crónicas retrospectivas, *Cartafolio* e *Cartafol de Lugo*. e *Conciencia de Galicia*, entre outras. ***AF***: "Das series de artigos que escribín nos xornais, a

Unha vista de José Antonio dende *El Progreso*, nos anos cuarenta

que me parece millor é o *Cartafolio de Lugo*. Paréceme que a escribín con máis gusto". Como dixo Purificación de Cora na presentación do Premio Ánxel Fole. *EP* foi como unha segunda casa para o escritor, en non só polo tempo que nela pasaba ou polos moitos artigos alí escritos, senón tamén, e moi especialmente, pola relación de familiaridade e amizade que AF establece con tódolos traballadores da casa durante os moitos anos de colaboración. Alí xuntábase o traballo e a tertulia, a reflexión e o humor, as mutuas axudas e as brincadeiras. Esa xente foron os dous Puro Cora, Xosé Trapero Pardo, Pedro de Llano *Bocelo*, Ernesto Sánchez Pombo, Alejandro Armesto, Salvador Castro Gallego, Ángel Martínez Fernández de la Vega, José Luís Vega Fernández, Juan María Gallego Tato, Francisco Rivera Manso, Luís Rodríguez Rodríguez, López Morán, Alfredo Sánchez Carro, Alejandro Amieiro, Gerino Núñez, José María Álvez, Juan Soto Gutiérrez, Narciso García Fernández *Siso*, Luís Pérez, Manuel López Castro, José Manuel Vila Chantes, Ramona García Montenegro, Manuel Cordido, Carlos Rodríguez Arias, Bernardino Barreiro, Daniel López Baamonde, Manuel Varela Ansedes, Ángel Pérez Otero, Manuel

Fole, diante da máquina na Redacción de *El Progreso*

Montero, Xosé Luís Tejero Fernández. Ángel Calles; os da Administración, Ramón Valiña, Manuel Pérez López *Chao de Zarrido*, Enrique Noguerol, Jesús Armesto. Juan Vázquez Vizcaíno, José Manuel Rouco, Pepe Souto, Baltasar Higinio Fernández de la Vega; a xente de talleres, con Antonio Sampayo, Mariano Calles e Antonio Neira á cabeza, e Miguel Fanego, sempre coas galeradas da *Táboa* no peto pra que don Ánxel lles dera a corrección definitiva. Os tertulianos da noite, cando o tempo parecía avanzar paseniño e había máis ocasións para conversa: Jaime Sánchez Rey, Antonio López Valín _*Uvete* e *Tinín* de alcume xornalístico, ó que Fole sempre chamaba *Quinín*_, Varela Buján, Luis Díaz López-Pallín, José Álvarez *Pepe el Quirogués*, e os ocasionais, cando estaban en Lugo, Dionisio Gamallo. Sarceda _que ás veces soltábase cun aria operística_, Roberto Santiago, Ramón Trabada, Jacinto Regueira, Daniel Varela, Tuñas Bouzón. Joaquín de Galerías, os irmáns Gonzalo e Manolo Calvo _subministradores de copas e cafeses_, Luciano Fernández Penedo, José Ferro, Pepe Barreiro. Manolo Granxeiro, Ramón Triviño, Luis Cordeiro, os funerarios

García e Fernández _ós que Fole chamaba "os donos dos necrodólares", pois eran eles os que traían as esquelas_, Paulino García Seco, Pedro González, Jorge Chao, Carlos Pardo Menéndez *O Xefe*, Armando Rodríguez Castro, Eduardo García, Amable Veiga, Narciso Peinado e unha imposible lista de nomes que saberán desculpa-la súa ausencia desta relación. *EP* foi o único xornal que recolle o mesmo día 9 de maio de 1986 a triste nova do seu pasamento. Como se dun postrer agasallo xornalístico se tratase, o escritor morre ás dúas da madrugada, xusto cando só o xornal de Lugo pode espallar nas súas páxinas unha novidade que vai leva-la tristura a moitos fogares lugueses. A toda plana, sinxelamente, titula: "Ha muerto el escritor Ánxel Fole". A xeito de editorial, o xornal publica na despedida de Fole este comentario abrindo as páxinas especiais na súa lembranza: "En su humildad, en su humanidad, Ánxel Fole expresó alguna vez el deseo de ser recordado como "un hombre bueno". Sin duda, en la memoria de quienes lo conocieron así pervivirá la imagen de don Ánxel. Un hombre bueno, comprensivo y llano que, ligero de equipaje, creó uno de los mundos más fantásticos de las letras gallegas del siglo XX. ¿Fantástico o no? A Fole siempre le gustó difuminar la línea que separa los conceptos realidad y fantasía; eran historias que ninguén cré, pero historias. Su interés por las cosas del hombre no esquivó el todavía incierto reino de la parapsicología, tan presente en las leyendas gallegas, y entre su imaginación, sus dotes de observación y su pulcro estilo literario supo dar vida a una obra que perdurará con ribetes de clasicismo en el acervo cultural de la humanidad. Porque Fole fue ya un clásico en vida; desenganchado de las preocupaciones mundanas en su persona, pero profundamente preocupado por el conocimiento de todas ellas, fue construyendo una figura que se robustecía con el paso del tiempo, aunque para ello sufrió las privaciones que parecen consustanciales con todos los grandes hombres del



El Progreso conmemora o seu LXXV aniversario cunha edición de cincocentos exemplares numerados de *Homes de Fole*

pensamiento. Ahora, cuando el nombre de Fole entra definitivamente en el parnaso galaico, su ejemplo y su magisterio cobran también nuevos bríos. No es un nombre que se apaga, es una realidad a la que tienen acceso todos los gallegos y todos aquellos que amen la cordura, la bondad y el arte. Las páginas que siguen no son sino el mínimo homenaje que *El Progreso* y Lugo rinden a este hombre que sólo necesitaba para disfrutar el uso de la lúcida mente que le acompañó hasta el último día de su vida".

Progreso, El. Bar/casa de comidas, hoxe desaparecida, da rúa Progreso, fronte ó xornal do mesmo nome. Durante un tempo, AF tiña alí unha mesa reservada para cear tódolos días. Na testemuña de Carlos García Vagalume lemos: "Muchas noches coincidí con él a la mesa de pino del Bar El Progreso, que sospecho desaparecido (non na data dese artigo *Anxel Fole, escritor de raza* -1974-), para cenar, en época de ausencia veraniega de nuestras respectivas familias. La coincidencia era forzada, porque esperaba yo el instante de su arribo para fingir que tropezábamos a la entrada. Quise yo invitarle, ofreciéndole estas cenas como un homenaje de aprendiz al maestro, y resultó que Fole estaba abonado, por mes, al condumio, y no pude, siquiera, corresponder con una copa extra, a su derroche de gracia y amenidad con que contaba anécdotas de célebres personajes, de tipos extravagantes, de locos geniales que había conocido. Los callos a la gallega que allí nos servían y que eran, eso sí, pura delicia del paladar, convertíanse además, por la presencia y la labia de Fole, en manjar de refinamientos nunca sospechados por mí".

Provincia, La. Xornal de Lugo propiedade de Antón Pardo que dirixiu Amor Meilán, primeiro, e Nilo Fernández Castro, despois, e no que AF colabora con tres artigos remitidos dende Valladolid. O primeiro, sobre o III centenario da morte de Góngora, e o outro sobre un recital de Alberti ó que asistira no

Ateneo pucelano. Fole publica neste xornal o primeiro artigo da súa vida, *Reflexiones en torno al centenario de Góngora* (*LP*. 17-I-1928), que abre cunha cita de André de Chénier e asina como *A. Fole S*., baixo o epígrafe *Del panorama literario*. O terceiro artigo en *LP* foi sobre os muiños da Mancha. Foron redactores de *LP*, Juan Ramón Somoza. Caamaño e Francisco Lamas, que logo coincidirá con AF nas revistas literarias dos anos trinta. Ángel Balboa, amigo de Fole, foi comentarista deportivo do xornal. En 1908, Pardo facilita os seus talleres para que *EP* poda editar alí os seus primeiros números. Citada no conto *Pepe Troitiño* (HQNC): "E uns días despois saíu un artigo no periódico de Lugo *La Provincia*..."*¿Anda y vuela por El Corgo un monstruo antediluviano?*" ***AF***: "El redactor José Caamaño revolvía el café con una regla sucia de tinta. Nilo Fernández Castro, el director del diario, cruzaba algunas palabras con el redactor Juan Ramón Somoza, que escribía el articulillo de primera plana..."


EL PUEBLO GALLEGO

purificado en esta gran aurora de la PATRIA ha dejado de pertenecer a su antiguo propietario, D. Manuel Portela Valladares, para incorporarse hondamente al SERVICIO DE ESPAÑA Y DE SU GLORIOSO EJERCITO LIBERTADOR.

O xornal de Vigo comunica o troco de propiedade

Pueblo Gallego, El. Xornal de Vigo no que AF publica o seu primeiro artigo en galego o ano 1934. Durante uns meses de 1933, AF traballa como redactor de *EPG* en Vigo, e máis adiante segue a colaborar nel, pero xa dende Lugo. Nel comeza a serie de artigos *Andar y ver* e utiliza por primeira vez o pseudónimo de *Neumandro*. ***AF***: "En *El Pueblo Gallego*, en el antiguo, ya escribía con colaboración pagada y no pagaban muy mal para aquel tiempo. Algún artículo me lo habían pagado a 50 pesetas. Esto era por los años treinta".

Q

Queizán, María Xosé. Escritora. Viviu en Lugo uns anos. Autora de *A semellanza* (SB. 1988), novela na que aparecen como personaxes de fondo nomes coñecidos de Lugo, entre eles, Don Ánxel, moi probablemente en referencia a AF. Outros citados son Trapero. Nazario Abel, Julia Minguillón. Antón de Marcos, Luís Pimentel. Lorenzo Varela. Manolo Figueroa, Ibáñez, o bispo Balanzá y Navarro, Fermín Bouza Brey, Maruja Mallo e outros.

Quico. Personaxe do conto *Morre en accidente de automóbil o libreiro lugués don Segundo Daponte*, incluído no libro CDN. Casa con Magdalena, filla do libreiro don Segundo. É enxeñeiro de minas "e demostrou que era dises homes que hoxe chamamos trunfalistas. Gañaba os cartos ás presadas. Todo lle ía ben. Fora como for. Cambeaba de automóbil coma de camisa, mercando sempre un máis caro do que tiña..." El é o que leva á Coruña a don Segundo para que entregue alí o seu libro, teñen un accidente de automóbil e morren os dous.

Quiroga. Concello de Lugo. AF alterna a grafía Quiroga/Queiroga. O escritor chega a esas terras en 1941. AF escribe *Soleira. Terra de Quiroga*, como prólogo á segunda edición de *Pauto do demo* (Edicións Castrelos. 1970). ***AF***: "Hai zonas lingüísticas en que o galego é de millor calidade que noutras. E refírome sempre a zonas rurais. Por exemplo, en Quiroga, fálase un bo galego... os quirogueses chámanlle á súa terra Queiroga. En canto ao millor galego creo que quizais estivese na provincia de Lugo... zonas lingüísticas onde o galego é moi interesante. Unha delas é Queiroga, e outra, a zona

A Veiguiña, na época de estadía de Fole

montañosa do Caurel". Chamáballe a atención a candidade de nomes latinos entre os veciños de Quiroga. Na *Soleira* á segunda edición de *Pauto do demo*, AF compón unha acción entre xente do concello e cita os nomes de Rómulo, Píndaro, Valerio, Cornelio, Flaminio, Epifanio, Lucrecia, Belisario e Tiberio. Despois de coñece-la súa existencia, Fole agardaba atoparse nun aquel con Marco Tulio Cicerón, "que debe de andar ahí pola feria". Amais da obra narrativa, Fole escribe en Quiroga ***PE*** o poema *Salutación al mes de mayo* (*EP*. 3-V-1958), manoscrito cunha pluma de ouriolo, o seu paxaro talismán (HdeF). ***AF***: "A comarca, na ribeira, está moi pobrada. As aldeas danse as maos unhas ás autras. Os mouros fitos dos alciprestes van sinalando pobos e casares. O máis lanzal de todos os alciprestes do val de Queiroga é o da Rodela, que seguro que chega ós trinta metros. Hainos en San Martín, a Ermida, Vilaverde, Pazo Vello e moitos máis sitios. Quintá xa se mete na serra. Camposdevila, Barreiro, Carballo, a Ribeira, Caspedro, San Martín... Á outra beira do río, Lamela, Barxa, Arxubín... As ruíñas do Castelo dos Nováis sobor do Sil, como

un niño de águias. San Martín é unha vila pequena. Cuasemente, unha plaza e tres ou catro rúas. A vila comercial é a beira da carretera. Tres cafés, dous hostales, media ducia de tascas. Un pobo belido e tranquilo, con longos e quentes vraos e tépedos autonos. Das xentes de Quiroga habería moito que falar. Teñen sona de ledas e simpáticas. Eu coñecín tipos de grandísimo intrés humán".

Quiroga. Título dun libro que AF di ter rematado nunha carta a Fernández del Riego: "Deses traballos pedidos para a Arxentina saiume un libro _*Quiroga*_ que estou mecanografiando. Leva o seguinte sumario: "A paisaxe", "Os ríos", "As serras", "Os pobos", "As casas", "A economía", "O viño", "A fala", "As

Xosé Luis Quiroga, Fole, Gonzalo Quiroga, Xosé Manuel Carballo e a señora de Gonzalo Quiroga, na Veiguiña, cuarenta anos despois da estadía do escritor en Quiroga

xentes", "Historias e contos". Terá, máis ou menos, a extensión do anterior". Moi probablemente, parte dos textos que AF imaxina convertidos en libro, aparecen publicados logo como *Soleira. Terra de Quiroga*, prólogo á segunda edición de *Pauto do demo*.

Quiroga (familia). Os Quiroga, de lonxano parentesco co escritor, ofrécenlle o desexado abeiro tranquilizador e nutricio nos anos difíciles, tanto na casa da Veiguiña coma no Incio. A súa intervención en forma de hospitalidade é decisiva na vida de Fole, non só á hora de facilitarlle unha existencia fóra de perigros e privacións _aínda que para os Quiroga tampouco viñan ben dadas daquela_, senón tamén para permitirlle a oportunidade de coñece-la xeografía topográfica e humana que tanto vai conforma-las súas principais temáticas, como unha boa parte da paisaxe de toda a súa literatura. Nese acubillo verde e garimoso, Fole enceta a súa creación; mesmo coa axuda física dalgún membro da familia, como a muller de Xosé Luís Quiroga Quiroga, que por veces fai de amanuense. El exerce de profesor cos nenos da casa, entre eles, o fillo do seu irmán Vicente, o futuro alcalde de Lugo, Vicente Quiroga Rodríguez. O terceiro fillo de dona Tula Quiroga que máis relación tivo con Fole foi Gonzalo. ***OpFLI***: "La casa solar de la familia Quiroga, en La Veiguiña, ya era el providencial refugio propicio al renacimiento del escritor. Allí, y en la otra casa del Inicio, también de los Quiroga, pasó nuestro inolvidable amigo los mejores años de su vida de solitario. Sin esa protección, los libros de Ángel Fole ni hubieran sido coherentes ni quizá habrían existido". Leal Insua reproduce unha carta de AF recibida en 1951, e antes di: "De aquellas cartas de Fole selecciono la que sigue porque se distancia seis años de la anterior, pero que también fue escrita en Quiroga, en La Veiguiña, y por la que se constata cuán largo fue el mecenazgo de los familiares del actual alcalde de Lugo, Vicente Quiroga Rodríguez, de quien Ángel Fole había pasado a ser preceptor".

Falando dos Quiroga, Fole lembra ó señor Antonio, o carpinteiro, "que ás veces dicía unhas cousas moi graciosas en castrapo. Era un tipo baixo e mouro e un ebanista formidable. Ás veces chamábano para a casa dos Quiroga e ó mellor pasaba un inverno enteiro facendo mobles para eles. Por eso na casa dos Quiroga hai uns mobles tan bos. Este señor Antonio tiña a cousa esa de que ós señoritos lles quería falar en castelán, aínda que eles lle falasen en galego, porque os Quiroga falaban sempre en galego. Os homes sempre en galego e as mulleres en castelán. Un día, o señor Antonio fixera unhas cancelas para a casa e cando foron ver que tal quedaban, vai el e di: "Las cancillas le quedaron muy correspondientes y gubernativas". Claro, "correspondientes" quería dicir que encaixaban ben unha na outra, e "gubernativas" que se manexaban con facilidade".

Quiroga Ballesteros, Benigno. Político. Constrúe o pazo do Hospital de Incio no que AF vai residir longas tempadas durante a súa estadía coa familia Quiroga. O escritor sempre lembraba como cousa non sabida que Julia Espín, esposa e nai dos fillos de Quiroga Ballesteros, "cantante de ópera e muller moi culta, fora a musa inspiradora de Gustavo Adolfo Bécquer".

Quiroga G. de T., Juan María. Bisavó de AF. Deputado liberal por Lugo nas Cortes Constituíntes de 1869. Señor de Orbán, Señor de Basille. Del dicía AF que tivera más de cen fillos naturais. Aparece citado no conto *A pinga de sangue* (HQNC), a carón dun suposto compañeiro seu, o comandante da arma de Artillería don Fernando de Guzmán y Perojo.

Quiroga Rodríguez, Vicente. Ex alcalde de Lugo. Sendo neno, foi alumno de don Ánxel en A Veiguiña. polo que este referíase a el sempre como *Vicentito*. Impulsor das homenaxes que o Concello de Lugo ofrece ó escritor o ano 1985. ***Op***: "Coa morte de Ánxel Fole, Galicia perde a un patriarca das súas letras, perde un home de ben, perde un dos bos e xenerosos, Galicia ha

O amigo e o alumno, Vicente Quiroga, nomea ó amigo e o mestre, Fole, Fillo Predilecto de Lugo

estar de loito. Pero máis aínda perden as xentes de Lugo, de O Incio. de Quiroga. de toda a montaña luguesa. Porque amais de todo o dito perden un amigo. Eu _dito sexa coa meirande humildade_, perdo un mestre. Con Fole aprendín a escoitar á nosa xente cunha nova atención".

Quiroga Sangro (irmáns). Jacoba e Cristina. Jacoba foi a avoa de AF. Muller de Ángel Fole García. O escritor lugués refire no artigo *Nuestro tiempo* (*HdelL.* 20-I-1969) os xogos florais do ano 1915, nos que actuara de mantedor Cavestany e dos que Jacoba Quiroga, filla do presidente da Deputación, Juan María Quiroga. foi a súa Raíña. A súa irmá Cristina serve de inspiración ó escritor para crea-lo personaxe de Rosa María, a señora de Orbande no conto *O espello* de ALDC.

R

Rábade Paredes, Xesús. Escritor e catedrático. É o primeiro poeta que publica en *Táboa redonda*, pois XRP vén de tirar do prelo o seu primeiro libro, *Xuntos cara ó mañán* (1969), cando este é aínda alumno de sexto de bacharelato. ***Op***: "Hai unha constatación permanente de fidelidade a si mesmo e a Galicia, de dominio e expresión moi atinada dun mundo fortemente vivenciado _a montaña luguesa case sempre_, que se revela con vizosa plenitude nas páxinas do autor".



Xesús Rábade Paredes foi o primeiro autor novo de *Táboa Redonda*

Rabunhal Corgo, Henrique Manuel. Poeta e dramaturgo. Autor da semblanza *Foi-se-nos Anxel Fole: un escritor cume da literatura galega deste século* (*EIG*. 14-V-1986), na que di: "Un imaxina a Fole cun pito morrendo-lle nos lábios, vestido de Lugo e de escuro, a grolos cun viño que se deixa, escrevendo a mao sobre personaxes e "cousas" que, ou ben inventa, ou ben conta, na súa condizón de primeiro narrador, ou como un narrador máis nunha cadea de múltiples narradores que vincula a Fole coas técnicas da narratoloxía oral".

Raimúndez, Alejandro. Catedrático da Escola de Altos Estudios Mercantís de Barcelona no momento de comeza-la Guerra Civil. Marcha a Londres, onde ó pouco incorpórase á emisora BBC. Alí, baixo a dirección de George Hills para España e Hispanoamérica, realiza o *Galician Programme*, ó que AF remite tres colaboracións que el le, coma a maioría dos

traballos, agochado tralo alcume *Xavier Fernández*.

Ramiliño. Personaxe da obra de teatro PDD. É irmán do Farón, e está tolo.

Ramilo. Personaxe da historia narrada por Don Crisanto no conto *O corpo do delito*, incluído no libro TB. O Ramilo, "aguacil do Xuzgado" vai na procura de don Crisanto para lle informar da morte do señor Xermán de Grandal.

Ramón. Personaxe do conto *¡Lobos te coman!*, incluído no libro HQNC. Fillo da Fernanda , é irmán do Paco, o Fernando e máis o Pepiño. Sae á procura do seu irmán máis novo pois leva tres días fóra da casa e ninguén sabe del. Atópano nunha pousada do porto de montaña da "Crus do Outeiro", o dono cóntalle a historia desta "Crus" que dá nome ó porto.

Ramón. Personaxe do conto *O Tesouro*. incluído no libro ALDC. Aparece descrito coma "un home groso e forte, moreno il". Era o criado máis vello da casa de Don Juan Mª. Home de ben, aínda que lle gustase de máis a augardente. El é o que informa o señor do pazo da historia do tesouro.

Ramón. Personaxe do conto *A cabana do carboeiro*, incluído no libro ALDC. Era un home moi moreno con grandes ollos negros. Querido da Meiga de Torgán. Facía de secretario dela nas súas consultas.

Ramón "carboeiro de Narón". Personaxe do conto *A cabana do carboeiro*, incluído no libro ALDC. Era un home máis ben baixo, ollos azuis e cara de tunante. Vivía nunha casoupa no cimo do monte Narón. Debía cartos ó narrador desta historia desde había máis de tres anos. Un día, xa farto de agardar pola débeda, vai á súa casa. Ó chegar alí atopa o Ramón morto, alguén o envelenara.

Raúl. Personaxe do conto *¿Egua ou cabalo?*. incluído no libro CDN. Pertence á "peña do Metropol". Despois de descubrir o segredo do cadro reflexiona sobre un novo tema: "Se unha táboa pintada en dobre deu tanto que cavilar e disputar, ¿que non dará unha concencia dobre?"

Fole le o seu discurso de ingreso como novo académico RAG

Real Academia Galega. AF ingresa na RAG o 5 de outubro de 1963 co discurso *Castelao i-a tradición galeguista*. O texto do discurso foi publicado na escolma de Claudio Rodríguez Fer para o *Cartafolio galego*. En vida de Fole, *EP* publica en dúas ocasións outras tantas partes do mesmo: *Castelao i-o pobo galego* e *Castelao i-a tradición galeguista*. O encargado de contestarlle foi o presidente da institución, Sebastián Martínez-Risco. que precisamente substituíra tres anos antes ó presidente e académico da cadeira que vai ocupar AF, Manuel Casás Fernández. García-Sabell lembra que nese día tivo que darlle ánimos, "porque era tímido, como toda persoa sensible". No discurso dixo: "Imaxinade entón a miña sorpresa ó saber que vós, esgrevios homes de letras, tiverades a xenerosidade de vos

TELEGRAMA

DIRECCION GENERAL DE CORREOS
Y TELECOMUNICACION

ZCZC LUA287 COA603 259
ESLU CO ESCO 934
LA CORUNA 34/33 9 1240

FAMILIA DE ANXEL FOLE 325
CALLE MONTEIRO RIOS
LUGO

RECIBAN DESTA REAL ACADEMIA GALEGA O MAIS PROFUNDO PESAME POLA PERDA IRREMEDIABLE DO SEU MEMBRO ILUSTRE GRANDE ESCRITOR E EGREXIO GALEGO

DOMINGO GARCIA SABELL. PRESIDENTE

O presidente da Academia comunica á familia o pésame pola morte do escritor

lembrar de min pra me traguer a compartir convosco as altas tarefas culturás da Real Academia Galega". O día seguinte, Álvaro Cunqueiro publica un artigo sobre AF no *Faro de Vigo*. ***OpAC***: "Leeu ontes o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega Ánxel Fole. Pódese e débese decir que a prosa galega contemporánea acadou na obra do escritor lugués unha xenerosa madureza i-unha nobre perfeición. Fole é un mestre non soio da narrativa, senón e tamén da fala nosa viva que na súa pruma se fai coma un río caudal, e coa que pode decir tódalas palabras precisas pra ise xeito seu de contar, tan demorado moitas veces e tan graciosamnete revelador sempre, cunha pouta de humor que é unha finura máis do relato. Ánxel Fole é un dos grandes nomes das letras galegas de hoxe, e si isto está na conciencia de tódolos seus leitores, non por elo vai a deixar un de pór, chegado o caso dunha consagración académica, a vela acesa derriba do celemín. Acrarando que si dun novelista, dun ensaista ou dun poeta noso decimos que está na primeira liña da literatura galega, hase de entender que se afirma ó tempo que está na primeira liña no conxunto das letras hespañolas. Que a literatura galega está a carón da castelán e da catalá, inter pares, espléndidamente". Tamén Celestino Fernández de la Vega, (6-X-1963), fala do novo académico: "A partir de onte Ánxel Fole benefíciase dun signo externo de valor. Agora poderá pensar o mesmo que Mauricio Barrés en trance semellante: "Moi ben; xa non necesito demostrar tódolos días que teño talento". Por outra



Foto de prensa coa que se comunicaba o nomeamento de Fole como académico

banda o novo académico dispón de un voto para fabricar futuros colegas; é decir, contará no sucesivo con afalagos insospeitados, mesmo deses mozos intelixentes que alternan o compromiso coa ambición precoz". Fole propuxera á Academia a realización do Primer Congreso del Idioma Gallego, que foi aceptado por aclamación o 13-XI-1960. A opinión de Fole sobre a situación da lingua galega en 1983, cando a Academia aproba a normativa do idioma, pódese resumir nesta intervención recollida por Manuel Rodríguez López: "O primeiro que hai que saber é que os idiomas apréndense trabucándose, non de outra maneira. Os matices léxicos, en galego, son infinitos e a mellor forma de aprendelo é estudiándoos. O estudio do galego é eficacísimo para saber ben o castelán porque ten moitas formas arcaicas das que partiu o castelán. Paradoxicamente pódese dicir ¿como imos saber ben o castelán sen sabe-lo galego? Eu dígolles a vostedes que se a xente empezara a falar en bo galego, se houbera revistas e publicacións en galego ¿verdade? ó cabo duns anos, sen saber cómo nin cómo non, sen saber cándo, cambeaba Galicia radicalmente para ben, non para mal". ***AF***: "Eu levo asistindo a unhas sete receucións (1982) de académicos da Academia Galega con discursos de ingresos i as súas contestas en galego. A de Ramón Piñeiro, a de Eduardo Moreiras, a de Paz Andrade..."

Fole e Benxamín Casal durante a presentación do *Cartafolio* no Círculo. Na primeira fila, Antón Rosón, Marino Dónega, José López Ron, Luis Cordeiro, Dasio Carballeira, Ferreiro, Xulián Parga e Carlos Ferreiro

Realidade Galega. A sinatura de AF aparece no manifesto de Realidade Galega en 1980, pero non era vontade do escritor asina-lo documento, que logo moveu a grande polémica sobre o seu carácter partidista ou non. Segundo a versión máis probable, Fole dera o seu consentimento telefónicamente a Benxamín Casal, pero sen se decatar con exactitude do que se lle pedía. Sobre as críticas a Realidade Galega, FFdelR escribe: "Atribuíselle un maquiavelismo que non existiu. Montouse un xogo sensacionalista, desorbitador do significado dunha plataforma de coincidencias a servicio dun mínimo ideal común. Nen a presidencia da Xunta, nen a Delegación do Goberno, nen as actitudes políticas individuais, se motivaron no seo da agrupación. Todo o que nese aspecto se producíu foi alleo a ela. Eu, que figurei, como os sesenta e seis restantes, entre os seus compoñentes, non tiven nunca a sensación de que se tentase atinxir os obxectivos que se lle sinalaron graciosamente. É máis, penso que se artellou sobre o feito, circunstancial ao meu ver, unha propaganda desaxustada, que

aínda hoxe non atino a comprender".

Rebola da Toca. Personaxe do conto *A caixa do morto*, incluído no libro ALDC. Criada máis antiga da casa da que don Froilán é o administrador. Tiña máis de cincuenta anos, e encargábase da cociña. Moura como un chamizo e con moi mal xenio. Sempre buscaba entre os criados un querido ou chulo, para quen roubaba xamón ou queixo. Botouna da casa don Froilán porque a colleu na cama cun mozo. Moitos anos despois daquel suceso, andaba polos camiños pedindo esmola.

Fole viviu durante anos na rúa Santiago, fronte ó colexio das Xosefinas

Recatelo. Barrio de Lugo. AF viviu no Carril dos Loureiros, nunha casa propiedade da familia Corredoira. e moitos anos despois, a carón de Recatelo, nunha pensión da estrada de Santiago. Aparece citado en *A macabra chanza do Grilo* (HQNC): "Naquil mesmo intre eu vin cómo saía dun bar de Recatelo, máis ben correndo, O Grilo". Tamén a "tasca do Manco, en Recatelo", en *¿E decímolo ou non o decimos?* (HQNC).

O escritor, en idade militar, na compaña dun can

Regimiento Zamora nº 8. AF cumpre durante un ano o seu servicio militar neste reximiento, de guarnición en Lugo. Fole fora número un na Escola de Guerra de Lugo. Pasou de soldado a cabo, e posteriormente, a sarxento voluntario de complemento: "No cuartel ocurren as cousas máis raras. Sendo eu recluta, tiñan mester dun cabo e nomeáronme a min sen máis. (...) Eu pregunteille ó meu superior que quería dicir "servicio de imaxinaria" e contestou: "que el día anterior tiene que imaginarse la guardia del día siguiente". Pásmense vostedes. O oficial non sabía que o exército romano tiña uns mílites chamados "servicio de imaxinaria", que eran os encargados de alimenta-las luces de aceite para alumea-las imaxes que presidían as centurias e as lexións".

Regueiro dos Hortos. Arrabalde de Lugo onde nace San Froilán, citado en *A máscara antigás* (HQNC), e ó que AF dedica o artigo do número dez e último de *Resol* (25-VII-1936). En *Estampas do Lugo vello. Regueiro dos Hortos* (*EPG*. 3-III-1936): "Escomenza no Quinteiro do Carmen e chega á Porta de Sant-Yago. todo ao longo do antergo Paseio dos Coengos. Cáseque ninguén sabe hoxe na cibdá que iste anaco da Ronda tivo, outrora, iste belido nome de Paseio dos Coengos. Era como un invernadeiro. Nas seráns invernizas, cando locía o bo sol, enchíase de coengos falangueiros e ben mantidos, de retirados de tropa que camiñaban paseniñamente,

axudando as pernas coas más caiadas de toxo arnaz, de nenos rebuldeiros, de parexas de noivos".

Rei Núñez, Luís. Escritor. Autor de *Oficio de escribir* (Castro. 1990), reportaxe/entrevista sobre escritores galegos. Fole diante do cuestionario Proust: "¿O seu lema? _Son un home sen lemas".

Reimunde Noreña, Ramón. Capitán da Mariña Mercante e catedrático. Colaborador de TR. En 1985 anuncia a realización en vídeo de *Pauto do demo*. con alumnas do Instituto Nosa Señora dos Ollos Grandes de Lugo, se ben o resultado final é un vídeo que recolle unha conversa de varias alumnas con AF, que o profesor presenta no Concello de Lugo o 8-X-1985 como "unha aportación modestísima" con moitas deficiencias técnicas. No vídeo, Fole di que para o ensino do galego, máis que impoñelo, cómpre conceder becas ós alumnos interesados para que o coñezan directamente en Cervantes ou na serra dos Ancares. Confesa que seguirá escribindo no seu galego de sempre, anque non sexa científico. Destaca entre os seus autores preferidos Rosalía. Castelao. Risco e Otero Pedrayo. Tamén amosa a súa satisfacción polo feito de que o galego sexa cada día de maior uso entre xente ilustrada. ***Op***: "Fole é assi, inimitável, irrepetível, se cadra a folha mais chea do *Cartafolio* lugues, ingénuo, neno, ocorrente, inventor de brincadeiras, incansábel conversador, com um aquel de culteranismo, aristócrata rural ao seu jeito, que fala do alcalde Vicentito como dum sobrinho ao lembrar a casa da Veiguinha em Quiroga.... porque a el Lugo cabe-lhe na mao, aquela cidade que el recorda como umha fantápolis, onde havia tantos mendigos e gente boa com alcume, cabe-lhe a el com muralha e todo no peto, no peito, no respeito".

Rendar. Santa María de Rendar. Parroquia de O Incio. O escribán de Rendar é un dos personaxes de PDD.



O primeiro libro de Armando Requeixo

Requeixo Cuba, Armando. Filólogo. Autor de *A narrativa galega de Ánxel Fole: estudio lingüístico e temático*. Memoria de Licenciatura. Facultade de Filoloxía. Universidade de Santiago (1996), *Ánxel Fole. Aproximación temática á súa obra narrativa en galego* (Ensaio. Edicións do Cumio. 1996), *A lingua galega de Ánxel Fole* (Instituto da Lingua Galega), de *O Parlamento literario convocado por Ánxel Fole*, (*ECG*, 6-VIII-1995) e de *Ánxel Fole e Á lús do candil* (Nigra/Ensaio.1997), en colaboración con Luís Alonso Girgado. O libro de E. do Cumio é un resumo da tesiña de licenciatura dirixida por Claudio Rodríguez Fer. que asi mesmo intervén na presentación do libro en Lugo. Días antes, en Santiago, o libro foi presentado por Xesús Alonso Montero. Rodríguez Fer destacou nese acto de Lugo a paixón coa que Requeixo _ex-alumno seu_ aborda o seu achegamento á obra foleana, a bibliografía aportada sobre Fole e exposición sobre o seu encaixe xeracional, descrito na afirmación do autor de que "Ánxel Fole pertence como narrador en galego ó que Méndez Ferrín _e despois del outros críticos_ ten denominado como "Xeración do 36", pois cos coetáneos integrantes deste grupo se forma intelectualmente, comeza a publicar e vive cultural e políticamente os seus primeiros anos de escritor". ***Op***: "Descubrimos, tras quita-lo xoio da peneira, que a literatura galega tivo en Ánxel Fole un dos seus mellores narradores paisaxísticos; que a música e a fala _o



Segunda aportación Requeixo/Girgado ó *Ano Fole*

universo eufónico que a ambas vencellaba, ó ver de Fole_, son na obra do autor presencias reiteradas sen as que non poden entenderse o seu paisaxismo; que o filtro literario nos relatos do lucense é moito maior do que ata hoxe vén considerando a crítica; que o humor, nas súas máis variadas materializacións, é elemento obrigado e mesmo central en boa parte da contística foleana; que os prototipos de muller na obra do lugués (nais, damas, prostitutas e feirantas) se adaptan perfectamente ós esquemas tracexados polos estudiosos para outros autores galegos do século XX; e que, en fin, o amor como realidade temática é, na obra de Fole, tema principal e motivo desencadeante da acción en varios relatos".

Resca. Personaxe da historia que sobre a "Crus de Outeiro" se narra no conto *¡Lobos te coman!*, incluído no libro HQNC. Muller do Rufo. Cando coñece que seu fillo deixara preñada á Engracia e que queren casar, enfádase moito e impide que a voda se chegue a celebrar.

Resol. Hojilla volandera del pueblo / Folla voandeira do pobo, no número dez que fai AF en Lugo. Fundada en Santiago polo escritor valenciano Arturo Cuadrado (maio 1932), na que AF colabora con Risco. Dieste. Castelao. Noriega Varela, Otero Pedrayo. Cunqueiro. e reproduccións de poemas de Jorge Guillén, García Lorca. Paul Valery, Walt Whitman, Valle-Inclán. Curros, Jesús Bal. Rilke ou Gerardo Diego. Saíron dez números. (*vid* Villamarín). ***AF***: "El comprador de la revista pagaba por ella lo que quería, desde 10 céntimos hasta 10 pesetas. Cuatro, seis, ocho páginas. De cuando en cuando, algún dibujo. Salvo excepciones, no publicaba textos originales. De ahí su poético nombre de *Resol*, que debemos entender *reflejo del sol*". ***AF***: "*Resol*, en vuelo cada vez más gayo, más amplio se extiende por toda Galicia. Unos

Resol
hojilla voladera del pueblo · 6
OS NENOS

O número 6 de *Resol*

Resol

O *Resol* realizado en xullo do 36 por Fole

muchachos quisieron regalar versos al pueblo. El propósito implicaba esta dramática pregunta: ¿Respondería el pueblo a su esfuerzo? Valía la pena experimentarlo. Y la experimentación no frustró la esperanza. El pueblo, haciendo abortar muchas escépticas sonrisas, acogió alborozadamente el regalo". ***OpMHG***: "O número dez xa tantas veces mencionado, xullo de 1936, sorprende non só por estar escrito totalmente en galego, sorprende, sobre todo, pola data de saída xa que a incivilidade que se extendía por España tiña feito presa na cidade de Lugo. Logo comenzamos a desconfiar de que este número tivera que saír algúns días antes do que figura e, comprobando con quen preparou a edición, Ánxel Fole, tivemola confirmación das nosas desconfianzas". O contido e os autores dese número 10 e derradeiro son os seguintes: *A Rosalía*. Lois Pimentel: *Teus quince anos*, Aureliano Pereira; *As froliñas dos toxos*, Noriega Varela; *Cantiga*, Álvaro Cunqueiro; *Paisaxe sin historia*, Lois Pimentel; *A noiva blanca da lua* e *Mes de xaneiro*, Aquilino Iglesia Alvariño; *Cantares*, Leiras Pulpeiro; *Cantiga*, J. Díaz Jácome: *Cartón*, Xesús Bal: *Muiñada*, Abel de Acebedo; *Unha breve pucharquiña*, Noriega Varela; *Teatro galego*, Antón Villar Ponte: *Estampas do Lugo vello (Regueiro dos hortos)*. Ánxel Fole; *Pulsar*, Marino Dónega Rozas e *A fala galega*, Lois Porteiro Garea.

Responso a Pepe Benito. Composición satírica en verso que AF escribe nos anos anteriores á guerra e que sae publicada nunha folla solta, á maneira dos carteis de cego e cunha evidente intención política. O protagonista da mesma é o avogado José Benito Pardo, coñecido como *Pepe Benito*, e considerado como o prototipo do cacique galego.

Restrepo. Personaxe do conto *O Galo*, incluído no libro CDN. Este home vai canda o Andresiño á casa do Nasa, é un dos trece que alí van cear.

Revilla Marcos, Ángel. Profesor de Literatura de AF no Instituto de Lugo. ***AF***: "Escribía unha novela que publicaba no xornal *La Provincia*. Chamábaa *Dionisio el presidiario*. O novelón era espantoso. Boeno, sí, é certo, espantoso".

Rey Soto, Antonio. Sacerdote e poeta ourensán. Malia a escribir cáseque toda a súa obra en castelán, foi elixido académico numerario da Galega. De Rey Soto foi o único voto negativo que recibiu AF para o seu nomeamento na RAG.

Ribadeo. Concello lugués onde AF participa nun mitin político con Cunqueiro e Xulio Sigüenza. AF localiza en Ribadeo o seu conto *O miragre de Ribadeo* (HQNC): "A min sempre me gostou dar unha volta pola fermosa cidade de Ribadeo. O de fermoso, fermosa, vai máis ben pola paisaxe da ría. Góstame o apouso con que falan os habitantes da vila ou cidade. Parece mesmamente que todo o mundo vive sin preocupacións económicas". ***OpDGF***: "Entre centos de recortes de artigos e traballos de Fole por min "encarpetados" en Madrí (estou lonxe deles), hai un conto que se intitula algo así como *Lenda dun sapo en Ribadeo* (en realidade *O miragre en Ribadeo*). Publicado no *Progreso*, ilústrao un rechoncho batracio (debuxado por Juan Soto). Si non me tricioa a mamoria, ta ó borde de unha pucharquiña que semexa seu cristiño pazo".

Debuxo de Juan Soto para *O miragre de Ribadeo*

Ricardo. Personaxe do conto *A cabana do carboeiro*, incluído no libro ALDC. "Rancheiro de trinta anos, groso e baixote. Sempre vestía chaquetas de pana coas mangas moi rabelas". Desde había máis dun ano vivía separado da sua muller. Un día o Ricardo foi visitar á Meiga de Torgán para saber algo dela. A meiga dille que a súa muller vai ter descendencia, pero non del. Nunca máis se tiveron noticias deste home.

Richet, Charles. Médico francés, premio Nobel de Medicina (1913), autor do *Tratado de metasíquica* (1923), citado en *Un caso prá Parapsicoloxía* (HQNC): "Por aquela tempada do ano 193... lía eu moitos libros de Matapsíquica, ciencia que dempois se chamou Parapsicoloxía. Non somentes de Premio Nobel Charles Richet, senón tamén de outros autores xaponeses, filandeses, daneses e da cas do demo (con perdón)".

Presentación de *O libro lucense*, de Nicanor Rielo. O autor, o alcalde Novo Freire, Trapero Pardo e Anxel Fole

Rielo Carballo, Nicanor. Crego, etnógrafo, bibliófilo e historiador. Colaborador de TR. Autor de *O libro lucense*, que

foi presentado no Concello de Lugo por Trapero Pardo e AF. Nicanor Rielo acompañou a don Ánxel nun percorrido polos Peares en 1981. ***Op***: "Cando escribe e cando fala non adopta ningunha actitude maxisterial, non ten que subirse ó escano das categorías, non precisa golpea-lo queixal do tear. Tanto a súa conversa como a súa pluma non teñen outro oficio que transcribir-lo seu pensamento. Incluso cando entra en terreos de erudición propios de especialista sabe expoñe-las ideas cunha sinxeleza que engaiola, sin perder nivel científico".

Rinlo. Parroquia de Ribadeo. citada en *Un queixo de San Simón* (HQNC).

Risco, Antón. Escritor e profesor. Autor da introducción na *Antoloxía da literatura fantástica en lingua galega* (Galaxia 1991). Autor de *A figuración literaria* (Xerais 1991). ***Op***: "Así, cando Ánxel Fole pretende nas súas descricións dar conta da montaña do Caurel. velaí que a falsea sen querer, porque a linguaxe forza a converter aquel imponente espacio lugués nunha ríxida sucesión temporal. Se preferise proxectala nunha pintura, falsearíaa doutro xeito".

Risco, Vicente. Escritor da xeración *Nós*. ***AF***: "Con Risco foi con quen tiven menos trato. Ademais, despois renegou do galeguismo, como vostede sabe, e xa non o volvín ver. Aquelo sentou como un raio e houbo quen me dixo a min cousas moi duras contra el, como maldicións e cousas así. Pero eu reflexionei e pensei, ¡pero que ía facer o pobre! Fusilábano, porque estaba moi significado e sinalado e non se andaban con bromas, e quedaba a súa familia desamparada. Entón esas son faltas que hai que perdoar. As guerras son terribles e transtornan á xente". E tamén: "Moitos intelectuais galegos influíron en min. Persoas maiores ca min, por exemplo o pintor Carlos Maside: por exemplo, Rafael Dieste. Con eles xa trataba denantes da República, e trataba con Castelao e Otero Pedrayo;

La aristocracia del ingenio

MANUEL RIVAS

Con antecedentes remotos en la casa de Anjou, descendiente de Carlos Fole Nenavia, *garçon de chambre* de Carlos III, bisnieto de Juan María Quiroga —ilustre liberal, diputado por Lugo en las constituyentes de 1869, y a quien se le atribuyen 100 hijos naturales—, el tiempo de Ansel Fole es el del declive de casi todas las noblezas del alma. Gentes como él rescataron en la adversidad la verdadera aristocracia, la del ingenio y la elegancia natural de la palabra.

Alguien dijo de Fole que era "un niño con arrugas". De chiquillo aprendió a leer al pie de la *lareira*, enseñado por un tío abuelo llamado Baldomero, vagabundo de barba blanca que había vuelto enfermo de sus andanzas por Europa y América. Nunca abandonó del todo ese fuego del hogar. "La *lareira*, en Galicia, es un gran laboratorio de cuentos". Allí confluyen historias de vivos y muertos, los recuerdos y las profecías, el humor y el temor sobrenatural, lo real y lo fantástico.

Ansel Fole es un comunicador de ese tiempo que nos trasciende. Su voz es la de un coro de animas, de campesinos de sabiduría innata, de artesanos de discurrir fluido como las fuentes del río Miño. En una deliciosa conversación con Carlos Casares, Fole cuenta cómo de mozo leía en la huerta midiendo el tiempo por los frutos que comía. Así ha escrito este niño con arrugas que confiesa su gusto por la música de Stravinski y las películas de apaches. Su voz, su literatura, es la de la montaña a la que hay que volver, allí donde las huellas del hombre se funden con el sol de invierno.

Rivas e Fole en *El País*

a Vicente Risco, menos. No banquete que lle deran eiquí a Castelao, onde falou Otero Pedrayo e Valentín Paz Andrade, e Cadarso, o rector da Universidade, eu estaba sentado entre Rodrígues Lapa, o doctor Rodríguez Lapa, que é portugués e que aínda vive e colea, e vaise pasar tempadas na casa de Del Riego. Boeno, pois eu estaba sentado entre Rodrígues Lapa e Vicente Risco".

Rivadulla Conde, Xosé Henrique. ***Rivadulla Corcón.*** Poeta. ***OpACG***: "Este año (1986), acompañando a mi amigo Rivadulla *Corcón*, poeta y entonces empleado en Radio Nacional, escuchaba las declaraciones y recuerdos o impresiones de varias personalidades sobre él (AF), entre ellas muy nutridas y salpimentadas las del enfrascado y solitario Xosé Gayoso Veiga que parece un personaje de Fole, o tal vez de Rodembach".

Rivas, Manuel. Escritor e xornalista. Autor do artigo *La aristocracia del ingenio* (*El País*. 24-III-1985), no que di: "...el tiempo de Ánxel Fole es el del declive de casi todas las noblezas del alma. Gentes como él rescataron en la adversidad la verdadera aristocracia, la del ingenio y la elegancia natural de la palabra. Alguien dijo de Fole que era "un niño con arrugas" (...) Su voz, su literatura, es la de la montaña, a la que hay que volver, allí donde las huellas del hombre se funden con el sol de invierno".

Manuel Rivas

Rivera Cela, Francisco. Xornalista. Autor do libro de entrevistas *Los Lucenses* (Ediciones Celta. 1974) onde se inclúe unha conversa con AF na que FRC lle solicita unha autoidentificación como escritor galego: "En mi labor

Fole, Rivera Manso e Castro, en Ferreira de Pantón

hay un intento de renovación de la narrativa gallega. Yo soy un cultivador de la narrativa breve y creo que en todas las literaturas, especialmente en la gallega que está todavía, como si dijéramos, en formación, la narrativa breve tiene una importancia grandísima. Por la narrativa breve comenzaron todas las grandes literaturas occidentales. La narrativa y el verso son fundamentales. El verso en un principio también fue narrativo". Autor de outras entrevistas radiofónicas a AF e organizador dos actos do Concello de Lugo no *Ano Fole* (1997).

Rivera Manso, Francisco. Xornalista. Compañeiro de AF na Redacción de *EP*. ***Op***: "Angelito fue toda su vida un pedazo de pan. Jamás le oí hablar mal de nadie. Por otra parte, como compañero de trabajo, siempre me maravilló su costumbre de leer el periódico de pie, recostado sobre la mesa y apoyándose en los codos".

Roberto Lodeiro. Personaxe do conto *¡Difuntámo-la botella!*, incluído no libro CDN. É notario en Asturias. Pasa dous días, xunto coa súa muller Josefina, na casa de Xerardo. A noite anterior a marcharen a Lugo, pásana parolando e bebendo. O día seguinte, cando xa están na cidade, comproban que lles faltan dez mil pesetas que tiñan a noite anterior.

Roca Cendán, Manuel. Biógrafo de Lois Peña Novo. Consulta con AF aspectos da vida do político vilalbés, aínda que no libro (Edicións do Castro. 1982) non menciona o mitin que ámbolos dous dan en Sarria.

Rodríguez, Constantino. Avogado. Amigo de AF. Axudaba como fotógrafo ó seu pai, don Constante, nos anos da guerra. Fole acompáñao nalgunha ocasión cando vai fotografar cadáveres de paseados. Nalgunha lembranza, Fole di ter vistos cadáveres coa man esquerda perforada dun disparo como sinal de xenreira por seren comunistas. Noutras interpreta eses disparos nas mans coma unha contraseña, "segundo quen os

Un momento da rodaxe de *O documento*, de Rodríguez Baixeras

matara".

Rodríguez Arias, Carlos. Técnico e creativo no campo da imaxe. Relacionouse co escritor no exercicio dalgunha das súas actividades como fotógrafo de prensa, cineasta afeccionado con numerosos premios en certames, ou como pioneiro en Lugo da televisión local. Mantén inédita unha gravación dunha conversa con Fole, en vídeo familiar e duns setenta minutos de duración.

Rodríguez Baixeras, Enrique. Director da curtametraxe *O cadaleito*, baseado no conto *A caixa do morto* (ALDC). Obtivo o premio *Mikeldi* de prata, no Festival de Cine de Bilbao. Director tamén de *O documento*, rodada en Obe (Ribadeo) e proxectada por vez primeira na Coruña.

Rodríguez Baixeras, Xavier. Poeta. Traduce o conto *A caixa do morto* ó catalán para publicar no semanario *Lluc*. de Palma de Mallorca.

Rodríguez Barrio, Xavier. Poeta. Tertuliano de AF no Lugo-Bar e colaborador dende os primeros números de *TR*. O día seguinte á morte de AF (*EP*. 10-V-1986), aparece publicado o seu *Ánxel Fole, o poema de nunca acabar*:

Xavier Rodríguez Barrio

Chegar ata as cousas é luz cando son antigas de máns ardidas e o candil
cubrindo un vello tempo que semella o mesmo
tempo que ollos certos festivos aínda de espera e de inocencia.

A todas horas carta-Fole en contubernio, falar contigo
inaugurando nomes bautizados de misterio suspensivo
ou contos que xogaban de inmediatos pola néboa
no lentor do instante convertido en confidencia para sempre.

Semella un rostro enviso inundado de plazas e de terra.
Neumandro en transparencia por mesas e tertulias de cafés
ou quizáis polas rúas empinadas de terror e de muralla
co filtro machacado de conversa entre os labios dislocados
de amor e pasantía.

Fole-anxo de brazos que se abrazan, e máns
e dedos que se moven e grafían unha maxia de ternura anoitecida,
e a cachaba de nenice, e a pucha, e o corazón de medo
sumido no poema de nunca acabar que tí me conformaches
non en letras: en néboa,
en candil
en terra brava

(Reproducido en ELAF).

Rodríguez Cadarso, Alejandro. Personaxe real que aparece nomeado no conto *Pepe Troitiño*, incluído no libro HQNC. Foi rector da Universidade de Santiago.

Fole, fotografado o día do seu ingreso na RAG

Rodríguez Castelao, Alfonso Daniel. Médico, político, escritor e debuxante. AF coincide con Castelao en Santiago: "A Castelao coñecino en Santiago, porque el se vía cos estudiantes que tiñamos así un matiz galeguista, ademais de que era amigo de Maside e de Seoane, que tamén eran amigos meus". O 22 de marzo de 1932 coinciden en Lugo nunha homenaxe ó escritor de Rianxo. O número 2 da revista *Resol* estivo dedicado a Castelao e repartiuse en Lugo coincidindo coa súa presencia na cidade (1932). Lembrando este acto, AF ten escrito que cando falaba en público, os seus oíntes dicían: "Da la impresión de un poeta que recitase versos sin rima" (*EP*. I-1970). E reafirmando esa idea, AF escribiu noutra ocasión: "A min Castelao gustábame moito cando falaba en público. En privado, así cos amigos, era moi simpático e contaba unhas cousas moi curiosas, pero en público impresionaba. Os seus discursos parecían poemas recitados". Tamén no discurso de ingreso de AF na RAG: "Recordo agora

un seu discurso, nun gran mitin no Mercado de Lugo, onde anticipara ou repetira un feliz dito irónico do seu famoso discurso das Cortes Constituíntes, ó gallo da defensa da cooficiliadade dos idiomas rexionás..."Estaba eu deitado nun prado da Bretaña e ouvín asubiar un merlo e despois cantar unha cotovía, i eu dixen: os probes animaliños de Deus xa teñen a linguaxe universal, pola que tanto suspiran os homes". E tamén fora en Lugo, no aito de homaxe que se lle rendira no vrao do 32 cando dira aquela definición humorística da súa radical galeguidade: "Considérome galego químicamente puro, infusibre ó soprete e inatacable polos ácidos". Sen decilo definíase tamén como un galego popular, tal como aparecía nas súas obras. A Galicia de Castelao é sempre o pobo galego". ***AF***: "Hasta su mera figura era insólitamente simpática. En algunos cafés de Santiago, Pontevedra o Vigo le oímos charlar muchas veces. Sus cuentos contados eran admirados por todos. Hacían reir de un modo que no se olvidaba jamás, por su gracia y su sentir humano". (*EP*. I-1970). AF contaba un chiste que dicía ter escoitado a Castelao, se ben el fixo algúns cambios na historia: Sae un oficial algo cargadiño dunha cantina. Decide escribir co mexo no chan "Viva Franco-Arriba España". Ó chegar a palabra "Arriba", remata o seu combustible e pídelle a un cabo que continúe el. O cabo acepta, pero dille ó seu superior: "Se non lle importa, goberne vostede a miña caralla, porque son analfabeto". ***OpJS***: "Desde Castelao temos que pegar un salto. Pra atopar en Galicia un narrador nato, propiamente dito, temos que dar un salto. E atopámonos con Fole. Nin antes... nin dempois. Nin Dieste nin Cunqueiro. nin Mourullo nin Suárez Llanos. Non falemos xa dos novísimos. Fole é un mestre, un clásico, en solitario".

Castelao e Corredoira, imaxinados polo primeiro paseando por Buenos Aires, con levitina de *dublé* e un loro

Rodríguez Corredoira, Xesús. Pintor. A familia Fole ocupa unha casa propiedade dos Corredoira, parentes seus por parte da súa nai, no Carril dos Loureiros. preto da de Álvaro Gil. AF, polo tanto, coñece a existencia do artista cando este xa ten

pronunciado na Coruña a súa conferencia *Por qué pinto en negro*, aínda que di que nunca chegou a falar con el (Levábanse vinte anos de diferencia). AF sinte unha grande, sincera e merecida admiración pola pintura de Corredoira. El tamén é unha persoa querida por Corredoira e pola súa nai, doña Agustina, que nunha ocasión, xa morto Pimentel, confésalle que o poeta _que na súa xuventude fora discípulo de pintura de Xesús_, mercáralle un cadro por dous xamóns. ***AF***: "Y con Xesús Corredoira comenzó mi interés por la pintura gallega en los lejanos años de mi adolescencia. Cuando conocí y traté a Carlos Maside le oí con mucho agrado elogiar la pintura de Xesús Corredoira". ***AF***: "No es fácil tarea juzgar el arte de Corredoira, a pesar de la nutrida bibliografía que sobre él existe por la grande desigualdad de su obra sometida a ciertas influencias más o menos duras. A parte de la ligerísima de Romero de Torres en la primera época, deben señalarse como más hondas y constantes la de los pintores primitivos, y la del Greco, ciñéndonos solamente a las puramente pictóricas. No hay en él influencias de los pintores gallegos, por la sencilla razón de que hasta Corredoira no se puede hablar de una pintura gallega propiamente dicha. La mayor influencia extra-pictórica en su arte es, desde luego, la de la obra de Valle-Inclán. hasta el punto de que algunos de sus cuadros son como un eco plástico de aquélla". AF publica *Xesús Corredoira* (*EPG*, maio 1933), *Recuerdo de Jesús Corredoira /Lembranza de Xesús Corredoira* (*Galician Programme*. BBC. *LN*, 15 octubro. 1949 e *EP* 10-V-1986), *El pintor Corredoira* (*EP*, 10 abril. 1978) e no catálogo *Xesús Corredoyra* da exposición que a Fundación Caixa Galicia realiza nos meses de outubro-decembro de 1993 en Lugo e Coruña, figuran textos seus. ***AF***: "A derradeira vegada que vin o pintor, foi en Lugo, no ano 1931, unha tempada despois de lle morrer a nai. Quería pintar un cartel pra un romance de cegos, e que fose levado polas feiras por un cego que tocase a zanfona. Era il así, sempre fantástico e falangueiro".

Cercanías de Lugo, óleo de Corredoira (Col. Deputación P. de Lugo

Rodríguez Fer, Claudio. Escritor e catedrático. Dalgún xeito vencellou a súa vida á vida e obra de Fole sendo mozo. A súa nai fora alumna de Fole nas clases particulares que este daba en Quiroga Ballesteros e Caiñós, despois da guerra, e no momento de escoller un escritor lugués para un traballo con destino ás clases de Xesús Alonso Montero. Claudio pensou no autor de *Á lús do candil* e dende entón Fole é unha constante na súa traxectoria vital, literaria e ensaística. Autor de *Encol da cinefilia de Fole* (*EP*. 26-I-1975); de *O lobo, mito e realidade na literatura galega (A Galicia dos oitenta. A cultura como poder*. Planos 1980); de *A Galicia misteriosa de Ánxel Fole* (E. do Castro. Serie Liminar/filoloxía. 1981). Na posdata, o autor informa que o libro foi elaborado en Santiago durante o curso 1979-80, aínda que "é froito do contacto que desde a miña adolescencia mantiven en Lugo coa persoa e coa obra de Ánxel Fole". Tamén agradece a contribución ó libro de Ramón Piñeiro, Basilio Losada, Juan Soto e Xesús Alonso Montero. ***OpCC***: "Trátase dun estudio escrito con claridade e sinxeleza, co bon sentido e agudeza". Autor de *O último libro de Ánxel Fole* (Sobre HQNC) (*LVdeG*. 8-IV-1981); de *Ánxel Fole e o fonosimbolismo da fala* (*Dorna*, nº6. 1983); de *Elementos de*

Claudio Rodríguez Fer

AF. Vida e obra, o último libro de Rodríguez Fer sobre Fole

Fonoestilística: a prosa de Fole e a poesía de Novoneyra (*EP*. 2-X-1985); de *Ánxel Fole e o cine* (*Grial*. nº 95. 1987); do prólogo de *O trasmundo de Ánxel Fole*, de Tareixa Castro: da introducción, selección e notas para *Contos de lobos* (Xerais 1985); do libro de poemas *Lugo blues*, con fotografías de Eduardo Rodríguez Ochoa, dedicado á memoria de Fole; de *Tareixa Castro e O trasmundo de Ánxel Fole* (*Outeiro* nº25. VI-1987 e *EP*. 22-VII-1987); da introducción a *Contos de lobos e outros relatos* (Xerais 1989); de *Ánxel Fole, o contista de lobos* (*Animal* nº1. 1991); de *Das lendas de Bécquer ás lendas de Fole* (*Revista Canadiense de Estudios Hispánicos* nº1. 1993); de *A literatura galega durante a Guerra Civil (1936-1939)* (Xerais. 1994); de *Fole e os contos de nunca acabar* (*ANT*. 3-X-1996), e do artigo *Historia do 'Cartafolio de Lugo'* (*EP*. 12-X-1996). Compilador do *Cartafolio galego*. de Ánxel Fole (*A Nosa Terra*. 1996). Coordinador de *Ánxel Fole, 1903-1986. Unha fotobiografía* (Xerais. 1997). Autor da compilación da *Obra Completa* de AF (Galaxia. 1997) e do libro *Ánxel Fole. Vida e obra* (Xerais. 1997). ***Op***: "Eu coñecín a Fole desde a infancia, xa que a miña nai fora alumna súa. De pequeno, recortaba os seus artigos, especialmente cando falaba de literatura, de cine ou de historia. Na adolescencia, cando estudaba C.O.U. no Instituto Masculino de Lugo, o meu profesor de literatura, Xesús Alonso Montero, suxeriu que fixésemos un traballo sobre algún escritor galego. Eu escollín a Fole e creo que nese momento comenzou a elaboración do meu estudo sobre a súa obra. En efecto, entrevisteime longamente con el e lin todos os seus libros publicados ata a data, facendo logo unha análise da súa narrativa e unha evocación do tempo que conversamos xuntos. Desde entón, nunca perderíamos o contacto e nunca deixaríamos de falar de Galicia, de literatura, de historia e de cine. Nunha destas conversas, cando eu tiña quince anos, Fole incitoume a escribir un artigo para a *Táboa Redonda*. que dirixía en *El Progreso*. sobre os dous temas que

máis me apaixoaban: a literatura e o cine. (...) Pódese dicir pois que a miña primeira publicación tivo lugar por iniciativa de Fole, quen sempre derrochou conmigo a máxima xenerosidade. A partir de entón, acrecentouse a nosa amistade, os nosos paseos por todo Lugo e a nosa colaboración literaria, xa que lle entregaba regularmente artigos para a *Táboa Redonda*. Ademais, comencei a escribir sobre o propio Fole. O primeiro texto meu publicado sobre a sua obra aunaba de novo cine e literatura, tal como demostra o su título: *Encol da cinefilia de Fole*, publicado en 1975. (*EP*. 26-I-1975) (...) A acumulación de numerosos datos sobre a sua vida e obra, a suxerencia reiterada de que os recollera nun libro por parte de Alonso Montero e Ramón Piñeiro. a solicitude dunha antoloxía dos seus contos feita en nome de Ediciós do Castro, a lagoa de que non existise ningún libro sobre Fole e a necesidade de homenaxear ao meu querido amigo co máis auténtico e agradecido esforzo foron as razóns que motivaron a elaboración do meu estudo e escolma anotada *A Galicia misteriosa de Ánxel Fole*, que saiu en 1981. A súa redacción coincidiu coa do poemario *Tigres de ternura*, polo que non é de extrañar que nel apareza un poema de temática foleana titulado *O lobo oubea*. (...) Deixando á marxe artigo e conferencias, redactei, despois de falar do tema na sesión dedicada a Fole polo Grupo Fotocinematográfico Fonmiñá, un traballo sobre *Ánxel Fole e o cine* e fixen un guión cinematográfico sobre a súa vida e obra que foi filmado por Luis Dávila e Eduardo Rodríguez Ochoa en 1985, co título de *Ánxel Fole*". Autor de *A Galicia máxica de Ánxel Fole* (*LVdeG*. 6-V-1982).



O debuxo de Maside na capa de *A Galicia...*

As viaxes Fole/Rodríguez

Rodríguez López, Manuel. Escritor e amigo de AF. Con el fixo moitas excursións pola provincia de Lugo que xuntou no volume *Viaxes con Anxel Fole* (Ediciós do Castro. 1988), onde recóllense artigos aparecidos en *EP*, *EIG*, *FdeV* e outras publicacións. Rodríguez López, un grande admirador do mestre, que para a súa desgracia, vivía afastado del, en Barcelona, dispón o verán para facer-las viaxes que imaxina, proxecta ou matina con delectación de arroubado alumno, durante o inverno. A cara de satisfacción de Rodríguez López no reencontro anual de *El Progreso* explica todo ese libro de inspiración foleana que son as súas *Viaxes...*, tan reveladoras para coñecer ó Fole no seu prebe literario; unha experiencia compartida por outras moitas persoas anteriormente, pero se cadra ninguhna delas estivera tan sinceramente deslumbrada polo escritor e polo personaxe Fole coma Rodríguez López. Neste resumo do libro, Manolo Rodríguez deixa adiviñar algo do antedito. ***Op***: "Foi no verán de 1973 cando falei por primeira vez con Anxel Fole.

Gorentando o viño da Barcia (Navia de Suarna): Manolo Rodríguez, Fole, Enrique de Macía, Xosé López e a súa dona

Fole mantivo sempre o seu compromiso ético/estético coa vida

Estaba eu de vacacións en Lugo e un amigo de don Ánxel _o Ramiro da Feira do Páramo_ sabedor das miñas inquedanzas literarias, invitounos ó Enrique de Macía e a min á tertulia do popular escritor lugués, no café Lugo (...) O académico era profundamente humano, cun gran sentido da amistade, cordial e prudente. Ó longo dos anos, a miña relación con don Ánxel nas tempadas estivais en Lugo foi en aumento. Xa non cabía na miña idea a programación das vacacións sen contar con el: as conversas no *Progreso*, nun café, durante as excursións, no seu propio fogar... Percorrémo-las terras do Incio _Dompiñor, a casa do Pacio na Ferreiría, a igrexa dos Hospitalarios, a mansión dos Quiroga onde escribira *Terra Brava* _, visitámo-la torre de Basille, preto de Baralla, que pertencera ó seu bisavó don Juan María Quiroga: subimos ó Cebreiro do Santo Grial galego e das pallozas: estivemos no mosteiro de Samos. no castelo esquecido de Castroverde; nos pazos de Folgoso e do Corgo; na Veiguiña. lugar e inspiración doutro libro seu xa clásico: *Á lús do candil*. Os Ancares, San Esteban de Ribas de Sil, A Fonsagrada, San Andrés de Teixido, a Terra Chá, Sobrado dos Monxes, Mondoñedo. Pambre, Antas de Ulla, Oseira... son outros moitos lugares vencellados no meu recordo ó meirande prosista galego nado na cidade do Sacramento". Autor da *Oda para Ánxel Fole*, premio *Meigas e Trasgos* de Sarria (1981), publicada en ELAF e no libro das *Viaxes*...

Rodríguez Mourullo, Gonzalo. Escritor e avogado. Cando aparece o seu libro *Memorias de Tains*, Carballo Calero acúsao de facer literatura de laboratorio. Contrapón esta obra á narrativa de AF, "que escribe para aldeanos y intelectuales", mentres que Mourullo escribe "sólo para intelectuales". Autor

do artigo *Á lús do candil* (*Vamos*. 1953).

Rodríguez Olivares, Luís. No ano 1985, Manuel Rodríguez López informa que Rodríguez Olivares "está a preparar un guión sobre *Decímolo ou non o decimos* para televisión".

Rodríguez Rodríguez, Luis. Xornalista. Compañeiro de AF dentro e fóra da redacción de *EP*. ***Op***: "Lémbrome dun día que, tras unha visita a Vilar de Donas co Celestino Fernández de la Vega. Manolo Roca, Salvador Castro e un representante de farmacia cuio nome non recordo, fumos invitados a unha casa de Palas de Rei. A merenda estivo regada de gorentosas aneídotas a cárrego do gran conversador que foi Celestino e mais do fino inxenio do anfitrión. O Fole, por máis tentames que fixo, non poido senón pronunciar aquelas verbas cas que íl expresaba a resiñación: _¡Moi ben! ... Sí, señor..._, mentralas volvoretas que tiña por maos non deixaban de revoar diante do seu nariz i a cinza do pitillo espallábase polo prato... Cando, todos ledos, saiamos para Lugo, ó Fole soio se lle ocurriu sentenciar: _Cánto fala ise home..._ referíndose ó anfitrión. E xa non voltou a abri-la boca como non fora para fumar".

Rojo. O máis coñecido dos seus poemas de tema político é este *Rojo*, publicado no exemplar de *Guión* do 1° de maio de 1931. Reproducido tamén baixo o título *Banderas rojas*, a súa lectura axuda a comprende-lo terror de AF ante unha posible represión no ano 1936.

Roja, roja, roja, roja
va la falange de obreros.
Sus rosas de rebeldía,
rojas flámulas al viento,
mojadas por la marea
azul del azul del cielo,
sangran en plazas y calles
como el corazón del pueblo.

Rojos gritos de protesta
van lanzando los obreros.
Venablos de su iracundia
hinchen el aire de estruendo.
No son falanges airosas
con militares atuendos:
finos corceles piafantes,
tensa la curva del cuello,
estrépito de metales
y rítmicos pataleos.
Son falanges de Espartacos,
son los espartacos nuevos
que a golpes de hoz y martillos
forjan el futuro pueblo.
Explosiones de coraje
con alaridos de acero.

Cantan, cantan, cantan, cantan,
van cantando los obreros,
oda triunfal de martillos
sobre los yunques batiendo
mientras las rojas banderas
abren su cálido vuelo.

OpXAM: "A musa proletaria de Fole aínda se manifestará un ano despois, no número extraordinario da revista *Yunque* que el mesmo dirixiu o Primeiro de Maio de 1932. No romance, titulado *Diana*, o proletariado, en opinión do seu bardo lugués, xa non domea o espiñazo ante o poderoso: *Ya no hay ilotas ni parias/ ni bajas frentes sumisas*".

Rogueira, devesa de. Bosque de Parada (O Caurel). ***AF***: "No Caurel atópase un dos boscos meirandes de Galicia, preto de Parada, terra do poeta Uxío Novoneyra. É a devesa de Rogueira,

unha selva mesta de trinta quilómetros cadrados, abondosa en castiros, fallas, carballos, toda clase de vexetación e augas minerais. No Caurel, hai anos, non era difícil atoparse con rebecos e porcos bravos que se criaban no monte".

Rola, A. Personaxe protagonista da historia narrada por Fiz de Cotovelo no conto *O arregizo*, (TB). Esta rapaza é filla do señor Ramilo, muller "de moi bon ver, xeitosiña e moi goberneira; de moito rixo pra todo...". Ademais do Uxío de Teixiz, saíulle outro pretendiente "chamábanlle de mal nome o Falcón". El será o que asasine á Rola, pegándolle dous tiros na cabeza, pois non soportaba a idea de que outro home competise con el por conseguir o amor da rapaza.

Román de Piñol. Personaxe do conto *O documento*, (ALDC). É o tío do Manueliño. Tenta convencer a seu sobriño de que non se guinde da árbore á que está subido, polo menos sen ter decidido a quen vai deixar as súas terras da Ribeira. Cando o Manueliño decide baixar da árbore, el fica un tanto desgustado, pois eles serían os herdeiros directos daquelas terras.

Fole e a súa pucha, segundo Romero Boelle

Romeán. Pazo propiedade dos devanceiros de Fole. *AF*: "O nome de Romeán, segundo tradición popular, provén dun cabaleiro chamado Hispanus-Romanus e o pazo fundouno Páramo Sangro, bispo de Salta (Arxentina). Nel viviron don Xosé Manuel Fole de Navia. Secretario Real, e, derradeiramente, dona Nicolasa Fole".

Romero Boelle, Arcadio. Pintor e debuxante. Autor dun retrato de AF que aparece na primeira edición de ALDC (1953). Ese mesmo retrato vai servir para o deseño da medalla conmemorativa da V Semana Bibliográfica da Linguas Ibéricas,

dedicada a AF. En *Yunque* ilustra un artigo de Fole e outro de Francisco Lamas. Tamén publica tres *Linoleum*.

Romero Flores, Hipólito Rafael. Profesor de Psicoloxía, Ética e Lóxica de Fole no Instituto. ***AF***: "Este home pasouno moi mal despois, cando veu o Movimiento, porque o destituíron da cátedra e parece que mesmo pasou fame, segundo me dixeron. Logo morreu en Madrid dunha maneira escura".

Rómulo de Campos de Vila. Personaxe do conto *Ventureira xornada*, (SB). Ía xunto co seu amigo Píndaro cara á feira de "San Martín de Quiroga".

Ronda de Castilla. Hoxe Ronda da Muralla. Un dos domicilios de AF en Lugo ó comezo da Guerra Civil.

Ronsel. Revista fundada en Lugo (1924) por Evaristo Correa Calderón. AF non colaborou nela ata o seu número extraordinario que conmemoraba o cincuentenario da publicación (1974). ***AF***: "A todos llamaba la atención que pudiese salir en Lugo una revista juvenil tan bien presentada y de tan variado contenido". ***OpXFF***: "(AF) non publicou nada na revista e a fasquía das súas creacións está moi arredada do talante dela: esprito da "Institución" e da "Residencia", letra da *Revista de Occidente*, intimismo ternurista, achegamento ós "ismos" de entreguerras, anceio de novedade, leve humor de "greguería", algo de Apollinaire, algo de *Xenius*, moito Azorín".

Rapacinha galega, de *Ánxel Johán*, para o número 3 de *Ronsel*

Rosa María. Personaxe do conto *O espello* (ALDC), inspirado na figura da tía avoa do escritor, Cristina Quiroga Sangro. Fidalga do pazo de Orbande. "Era unha muller celibata de setenta anos", algo xorda e con enrugas na cara. "Usaba

impertinentes e falaba de vagariño como medindo moito o que se decía". Para o seu tempo era unha muller "de moito saber". Pasaba horas e horas lendo na súa biblioteca. Vivirá en París durante a súa mocidade, e estivo a piques de casar cun grande político. Era unha muller moi respectada por todo o servicio. Desde había cinco anos vivía coa súa afillada Rosiña. A tía Rosiña convida ós seus sobriños, Bieito e Enrique, a pasar unha tempada no pazo.

Rosalía de Outara. Personaxe que aparece na segunda parte da historia narrada polo doutor Froilán, no conto *Por us pelos...*, (TB). A muller amósase moi asustada pois di que "non pode botar unha o pe fora da casa, en chegando a noitiña... Andan homes de noite tralas mulleres, pra afrentalas..."

Rosario. Personaxe do conto *¡Aleluia!*, (ALDC). Muller da que está moi namorado o narrador deste conto.

Rosinda. Personaxe da historia narrada por don Crisanto no conto *O corpo do delito*, incluído no libro *Terra brava*. Esta muller era filla de don Xermán, tivéraa cando aínda era solteiro. Rosinda estaba casada e vivía en Chantada. Cando a Faísca e mais o Sarillo souberon por ela que o patrón tiña uns cartos gardados no seu cuarto para llos deixar a súa morte, comezan a preparar o seu asasinato.

Rosinda. Personaxe da historia narrada por don Ramón no conto *Tres historias do pazo de Lucencia*, (TB). Caseira do pazo de Lucencia. Ela foi a que informou a don Ramón do acontecido a noite en que don Enrique botou da casa ó Mingos, maiordomo do pazo; e que entrou no cuarto da súa muller berrando. Á noite do día seguinte, a Rosinda viu unhas luces que brillaban na escuridade e escoitou un tiro. Toda a familia facía conxecturas do que podía ter acontecido, mais a Rosinda gardaba para si o presentimento de que algo malo lle sucedera o

señor do pazo.

Rosiña. Personaxe do conto *O espello*, (ALDC). Sobriña da tía Rosa e curmá de Enrique e Bieito. Tiña uns ollos moi grandes "craros, soaves e tristeiros", era pálida, loira e alta. As mans finas e longas, parecía unha princesa de lenda. O Bieito estaba namorado dela.

Rosita. Personaxe do conto *A vella cerdeira*, (CDN). É a muller de Mingos e ten tres fillas. Ela sempre lle dixo ó seu home que plantar a cerdeira o día de Corpus íalle traer grande desgracia.

Rosón (familia). Fole mantén unha amizade histórica coa familia Rosón. Ánxel Fole, Antón. Luís ou Juan José foran compañeiros de primeiros estudios, de xogos, de excursións, nos anos de mocidade, e de tertulias, discusións, ou viaxes motorizadas pola provincia de Lugo, nos anos posteriores.

Visita a Piornedo: Luís Rosón, Fole, Benxamín Andrade, un veciño e Antón Rosón

RosónPérez, Antón. Avogado. Foi presidente da Xunta preautonómica e do Parlamento de Galicia. Amigo de Fole dende os anos da mocidade, cando coincidiron como compañeiros de bacharelato. Durante toda a vida mantiveron unha grande amizade. Fole botoulle unha man á hora de redacta-lo seu discurso de toma de posesión como presidente da Xunta, e Rosón encargouse dos trámites para o ingreso do seu amigo na mutualidade de escritores. Tamén corre cos gastos dun importante arranxo odontolóxico que don Ánxel precisa nunha época.

RTF. Radio Television Francaise. En Radio París foron lidos algúns traballos de AF.

Rufo. Personaxe do conto *O can sentía saudade*, (CDN). Rufo era un rapaz das Nogais que tiña un camión. Como don Saturnino sempre enviaba as súas cartas a través dos camioneiros do peixe, un día preguntoulle se tiña algo que entregar á súa familia, o secretario non tiña nada para eles, mais pediulle unha póliña de castiñeiro que levaba no seu camión pois sabía que o seu can se alegraría ó vela.

Rufo. Un dos personaxes da historia que se narra no conto *¡Lobos te coman!*, (HQNC). "Labrador moi rico que mantiña dez vacas e máis de cen ovellas e mataba nove porcos cada ano, dispensando..." Estaba casado ca Resca e tiña dúas fillas e un fillo, o Monchiño.

Rulo. Personaxe do conto *Os lobos*, (ALDC). Amigo do Emilio de Rugando, que o convida a un xantar na súa casa o día do incidente cos lobos.

Ruperto. Personaxe de *¡Xantamos a carón dun esquelete!*. (HQNC). É un dos homes encargados polo Xan de Pascasio para que caven no horto ata atopar os restos do "Parrulo".

S

Sabela. Personaxe da historia narrada por don Crisanto no conto *O corpo do delito*, incluído no libro TB. A Sabela era fillastra do señor Xermán. Chamábana de mal nome a Faísca, "cecais chamada asina por ser viva como unha chispa... Casárase cun mozo chamado o Sarillo de Paderna... e xa tiña dous fillos... A Faísca era pequena e miúda, ca cara branca, disas que se chaman de leite fervido. E tiña os labres largos e finos e os ollos grisentos. Din que se levaba mal cos veciños". Ela xunto o Sarillo, son os que organizan o asasinato do patrón de Grandal, el irá a Lugo e ela encargarase de todo. Enxabonará as escaleiras por onde ten que baixar don Xermán, e todo parecerá un accidente. Despois da morte do señor, botou da casa á criada e puxo no seu lugar a un rapaz novo, o Avaristo, co que acabou marchando para as Américas. Anos máis tarde coñécese a noticia de que morre afogada na Habana.

Sabela. Personaxe protagonista da historia narrada polo doutor Froilán no conto *Por us pelos...*, incluído dentro do libro TB. É a muller do Galo de Regundo, apareceu morta no seu leito en estrañas circunstancias. Todo parecía indicar que "fora oufegada... A gorxa estaba arrabuñada e na mesma noz tiña dúas esfoladuras".

Salgado García, Fernando. Xornalista. Director de *EP*. Autor da entrevista *As historias de Fole que ninguén cre* (*LVdeG*. 6-V-1982), nun monográfico do xornal coruñés sobre Fole. Autor dunha biografía de Lorenzo Varela.

Samos. Concello de Lugo. Do seu mosteiro dixo nunha ocasión

Fole: "Samos, co maior claustro dos monacatos españois e a fonte das Nereidas, é unha escultura fermosísima". (*vid* Cabanillas)



Enterro de Fole en San Froilán. Na segunda fila, Juan Soto

San Froilán. Camposanto de Lugo onde repousan os restos de AF dende o 10 de maio de 1986 nun nicho da familia Fernández Otero, precisamente na data na que se cumprían dezaseis anos xustos da aparición do suplemento *Táboa redonda*. O enterro tivo lugar minutos despois da unha da tarde coa presencia de máis dun centenar de persoas, familiares, amigos, escritores, autoridades e representacións. Previamente, na Igrexa da Nova, Francisco Fontela Aldegunde oficiou o funeral cunha homilía en castelán na que non houbo ningunha referencia ó escritor. Aparece citado no conto *A macabra chanza do Grilo* (HQNC): "Xa facía ben anos que se inaugurara o novo camposanto de San Froilán, alá nas Arieiras. Os difuntos eran levados en auto ó camposanto xa facía algún tempo".

San Paio. Aldea da parroquia de Hospital (Quiroga) citada en *A vengación* (HQNC).

Sánchez, Baldomero. Tío paterno de AF que lle aprendeu a ler na casa de Orbán.

Conversa baixo a rotativa *Walter Scott* de *El Progreso*: Paco Rivera, Pepe Barreiro, Ánxel Fole, Juan Soto e Alfredo Sánchez Carro

Sánchez Carro, Alfredo. Xornalista. Redactor de *El Progreso*. Actual Director xeral de Interior. Acompaña e conduce a Fole en numerosas viaxes dominicais por Galicia. Ás veces no automóbil de reparto de *EP*, ás veces nos turismos de Sánchez Carro. Nunha delas, o obxectivo inicial resulta imposible e o troco sérvelle a don Ánxel para escribir un dos seus sempre inxeniosos artigos. Daquela, en xuño de 1970, diríxense a O Castro (Sada) para falaren con Luis Seoane e Isaac Díaz Pardo, pero o primeiro está en Madrid e o segundo en Sargadelos. Paco Rivera Cela ten publicados outros detalles da relación Fole/Alsanca. ***OpFRC***: "Don Ángel y Alfredo formaban una pareja divertidamente disparatada, de la que voy a evocar dos

situaciones que ojalá les lleven a la sonrisa. La primera de ellas tuvo que ser por finales de los 60. En el todo terreno (un *Land Rover* de *EP*) íbamos a la costa lucense y Sánchez Carro, no sé por qué ni para qué, hubo de pararse en el entonces Campamento de Falange situado en La Devesa. Sabido es que Fole no era de aquella cuerda y que las camisas azules y las boinas rojas no le producían especial contento, por lo que debe entenderse su decisión de permanecer en el coche mientras Alfredo "arreglaba lo que fuese". El sobresalto para don Ángel y en principio para mí, que me quedé acompañándole, vino cuando tras escuchar por la megafonía del Campamento el himno mañanero, una voz fuerte, rotunda, autoritaria, se dejó oír: _"Atención, atención, se ordena al camarada Ángel Fole se traslade inmediatamente al pabellón de Intendencia donde recibirá camisa, pantalón, botas, calcetines y boina, que ha de vestir en el momento en que se integre a la formación". Desde el micrófono, Sánchez Carro hacía esfuerzos para que su voz no fuese reconocida: insistía en el mensaje y ponía al gran amigo y escritor en una de las situaciones más delicadas que ustedes puedan imaginarse. Porque lo cierto es que Fole no sabía qué hacer y hasta es probable que por la imaginación y "por si acaso" se le hubiese pasado la posibilidad de acatar la orden. Fue probablemente la única vez en la que don Ángel pudo convertirse en falangista. Fue en otro viaje, esta vez a Becerreá, cuando Sánchez Carro y don Ángel la armaron. Al salir de Lugo el escritor se sentó al lado del chofer y nosotros nos quedamos en el asiento de atrás. En cuanto el automóvil comenzó a rodar, mi compañero de asiento informó a Fole que a intervalos, cuando él se lo indicase, había de hacer sonar el claxon. Don Ángel, que cuando quería era muy infantil en algunas de sus cosas, se mostró encantado de ser el responsable de las señales acústicas y empezó el "concierto" inmediatamente. Hasta llegar a Becerreá en no menos de un centenar de ocasiones Fole se ensañaba con el claxon. Cada 20 ó 30 segundos lo hacía sonar

prolongadamente. Cuando llegamos a Becerreá, para asistir a la inauguración de la nueva iglesia del pueblo, Fole se había aprendido bien la lección: "ustedes marchen a la parroquia, yo me quedo aquí para tocar el pito". *Op*: "Conocí a Ánxel Fole en la Redacción de *El Progreso* a su regreso a la capital después de un largo período de estancia por tierras del Incio y Quiroga. Era un hombre receloso consigo mismo que leía mucho la prensa y hablaba poco. Quizás desconfiaba de todos. Pero fuimos entablando diálogo y éste se hizo cada vez más cálido y continuado. Algunas ingenuas bromas que Salvador Castro estimó en un principio que podían molestarle hicieron que pronto nos mostrase un cariñoso afecto. Y comenzamos a recorrer juntos la provincia de Lugo: del Sor a Los Ancares y del Faro al Eo, todas las rutas provinciales haríamos en buen amor y compañía. Gran conversador, profundo observador, nos iba dando una inigualable y singular visión el paisaje con matizaciones que sin su compañía sin duda nos pasarían inadvertidas. Ánxel Fole, un niño grande, egocentrista y narcisista, desbordaba humanidad en todo momento. Cualquier instante era bueno para hilvanar la conversación".

Benita Sánchez Corredoira

Sánchez Corredoira, Benita. Nai de Salvador, Desiderio, María de los Ángeles e Ánxel Fole Sánchez. Natural de San Martiño de Condes (Friol). Casa con Reinaldo Fole cando este enviúva da súa primeira muller. Morre en Lugo no ano 1927. Non existen moitas referencias directas da nai na escrita de Fole, pero é notable a influencia desta muller , afectiva e ó mesmo tempo dominante, na vida posterior do escritor. *AF*: "Non, non fun moi relixioso. A pesar

da miña nai, que ela si que era relixiosa".

Sánchez Folgueira, Gonzalo. ***Zalo.*** Pintor. Autor do debuxo *Fole na Praza do Campo*, datado en 1988 e baseado na fotografía de José Luís Vega Fernández. *Anxel Fole, de costas*, trasladando o escenario orixinal da fotografía _na porta do Campo Castelo _, á Praza do Campo, onde camiña Fole de costas cara á porta de Santiago. (1972). O debuxo atópase

Fole, de costas pola Praza do Campo, de Sánchez Folgueira

actualmente na sede de *El Progreso*.

Sánchez Pombo, Ernesto. Xornalista. Redactor, redactor xefe e director adxunto de *El Progreso*. Compañeiro de Ánxel Fole na Redacción do xornal lugués. Nos primeiros anos foi un dos máis activos participantes nas brincadeiras e conversas co escritor. *Op*: "É certo que cando ninguén da Redacción bromeaba con don Ánxel, era el quen as pedía. Lembro unha tarde na que viña dunha xuntanza da Real Academia Galega na Coruña. Quería que lle preguntásemos cousas da xuntanza. ¿Estaba Domingo García-Sabell?. díxenlle eu. "Sí, es cierto; estaba", contestou el. ¿Estaba Ramón Piñeiro? "Sí, Piñeiro estaba", dixo Fole. E xa un pouco canso, pregunteille: ¿Estaba Rosalía de Castro? Fole enfadouse aparentemente pola broma, pero no fondo estaba encantado coma sempre". Autor da información en *El País* (24-III-1985) sobre a homenaxe do Concello a Ánxel Fole, na que o escritor fai estas declaracións: "Alguna razón tendrán para hacérmelo, aunque yo no soy el llamado a opinar (...) Con los partidos políticos Galicia tuvo poca suerte (...) Los pasotas se equivocan; hay mucha gente que no sabe qué hacer con el tiempo (...) La autonomía irá bien si la dejamos madurar". Autor dun traballo sobre o Fole xornalista con destino ó libro colectivo da Consellería de Educación co gallo do Día Das Letras Galegas (1997).

Sande, Miguel. Poeta e dramaturgo. Fai unha visita a AF no ano 1986 na compaña de Juan Soto que logo contará no artigo *Unha curiosa experiencia da morte, descrita por Ánxel Fole* (*LVdeG*. 7-V-1987): "Recordo que ao chegar ante o portal fechado da casa na que vivía Ánxel Fole, unha señora xa maior, creo que súa cuñada, tiroume as chaves pola xanela. Espero ao escritor nunha habitación vella pero acolledora, chea de libros vellos, coa moblaxe tamén vella, mesmo o ar. Ao pouco, aparece don Ánxel, lento, pensando os pasos, falando só".

O escritor e Santamarina, na Redacción de *El Progreso*

Santamarina, Enrique. Veterinario e profesor de Patoloxía Comparada na Rutgers University (USA) Publicou traballos científicos e sobre temas galegos. No Día da Cantiga, en xullo de 1963 e ó pe do río Neira, AF asiste a unha homenaxe dedicada a Enrique Santamarina, "ilustre emigrado galego nos Estados Unidos. Un galego esgrevio que ben o merecía (...) Todos nos puxemos en pé i apraudimos afervoadamente ó Enrique, que chegou das Américas cas maos cheas de cartas pra espallar en pro da nosa cultura. (...) Ós postres, o mesmo Enrique Santamarina desenfundou a súa gaita e deixou sentir unha muiñeira de Chantada". Durante as súas estadías en Lugo non deixaba de visitar a Fole. Responsable da revista da Casa de Galicia en Nova Iork, solicita ó escritor algunha colaboración.

Santiago. Entre os anos 1929 ó 33, Fole vive durante varios meses nesta cidade. Viaxa a Compostela para asistir ás clases da Universidade ou para se examinar, aínda que a súa principal

ocupación alí é frecuenta-las tertulias, dar longas paseadas nocturnas e coñecer ós persoeiros da cultura galega daquela. Vive con Cunqueiro na rúa da Enseñanza. AF escribirá moitos artigos sobre Santiago e localizará contos na cidade. ***PE***: *Os lonxanos outonos de Compostela* (*EP* 1-XI-1970). ***OpFdelR***: "A Fole lembrareino sempre, reléndo a Valle-Inclán e a Gabriel Miró no recuncho afastado dun café, ou en incitante conversa arredor dos movimientos artístico-literarios que nos inquedaban por aquel entón". ***OpCRF***: "Fole foi sempre un estudante díscolo, máis preocupado pola literatura e pola vida que polos estudos académicos. Por outra banda, viuse na obriga de interrumpir a carreira, primeiro por motivos económicos e logo polo colapso que supuxo a guerra civil. Non é de estrañar pois que abandonara definitivamente a Universidade sen licenciarse".



Fole, no domicilio santiagués de García-Sabell

Santiago, Silvio. Escritor. Antes da finalización do encoro de Portomarín, Silvio Santiago e un amigo industrial que fixera cartos en Venezuela viaxan a Lugo co fin de rodar unha curtametraxe na vila que as augas estaban a piques de asolagar. Contactan con Luís Rodríguez, que faría o guión, e mais con Fole. O proxecto non foi a ningures, pois como relata Luís Rodríguez no seu artigo en ELAF, *Anxel Fole, un home singular*, o ritmo de traballo non foi o axeitado: "E comenzou a rodaxe; o Fole propoñía unha foto i o cineasta venezolano outra. Ás vegadas detiñámonos na rúa pra que entre ambolos dous discutisen o que se iba fotografiar baixo as agarimosas olladas

dos veciños que debían tomarnos por tolos. Pouco a pouco o escritor coruñés foi asumindo todolos poderes sobor do film, atricando a desgana do lugués. Fixoo posar varias veces, hasta co Fole estoupou: _¡Qué bobada!... No tiene usted imaginación ninguna... E mentralo Silvio recollía a cámara ia gardaba no coche, o noso amigo dirixiuse ó americano do que xa se esquecera como se chamaba: _Oiga... usted... e cándo xantamos".

Santiago y Charlofé, José de. Profesor de AF de Latín, Xeografía e Historia. ***AF***: "Era pequeniño e nervioso, usaba lentes e sabía tamén moito".

Santo Oficio. Recompilación de poemas de mocidade, publicados en *El Progreso* e revistas. Como tal recompilación está inédita. "A maioría son da adolescencia, idade do canto, máis cá do conto". ***AF***: "A escolma titúlase *Santo Oficio*. Case tódolos poemas son en castelán e foron publicados en *El Progreso*. Inéditos hai poucos. Do que me sinto máis satisfeito é do titulado *Don de claridad de las aguas del Miño*, (*vid* Lugo) que escribín no ano 1937". Meses antes da súa morte, Fole aínda confiaba na publicación dos poemas, coma lle pedían Xosé Trapero e Dionisio Gamallo: "Desexo facelo porque teño máis de trinta e cinco publicados. Agradaríame recollelos nun libriño. Algúns están en galego e aínda teño cinco ou seis inéditos gardados en carpetas que mirarei de atopar. Xa verei quen os pode editar. A poesía dá pouco traballo porque o texto é moito máis curto có da prosa e a composición é doada".

Sargadelos. AF participa en varias das experiencias de verán que Isaac Díaz Pardo e os seus colaboradores organizan na fábrica de Sargadelos. Na X Experiencia, o ano 1981, Fole intervén no coloquio suscitado trala conferencia de Fernández del Riego. Algún dos presentes pretende tirar de Fole unha declaración política e o escritor bota man dunha historia que

viña repetindo daquela: "Mire vostedes, un amigo escribiulle a outro pedíndolle a súa opinión política e, por resposta, recibiu un folio chamuscado nas puntas. O amigo decatouse axiña do verdadeiro senso da carta que acababa de recibir: o papel chamuscado _cismou con acerto_ quere dicir que a política está que arde".

Fole en Montero Ríos; enmarcado na homenaxe do Caurel e Lemos. Enriba, o retrato de González Doreste

Sarillo de Paderna. Personaxe protagonista da historia narrada por don Crisanto no conto *O corpo do delito*, incluído no libro TB. Este home casa coa Sabela e ten con ela dous fillos. Segundo a Filomena, este era "un mandileiro... Non hai que sentirlle aquilas falas de sarasa que o demo lle díu. Non sal da cociña, e veña de facerlle figuretas á muller... E sempre abanea as cachas..." El e máis a Faísca, foron os causantes da morte de don Xermán. El, o día da morte do patrón, iría a Lugo facer uns recados, e ela encargaríase de facer que o asasinato semellase un accidente. Tempo despois desta morte, a Sabela botarao da casa. Daquela díxose que marchara a Bilbao traballar nas minas; o certo é que os derradeiros anos da súa vida "estaba feito un perdido e un

borracho e que gastaba todo canto ganaba...". Morreu "nun aucidente de traballo, nas minas de ferro de Vizcaya..."

Sarria. Concello de Lugo. Na compaña de Xulio Sigüenza e Lois Peña Novo. AF participa nun mitin en Sarria o ano 1932, recén proclamada a República. Un dos asistentes ó acto é un rapazolo de dezasete anos chamado Ramón Piñeiro, que anos máis tarde lembrará aquel acto no que Lois Peña Novo, o único que fala en galego, lle espertou un sentimento nacionalista que xa agromara lenemente en lecturas anteriores. Víctor Freixanes e Carlos Casares teñen recollidas estas lembranzas de Piñeiro: "De Fole quedou admirado polo castelán coidadísimo en que falaba, fermoso e culto, case literario, no que había frases que non esquecería, como aquela referida ós caciques, ós que calificaba de "los turiferarios del chanchullo", e outras semellantes. Ata entón, Piñeiro nunca oíra unha lingua tan coidada, tan musical, aínda que nalgúns momentos lle puidese parecer unha miga afectada". A frase que Piñeiro cita textualmente vén encaixar coas que publica *Yunque* na súa representación, o 1º de maio de 1932, e que, sen dúbida, podemos considerar de Fole: "Nuestros martillos seguirán machacando valientemente toda suerte de fauna filistea: mílites fanfarrones, clérigos intrigantes, carcas chabacanos, innobles leguleyos, repugnantes patanes de caciquería..." O Concello de Sarria dedícalle unha rúa en 1987, onde o ano seguinte erixirase un monumento de homenaxe.

Schelmer, Ernest. Filólogo alemán. Profesor da Universidade de Francfort. Viaxa a Lugo para coñecer a AF, ó que se presenta cun libro seu nas máns.

Seara. Parroquia de O Caurel, citada en *¡Lobos te coman!* (HQNC).

Segredario de Caldas. Personaxe do conto *Os lobos*, incluído

no libro ALDC. Aínda que hai opinións contrarias, a maior parte da xente di que foi comido polos lobos cando voltaba da feira de Viana.

Seijo, Mercedes. Profesora. Autora do *Cuaderno* didáctico *Os voy a contar un cuento*. de AF, dentro da colección *La locomotora* nº 49 (*Alborada Ediciones*. 1988). O proxecto de *La locomotora* consistía na edición bilingüe, galego/ castelán neste caso, de autores que levaban xunto ó libro un *Cuaderno* de traballo para os alumnos. Mercedes Seijo propón en cada conto unha *Ficha de comprensión* e unha *Ficha de profundización*, con cento vinte exercicios coma este: "Los personajes aparecen nombrados por apodos. Los apodos además de ahondar en el estilo coloquial del cuento, resultan muy rentables al transmitirnos alguna característica (física o psicológica) o circunstancia de quien lo lleva. Señala el párrafo en el que se explica el porqué del apodo del Tumbaron". Logo organiza un *Taller del libro*, con novas preguntas e con exercicios sobre a técnica do *conto contado*, para remata-la unidade didáctica coa ficha de *El autor en su época*, probablemente con datos obtidos de Juan Soto e mais de Claudio Rodríguez Fer. ***Op***: "No se conformó con describir sucesos, sino que elaboró su filosofía como fruto de lo experimentado. En los cuentos aparece por un lado la recreación costumbrista, caracterizada por el empleo del método

TECNICA

La técnica utilizada por Fole es la del «cuento contado». Esto se hace patente en los formulismos iniciadores, imprecadores y de finalización, semejantes, cuando no iguales, a los de los cuentos tradicionales. Reprodúcelos en la siguiente ficha.

CUENTO	F. INICIADORES	F. IMPRECADORES	F. FINALIZADORES
¡Venía del alén!	Fue en la feria de Rubián	Me olvidé de decirles No piensen que es una broma.	Jamás volví a coger las cartas.
Lordanas			
Los lobos			
La caja de muerto			
Antón de Cidrán			
El traje de mi tío			
El tesoro			
La homipilación			

Fíjate en las fórmulas introductorias. casi siempre nos dan la situación temporal o espacial de los relatos. o, en menos ocasiones, aparece una aseveración, que va a ser demostrada o rebatida. Observa cómo la situación temporal es siempre imprecisa, mientras que la espacial es minuciosa y real. La fórmula final es en la mayoría de los casos didáctica y moralizante.

A técnica do *conto contado* na unidade didáctica de Mercedes Seijo

descriptivo de tipo realista, por otro, el comentario interpretativo. La captación de la atmósfera espiritual y del clima social de los espacios de la narración son singularmente perfectas".



O Seminario lucense da rúa bispo Aguirre, chamado Menor

Seminario Conciliar Diocesano. AF estudia seis anos no Seminario lucense, despois de ser alumno marista, e antes dos cursos no Instituto. Carballo Calero refírese a Fole dicindo que daquela estudiaba para crego.

Senín de Reboiro. Personaxe que aparece na segunda parte da historia narrada polo doutor Froilán, no conto *Por us pelos...*, incluído no libro TB. Atopáse co Froilán na ponte de Viduedo e convídao a xantar na súa casa. Estáballe moi agradecido ó doutor "porque lle curara a muller dunha anemia que tivera por un mal parto, e non lle cobrara nin cadela". O Senín era "un home alto e moreno, inda novo, simpático e moi falangueiro". Estaba casado coa Rosalía de Óutara.

Señor cura de Peites. Personaxe do conto *Os lobos*, incluído no

libro ALDC. Home de grande habilidade para a caza, que tiña un "lubicán" (cruce de lobo e can). Deste animal dise que pode abrir os taravelos das cuadras coma as persoas. Unha noite o cura mételle dous tiros, despois de vixialo e comprobar o que este animal facía amparado pola escuridade.

Señor de Sabarei. Personaxe do conto *Antón de Cidrán*, incluído no libro ALDC. Era o home máis cumprido do mundo. Gustáballe moito andar polas tascas; e sempre viña a Lugo montado nun cabalo branco, aínda que fose moi ben traxeado. El é o que conta ó narrador do conto a historia do Antón de Cidrán.

Señor Efe. Personaxe do conto *Un caso prá parapsicoloxía*, incluído no libro HQNC. "O violinista Efe era enxoito il, alto, cas nachas longas". Este home veu a Mondoñedo contratado, xunto cunha orquestra, pola "Xunta Direutiva do Casino". Antes da actuación pasea pola vila acompañado polo narrador da historia, momento no que lles acontece un feito moi curioso. Despois de compraren o xornal nun posto onde había dúas vellas sentiron como se alguén lles premese a caluga, "unha man que non se pode decir que seña fría ou quente. A man dunha pantasma". Esta "pantasma" non era outra cousa que os ollos das vellas que non os deixaran de fitar. "Veleiquí un flagrante caso de telepatía... Ou non hai telepatía..."

Señor Marcos de Begonde. Personaxe do conto *¡Lobos te coman!*, incluído no libro HQNC. Caseiro da Fernanda e pai da Liberata e mais do Manoliño.

Señor Ramilo. Personaxe da historia narrada por Fiz de Cotovelo no conto *O arreguizo*, incluído no libro TB. Pai da Rola. Dos dous homes que lle facían as beiras á súa filla, apreciaba moito ó Uxío, pois ademais de ser un home moi formal, "agardaba un bon herdo dun tío seu". Non lle ocorría o

mesmo co outro home que perseguía a súa filla, o Falcón, "o señor Ramilo víao coma si vera o demo, pois era sabedor de que toda a súa vida fora un perdidiño, perdedor e xogatín".

Señor Ramón. Personaxe do conto *¡As cinco letras!*, incluído nun libro de relatos curtos preparado pola editorial SB. Este home, "un carpinteiro nativo il de Piugos", atopa a súa fillastra Dorinda nunha tasca de barrio, fumando porros cun grupo de rapazas e rapaces. En cuestión de segundos, achégouse a ela e deulle unha labazada, "esfachoulle o porro na boca" e saíron do bar chamándolle "as cinco letras".

Señor Xermán de Grandal. Personaxe protagonista da historia narrrada por don Crisanto no conto *O corpo do delito*, incluído no libro TB. "Era nativo de Barreiros, na terra de Ortoá. Criárase moi novo fora pra América ca muller. Botou máis de quince anos en Bos Aires e logo voltóu pra acó viúdo de cinco anos. Din que trouguera daló un bon capital. Casóuse de segundas ca Xenoveva... Andaría polos setenta e cinco anos e era alto e forte e un pouco cargado de lombo. Sempre fora un home raro e de vello inda se fixera máis. Mais tiña sona de home honrado e cumpridor de seus tratos". Dicían del que tiña unha filla de solteiro "que se fora casar á terra de Chantada". Este home aparece morto, "ca testa fendida, ó pe dunha escaleira". Don Crisanto ordena facer a autopsia ó cadáver.

Señora Encarnación. Personaxe do conto *A vengación*, incluído no libro HQNC. Nativa de Ponferrada, fora a primeira muller do Furelo. Todo o mundo dicía dela "que era unha boa muller". Tíña un fillo, o Raúle, que non se levaba ben co seu padrasto. Un día a Encarnación desapareceu sin deixar rastro, e "o máis chocante do caso é que o Furelo matou aqueles días dun tiro ó cadelo que tiña na casa, decindo que estaba doente. A xente empezou a marmurar. Houbo quen dixo que ó Furelo matara a súa muller na cas e que tirara o seu corpo ó río Sil",

mais el mantiña que a Encarnación marchara co fillo "pras Américas". O misterio da súa desaparición aclarouse a noite en que o Furelo berra con grande desesperación a súa culpa: "¡Encarnación...! Eu te matei y enterrei no monte da xesteira", despois caeu morto ó chan. "O Furelo, estalicado no chan tan longo era. E no seu leito...¡Un esquelete!... É o esquelete da señora Encarnación, que tan mala morte levou dise disgraciado..."

Señora Rosa. Personaxe do conto *En cada vida, un misterio*, incluído no libro TB. Esta é a muller do señor Román. "Era unha muller pequenota, de sesenta anos pouco máis ou menos, cas fazulas cheas de sangue, e o cabelo brilante como a prata. Vestía unha gran toquilla negra, atada por debaixo do carrelo, e o pano da testa, tamén negro, atado por enriba, como as campesiñas da terra de Lugo".

Seoane López, Luís. Pintor, ensaísta e poeta. Amigo de AF. Colaborador de *Yunque*. É o autor do retrato do estudiante Pepe Troitiño que ilustra o conto *Pepe Troitiño* (HQNC), coa dedicatoria: "Pra Ánxel Fole con unha gran aperta de Seoane". Tamén aparece como coprotagonista da mesma historia: "Cando Luís Seoane, que era estudante de Dereito, fixo no mes de maio, a súa primeira exposición no Café Español da Rúa do Vilar..." Desa exposición, en 1929, escribiron Cunqueiro e Montero Díaz: "Retratos que son caricatura pura: es decir, definición y selección psicológica. Síntesis de lo huidizo _el gesto en lo eterno_ el rasgo. A saber: Manteiga. un escéptico *malgré lui*;

AF, *figurado* por Seoane

Domínguez, el hombre que quizás sepa de qué y de quién se ríe; Barbeito, soñando parecerse a no se quién; Eiroa, tallando mármoles en un taller bajo un cráneo; Cuadrado. atento siempre a las cosas, a los hombres y a sí mismo; Fole, alerta a su interior; Maside. arrugado de preocupación genial". ***AF***: "Non creo que houbese en Santiago dous amigos tan íntimos como eramos Luís Seoane e mais eu. Sempre nos quixemos moito. Seoane era moi bo rapaz e moi listo, só que era tamén un pouco nervioso e andaba sempre a labazadas cos outros, cos que non eran da FUE. Era un revoltoso tremendo, sempre organizando manifestacións". Coinciden novamente en Lugo na compaña da muller do artista: "Después de tantos años, hablamos con el pintor largo y tendido" (*La nueva pintura gallega (y II)*. *EP*. 8-II-1970). Tamén *Gran amigo y gran artista* (*EP*. 15-VIII-1957); *Luís Seoane con fondo compostelano* (*EP*. 11-XI-1973) e *Historia que ninguén cré. A miña deuda con Luís Seoane* (*Grial* nº65. xulio, agosto, setembro 1979). ***Op***: "A forza expresiva do idioma vivo dunha cultura galega, a cultura literaria do autor agachada pra non lixar os resultados do que narra, as condicións de ouservador que dacote sorríe e fixa na memoria cada xesto e cada feito, mixtúranse no mundo sorprendente da Galicia labrega de Fole". Autor dun debuxo de AF con destino ás *Figuracións*, a súa sección dominical que leva en *LVdeG* do ano 1971 ó 1977. A *figuración* de Fole sae publicada o 10-VI-1973 e logo foi recollida no volume *Figuracións* (*Biblioteca Gallega*. 1994). ***Op***: "Supoñemos que en moito tempo non houbo outro estudante que se esquecese de se examinar lendo a obra dun escritor, como ocurriulle a el, preferindo a leitura de Gabriel Miró ós exames de Dereito Romano". ***Luís Seoane***. Personaxe real que forma parte do entramado do conto *Pepe Troitiño,* incluído no libro HQNC. O tempo da historia aquí contada coincide coa época en que este home estudiaba Dereito e fixera a súa primeira exposición, daquela tiña vinte anos. El é un dos integrantes do grupo que vai diariamente ao Café Español, para falar sobre distintas cuestións.

O recoñecemento popular co libro de Sept. (75º aniversario de *EP*)

Sept. Sociedade de Estudios, Publicacións e Traballos. Editorial de Vigo presidida por Alfonso Zulueta de Haz. Inaugura a súa colección *Testemuños,* coordinada por Lois Caeiro, co libro *Homes de Fole*, de Xosé de Cora, ó que seguirían outros de conversas con Xosé L. Barreiro, G. Torrente Ballester, ou co pai X. Seixas. ***OpC***: "Valentín Paz Andrade _cunha especie de autobiografía_, X. L. Barreiro, X. Fernández Albor... figuran entre os persoeiros que Sept, da man ou da pluma de xornalistas, vai pór nos anaqueis das librerías".

Ser, a piques de ser

Ser. Semanario Gallego de Izquierdas, fundado co patrocinio do doutor Amancio Caamaño, por Ramón Suárez Picallo en 1935. Picallo levou a dirección, aínda que moitos números estiveron ó coidado de Francisco Fernández del Riego. AF colabora nel xunto con Blanco Amor, Paz Andrade, Lois Peña Novo, Seoane, Villar Ponte e Manteiga. *Nós* publica cinco anuncios conxuntos do Sanatorio cirúrxico do doutor Caamaño e mais *Ser*, durante 1935.

Sigüenza Raimúndez, Xulio. Poeta e xornalista. Foi redactor-xefe de *EPG* e redactor do *FdeV*. Coincidiu con AF nas tertulias de Santiago e na do Derby de Vigo. Ambolos dous xuntos, con Lois Peña Novo nun caso, e con Cunqueiro noutro, participaron en mitins políticos na provincia de Lugo durante a República, como os de Sarria e Ribadeo. AF lembra que Sigüenza non estaba feito para a oratoria.

Silvela, Francisco. Político. Presidente do Goberno en varias ocasións. No artigo *Apéndice II* (*HdelL*. 24-IX-1962), AF di ter falado co fillo e máis cun neto de Silvela en Ribadeo.

Silvosa, Francisco. Profesor. Como director do Grupo de Teatro da Escola de Maxisterio, Silvosa representa en Lugo (8-X-1985) unha adaptación dramática do conto *O documento*, e unha selección de textos (TB e CDN), "como homenaxe a un home que merece o respeto e o agarimo de tódolos lucenses".

Sociedad General de Autores de España. Baixo a presidencia de Juan José Alonso Millán. e coincidindo co cabodano de AF no mes de maio de 1987, organiza senllas homenaxes a AF en

Páxinas centrais do traballo de Rafael Torres para a SGAE

Lugo (Círculo das Artes) e Madrid (sede da SGAE) nos que participan Xerardo Fernández Albor. Domingo García-Sabell. Juan Soto. Benxamín Casal. Santiago Moncada, Trapero Pardo. Rafael Torres Mulas. Claudio Rodríguez Fer e Xosé de Cora. Os actos da SGAE de homenaxe a Fole estiveron ó coidado de José Manuel Martínez Reverte. Tamén edita o folleto *Ánxel Fole. Cantar y cantar*, de Rafael Torres, verdadeiro promotor da homenaxe.

Soldón. Aldea da parroquia da Seara, en O Caurel. citada en *¡Lobos te coman!* (HQNC): "Os dous seguimos polo antigo camiño real de Soldón, que é bravo como unha sogra ben brava, según lle sentín decir a un carneireiro".

Somoza, Juan Ramón. Escritor e xornalista. Redactor de *El Progreso* e responsable do personaxe creado polo xornalista Antonio de Cora Sabater, o *Pelúdez* durante uns anos. AF lémbrao no artigo *Un periodista lucense olvidado* (*HdelL.* 7-X-1963). Di que era tío de Alejandro Armesto e que morre en La Habana en 1927, ós cuarenta anos. Autor dos libros *Semblanzas lucenses* e *Serpentinas*..., _editados nos anos vinte por *EP*_, onde escribe un perfil biográfico do pai do escritor, Reinaldo Fole Quiroga.

Sotelo Blanco, Olegario. Escritor, editor e xornalista. *OpCRF*: "En 1981, Martín Blanco, da editorial cooperativa Reprografía 1846, de Santiago de Compostela, proxectou e deseñou unha colección de libros de contos que ía denominarse *Medusa*. En 1982, tras compilar o material do primeiro volume, encabezado por Ánxel Fole, a editorial desfíxose, pero Sotelo Blanco Edicións asumiu o nome, o contido e o deseño da obra proxectada, que publicou en Barcelona en 1984 co título de *Medusa Relatos*. As gardas e os abundantes debuxos que ilustran cada conto son de Concha Pazos ".

Xornalistas no día de San Francisco de Sales:
Gerino,
Antón Grande,
Luís Rodríguez,
Sánchez Carro,
De la Vega,
Soto,
Amador López Valcárcel,
Cora,
Fole,
Rivera,
Manuel Cordido,
Salvador ,
Carlos Rodríguez,
López Castro,
Luís Pérez,
Ernesto S. Pombo,
Pepe Alvez e
Puro Cora

Soto Gutiérrez, Juan. Escritor e xornalista. Amigo e herdeiro intelectual de Fole. O seu continuador na dirección de *Táboa Redonda*. Subdirector e columnista de *El Progreso*. Director de Lugovisión. Autor do limiar *Ánxel Fole*, para a edición bilingüe de *¿E decímolo ou non-o decimos?*. (Ed. de autor. *C. ANMI* 1972), onde anuncia que AF está a preparar unha novela policíaca en galego, "a primeira do seu xénero que se escribirá no noso idioma", e que probablemente será despois algún dos relatos de HQNC. Autor dos debuxos que ilustran os contos *A pinga de sangue* e o *Miragre de Ribadeo*. dentro das HQNC. Autor da voz *Fole Sánchez, Ánxel* (*Gran Enciclopedia Gallega*. Silverio Cañada Editor. 1974); do artigo *Ánxel Fole, periodista de honor* (*EP*. 26-I-1975); da crónica xornalística da morte de AF no *ABC* (10-V-1986); da antoloxía e traducción da edición bilingüe *Os voy a contar un cuento*. e de *Ánxel Fole* (Alborada ediciones. 1988) (*vid* Seijo. Mercedes). Traductor e prologuista de *Cuentos para leer en invierno* (Espasa-Calpe. 1986), foi

calificado por Alonso Montero como "o Eckermann de Fole". Tamén, *Fole, un clásico en vida* (*EP*. 10-V-1986), reproducción do limiar para CPLEI. ***Op***: "Junto al pormenor erudito está presente la referencia popular; al lado de hermosos dialectismos recogidos en tierras de Quiroga y O Caurel aparecen vocablos de docta pericia; los criados se sientan al fuego con los señores, beben el mismo vino y se cuentan historias de aparecidos, de lobos, de amores desgraciados". ***OpXAM:*** "Naquelas datas entusiastas, as dos primeiros tempos da II República, Ánxel Fole, como romancista en castelán, facíalle as beiras tamén á musa anticaciquil. De Fole son, en efecto, algúns romances anónimos contra os caciques de Lugo, que daquela, non eran poucos nin pequenos. Juan Soto debería exhumalos". Cando morre AF, Soto _presentado nunha enquisa xornalística como a persoa que con toda probabilidade é neses intres a máis afectada_, declara : "A morte de don Ánxel Fole prodúceme unha tristeza enorme e deixa na miña afectividade máis fonda un valeiro que non podería encher". O vencellamento de Fole e Soto vai máis alá das referencias que podería conter un diccionario.

O Eckermann foleano, na metade da conversa Fole/Laxe

Fole, paseniñamente, cada vez máis don Ánxel

Suárez Picallo, Ramón. Dramaturgo, xornalista, político e orador. AF coincide co político da ORGA nas tertulias de Vigo, no Derby, e de Santiago, no Café Suizo. *AF*: "O día da conferencia de Gómez de la Serna, pola noite, despois de cear xuntámonos con el no Club dos Nerunderem, no reservado do Café Suizo, que daba á Rúa Nova, e saíu na conversa o tema dos xudeus. E vai Picallo, que non se caracterizaba pola súa prudencia e di: "Pues yo, mire, siento asco por los judíos. Son repugnantes por su codicia, por su astucia, son unos auténticos cutres". E Gómez de la Serna dixo: "Muy interesante, diga usted algo más sobre los judíos". E Suárez Picallo continuou: "No los puedo ver, me son repulsivos". Entón a señora de Gómez de la Serna dixo: "Yo soy judía". Quedamos todos dunha peza. ¡Que maneira máis terrible de meter a pata!" (CAF). *AF*: "De Suárez Picallo contase que unha vez lle dixeran: "Moito mintes,

Picallo", e el respondera: "Pois é certo, porque a verdade é moi aburrida" (HdeF). Morre en Buenos Aires en 1964 e AF dedícalle o artigo *Adiós al amigo Ramón* (*HdelL*. 23-X-1964).

Subela, A. Personaxe da obra de teatro PDD. É irmá de Lucrecia. "É unha muller xa case vella, outa e esguía. Viste de loito. Leva o cinguideiro botado pola cabeza. É o tipo de muller pescudeira".

Suizo. Café de Santiago frecuentado nos seus anos universitarios por AF. Tertulia: García-Sabell. Seoane. Manteiga. Patiño Díaz...(*vid* Derby)

Suñén, Luis. Crítico literario de *El País*, *Ínsula* e outras publicacións. Coautor con César Antonio Molina de *Ánxel Fole o luchar desde la negra sombra* (*Ínsula* nº373. XII-1977), entrevista na que Fole di: "Ha sido un exilio, por las circunstancias que conocemos todos. Hemos estado bloqueados, al borde del naufragio total. Lo que nos ha ayudado a sobrevivir ha sido la creencia en Galicia. el amor por nuestra tierra, el seguir escribiendo, la literatura como medio de protesta. Así estamos creando la historia presente de nuestro país gallego". Autor do artigo *Ánxel Fole: Lugo es el universo (ElP.* XI-1983). ***Op***: "Fole es, para el no avisado en la literatura de Galicia, un perfecto desconocido. Quizá porque nunca escribió en castellano su obra de creación, porque nunca le tentó el bilingüismo, porque su espíritu no ha sido muy dado a otra cosa que la escritura, el paseo por su Lugo natal y vital, la conversación y los amigos. No ha tenido, en suma, la suerte de disfrutar del conocimiento que fuera de Galicia tuvieron escritores como Rafael Dieste. Eduardo Blanco Amor o Álvaro Cunqueiro". Autor de *Un clásico, al castellano. Selección de relatos de Ánxel Fole* (*ElP*. 3-VI-1986) e de *En la muerte de Ánxel Fole. "Muchas veces oí decir..."* (*ElP*. 13-V-1986): "Coqueto y descuidado a la vez, con el cigarrillo eterno entre

los dedos y la ceniza en las solapas, el bastón colgado al antebrazo y ese mirar a un tiempo calmo y agudo de quien no deja de saberse inteligente. Y la voz, esa voz que acompasaba a su manera una conversación que nunca quería terminar".

Suso. Personaxe nomeado no conto *As trasnadas do Toño*, incluído no libro TB. É o neto do muiñeiro, e veciño do Toño. Anda tras del a Garda Civil, pois está acusado de roubar un cesto de pescar ó castrador da historia.

T

Táboa Redonda. Páxina literaria primeiro, e suplemento de cultura despois, de *El Progreso*. creada por Fole o 10 de maio de 1970. Foi dirixida e coordinada por AF, Juan Soto e actualmente, por José María Álvarez Vilabrille. A satisfación de

TABOA REDONDA

Página literaria de EL PROGRES

HOMBRES Y LETRAS

CINCUENTENARIO DE LA REVISTA «NÓS»

NOS

ASCENSORES "VILLEGAS"

RECANTO

Lembranza da "Resol", revista da mocedade

Resol

COUSAS DA V

A primeira *Táboa*

ter nas súas mans o primeiro exemplar de *Táboa Redonda* foi compartida cun pequeno desgusto, ó comprobar que nun artigo, no lugar de palimpsestos, apareceu o incorrecto *palimsestos*. ***AF***: "O propósito de *Táboa Redonda* é o espallamento da literatura galega, escrita en galego, e ocuparse de publicacións que tiveron o seu mérito e deixaron pegada: *Ronsel* e *Resol*, por exemplo (...) Se se xuntasen todos cantos artigos en galego foron publicados en *Táboa Redonda* (AF fala en *EP* 3-VI-1979) ocuparían un volume de mil páxinas". O certo é que sempre había unha solución para cada problema, e se fose necesario, don Ánxel collía a máquina e improvisaba un saboroso artigo para o espacio que quedaba baleiro en *Táboa*. ***OpPdeLl***: "Enfaenado por la noche en la Redacción, esperaba escuchar en cualquier momento el singular y alegre estribillo con que, el bastón en la mano y el optimismo en el corazón, casi siempre anunciaba su llegada: _Señores: ¡Qué ayuntamientos! ¡Qué

Actual cabeceira da *Táboa Redonda*

diputaciones...! Y se sentaba en cualquier mesa vacía, y empezaba a manipular las desordenadas y manoseadas cuartillas que sacaba del bolsillo para preparar su *Táboa Redonda*. Y más unido me sentía a él cuando lo veía lucir en las tardes frías de invierno aquel gorro ruso de astracán que le regalé cuando volví de un largo viaje". ***OpACG***: "Una excelente idea (*TR*), empezando por el título, enseguida aprovechada por muchos de nosotros que empezábamos entonces en la

Literatura, y que después hemos tenido biografías y trayectorias muy distintas. Yo contacté con alguno de los que después fueron grandes amigos entre mis cofrades gracias a la *Táboa Redonda*. En ella publiqué con mucha ilusión y entusiasmo mis primeros artículos, relatos y poemas. (...) Fole, por lo demás, protagonizaba la página con sus extensos y amenos artículos o relatos, reseñas, comentarios, bajo diversos seudónimos, manifestaciones de ese periodismo detallista y observador tan suyo". ***OpXGG***: "*Táboa Redonda* cadrou co nacimento _ou afloración_ de toda unha serie de poetas e escritores lugueses e foi o seu órgano de expresión". O 17 de febreiro de 1993, *T.R.* publica unha *Nómina (incompleta) de colaboradores*, na que aparecen _amais dos tres directores, Xosé Trapero. Pedro de Llano e Xosé de Cora. e dos dous directores de T.R., Ánxel Fole e Juan Soto _, os seguintes colaboradores: Adolfo de Abel Vilela. Xosé Enrique Acuña, Xesús Alonso Montero. Alfonso Álvaro Rodríguez, Higinio Albarrán, Manuel Andújar, Nicandro Ares Vázquez, Valentín Arias López. Herminio Barreiro, Xosé Barreiro Gómez, Constantino Bértolo Cadenas. Manuel Blanco Castro. Manuel Blanco Rábade, Luis Manuel Buján, Jesús Burillo, Antón Buxán. Darío Xohán Cabana. Pilar Campo Domínguez. Miguel Cancio, Xulia Cantalapiedra, Carlos Casanova. Miguel Castelo, Luisa Castro, Xosé Conde, Evaristo Correa Calderón. Xosé María Costa. Antonio Costa Gómez. Álvaro Cunqueiro. Juan Cueto, Enrique Chao Espina. Violeta Demonte, Olga Díaz. Isaac Díaz Pardo. Rosendo Díaz Peterson, Lois Diéguez. Marino Dónega Rozas. Xosé Dono, Antonio Esteban, Pablo Rubén Eyré, Ramón Fernández Mato, Miguel Anxo Fernán Vello. Francisco Fernández del Riego. Manuel María Fernández Teixeiro. Celestino Fernández de la Vega. Xosé Filgueira Valverde. Ramiro Fonte, Antón Fraguas y Fraguas. Daniel de la Fuente, Dionisio Gamallo Fierros. Xosé Lois García. Xosé Antón García Cotarelo, Xosé Luis García Mato, Pilar García Negro. Mª do Carmo García Negro, Domingo García-Sabell. José Gayoso Veiga. Pepe Gesto, Luís

Alonso Girgado. Ricardo Gómez Polín, Isabel Gómez Rivas. Camilo Gómez Torres. Noli González Aira. Chema González Barcia, Xesús González Gómez. Vicente González Radío. Carlos González Reigosa. Antón Grande. Bernardino Graña, Eduardo Gutiérrez Fernández. Araceli Herrero Figueroa. José Jurado Domínguez, Xosé Landeira Yrago, Margarita Ledo Andión. Antonio López Acuña. Xaime Félix López Arias. Arcadio López Casanova. Xosé Antón López Dobao. Amador López Valcárcel, Xulio López Válcarcel. Xosé Manuel López Valcárcel. Basilio Losada Castro. Manuel Lourenzo. José Lupiáñez, Luis Maquieira, Juan Luis Marín Escudero, Paco Martín. Ricardo Martínez Conde, Manuel Celso Matalobos. Xosé Moreiras Santiso, Pablo Moure Mariño, Luis Moure Mariño. Manolo Meiriño, Miguel Anxo Murado. Hernán Naval, Manuel Xosé Neira, Gerino Núñez Díaz. José Ramón Ónega López. Xosé Luis Otero Cebral, Xerardo Pardo de Vera, Ramón Otero Pedrayo. Xulio Pardo de Neyra, Narciso Peinado. Reimundo Patiño, Moncho Paz, Juan Marcial Pereira, Lois Xosé Pereira. Ramón Pernas López. Beatriz Pin, Ramón Piñeiro López. Pedro de la Portilla, José Luis Quiroga. Xesús Rábade Paredes. Ramón Reimunde Noreña. Manoel Rico Verea, Nicanor Rielo Carballo. Xavier Rodríguez Barrio. Claudio Rodríguez Fer. Manuel Rodríguez López. Luís Rodríguez Rodríguez. Pedro Ruibal Pardeiro, José Luis Salgado Diéguez, José Sánchez Reboredo. Camilo Santomé Castro, Luís Seoane. Olegario Sotelo Blanco. Xohán Manuel Sotelo Casado, Xulio Teixeiro, Rafael Torres Mulas. Ramón Touceda, Emilio Valadé del Río, Elena Valverde, Juan Bautista Varela de Vega, Amable Veiga Arias, Fiz Vergara Vilariño. Manuel Vidal Villaverde, Helena Villar Janeiro. Ramón Villares Paz. Damián Yáñez e Antón Yebra de Ares. Na actual etapa coordinada por Álvarez Vilabrille. cómpre engadir os nomes de José Luis Andújar Matalobos, como ilustrador, Manuel Darriba, Fernando Salgado García. Rosa Fernández, Antonio Barba, Norberto Cabrera, Santiago Jaureguízar, Antón Patiño Regueira, Pepe Coira,

Francisco Arias Solís, Ricardo Martínez, Maggi Sobenes, Jesús Álvarez González, Carmen Sierra, Pilar Peruga Garzón e J. Miguel Novo.

Tarrío Varela, Anxo. Ensaísta e crítico literario. Foi profesor de Lingua no Colexio Universitario de Lugo nos primeiros anos oitenta. Autor de *Lembranza da Xeración Nos* (*I Xornadas da lingua galega no ensino*. Xunta de Galicia 1984) e de *Literatura Galega. Aportacións a unha Historia crítica* (Xerais. 1994). Participou como xurado no premio *Ánxel Fole* (1993). ***Op***: "En toda a súa obra, Fole gustou de centrarse en escenarios enxebremente galegos, e máis concretamente lucenses, das terras apartadas da serra do Courel, das comarcas de Quiroga e do Incio, pertencentes á Galicia máis inédita e atrasada, custodiadora de ancestrais costumes e máxicas cosmovisións que o autor fixa na súa escritura con grande naturalidade e fluidez narrativas. O medo nocturno, a superstición, a experiencia parapsicolóxica, o soño premonitorio, o humor galego máis encoirado e sutil á vez, conforman un ámbito inconfundible no que Fole se move con plena familiaridade. Ata tal punto que a etiqueta de autor realista é a que mellor convén ó seu modo de facer, por canto non parece propoñerse outra cousa que describir o que os seus ollos e o seu espírito captaron daquelas terras, daquelas paisaxes e das súas xentes, con técnicas moi próximas ás do narrar popular, con localizacións espacio-temporais aparentemente precisas, testemuños de autoridade, manuscritos atopados, sartas en estructuras de caixa chinesa e, frecuentemente, en primeira persoa testemuña ou informada pola transmisión oral ou por outras fontes presuntamente fidedignas".

Teijeiro, Paco. Amigo de AF. Vendía viño do Lor, dos Quiroga, segundo di don Ánxel en *Nuestro tiempo* (*HdelL*. 17-II-1969).



Un achegamento fotográfico de Pepe Tejero a Fole

Tejero Fernández, Xosé Luís. Redactor gráfico de *El Progreso*. As seguintes publicacións están ilustradas con fotografías súas de AF: *Libros & Escritores de Galicia para o mundo* (AGE 1993), *Cuentos para leer en invierno* (Espasa-Calpe 1986), *Los protagonistas del año del cometa 1986* (Difusora Internacional. 1987), e *Ánxel Fole. Contar y cantar* (Sociedad General de Autores de España. 1987), así como diversos exemplares de *El País* durante os anos 1985-86.

Tempo galego. Revista semanal de Galicia. Editada por Gerardo Touris e dirixida por Lois Celeiro, publicou dous números. AF colabora nela cos artigos *Día a día. Aquel outro don Ramón...* (sobre Otero Pedrayo) (nº0. 16-VII-1982) e *Día a día. Eufonía do galego* (nº 1. 15-IX-1982).



Remate da *Teoría...* no seu manoscrito

Teoría de la Supervivencia Cíclica. Hipótese filosófica matinada por Fole nunha época de esculca interior. O escritor, que daquela asinou algún traballo con pseudónimo de *Plurego* (*Pluribus-egos*), distinguía como componentes da persoalidade de cadaquén, o *Yo*, os *Yos*, os *Yos extraños*, *mis Yos* e outras abstraccións que conformaban a *Teoría de la Supervivencia Cíclica*, ou o *eterno retorno de las conciencias*.

Capa da primeira edición de *Terra brava*

Terra brava. Segundo libro de AF. Encetado o seu traballo na Casa Grande de la Puebla en O Incio (1952), AF rematouno en Lugo un ano despois. Ós temas xa anunciados en ALDC, o autor engade agora opinións sobre literatura, crítica social, galeguismo. O resultado satisfixo moito máis a AF que a súa primeira experiencia editorial. Anticipa o seu título en varios artigos: ***PE***: *Tierra brava* (EPG. 25-IX-1935), publicados vinte anos antes. Carlos Maside realiza a súa última xilografía para a primeira edición de TB, logo de que deixase ese tipo de

Fole, na nova redacción de *El Progreso*, hoxe de Lugovisión

traballos vinte anos antes. Os gravados interiores foron, como no caso de ALDC, de Xohán Ledo. O libro contén unha "Solaina" dividida en cinco partes e de oito narracións, das cales, tres subdivídense en outras tres. Edicións: 1ª (Vigo. Galaxia. 1955). 2ª (Vigo. Galaxia. 1976). 3ª (Vigo. Galaxia 1985) 3ª (Edición especial de cincocentos exemplares do Concello de Lugo co gallo da V Semana de Linguas Ibéricas. Vigo. Galaxia 1985), precedida dunha frase manoscrita do autor: "A fala é o que se fala". ***AF***: "TB escribina no Incio. Daquela tiña a cabeza abarrotada de temas galegos por desenrolar e saían as cousas cunha facilidade asombrosa, porque TB está moito mellor escrito que ALDC, cun galego moito mellor, porque, xa digo, tiña esa teima do galaico e as cousas iban xurdindo a borbotóns". (HdeF). Cunqueiro recibe o libro dicindo en *Vida Gallega* (VIII-1956) que "*Terra brava* es una de las lecturas más sabrosas que haya hecho en estos tiempos. Una

antigua y cordial amistad con Ángel Fole, de la que tanto él como yo hemos contado, no me puede hacer callar la calidad excepcional de este nuevo libro del escritor lucense. Un regalo para el lector, y un regalo para la literatura gallega que con él se engalana". En 1970 *TR* reclama públicamente a Galaxia unha segunda edición de TB, que chegará seis anos despois. Di que o libro, esgotado nas librerías, "es solicitado continuamente por los lectores", pero "lo más sorprendente es que, mientras tanto, (Galaxia) está lanzando segundas ediciones de títulos que se agotaron bastante después que el de Fole y cuyo éxito no fue, desde luego, superior al de *Terra Brava*". ***OpRCC***: "En *Memorias de Tains*, Mourullo. (...) escrebe, ao que se semella, só para intelectuais. Procede por compilación. E como en *Terra Brava* o intelectual que é Fole procede por simplificación, estes dous derradeiros exemplos da narrativa galega preséntanse como polos opostos da técnica do conto. (...) O meu gosto inclínase cara fórmulas menos radicais: a fórmula do conto de Castelao, menos primitivo que o de Fole; a fórmula do conto de Otero Pedrayo, menos elaborado que o de Mourullo". Na edición patrocinada polo Concello de Lugo, TB leva unha dedicatoria impresa de Fole recollendo o seu diagnóstico lingüístico: "A fala é o que se fala". ***OpCRF***: "Tan popular como a temática e a técnica de Fole é a lingua que utiliza, que trata de recorrer directamente _case magnetofónicamente_ da boca do pobo. Esta captación da realidade lingüística conleva pois a inclusión das numerosas variantes dialectais do galego, dos arcaísmos que aínda se conservan, dos vulgarismos, dos barbarismos e dos casos de diglosia, estes últimos provocados pola penetración castelá". ***OpROP***: "En un bello y triste artículo de este último Nadal contaba Ánxel Fole un momento de su soledad. Nos ha quedado, de aquel artículo un recuerdo como de lluvia en claustros de olvido. Nos alegra la salida al mundo de los cuentos de *Terra brava*, Con tantas leales y verdaderas voces no podrá nunca estar solo su autor". (*LN*. V-1956 e *EP* 23-V-1976). Topónimos citados en *Terra brava*: Alto

de Lúxara, Argonde, Ber, Bonxío, Bustofrío, Cabude, Canedo, Carranchá, Castroncán, Caurel, Cebreiro, Corbelle, Crus do Incio, Chantada, Engroba, Ferreiría, Foilebar, Forgás, Freituxe, Godral, Gondriz, Hospital do Incio, Lebón, Lóuzar, Lugo, Mondoñedo, Outonín, Pacios de Veiga, Padorna, Pobra de Brollón, Portomarín, Rexoá, Rubián, Sarria, Támboga, Teixiz, Terra Chá, Trascastro, Triacastela, Val do Mao, Viduedo, Vilapedre, e Vilaxoán.

Textos literarios sobre Lugo y su Provincia

EDICIONES "CELTA"
MADRID-LUGO
1963

Na segunda metade do século, Fole xa é un referente de Lugo

Textos literarios sobre Lugo y su provincia. Escolma de textos realizada por Xesús Alonso Montero e Enrique Santín Díaz, co gallo das IX Jornadas Literarias del Ateneo de Madrid e coa colaboración da Dirección General de Información, celebradas en 1963 (Ediciones Celta. Madrid-Lugo 1963). O libro recolle textos de 37 autores, entre eles, catro anacos de *Á lús do candil*. de AF.

Tía Farruca. Personaxe do conto *Esporretar*, incluído no libro HQNC. Este é o nome da muller que ten unha fonda onde paran "tres cabaleiros de moi escrarecido linaxe" que van de caza ós montes do Courel. A fonda estaba situada "mesmo en Villarbacú". Á hora do almorzo, a tía Farruca preguntalles como queren as sopas de centeo, "¿Esporretadas ou sin esporretar?" Ante a resposta de "esporrentadas", a muller meteu dous dentes de allo na boca e despois de mastigalos ben, "asoprou con forza pra fóra e ciscou as trincas de allo enriba das sopas dos cazolos".

Tía María ou tía Trécola. Personaxe protagonista do conto *As trasnadas do Toño*, incluído no libro TB. Era irmá do pai do Toño, "viúva de moito tempo e tiña a súa filla casada na Cruña. Sabía ler, escribir e coser a máquina... Era pequenota e morena. Vestía de loito e levaba botinas. Xa andaba polos cincoenta e

tantos anos e ben tantos. Era unha muller moi limpa e xeitosa. Tamén era boa cociñeira e facía toda cras de lambuxes, pois estivera a servir máis de catro anos... Gobernábase moi ben e vivía cunha criada, a Liberata..." Amosábase moi preocupada pola educación do seu sobriño, o Toño, o que continuamente repetía: "Quero que chegues a sere un home de proveito na vida e que te vallas por ti mesmo, e si saes agudo e apricado e che cae ben o estudio, quen sabe se, Dios mediante, podrás estudiar a crego..." Entre os veciños tiña sona de "de sere un pouquichiño dada ás meiguerías..." É sabedora de quen está detrás de todas os "misterios" que acontecen na súa casa, mais sopórtaos pois quere moito ó seu sobriño.

Tía Ramona. Personaxe do conto *O traxe do meu tío*, incluído no libro ALDC. Era unha muller duns cincuenta anos, "pequena e enxoita". Mestra de escola no Páramo. Cando morre o seu home vai vivir a casa do narrador desta historia. Un día que visita a seu irmán, o tío Pepe, contálle unha visión que tivera a noite pasada, nela anunciábase a morte deste.

Tío Pepe. Personaxe do conto *A cabana do carboeiro*, incluído no libro ALDC. Vivía só nunha casa vella da Folgueira. Había anos que non saía de alí por estar enfermo do corazón. Vivira en Cuba durante máis de vinte anos, por iso sempre estaba a contar historias ben interesantes, acontecidas entre piratas no mar do Caribe.

Tiberio. Personaxe da obra de teatro PDD. "É un mozo novo. Calza galochos e leva unha pucha cun burato no curuto, por onde lle asoman uns guechos".

Tobío Fernández, Lois. Diplomático, escritor e cofundador do Seminario de Estudos Galegos. Coñece a AF en Santiago, e o lugués lembra en artigos que moitas veces sentira dicir a LT que o seu pai fora amigo do bardo Pondal. Unha irmá súa casa con

Pedro Martul. de quen AF conta moitas historias como prototipo do gran fabulador. ***Op.*** "No mes de outubro de 1954 dicíame Fole, nunha carta que me escrebeu a Montevideo, que por aqueles días atopábase en Santiago, onde fora despois de dazaoito anos de ausencia, e que lembrara alí as conversas que tivéramos polo 33. ¡Aquelas conversas arredor do patio da Universidade, "en voltas innumerábeis, ou no Español", en que de todo se falaba e nas que as intervencións sentenciosas, agudas, por veces cáusticas, do Fole puñan unha nota grave na coorida polifonía verbal! Estouno vendo coaqueles seus ollos furadoiros e mansos, os seus xestos contidos, mesmo tímidos, o seu eterno pito malo de arder nos beizos ou nos dedos mouros de nicotina. Falaba a modo, graciosamente, cun señorío rural que remataba por engaiolar e dominar". Nas súas memorias, *As décadas de T.L.* (Ediciós do Castro. 1994), Tobío fai unha referencia de AF en Santiago: "Por aquelas tertulias e xuntoiros pasaron moitos dos rapaces que tiñan un ferronciño cravado no espírito e que nalgúns casos, chegarían a agromar en obra importante e perduradeira: coma Ánxel Fole, enclaustrado, bohemio, cun eterno pito malo de arder nos beizos, a meditar, calado, nos seus contos futuros". ***AF***: "Tobío aprobou as oposicións ó Corpo Diplomático, e a Sociedade de Nacións pagoulle unha viaxe por Europa. Cando volveu, traía uns discos tiroleses e unhas botellas de vodka. Foi o primeiro vodka que eu tomei. Despois destinárono a Rumanía e ó rematar a guerra exiliouse en Uruguay".

Toño. Personaxe do conto *¿Egua ou cabalo?*. incluído no libro CDN. Pertence á "peña do Metropol". el é dos que opinan que o animal representado no cadro é egua "pois non ten aquelo, o mexadeiro, despois da barriga, antre as pernas".

Toño. Personaxe do conto *O espello*, incluído no libro ALDC. Criado do pazo, duns vinte anos que agarda xunto a tía Rosa a chegada dos sobriños. Falaba pouco sen ter por que.

Toño. Personaxe protagonista do conto *As trasnadas do Toño*, incluído no libro TB. Amigo persoal do narrador da historia, pois un e outro eran "nativos da Reixoá". O Toño botara vinte anos en Cuba, máis tarde marchara a Bilbao e Asturias, e perdera de vista as súas amizades. O día que se reencontraron foi na casa do Marcial na Ferrería, e nun xantar lembraron vellos tempos. De neno o Toño tiña "cara de leite fervido e os pelos loiros e bravos... era listo coma o lume e sempre andaba a matinar alortías... Tamén era o que máis lata daba a escola". Tiña unha tía que lle chamaban tía María e de "alcuño" a Trécola, que durante a súa nenez se preocupou moito del, non só no terreo da educación senón tamén no que respecta á mantenza. Durante a estadía na casa desta muller, o Toño fixo moitas falcatruadas; desde facer crer a todo o mundo que o gato da súa tía estaba posuído polo demo, ata robar dunha cesta un centolo e metelo no pote do caldo, pasando por pintar un ovo de pita de azul.

Toro Santos, Antonio Raúl de. Autor da edición e introducción de *Galicia desde Londres. Galicia, Gran Bretaña e Irlanda nos programas galegos da BBC 1947-1956*, (Xunta de Galicia 1994), volume no que se recollen os traballos emitidos no *Galician Programme* desa emisora, entre eles, tres de AF.

Capa de *Contar y cantar*



Torres Mulas, Rafael. Escritor e xornalista madrileño. Realiza a derradeira entrevista a AF cinco días antes do seu pasamento, o 4 de maio de 1986, no domicilio de Montero Ríos. na compaña dos tamén xornalistas Pilar Ortega e Xosé de Cora. e mais de Teté Latas. Aínda que o destino da entrevista, na que AF intúe malos presaxios _"parece como si soplara un viento de muerte sobre mis amistades. Yo qué sé la racha de amigos que se murieron en estos últimos años, me

quedé solo para hablar"_, era o diario *Ya*, foi publicada en *El Progreso* nas páxinas especiais preparadas co gallo da morte de AF un día despois desta, o 10 de maio. Autor do folleto *Ánxel Fole. Contar y cantar* (Sociedad General de Autores de España. 1987), con fotografías de Xosé Luís Tejero. Participa nas mesas redondas de homenaxe a AF que a SGAE organiza en Lugo e Madrid o mes de maio de 1987, no cabodano do escritor lugués. *Op*: "Hablar con Ánxel Fole es hablar de todo, y nunca mal de nada ni de nadie. Parece como si por nada del mundo quisiera manchar su purísima pasión por las palabras. Imposible, por otra parte, el juego tradicional de pregunta-respuesta; como mucho, el reportero puede aspirar a que la carga de profundidad de alguna pregunta estalle cerca de la nave submarina y le estremezca. Porque para don Ánxel Fole la vida parece ser un estremecimiento en cuyas vibraciones pueden hallarse, dispersos, humildes, diminutos, los cristalitos de la verdad".

Torre Ruiz, Andrés. Profesor de Historia da Filosofía de AF na Universidade de Valladolid. ***AF***: "Ó final, matriculeime en Filosofía e Letras e o meu interese polo Dereito pasou a segundo plano. En realidade, a culpa foi dun profesor moi bo, que explicaba Historia da Filosofía, don Andrés Torre Ruiz, un antigo compañeiro de promoción de Ortega e de García Morente. (...) Hablaba paseando por la tarima y fumando unos pitillos que a nosotros nos daban envidia. Costaban una peseta con diez céntimos, se llamaban Ideales y nos daban envidia". Anos despois, en Quiroga, AF coñece que o profesor fora condenado a morte polos nacionais, que lle ofreceron salva-la vida a cambio de que renegase das súas ideas. "¡Pobre don Francisco Torre Ruiz!"

Trapero Pardo, Xosé. Escritor e xornalista. Director de *El Progreso* (1969-70), subdirector durante toda a etapa anterior de colaboración de AF (1940-69) e compañeiro seu na Academia. onde entrou a proposta de Fole e doutros dous membros. En



A xente do *Progreso*, na versión de Mouriz: Ramón Valiña, Salvador Castro, Alejandro Amieiro, Angel de la Vega, Ánxel Fole, Xosé Luís Vega, Paco Rivera, Xosé Trapero, Juan M. Gallego Tato e Puro Cora

moitas das sesións da RAG, Trapero levou a representación de AF e o sáudo para os amigos. Autor dalgún dos debuxos que ilustraron en *EP* artigos do *Cartafolio* e do que acompaña ó conto *Unha morte sin rastro* en HQNC. ***OpPdeLl***: "Trapero Pardo me contaba que una vez (AF) compró unos zapatos que le lastimaban mucho, cuando se descalzó, todos se dieron cuenta

de que se había olvidado de quitarles los cartones que llevaban dentro". No volume ELAF, Trapero fala de *A poesía na obra de Ánxel Fole* e di: "Ánxel Fole foi estudeado como estilista da lingua galega, como revividor de vocabros i xiros esmorecidos ou que están a esmorecer, como autor de libros, até na sua sinxela persoalidade. Non embargantes, poucos _posíbelmente ningún_ lle adicou un ensaio como poeta. Fixo versos Fole. Mais non se atopa niles a perfeución das suas outras obras. E porque Fole escribe de todo o que tenta o seu intrés, tamén en todo verque poesía, xa seña un conto, un ensaio, un artigo costumista, a conversa con un persoaxe real ou finxido". ***Op***: "Fole era unha alma aberta a todo o lugués e o galego. (...) Era un gran literato y un gran poeta, cosa ésta que casi nadie hace destacar". Tamén: "Ánxel Fole, lugués, galego, desvelador de misterios do trasmundo; gustador de toda beleza e de todo o que Deus puxo na terra; o vivificador de vocabros enxebres que se iban perdendo no tráfago da vida de hoxe; o conocedor dos camiños e carreiros da bisbarra de Lugo, que il percorreu ollando páxaros, conversando con labregos, pescudando o nome de frores, e de prantas; Ánxel Fole, fóisenos paseniño no decorrer dunha noite". Autor de *Ánxel Fole, ourive das letras galegas* (Outeiro nº21. VI-1986) e de *Apagouse docemente o poeta, o soñador, o ilustre lugués* (*EP*. 10-VI-1986).

Triscos

Trifón Caldereta. Personaxe real, nomeado no conto *Suicidio frustrado*, incluído no libro CDN. Home do que din que dorme nas "covas de area" e que vive "coma un verdadeiro troglodita".

Triscos. Único libro que publicou en vida o poeta Luís Pimentel (Benito Soto. 1950). Fole é autor do prólogo (*vid* Vázquez Fernández-Pimentel. Luis).

Trueba, Fernando. Director cinematográfico. Antes da súa primeira longametraxe, *Ópera prima*, é axudante de dirección na rodaxe de *O cadaleito*, de Enrique Rodríguez Baixeras. baseado nun conto de Fole.

Tudense II. Pseudónimo utilizado por AF en referencia ó patronímico de Tui, e probablemente, a Lucas de Tui, escritor chamado *El Tudense*.

Tuñas Bouzón, Xosé Xornalista. Publica varios artigos sobre don Ánxel no *FdeV*, entre eles, un titulado *La primera novela policíaca en gallego*, referida en realidade a un dos relatos de *Contos da néboa*. ***Op***: "Porque Ánxel Fole contou todo o que quixo contar o traveso dunha pura e concreta visión cinematográfica. Tiña, por iso, unha memoria visual con obriga de traducila a unha mensaxe de verbas, pro sempre cunha feitura de imaxes escollidas e compostas en xeiras narrativas... De feito, calquer relato de Ánxel Fole, pódese partir e repartir

Fole, Tuñas e García Bobadilla falan do mellor de Lugo nunha xuntanza de axentes turísticos. Na fotografía, tamén Manuel Rodríguez Peña

en bandas de guión cinematográfico: _Situación de planos que recollen a aución e suplen narración oral; en cadencia de planos longos, panorámicos, meios, primeiros planos, fundidos, encadenados..."

Túzaro, O. Personaxe do conto *Os cas da torre de Lopo*, incluído no libro HQNC. Este home foi o que atacou a Mariquiña na agra onde estaba o Xocas cos seus cans. Ante os berros da rapaza acudiron a socorrela os cans e mais o seu dono. "Daba tremor o cadavre do Túzaro. Un ollo estoupado e botado fóra. Escoáballe o sangue do pescozo. Catro dedos da mao dereita estaban tortos, por ter os seus ósos crebados. As nachas estaban esmagadas e cobertas de sangue. A roupa, toda esmedrellada, esganifada, tanto a chaqueta como os calzós".

U

Labrego de O Caurel.

Uxío de Teixiz. Personaxe protagonista da historia narrada por Fiz de Cotovelo no conto *O arreguizo*, incluído no libro TB. Este home xúntase para cear con tres amigos máis, o Pepiño da Alborga, o Garibaldo, e o Fiz de Cotovelo, en "cas o Alláparo". O Uxío "era un mozo moi ben prantado. Iba por dous anos que lle facía as beiras á Rola de Trascastro ... o pai da rapaza, tíñao xa por seu xenro e deixábao que entrase na casa..." Pero non é el só a loitar polo amor da Rola, hai outro home, o Falcón, que a persegue e que quere casar con ela. Anos máis tarde da tráxica morte da rapaza, o Uxío marcha daquelas terras "pra o Norte... casou eilí e xa leva os fillos criados".

V

Valcárcel, Xesús Manuel. López Valcárcel, X.M. Profesor e poeta. No volume ELAF participa co conto *A viaxe*, inspirado en *Morre en accidente de automóvil o libreiro lugués don Segundo Daponte*, de Ánxel Fole.

Valcárcel, Xulio. López Valcárcel, Xulio. Poeta. *Op*: "Gracias, D. Ánxel, por aquelas conversas de chuva sábia e de horizontes que se esforzaban cara un Mar ao que ningún chegamos: Meu irmau, o Xavier Barrio. Fiz Vergara. Claudio. o Paco Campos... Os amigos todos e "Juanito" Soto. fiel, como un amado fillo que o entendía todo".

Valdemar. Lugar de Portomarín. AF explica a súa etimoloxía Val do Lombar/Valdelomar. Cita ó ilusionista Conde de Valdemar, así chamado por ser natural de Valdemar e polo seu apelido, Conde.

Valente. Personaxe do conto *A caixa de morto* (ALDC). Ía ó fronte dunha partida de oito homes, e dúas mulleres. Este home botárase ó monte porque matara ó pai da súa noiva.

Valente de Cospeito. Personaxe do conto *Suicidio frustrado*, (CDN). Chega ó camposanto no momento en que o abandonan o narrador e o concellal. "Baixou do auto, cun grandismo ramo de froles, un home de cuase dous metros, cun dedil no dedo de mata-las pulgas", e dirixiuse á sepultura de Amparito. O narrador pídelle que o leve no seu auto a Lugo, e durante a viaxe confesa que el era o dono de todos os obxectos que atoparan riba da lápida. O caso fora que en troques de aquel

cepillo encontrado no cemiterio, el tiña pensado meter no seu peto unha pistola para se suicidar, mais unha chamada de teléfono uns segundos antes de saír da casa, fixera que se confundira de obxecto. Recoñecido o intento de suicidio, pregou ó seu amigo que non contase nada daquilo, pois "Dáme tanta vergonza, que collerei o barco pra América".

Valerio. Personaxe do conto *Ventureira xornada*, (SB). Este xunto co Cornelio diríxense cara á feira.

Valerio. Personaxe do conto *As meigas atinan sempre* (ALDC). Viviu en Torgán, e logo en América; alí casará coa Varisa.

Valladolid. En 1927 AF comeza nesa cidade os estudios de Dereito e Filosofía e Letras, que continúa nas universidades de Madrid e Santiago. Dende Valladolid, vivindo nunha pensión de estudiantes da rúa Teresa Gil, remite os seus primeiros artigos ó xornal lugués *La Provincia*. o primeiro deles sobre o terceiro centenario da morte de Góngora (*LP*. 17-I-1928). O profesorado da Universidade castelá _principalmente Andrés Torre_, é



A Universidade de Valladolid, fotografada na época de Fole

determinante na súa futura concepción vital. ***AF***: "Valladolid foi unha cidade moi chocante. Recordo toda aquela cidade, que xa era bastante grande comparada con Lugo. Recordo os espléndidos paseos que tiña, os paseos das Moreras, a praza de touros, o monumento a Zorrilla, a rúa dos señoritos..." ***PE***: *Valladolid 1928* (*HdeL.* 28-III-1977).

Valle-Inclán, Ramón María del. Escritor. Un dos autores preferidos de AF. ***AF***: "Si, as miñas grandes ademiracións literarias son Valle-Inclán ou Gabriel Miró. por exemplo, pero iso non é ningunha contradicción. Outras das miñas grandes ademiracións líricas é Rosalía. coma Teixeira de Pascoaes, sin perxuicio da grande ademiración por Jorge Guillén ou Antonio Machado. De Castelao ademiro profundamente o seu grande humorismo. É un grande escritor e debuxante do humorismo". Fole defende a Valle nos seus artigos, cando este é acusado de traidor por un sector do galeguismo. ***PE***: *Mi primera lectura de Valle-Inclán* (*EP.* 27-V-1979).

Van Gogh. AF considera a VG como o seu pintor predilecto. Noutras ocasións, "a *monsieur* Henry Matisse".

Café bij avond, un Van Gogh moi foleano

Varela Jácome, Benito. Profesor emérito da Universidade de Santiago. En 1951 publica en Porto y Cía. a súa *Historia de la literatura gallega*, que é o primeiro libro no que se recoñece a AF como escritor e narrador galego, aínda que nese ano, AF non tiña publicado o seu primeiro libro, ALDC. Filgueira destaca que nesa referencia só aparece como autor dos *Apuntes* para a academia Balmes. e que o seu primeiro libro publicado chega serodio, cando o autor conta xa cincuenta anos. Autor de *Singraduras da narrativa galega* (Librigal. 1973), no que antologa o conto *¡Aleluia!*, de ALDC.

Varela Pérez, Mauro. Avogado. Deputado e ex-vicepresidente de Caixa Galicia, entidade coa que *El Progreso* crea e mantén o Premio Literario Ánxel Fole. No acto da presentación do premio, dixo que a idea de instituílo "responde ó desexo de perpetuar a lembranza dunha personalidade tan sobranceira como a de Ánxel Fole".

Varela Vázquez, Xesús Lorenzo. Poeta. Compañeiro de estudios de Fole. Máis adiante coincide con AF e con Ramón Piñeiro na época da fundación das Mocedades Galeguistas. AF escribe en *Ontes. Lembranza de Lorenzo Varela (Cadernos do Ateneo Ferrolán* nº2. XII-1983): "(A Lorenzo Varela sempre o vexo con fondo de Lugo. A Catedral, a Muralla, os Cantos da Praza Maior, polos anos do trinta e dous e trinta e tres. Todos lle chamamos Xesús, o arxentino. Iba pola nosa peña do *Hielo-Bar*, na rúa de San Marcos. Acompañábase de Manolo do Parque, de Ramón Piñeiro, Ramos Mesa, Pepe Gayoso...) (...) Lorenzo Varela era braquicéfalo e tiña unha cara "leonina", o que se di, de nachas anchas e ollos grandes e mouros". En 1940 escribe a elexía *Eramos tres irmáns*, na crenza de que Fole e mais Piñeiro están mortos, segundo a errónea información de *Nova Galicia*. Trala guerra e o exilio arxentino, volta a España, onde é recibido "con frialdade e incomprensión", segundo os seus biógrafos. "Só Ánxel Fole en *EP*, e Xesús Alonso Montero en *Triunfo*, informan da súa chegada". ***OpIDP***: "O que máis gravado me quedou de Fole foi o seu reencontro con Lorenzo Varela, con quen estudiara e tiña loitado nas Mocedades Galeguistas. O día que levei a Lugo a Lorenzo Varela a xantar con Fole, este mostrou unha emoción moi grande polo reencontro no que tamén participou Celestino Fernández de la Vega, e resultou verdadeiramente emocionante, xa que non se viran desde o ano 36, e esto era no 76". ***OpLS***: "Lorenzo Varela (...) adicoulle un poema xunto con Ramón Piñeiro lembrando uns anos de Lugo en que xunguíanse os tres en fonda amistade a

pesar da lixeira diferencia de edade entre Fole e os dous amigos, co gallo de unha falsa noticia chegada a Buenos Aires". Seoane refírese ó *paseo* de Fole e Piñeiro. (*vid* Nova Galiza).

Vargas, Ricard de. Xornalista de *Canigó*. Setmanari catalá d'informació general, que no seu nº415 (20-IX-1975), publica unha entrevista con AF, titulada *Ánxel Fole: contista popular gallec*. Preguntado se forma parte da Xeración Nós. o escritor contesta: "*Em sento integrat en ella. I penso que tenien raó en els seus plantejaments. El fet diferencial: nosaltres som nosaltres, sí senyor!*".

Varisa. Personaxe do conto *As meigas atinan sempre*, (ALDC). É a muller de Valerio, "unha rapaza moi xeitosiña por certo". Esta encarga os servicios da Meiga de Torgán para recuperar tres pitas que lle roubaran. Conseguida a información da ladroa, pretende pagarlle a Meiga cunha ducia de ovos, en lugar do "cabirto" que lle prometera. A de Torgán, amolada polo mal pago, prediciralle que lle comerán os lobos o animal que non lle deu; e así aconteceu.

Vázquez Cereijo, José. ***Coté Pimentel.*** Pintor. Fillo de José Vázquez Fernández-Pimentel e, polo tanto, sobriño do poeta Luís Pimentel. Mirou por Maruja Mallo e axudouna cando a pintora de Viveiro, unha vez máis, estaba esquecida. Da súa pintura escribe AF: "Estas torturantes figuras parecen surgir de una bruma onírica. Expresan excepcionales estados de inquietud, obsesión y terror. Unas formas distorsionadas que rozan lo monstruoso. No nos sorprenderíamos si el autor de estos grabados nos dijese un día que tal vez se tratase de una reminiscencia de cierto angustioso sentimiento de claustrofobia".

Vázquez Cuesta, Pilar. Catedrática e traductora. Autora do capítulo *Literatura gallega* en *Historia de las Literaturas Hispánicas no Castellanas* (Taurus. 1980).

Sampaio, Celestino, Manolo del Río, Pimentel, Pepe Mouriz e Fole

Vázquez Fernández-Pimentel, Luis. ***Luís Pimentel.*** Poeta e médico. Fole é o autor do limiar do único libro publicado en vida do poeta , *Triscos* (Colección Benito Soto. Pontevedra 1950), e tamén, con toda probabilidade, o seu traductor ó galego. Alí, baixo o título *Fondo de espello*, AF destaca del que é un dos grandes poetas de Galicia: "Iste libro, *Triscos*, é un tributo que o poeta rinde á lingoa da terra nativa, tan enxebremente sentida ó longo das súas páxinas". Recoñece en Pimentel "a sobriedade formal que adxetiva de si mesma a millor lírica de tódolos tempos: poesía poesía". Nove anos despois, Fernández de la Vega escribirá *Vida e poesía de Luis Pimentel* como prólogo ó libro *Sombra do aire na herba*. ***OpCFV***: "Un dos amigos de Pimentel que máis compaña lle facía e que máis o animaba a escribir e pubricar, nises anos de depresión e retraimento, era Ánxel Fole. Il foi o que nos levou a todos nós _a Piñeiro. a min, a Loriente_, á casa do poeta. Tamén foi o primeiro en valorar debidamente a súa poesía pubricando artigos encol da mesma xa ende o ano 35. Prá fina perceición de calidás literarias e poéticas do autor de *Terra brava* non podía pasar inadvertida a obra i a persoa do seu entranábel amigo". Fole tamén falou de Pimentel en *La poesía de Luís Pimentel*

Pimentel, Manuel María, Quiza, Celestino e Fole

(Radio Monforte 23-X-1954), *Con fervor y con dolor* (*EP.* 23-II-1958), *Días lentos, años raudos* (*EP.* 13-II-1960); *Luís Pimentel, poeta preferido de los jóvenes gallegos* (*EP*, 25-VI-1960); *Poemas del silencio* (*LN* .27-XII-1960); *Luís Pimentel, traducido al italiano* (*EP.* 29-I-1962), *La Caracola* (*EP.* 16-VI.1957), *En unos días grises* (*EP.* 15-IX-1963), e *Fin de un anochecer de estío, 1923* (*EP.* e *Cartafolio de Lugo* 1981). ***AF***. "Luís foi a quen máis tratei de tódolos Pimenteles. Falabamos moitas veces no Sanatorio e ía moitas veces á tertulia á súa casa, sobre todo polo ano anterior á República e os seguintes. Tiñamos moita confianza e a min agradábame o xeito que tiña de tratar a literatura e a poesía". ***OpRP***: "O Ánxel Fole e mais eu temos pasado, naqueles anos 30, moitas, moitas tardes con Luís na súa casa da rúa Aguirre. Algunha das visitas ten cadrado coas crises de angustia que o agobiaban de vez en cando, pero en canto nos sentía falar na porta mandaba que pasasemos e nós tiñamos a sensación de que lle producía alivio a conversa, quizais porque neses casos o Fole sempre introducía algunha nota de humor. (...) Sempre lle terei que agradecer a Fole esa xenerosa iniciativa, que deu lugar a que os tres compartísemos moitas e moitas tardes de animado diálogo, que ás veces incluía a lectura de algún poema e, sobre as sete da tarde, sempre aparecía Pilar coa a súa amabilidade xentil a nos traer café con galletas ou algunha outra cousa semellante. (...) Cando a confianza chegou a ser case familiar, e Fole e mais eu chegamos a superar as nosas frecuentes liortas

Jesús Pedrosa, Luis Pimentel, Puro Cora e Pepe Mouriz, arredor duns orixinais do poeta (probablemente de *Barco sin luces*)

ideolóxico-políticas (fóra da casa de Pimentel, claro), tratei de o ir convencendo de que tamén debía de escribir en galego _Fole dominaba maxistralmente o castelán_, pero axiña percibín que sentía unha especie de complexo para se decidir, porque o seu galego era a fala de Lugo e o seu castelán era a destilación do de Quevedo, o de Gracián, o de Unamuno, o de Ortega. o de Gabriel Miró. o de Jorge Guillén, o de Valle-Inclán. o de Azorín etc. A súa auténtica capacidade expresiva era consustancial co castelán. Con todo, pouco a pouco foise sensibilizando ó sentimento do deber coa nosa lingua, admitindo que o pobo soupo conservala pero que é responsabilidade dos escritores convertila en lingua culta. Ó cabo, con certo heroísmo moral, aceptou o compromiso. No caso de Pimentel, en cambio, o problema non era, coma en Fole, o enorme contraste no dominio das dúas linguas, porque o seu vocabulario é máis ben reducido e bastante sinxelo. En realidade, no seu caso consistía en encontrar en certos casos a palabra atinada para expresar o matiz exacto da súa vivencia poética". Fole falaba de que o poeta sente sinceramente non coñecer mellor o galego. Contase, como anécdota non verificada, que nunha crise de identidade de AF e cando Luís Pimentel gardaba cama, achegouse á súa casa e logo de convencer á dona do poeta, Pilar Cayón, para que lle permitise entrar, amosoulle as mans e preguntoulle: "Luís, dime a verdade, ¿estas mans son de muller ou de home?" A causa da dúbida serían uns piropos que alguén lle botara por ter unhas

mans moi fermosas. Dez días despois da morte de Pimentel, Fole escribe o artigo *Con fervor y con dolor* (*EP.* 23-II-1958), no que fala dun drama humorístico que lle lera o poeta, inspirado polo crime dun cartel de cego en Mondoñedo, e protagonizado por un personaxe chamado *O Fatigas*. Segundo Araceli Herrero, non apareceu o orixinal. Tamén lembra Fole a única peza de teatro de Pimentel, *Angustia*, rematada catro ou cinco meses antes de morrer.

Vázquez Barreiro, Luis. Pai de Luís Pimentel e padriño de AF.

Vega Fernández, José Luis. Xornalista gráfico de *El Progreso*. Autor, entre outras, da fotografía *Ánxel Fole, de costas,* (1972) que serviu de portada para a edición de ELAF.

Vega Ugarte, Ángel de. Profesor de Bioloxía, Xeoloxía e Hixiene de AF no Instituto. ***AF***: "Este señor tiña unhas teimas moi raras. A unha hora determinada saía da aula e ía a outro cuarto (...) polo buraco da pechadura os alumnos viron que sacaba un frasco do abrigo, e que o frasco tiña un chupete coma os dos biberóns e que botaba un trago".

A Veiguiña en 1997

Veiguiña, A. Lugar da casa da familia Quiroga, onde AF atopa acubillo despois da guerra e onde comeza o seu máis representativo labor literario en galego. ***AF***: "Moitas veces me acorda un día, alá na Veiguiña, na casa dos Quiroga. en que baixaron da montaña uns rapaces e unhas rapazas que viñan cantando o galego cun acento fermosísimo". ***OpFdelR***: "Agora (1953), dende hai varios anos, Ánxel Fole vive arredado en A Veiguiña, na terra quiroguesa. A paisaxe é alí doce e lenturenta, as frondas, mestas e sedantes. Dá gosto andar polo campo, antre o grave rumor da auga e o repiniqueo das follas, verdes e prata, dos albres". ***OpMRL***: "Ánxel Fole non voltou a Quiroga dende o ano 70. As librerías presentan (1979) xubilosas a terceira eidición de *Á lús do candil*. ¿Que mellor ocasión para viaxar á Veiguiña (...) Compréndese que *Á lús do candil* sexa unha das obras mellor logradas da literatura galega. O escenario onde foi escrita é un dos recantos máis fermosos que teño visto. Os señores Quiroga dispensáronnos unha acollida moi agarimosa. Don Gonzalo e a súa esposa, acompañados polos fillos e netos, e o seu irmán, don Xosé Luis, improvisaron axiña unha xuntanza familiar en atención ó Académico".

Veinte cuentos gallegos. Antoloxía publicada na colección Hórreo de Emecé, en Buenos Aires (1941), na que se inclúe un conto de AF, cando aínda falta unha ducia de anos para a aparición de ALDC. Trátase da versión castelá do relato publicado en *Nós* e pensado para *Auga lizgaira*, *Yo y mi corazón. Elegía, al modo romántico*. Na antoloxía Emecé figuran tamén Castelao. Dieste. Pardo Bazán, Valle. Risco. Otero e Fernández Flórez.

Veral, José. ***Pepe.*** Operador do Cine España. Amigo de don Ánxel, con quen fai tertulia, ben no despacho de Salvador Fole. no cine, ben na rebotica de Antón Figueroa. Home dun peculiar xeito de razoar, foi protagonista de numerosas anécdotas, coma

a que refire a súa visita a Madrid, por onde paseaba pisando na calzada, e non na beirarrúa, xa que "como o pobo español é así, a beirarrúa pode estar chea de mondas de laranxa, e nos esvarar nelas".



Fiz Vergara Vilariño, no seu cuarto de traballo, con Fole sempre presente

Vergara Vilariño, Fiz. Escritor. O 25-X-1970, AF saúda en TR a aparición dun novo poeta, FVV, que daquela conta 18 anos e está a piques de publica-lo seu primeiro libro, *Pra vós* (1971). AF coñece o orixinal, probablemente por mediación de Xesús Alonso Montero. ***AF***: "Diriamos que é un espirito xeneroso, pois tendo unha doencia concreta, percura a miudo as doores dos outros". Na súa casa de Santalla de Lóuzara (Samos), moi preto dos montes tan presentes na obra foleana, FVV rende homenaxe perpetua a AF cunha reproducción da portada de *O conto de nunca acabar* (Concello de Lugo), pendurada na parede a xeito de cadro, e tódolos seus libros nos anaqueis da librería. ***Op***: "Lémbrome ben. O primeiro libro que lin escrito na nosa lingua foi *Á lús do candil* de don Ánxel Fole. Daquela

cursaba terceiro de bachillerato e o meu caudal de lecturas era aínda cativo. Quizais por iso me sorprendeu ver naquil libro contos de meigas e descripcións das terras do Caurel, tan pertas da miña Lóuzara Xabreira. Despois lin máis libros de Fole e atopeinos igualmente cautivantes. Isto fixo medrar en min un gran desexo de coñecer a don Ánxel. No ano 73 Xesús Alonso Montero, o poeta Antón Tovar e máis eu fómolo visitar ó desaparecido Bar Lugo. Alí atopamos a Fole sentado frente a unha cunca de viño, fumando pito tras pito e ceibando os seus estentóreos "¡Sí señor!" A min sorprendeume aquíl home rexo e forte que o mesmo clarexaba a orixe de calquera etimoloxía ca comentaba o último cuadro de Laxeiro. Non tardei moito en consideralo unha verdadeira "biblioteca ambulante". Desde entón somos amigos. Cando vou por Lugo e preciso resolver algunha custión literaria ou lingüística acudo presto á súa sabencia. Don Ánxel é un libro aberto para min e para todos. ¡Oxalá tarde moitos anos en facerlle a elexía!"

Verruga. Bar-restaurante de Lugo citado en *¿E decímolo ou non o decimos?* (HQNC).

Vicense. Pseudónimo utilizado por AF.

Vicente da Toca. Personaxe do conto *As meigas sempre teñen razón*, incluído no libro ALDC. Ten unha casa de comidas en San Martín de Queiroga, onde xantan o narrador da historia e mais o David, o día en que levan a madeira de Savane para Vigo.

Vicentiño. Personaxe do conto *¡Caronte!*, incluído no libro CDN. Vello amigo do narrador, que despois de tempo sen o ver atópao "unha tarde de choiva, polo mes de febreiro... no vestíbulo do cine España".

Vicentiño de Freituxe. Personaxe do conto *O arreguizo*,

incluído no libro TB. Encóntrase na tasca do Souto Grande xunto co Xan de Brais e o narrador da historia. Non comparte a opinión do Xan sobre os lobos, xa que el se ten atopado con eles moitas veces e "non lles tiven máis medo que si foran cadelos"

Vida Gallega. Publicación fundada por Jaime Solá en Vigo (1909). Reaparece en 1954, propiedade de José Iglesias Presa. AF publica nela colaboracións esporádicas. Cunqueiro, colaborador máis asiduo, escribe alí que a obra de Fole contén a revelación de "artexos de beleza que denantes xamais existiran". Lembra Dionisio Gamallo Fierros que o día no que Fole coñece a gabanza de Cunqueiro en *Vida Gallega*, leva unha das maiores satisfaccións, "día triunfal na vida do infantilista trascendente Angelito". ***PE***: *Carril dos Loureiros* (*VG*. Outubro 1959).

Vieiros. Revista do Padroado da Cultura Galega do México, fundada e dirixida en 1959 por Luís Soto Fernández, Carlos Velo e Florencio Delgado Gurriarán. AF colabora no número 2 (outono 1962) co artigo *Paisaxe e saudade*, ilustrado por Arturo Souto. Nese mesmo exemplar, *Vieiros* recolle o comentario de AF fixo en *EP* sobre a saída da revista: "podemos afirmar que *Vieiros* é a revista máis belidamente apresentada de cantas se teñen pubricado en galego deica a data... Ademais do decoro material hai que engadir a amenidade do contido, notabel por tudos conceitos".

Vigo. O 16 de febreiro de 1964, Fole recibe unha homenaxe en Vigo recoñecéndoo como grande creador da lingua galega. ***OpFdelR***: "Na hora do café, Emilio Álvarez Blázquez leu as adhesións recibidas. Álvaro Cunqueiro ofreceu o almorzo, e presentou ao homenaxeado como a un dos creadores da prosa galega moderna. A seguido, Otero Pedrayo entonou un apasionado canto, no que definiu ao narrador como singular camiñante do país galego. Explicou despois García-Sabell o significado deste como revelador da alma rural de Galicia, na



"A fala é o que se fala", algo máis ca unha perogrullada foleana

que participaba con vivacidade. Fole pronunciou, ao cabo, unhas emocionadas palabras agradecendo o homenaxe. Contou como nacera nel o amor á lingua galega, e como a adeprendera no mundo campesiño onde vivira".

Vilañán. Aldea da parroquia de Hospital (Quiroga) citada en *A vengación* (HQNC).

Vilavedra Fernández, Dolores. Ensaísta e crítica literaria. Autora do *Manual e escolma do relato curto de postguerra* (1994). Coordinadora e redactora do *Diccionario da Literatura Galega. I. Autores* (Galaxia. 1995), con Iris Cochón, Luciano Fernández, Ana Belén Fortes, Helena González, Henrique Monteagudo, Ramón Nicolás. Mª do Carme Ríos Panisse e a colaboración de Alfonso Mato. Na voz *Fole Sánchez, Ánxel*, lemos: "Os seus relatos, inzados de referencias que conxugan con mestría un mundo máxico e ó mesmo tempo realista, testemuñan unha atmósfera basicamente rural nos primeiros libros e un mundo xa urbano nos derradeiros, facendo uso dun rexistro lingüístico popular de enorme riqueza e converténdose así nun dos primeiros autores unilingües tras a posguerra aínda que as súas colaboracións xornalísticas fosen maioritariamente publicadas en castelán".

Vilaverde, Daniel. Actor afeccionado que chama a atención de Fole durante a súa estadía en Quiroga: "Descobrín a dous actores admirables: Daniel Vilaverde e Pepe da Pedreira, que remedan con asombrosa habelencia os xestos, acenos e voz das persoas satirizadas".

Villamarín. Imprenta de Lugo, inaugurada en 1868 na rúa San Pedro 19, primeiro, e logo na rúa Armañá. Imprentou os seguintes xornais: o bisemanario *El Progreso*, liberal; o carlista *La Paz*, e tamén *El Independiente*. O seu creador funda *El Diario de Lugo*. Xa neste século, e baixo a propiedade de Antonio Suárez Villamarín, AF publica nela o número 10 de *Resol* o 25 de xullo de 1936. ***AF***: "Pois sí, tiven a inconsciencia, non digo valor, de publicalo de forma clandestina, claro". AF sostivo sempre que na imprensa Villamarín quedara o orixinal do que sería o seu primeiro libro, *Auga lizgaira*.

Villar Chao, José Ramón. Pintor. *O pintor dos nenos*. Fillo de Ramón Villar Ponte e sobriño de Antón. ***AF***: "A este pintor le recordamos en Lugo y Coruña, en tertulias de redacción. Hablando en gallego, gordo, sonriente. Llegaba a *El Progreso* en San Froilán", en *Adiós a Villar Chao* (*HdelL.* 6-IX-1965).

Villar Janeiro, Helena Escritora. Participa na edición ELAF co conto *Dolón, outro conto de lobos*.

Fole e Juan Soto saen do Castroverde, lugar de cita para coincidir co escritor pola maña. Ramón Villares, Xesús Rábade, Helena Villar, Diego Bernal, Manolo Sicart, Antón Costa, Perfecto Conde e outros lucenses que vivían fóra da cidade, xuntábanse con Fole, *Bocelo* e Soto, no Castroverde.

Villares Paz, Ramón. Catedrático de Historia. Amigo de AF *Op*: "Eu non coñezo todos os artigos de colaboración que Ánxel Fole ten publicados en diferentes xornais e revistas, especialmente na prensa luguesa. Pero teño lido moitos dos que asinaba co nome posto de *Neumandro* e gostei moito da recolleita, autorizada polo autor, do *Cartafolio de Lugo*. editado polo Círculo de las Artes. En toda esta obra hai, ao meu ver, unha atención constante á historia, á recuperación dun pasado relativamente próximo, pero xa fuxidío, Ánxel Fole non era historiador. Non lle preocupaba, por tanto, a *history*, esto é, a exposición ordenada e científica das grandes liñas evolutivas dunha cidade ou dunha sociedade. Pretendía, pola contra, contar cousas, *stories*, peripecias concretas reflexadas nun personaxe, nun ambiente determinado, por veces nun detalle nimio. Esta é unha historia miúda que o historiador *tout court* non é quen de apreixar, porque a peneira con que traballa ten a urdime moi rara. E asi os feitos miúdos cóanse co pó da historia".

Vilo, O. Personaxe do conto *Os difuntos falaban castelao*, incluído no libro ALDC. "Era un taberneiro como outro calquera". Estivera fóra e gañara cartos dabondo. Estaba casado e tiña varias fillas, xa mozas.

Villon, François. Tamén chamado Guillaume de Villon. Poeta medieval francés polo que AF sente unha fonda atracción. De tal xeito, recomenda a súa lectura a Cunqueiro. quen aseguraba anos máis tarde ter traducida ó galego a obra completa de Villon, o poeta medieval que está máis perto da sensibilidade moderna. ***OpAC***: "Fole lía moita literatura francesa i-eu todo libro de historia que caese nas miñas máns".

Virrio. Personaxe nomeado no conto *Non hai dúas sin tres*, incluído no libro CDN. É na casa deste home en Monforte onde xantan o grupo de amigos, entre os que se encontran o Brais, o

Antón , o narrador do conto, etc...

Visita, A. Personaxe nomeado no conto *O Medo*, incluído no libro HQNC. É criada na casa de labranza de don Gumersindo.

Viveiro. Concello de Lugo. AF escribe en *Viveiro é unha vila sorridente* (*EP*. 15-VIII-1980): "Moitas veces me levo prantexado a cuestión da estética das vilas. Pra moitos, Viveiro é a vila máis fermosa de toda a provincia de Lugo. Boeno... Digamos que con Ribadeo e Mondoñedo ¿Son moitas as vilas fermosas de Lugo? Eu penso que son poucas. Mais hai vilas que non son fermosas, pro son moi interesantes, que son dúas cousas ben diferentes. Direi que Viveiro sempre me pareceu belida. Estiven alá moitas veces... Unha vegada pareceume Viveiro unha pequena Cruña polo aberta e risoña. Outra vez deixeina mentras bruaba unha treboada que viña do mar. Ca rosa acesa do arco da vella ó fondo. E pensei que os sete poetas locales estarían escribindo poemas".

Voz de Galicia, La. Xornal de A Coruña. AF colabora esporádicamente. Nalguna ocasión, a través de solicitudes directas do seus directores, ben Juan Ramón Díaz, fillo de Xosé María Díaz Jácome e coñecido de AF, ou de Pedro de Llano *Bocelo*: "¡Qué lejos estaba yo de suponer que iba a significar tanto para mí Ánxel Fole cuando más de veinte años atrás le escribí desde La Coruña pidiéndole una colaboración. Me la envió, escrita a mano _un relato de lobos_, la publiqué y no volví a tener noticias suyas hasta que lo conocí personalmente". ***PE***: *A nosa terra*. *O feitizo da paisaxe* (6-V-1982).

X

Xan. Personaxe do conto *A vengación*, incluído no libro HQNC. Este home dános toda a información necesaria para coñecermos a historia completa de Andrés "O Furelo". Ó final do conto, el mesmo confesa ter escrito ó Raúle para que regrese e vingue a morte da Encarnación, a súa nai: "Yo fui quien escribí al Raúle de lo que se decía en el pueblo y el que le animó a venir de tan lonxe para vengar a su madre".

Xan de Barxa. Personaxe secundario do conto *Tracatrá, Tracatrá, Tracatrá...*, incluído no libro HQNC. Está con don Roberto e máis don Elías de Andía e Campuzano na feira de Meira, a que tamén acode o Andresiño, narrador do conto.

Xan de Brais. Personaxe do conto *O arreguizo*, incluído no libro TB. Unha noite do mes do castañal encontráse xunto o Vicentiño de Freituxe e o narrador da historia na tasca do Souto Grande, falando sobre "si era ou non verdade o do arrreguizo". Este home aseguraba "que cando un batía cos

Fole, en Sobrado dos Monxes

lobos pola noite, nun sitio soedoso, púñanselle os pelos tesos..."

Xan de Pascasio. Personaxe protagonista do conto *¡Xantamos a carón dun esquelete!*. incluído no libro HQNC. Despois dez anos en Cuba, o Xan regresa a Chantada traendo consigo unha maleta e máis un anel cun brillante. Para na fonda do Curuxo onde acontece un feito que marcará a súa vida. No medio da noite escoita cavar no horto, e pouco tempo despois, como alguén entra no seu cuarto cun coitelo que clava no medio da cama, crendo que alí está el a durmir. Este tiña posta a "careta de ñáñigo, que era como a cara do mesmo demo fosforecendo", polo que o home que entrou na habitación morreu alí mesmo do susto. O Xan soterrouno no foxo cavado para el mesmo. Trinta anos máis tarde daquel suceso sabemos que o Xan comprou a fonda do Curuxo, e que agora se chamaba "a cas do Alciprés de don Juan de Pascasio".

¡Xantamos...

¡Xantamos a carón dun esquelete! Edición non venal de Edicións Xerais de Galicia co gallo do *Ano Fole*. Con deseño e ilustracións de Lázaro Enríquez, o pequeno volume recolle un dos contos contidos nas HQNC.

Xelos de Orbán. Alcume de AF nalgúns traballos xornalísticos. *Xelos*, como hipocorístico de Ánxel, e *Orbán*. en lembranza da casa paterna onde o escritor pasa os primeiros anos da súa vida.

Xenoveva. Personaxe da historia narrada por don Crisanto no conto *O corpo do delito*, incluído no libro TB. Esta muller viúva casa de segundas co señor Xermán de Grandal. Tiña unha filla do seu primeiro matrimonio, a Sabela.

Xerais. Edicións Xerais de Galicia. O 15-I-1982 organiza a

homenaxe en Lugo *Fole e o seu mundo*, coa intervención de Fole. Novonevra. Paco Martín. Rodríguez Fer e Manuel María.

Xerardo. Personaxe do conto *¡Difuntámo-la botella!*, incluído no libro CDN. É o narrador da historia e curmán de Patricio. Invita a este e a súa dona Irene, xunto con outro matrimonio, a pasar uns días na súa casa. Unha noite falan e beben ata ben entrado o mencer. Entre os temas tratados está o de montar un negocio xuntos, para iso danlle os primeiros cartos a Xerardo pois vai ser o encargado de gardalos e tamén o encargado de comprar o primeiro material. Todo isto será o tratado aquela noite, mais eles non lembrarán nada o día seguinte. É por iso polo que Xerardo non comprenderá por que ten tantos cartos no peto da súa chaqueta. A única explicación que lle encontra a ter aquel diñeiro é, que fose sonámbulo e que llelo roubase ós seus amigos.

Xíbaro da Ermida. Personaxe do conto *Non hai dúas sin tres*, incluído no libro CDN. O narrador do conto abandona a casa do Virrio e diríxese a Santa Cubicia onde debido a grande calor que ía, dase un baño no río deixando a roupa debaixo dun salgueiro. Sen que el se dea de conta, alguén rouba os cartos que ten no peto da chaqueta. Amolado por este feito, diríxese a San Martín onde atopa a uns bos amigos. Un deles é Xíbaro da Ermida que véndoo en tal situación empréstalle os cartos que precisa. Fica con eles de xolda, e cando por fin os deixa, senta a fumar un pito que acende co seu isqueiro de pistola. Achégase a el un home que quere lume, mais ó ver con que lle ía dar lume foxe de alí a toda présa, abandonando a chaqueta que levaba ós ombros. Dentro dos petos desta estaban os cartos roubados no río.

Xiz Ramil, Xulio. Director de Televisión Lugo, emisora que funda con Carlos Rodríguez Arias. Coautor con Marcial González Vigo de *Medio cento de galegos e Rosalía* (Celta.

1983), guións radiofónicos producidos por Radio Popular de Lugo e que acadaron o Premio Nacional de Radio. AF é un dos escritores participantes con opinións sobre Rosalía de Castro. Autor das entrevistas *O galego está sometido hoxe a un proceso de reconstrucción*, con Ánxel Fole e Manoel Rodríguez López (*EIG*. 5-X-1980); e de *Ánxel Fole: "Gustaríame a enseñanza nos dous idiomas* (*EIG*. 22-XI-1981). Coordinador das edicións de *O conto de nunca acabar* e de *Os Escritores Lucenses Arredor de Fole* (1986), coa que o Concello de Lugo rende homenaxe á memoria do escritor no ano do seu pasamento, xuntando noventa homes e mulleres que lembran ó escritor. ***Op***: "¡Qué bonito, don Ánxel, é ter tantos amigos!... Non fai falla que os conte. Son 90, pero poderían ser moitos máis se avisaramos con máis tempo, ou non limitaramos a colaboración ós que aquí naceron ou aquí crearon parte da súa obra... 90 homes e mulleres dispostos a xurar que se hai bos e xenerosos, vostedes foi un deles... 90 plumas rendidas para honrar á quen soubo domear esta terra brava".

Xoaquín García Labella. Personaxe real que aparece nomeado no conto *Pepe Troitiño*, incluído no libro HQNC. Home que examinaba na Facultade de Dereito da materia de Dereito Administrativo.

Xocas. O. Personaxe do conto *Tracatrá, Tracatrá, Tracatrá...*, incluído no libro HQNC. Un día de feira leva ó Andresiño á vila de Meira. Durante a viaxe, e mentres el guía o automóbil, o seu amigo bota "unha sonata de media hora... papexando: "tracatrá, tracatrá, tracatrá..."

Xocas de Teilán. O. Personaxe protagonista do conto *De cómo o Xocas deu o timo do sobre a dous atracadores*, incluído no libro HQNC. "O Xocas era un tío de moi boa sorte. Dúas veces lle tocara a lotería e sabe Dios os cartos que gañara na da timba". A noite en que está o seu compadre de corpo presente,

vai á casa da viúva e regálalle vinte mil reás para que os reparta entre todos os membros da familia. Outra boa cantidade de cartos méteos nun sobre lacrado, dentro do peto da chaqueta, ó mesmo tempo "que lle chiscaba o ollo ó Miro de Candas". O Xocas adoitaba levar xunto co sobre dos cartos, outro con recortes de xornais, polo que o día que foi asaltado por uns ladróns puido evitar que lle levasen todos os cartos gañados na última timba.

Xocas de Adai. Personaxe do conto *Pepe Troitiño*, incluído no libro HQNC. Este home é o que descobre a procedencia duns sons que durante días tiñan atemorizados as xentes do Corgo. Tras estes sons estaba a persoa de Pepe Troitiño, quen empregaba un trombón para os emitir. A fin desta brincadeira era asustar o xastre que lle roubara a noiva.

Xocas de Lopo. Narrador do conto *Os cas da torre de Lopo*, incluído no libro HQNC. Este home preséntase no libro do seguinte xeito: "... nacín e vivín na torre de Lopo, sita nunha encosta do val do Miño, alá polas terras luguesas... Eu criábame ceibe como un neno salvaxe, o que se di. Mais xa sabía lere e escribire daquela, cando fixera os sete anos... Eu andaba sempre arrodeado de cas. E probe do que se metera conmigo". Unha mañá do mes de maio ve como a Mariquiña é atacada polo Túzaro, sen pensalo dúas veces chamou polos seus cans que lle deron morte. O pai do Xocas fíxolle prometer que non diría cousa ningunha daquel suceso.

Xosé Luís. Personaxe do conto *A serpe i-a aigue*, incluído nun libro de relatos curtos preparado pola editorial SB "Ademistrador e herdeiro" dunha grande casa de Queiroga. Nun día tépedo e moi soleado, este home baixa de Cas Mariñas acompañado de Manoel de Barreiro, "traguía unha escopeta, por ver si saía algún coello do mato". Atópanse co narrador do relato e cóntanlle o que lles acontecera había un cacho; o Xosé

Luís fora tras unha silveira botar unha mexada, cando viu unha "serpe tremendisma", e saíu fuxindo de alí. O seu amigo Manoel coida que a aparición da serpe anuncia a chegada da neve. Discuten entre eles pois non parecen estar dacordo nisto.

Xosé Saavedra Fernández. Personaxe protagonista do conto *As bebedeiras de Moncho do Grilo*, (HQNC). "Era un home pequeneto il, un pouco birollo, duns cincoenta anos, antes máis que menos". É coñecido polo nome Moncho do Grilo,"nome iste que lle vén da súa casa patricia do Oural. Vive en Sarria xa fai ben anos, nunha casa dunha rúa adepartada que ten unha miaxa de xardín". Está casado con Maripepa Corral e ten tres fillos, o Liberato, a Sabela e máis o Farruquiño. Todos os anos na véspera do San Xoán crese na obriga de coller unha borracheira, "cecais en honor o Santo". Debido os pesadelos que padece nos últimos tempos, decide ir ó médico. O Xosé conta o doutor os seus soños entre os que se inclúe un que o angustia moito, pois alguén le en voz alta a súa "esquela de defunción". O médico recoméndalle deixar de beber daquel xeito, e así quedará resolto o problema.

Xusto. Personaxe do conto *¿E decímolo ou non o decimos?*. (HQNC). Nacera un martes trece do ano trece, dato que segundo o seu amigo Cosme condicionaba a súa vida de xeito negativo. A familia do Xusto vivía no chamado barrio das "Casas Baratas" en Lugo, enfronte da súa casa vivía don Perfeuto, "chamado de mal nome O Vámpiro". Unha noite de verán o Xusto convidou ó Cosme e mais o narrador do conto á súa casa, enfronte deles estaba a fiestra do Vámpiro, por onde se podía ver a este enzoufado en papeis. O Xusto quitou dunha gaveta un revólver igualiño ó que tiña o seu veciño. Era xa ó mencer do día trece do mes da sega, e ademais martes. E de súpeto, disparouse a arma, "asegún a nosa posición a bala tivera que ir mesmo direuta á ventá do don Perfeuto".

Y

Ya. Xornal de Madrid. Durante o verán de 1987, coincidindo coa saída de *Cuentos para leer en invierno*. publica en cinco entregas os contos de Fole *El gallo* (21/22-VIII-1987) e *El muerto entró con el viento* (28/30-VIII e 1-IX-1987), segundo traducción ó castelán de Juan Soto. A sección de lectura estival no *Ya* chamouse *Relatos para leer bajo la sombrilla*.

Yebra de Ares, Antonio. Pintor e escritor. Autor dun debuxo de Fole. No volume ELAF publica o *Poema a Ánxel Fole*:

> Ánxel Fole:
> Camiñante poeta
> que escribes con pruma branca
> leuturas fermosas, brilantes,
> que fan carexas na ialma.

Yunque. Revista político-literaria luguesa dirixida por AF no ano 1932. Nace como escisión dun feixe de colaboradores de *Guión*. ***Op.***"Lectores: Los que esto firmamos, ante reiteradas protestas de determinados elementos de una manera decidida, abandonamos la redacción de este periódico (*Guión*). El motivo de tales importunas protestas parece ser que es la violencia (¡!) que, según estos retardatarios elementos, caracterizaba el sesgo que en sus últimos números había tomado *Guión*. A los lectores conformes con la última actitud de este periódico les comunicamos que fuera de él continuaremos con verdadera violencia, aunque con justicia, nuestra campaña pro saneamiento ciudadano y propaganda del espíritu nuevo. A los otros lectores, a los retardatarios y filisteos, nuestra protesta, seguramente acompañado de la condenación del elemento joven

O equipo de *Yunque*. Na imprenta Villamarín, Arcadio Romero Boelle, Fole, Lamas e Suárez Villamarín

y avanzado. Angel Johan González. José Gayoso Veiga. Ramón Martínez. Ángel Fole Sánchez, Francisco Lamas. Luís Manteiga. Arturo Cuadrado, Juan López Durá. Luís Seoane. Mauro Varela, Luciano Martínez de la Riva, Luís V. Fernández Pimentel. Álvaro Cunqueiro". No seu número 6 publica o *Madrigal á cibdá de Santiago*, de García Lorca, que o poeta remite a AF con ese fin despois da súa estadía en Lugo, sendo o primero dos *Seis poemas galegos* en aparecer. O poema tamén foi publicado por *Resol*. *El Pueblo Gallego* de Vigo e *El Sol*, de Madrid. ***OpFL***: "Por aquel entonces se publicaban dos revistas donde colaborábamos mucho Fole y yo; una que se llamaba *Guión*, y otra, más consciente, que se llamaba *Yunque*". ***AF***: "*Yunque* só sacou dous números en forma de revista, os outros foron en forma de periódico. Un deles saíu o Día de Galicia do ano 1932, en papel de cores, moi ben editado, pero publicáronse uns trescentos exemplares nada máis". No seu primeiro número, 1° de maio de 1932, dise: Nosotros que nos llamamos, con legítimo orgullo "generación de *Yunque*" abrimos brecha en la política provincial desde las páginas de *Guión*, cuando aquel semanario pasó a nuestras manos, dejó su tono desvaído, y el ataque tímido pasó a ser impetuosa embestida. El último

número de *Guión* (1° de mayo de 1931) se tiñó de rojo estridente. Esto escandalizó a los señores que lo financiaban. Entonces lo abandonamos definitivamente, y fundamos *Yunque*. Éramos un grupo de gentes animosas que creíamos _y creemos_ que la política es esencialmente, lucha; que sólo deja de ser lucha para ser farsa. En nuestra tarea de adecentamiento fuimos generosamente ayudados por unos cuantos muchachos de Santiago: Luís Tobío, Cuadrado, Manteiga, Seoane, Durá, etc. Nuestros martillos seguirán machacando valientemente toda suerte de fauna filistea: mílites fanfarrones, clérigos intrigantes, carcas chabacanos, innobles leguleyos, repugnantes patanes de caciquería, etc. *Yunque* será algo más que un periódico (mejor un aperiódico) de vanguardia política: será el inicio de una honda labor de rebeldía en la provincia contra los viles mastuerzos que la oprimen". O escritor lembraba anos máis tarde o censo de caciques contra os que dirixía a súa escrita daqueles anos: "En Riotorto era moi popular o cacique Carballeira. A xente das aldeas tiñan que recurrir ós caciques, que entendían de problemas e tiñan grandes influencias. O Ouro, de Chantada; Pardo Rodríguez, de Terra Chá, e Pepe Benito, de Lugo, eran famosos caciques que, moitas veces, aproveitábanse do analfabetismo das xentes desvalidas". (*vid Responso a Pepe Benito*). AF publica en *Yunque*: *Diana*, poema (n° 1) (*vid Rojo*): *Ultreya* (n° día de Galicia 1932); *Fragmentos* (*Acedía*, *Recogimiento* e *Palabras: música*) e *Signatario* (n° 6. Outono 1932). Modesto Hermida, que ten estudiado as revistas da II República, di: "O número de maio, nítidamente político ou sociopolítico conta con abundantes máximas de Marx-Engels e Lenin sementadas polas páxinas pero tamén, para mostra do que xa tamén temos dito, conta con artigos de finalidade totalmente política que son auténticas pezas literarias, como acontece cun

Yunque n°6, outubro de 1932

artigo de Arturo Cuadrado. Este número comeza cun poema de Fole, *Diana*, que é un auténtico cántico ás reivindicacións proletarias e á revolución. É destacable tamén a reproducción da Internacional, versión comunista, e un artigo, aínda que en castelán, de gran radicalidade nacionalista que firma R. Martínez López". Nos primeiros meses de 1997, o Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago preparaba unha edición facsimilar dalgunhas páxinas de *Yunque*.

Z

¡Si, señor!
¡Que bonito!

Zellmer. Filólogo alemán. Estudia a linguaxe de Fole en *Terra brava*.

Zulueta de Haz, Alfonso. Notario. Presidente do Consello de Administración da Editorial Sept. Presenta en Lugo a colección *Testemuños*, que inaugura AF. ***Op***: "Agradezo que o primeiro libro desta colección sexa un libro de Fole. Cando o lin, dábame a impresión de estar lendo un conto de *Terra brava* ou de *Á lús do candil* xa que algúns dos persoaxes reais, contados con esa habilidade de Fole, semellaban sacados de algún dos seus contos".

Este libro rematouse de imprentar
nos talleres de Artes Gráficas El Progreso S.L.,
o día 9 de maio de 1997,
cabodabo da morte de Ánxel Fole

XOSÉ DE CORA naceu en Lugo o ano 1951. Despois de traballar en Madrid como redactor da axencia Efe, director da revista En Punta e correspondente de distintos xornais, é nomeado director de El Progreso (1980-1994), e director xeral. En castelán é autor de libros como "Ideologías para un Rey", "Panfletos y Prensa antifranquista clandestina", "Papá", "Manual del perfecto político" ou "Fascinación y misterio de ella". En lingua galega publica unha conversa con Ánxel Fole, "Homes de Fole" (1983), "Barreiro contra Barreiro" (1990), "Letra de muller", "Pecados manuais", "Pascual Veiga" e outros títulos colectivos. Actualmente é presidente da Asociación da Prensa de Lugo.

FUNDACION PEDRO BARRIE DE LA MAZA
CONDE DE FENOSA
MOSA
A
FE
6-XI-66

Fundación
Pedro Barrié
de la Maza

Diccionario de Fole

REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA

36866

Biblioteca